Damus itaque eam vobis pro remedio animarus nostrarus et Parentum nostrores, et ut participes esse mereamus omnium vestrarus orationum et beneficiorus. Et ut in aliqua qualicumque causa faciamus illud propheticum. Date elemosinam et ecce omnia munda sunt vobis. Et illud Apostoli dum tempus habemus opere murbonum ad omnes; maxime autem ad domesticos fidei. Huius si quidem rationis intuitu, damus pra fatam hareditatem cum omni iure suo per terminos et divisiones suas, videlicet per illum fontem de Pausada, et vadit per aquam qua fluit ipsius fontis, et tornat sursum per alium fontem qua distat inter illos villanos et inter illum castrum, et vide ad illam ripam crepatam in directum Requiam et ferit in illo vereda qua vadit ad Liminionem, et inde ad illum fontem de Vistalla, et per illum Saxum de Viventi, et ferit in illa via antiqua qua distat collem illum de Genrrozo, de illo supradicto castro, et concluditur ad in capitum fontem de Pausada; ut ab hac die et deinceps iure hareditaro possideatis et prout volveretis disponatis, vendatis, donetis conmutetis [folio 30v]. si quis igitur tam de nro, genere quam de alieno hunc scriptum testamenti irrumpere temptaverit iram Dei omnipotentis cum regia indignatione incurrat, et sit extraneus a corpore Christi et a matre Ecclesia et ultimo die Dni. cum sinistrosus damnetur et nom computetur in numero cune Sanctus Dei. sed pleatur illud Davidicum verbum. Nom resurguetin py in indicio et pro temerario ansu parti vestra, velvoci duo millia per solvat, et quod invaserit in quadruplum reddat, et hoc scriptum semper maneat in conuul sum.

Facta cartha testamenti calendas Marti Era M.C. LXXX.VII imperante Imperatore Adefonso in Toleto, in Castella, in Legione, in Asturias et in Gaellecia filium eius maior videlicet Rex D. Sancius nutriebatur in domo Aurici comitis minor scilicet Rex D. Fernandus in Gaellecia nutriebatur in domo comites Don Fernando Petri. Testigos.

Está en el cajón de Betanzos, A. B. C. con las dos RR.

Folio 30v.

Demarcación

El Conde Don Rodrigo y la Condesa Doña Toda, y su hijo Don Vela Gutierrez, hicieron donación al Monasterio de Sobrado y a su Abad Don Pedro, del Monte de la Condesa Doña Mayor, su madre, de la cual tomó el nombre que hoy le dura, y se lo demarcan por estas demarcaciones:

primeramente en la Fuente de Pausada y el agua abajo de ésta fuente, y vuelve a otra fuente que está sobre la Enfesta por un arroyo que va por allí entre el Castro y la Enfesta, y va a la falda del monte a la iglesia de Requián, y llega hasta el camino real que va a Limiñón, y de allí a la Fuente Vistela y por el Seixo de Vivente, y muere en el camino antiguo que divide el monte de Genrozo, y se acaba donde comenzó.

SE CONTINUARÁ LA TRANSCRIPCIÓN DEL TUMBO EN EL PRÓXIMO NÚMERO DEL ANUARIO BRIGANTINO

102

Anuario Brigantino 1998, nº 21

Anuario Brigantino 1998, nº 21

Posesións do mosteiro de San Xusto de Toxosoutos na parroquia de Urdilde (Rois, A Coruña)

CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ¹



Fig. 1.- Igrexa e restos do mosteiro de San Xusto de Toxosoutos (Lousame).

O 11 de novembro de 1129, dous cabaleiros da corte de Afonso VII chamados Pedro Muñiz Carnota e Froila Alonso asinaron unha *carta de irmandade* pola que se comprometían a vivir baixo a regra de San Bieito. O 16 de outubro de 1132, Pedro Cresconiz, o *Infanzón*, trocou ó mosteiro compostelán de San Paio de Antealtares a capela de San Xusto e Pastor por outra situada en San Pedro do Castro². Así naceu o mosteiro de San Xusto de *Tojis Altis* ou *Tribulis Altis*.

Toxosoutos queda nun solitario e agreste lugar, pertencente á medieval *Terra da Luaña³*, situado nun estreito val do río chamado de San Xusto. A capela axiña se transformou en igrexa a carón da que se ergueu a primeira casa conventual. Este templo, do que actualmen-

¹ Clodio González Pérez é secretario da sección de Etnografía e Folklore do Instituto «P. Sarmiento», e da Xunta Rectora do Museo do Pobo Galego; membro da ponencia de Antropoloxía do Consello da Cultura Galega, etc. Autor de varios libros sobre os maios, a Coca, as festas cíclicas do ano, a producción tradicional do ferro en Galicia, as construccións tradicionais dos Ancares, etc.

² Parroquia de Roo (Noia). Nun documento do *Tombo de Toxosoutos*, do 19 de marzo de 1198, consta: Sancti Petri de Castro que villa habeat iacencia in territorio de Pistomarchis loco certo in ripa fluvii Tamaris sub aula Sancte Marie de Roo...

³ Sobre a situación e extensión da comarca así denominada, véxase GONZÁLEZ PÉREZ, C.: «A terra da Luaña», *Papeis do Valeirón*, I, Urdilde, 1997.

te non quedan restos, foi consagrado polo arcebispo Diego Xelmírez, e o 5 de decembro de 1135 o rei Afonso VII outorgoulle o privilexio de estar exento de toda xurisdicción, civil e eclesiástica, agás os actos episcopais das ordes sagradas, a consagración do óleo e a beizón do abade.

Unhas veces por doazóns e outras por adquisicións ou trocos, o mosteiro de Toxosoutos chegou a ser un dos máis ricos de Galicia en canto a posesión de bens. Moitos foron os monarcas que o favoreceron, concedéndolle privilexios ou confirmando os que xa gozaba: Afonso VII, Fernando II, Afonso IX, Fernando III, Afonso X o Sabio, Sancho IV, Fernando IV, Afonso XI, Pedro I, Enrique II, Xoán I, Enrique III e Xoán II. Así como tamén varios portugueses: o infante Afonso Enríquez, Sancho I e Sancho II.

No ano 1611 escribía o P. Yepes, historiador da orde de San Bieito: Con la fama de la santidad de los primeros fundadores no se puede dezir lo que en poco tiempo se acrecentó el Monasterio de San Justo y Pastor;



Fig. 2.- Santa María de Urdilde.

solo digo, que ningún Monasterio ay en Galicia, por grande, y gruesso que sea, cuya hazienda sea mayor, o mas calificada, que la de San Justo⁴.

Chegou a contar con propiedades en máis de 19 concellos galegos, en particular da provincia da Coruña, pero tamén as tiña nas de Ourense e Pontevedra, e nos reinos de León e de Portugal.

FIN DO PODER DE TOXOSOUTOS

O 27 de xuño de 1475, o papa Sixto IV, pola bula *Pastoralis officii debitum*, anexionou Toxosoutos ó mosteiro de Sobrado dos Monxes. O seu derradeiro abade foi Xoán Pardo, quedando dende entón non máis que como priorado da orde do Cister.

Así continuou ata a exclaustración e desamortización relixiosas do ministro Mendizábal, en 1835, en que o tiveron que abandonar os monxes e as súas propiedades foron vendidas polo goberno.

Dende entón a igrexa convertiuse en parroquial, arruinándose o edificio monástico do que actualmente non queda máis que unha mínima parte que se acondicionou para casa rectoral (agora tamén abandonada).

O interesante claustro románico foi trasladado para o pazo da Pena de Ouro, en Noia, onde se pode admirar formando parte do patio central. A mesma sorte correu o seu importante arquivo: moitos documentos perdéronse e outros foron roubados. De entre todos sobresae polo seu gran valor o denominado *Tombo de Toxosoutos*, que actualmente se




Fig. 3.- Posesións do mosteiro de Toxosoutos na parroquia de Urdilde.

acha no Arquivo Histórico Nacional de Madrid. A documentación relativa ós foros e ás propiedades pasou á Administración de Bens Nacionais do partido de Santiago de Compostela, podéndose consultar dende 1946 no arquivo histórico da Universidade de Compostela.

SANTA MARÍA DE ORDILDE

Así figura case sempre en toda a documentación, e non Urdilde como se di agora. Pertence ó concello de Rois, lindeiro co de Lousame e, polo mesmo, situada a curta distancia do mosteiro.

Axiña posuiu Toxosoutos bens nesta freguesía, pois en 1154 ou 1155 xa o arcebispo Pelaxio ou Paio Camundo lle doou parte da «vila» de Xallas. Anos despois, 1169, recibía varias propiedades da condesa María Fernández de Traba situadas no lugar do Castro, e así ata que chegou a contar con posesións en doce aldeas ou lugares.

Pero ademais das terras, tamén acadou a presentación e beneficio da freguesía eclesiástica, por adquisicións ou doazóns dos quiñóns que posuían varias persoas: o primeiro foi Xoán Pérez que lle doou en 1163 un tercio dunha oitava da igrexa de Santa María de Urdilde. San Xusto presentou durante séculos o crego que máis lle convise para ser párroco, ata que quedou abandonado en 1835. Dende entón pasou a ser de presentación real.

Antigamente tamén disfrutaba do dereito de xurisdicción (nomear alcaldes e xuíces, administrar xustiza, etc.), pero arrebatoullo o arcebispo de Santiago, dictándose sentencia o 27 de outubro de 1525:

Amparo a la iglesia del glorioso Apóstol Santiago, al Rvdo. Don Juan Tabera su arzobispo al rectificarle la posesión, uso y ejecución de la jurisdicción civil y criminal en los cotos y feligresías siguientes: San Juan de Beba, San Xiao de Torea, San Cosme de Outeiro, San Juan

⁴ YEPES, A.: Corónica General de la Orden de San Benito, IV, fol. 401.

de Roo, San Tirso de Cando, Sta. Mª. de Roo, Santa Cristina de Barro, San Xusto, e lugares de Cedofeito e Bargo e San Vicente, STA. Mª. DE URDILDE e lugar de Vilachán. Así mismo ampara al juez que es ahora del juzgado de la villa de Noya puesto por el Rvdo. Arzobispo⁵.

I. SANTA MARÍA DE URDILDE

Pertenceu á xurisdicción de Quinta, provincia de Santiago de Compostela. Dende 1837 forma parte do concello de Rois, provincia da Coruña. Queda a curta distancia do mosteiro de San Xusto de Toxosoutos (sete km).

Doazóns e adquisicións

- Era 1201 (ano 1163): Xoán Pérez doa ó mosteiro un tercio dunha oitava da igrexa de Urdilde.
- Era 1209 (1171): Ardilo Arias e os seus fillos entréganlle un cuarto de oitava da devandita igrexa.
- Era 1209 (1171): Pelaxio Ravinaldo e Igudesto Diego dóanlle unha oitava parte, menos unha cuarta, tamén da igrexa de Urdilde.
- Era 1210 (1172): Mariña Sarracena xunto cos seus fillos véndenlle outra oitava parte da igrexa de Santa María de Urdilde, con tódalas pertenzas. No documento figuran os deslindes antigos, e como a herdaran Mariña e o seu home Martiño de Fernando de Padrón e da súa muller Sancha Afonso.
- Era 1215 (1177): Arias Muñiz dispón que o enterren na igrexa de San Xusto, doándolle para iso unha oitava parte da igrexa de Urdilde.
- Era 1222 (1184): Guina, Mariña e Ladegunda Diéguez e tódolos seus fillos, fanlle entrega das tres sétimas partes dunha oitava da igrexa urdildense.
- Era 1253 (1215): Xoán Ordóñez, crego, e María Afonso e os seus fillos, dóanlle outra oitava da igrexa de Urdilde, por remedio das súas almas e das dos seus devanceiros. En compensación o abade perdóalle a renda que tiñan que pagar ó mosteiro anualmente, consistente en 15 *moios* de pan (centeo), e un xantar ó abade, ós relixiosos e a tres criados⁶.

Presentación, beneficio e padroado

Toxosoutos tamén posuíu a presentación e o beneficio da freguesía de Urdilde. Ó longo dos anos xurdiron varios problemas, non faltando preitos para facer valer os seus dereitos.

O padroado estivo aforado durante moito tempo, así, por exemplo, levouno o matrimonio Álvaro de Romai e Elvira González, veciños de Noia, por 100 maravedís vellos ó ano. Os rectores ou párrocos tamén lle tiñan que dar 500 maravedís por razón do devandito padroado, que xa non pagaban a finais do século XVI.

— 1608: Morre o *bachiller* Xoán de Loxo, párroco de Urdilde. De seguido entaboouse preito sobre a presentación, fallándose a favor de San Xusto quen nomeou un novo rector, que despóis dunha permuta e dunha renuncia acabou sendo Domingos Raxoi, que seguía como párroco en 1634.

⁵ FIAÑO, P.: O mosteiro de San Xusto de Toxosoutos, Concello de Lousame, Noia, 1993, p. 40.

lugar or pages, on ordila Dafens Apol Hoy feria se viel letin Box din consolo After on so po ovo Cen oge moller was combined to tesment or mours שנים של א לפון בנמג שיב חבו של שור של של של Obre Eine Dry bar 66 byte we then mells up to and oblicing to the bar of onfellowin payene yashocon no yashoc mou בת שושבלה שם ל שנו ב ילוח מציוחום לה במ בר משם לשלם לשל ון בו וורחות של החושם לעלפות שבת לב לפחות שבו אלו לש לשפה לווד מת ושר ש בושחובן שיוחד

Fig. 4.- 1395: Arrendo da terceira parte de Pazos a Roi Ferrandes de Vioxo. Segue o tamén arrendo doutro tercio do mesmo lugar a Rodrigo Afonso.

⁶ Descoñecemos a equivalencia dos *moios* nesta época, medida de orixe romana para áridos. No 1913 apareceu en Ponte Puñide (Gonzar, O Pino) un *modius* de bronce con inscripción, polo que se pode datar contra o ano 369, que leva entre 10 e 11 litros (PEREIRA MENAUT, G.: *Corpus de inscricións romanas de Galicia.I. Provincia de A Coruña*, Consello da Cultura Galega, 1991, p. 217). O *moio* séguese empregando actualmente para medir o viño no Ribeiro (Ribadavia): equivale a 8 *olas* de 16,5 litros (en total 132 litros).

gara en penar anacroa decent (decelua una la

- 1661: O rector Martiño Torrado pretendeu anexar o beneficio de Urdilde co de San Miguel do Boullón (Brión), pero non o aceptaron os monxes.
- 1748: O provisor do arcebispado de Santiago dá sentencia sobre o beneficio de Urdilde, favorable ó mosteiro.

1. AGRAFOXO

Aldea. Actualmente conta con 80 habitantes.

Ver Castro.

2. CABANELAS

Lugar no que só vive unha familia. Agora dise en singular, Cabanela.

Foros, arrendamentos, apeos e cartas executorias

- Ano 1548: Carta executoria contra Xoán de Cabanelas.
- 1559: Foro dos lugares de Cabanelas e a *Mezoada*, ambos na parroquia de Urdilde, a favor de Martiño de Leis e a súa muller María, veciños de Noia, por unha duración de dúas voces, e por unha renda anual dunha carga de centeo e tres reais de prata, un azume de manteiga, todo posto no mosteiro, e outras condicións máis.
- 1577 (17 de abril): Primeira voz do foro anterior, a favor dun neto chamado tamén Martiño de Leis. Presentouse como titor *Jorje Vasquez da Costa Vermudez*.
- 1587: Apeo das propiedades do mosteiro situadas nos lugares de Cabanelas e a Meixoada.
- 1621 (26 de xaneiro): Última voz do foro de Martiño de Leis de Reboráns, casado con Sancha Oanes de Soutomaior, para o seu fillo Xosé Cuervo de Quirós, veciño e rexedor da vila de Noia, e netas Sancha e Antonia de Soutomaior, que correspondía ós lugares de *Cabanelas y Meyjoada*, e a dous *cañales de lampreas* no río Tambre.
- 1638: Xoán de Camaño acorda entregar as propiedades do mosteiro que retiña, antes de que se fallase o preito que se ventilaba na audiencia da Coruña.
- 1659: Foro a favor de Xoán, da freguesía de San Xusto de Toxosoutos e lugar de Bargo, por 28 ferrados de centeo, un carneiro ou o seu valor, pagar a luctuosa, dar unha libra de cera á morte de cada rei de España e outras condicións.
- 1788: O foro de Cabanelas pagaba de renda anual 28 ferrados de centeo, un carneiro e os dezmos, unha libra de cera á morte de cada rei, e a mellor peza de catro pés que houbese na casa ó morrer o cabeza de familia. Os foreiros eran Baltasar de Alfonsín, herdeiros de Alberte Cao e Xoán Carnota.

3. CARAVELES

Pequena aldea, de só catro veciños⁷.

Foros, arrendamentos, apeos e cartas executorias

— (?) : Os monxes aforan as propiedades que estaban no lugar de Caraveles a Rodrigo Calvo, por unha carga de centeo ó ano.

reagusto. relano. sel seno= (rem Usquimenar osesento L' nuebeano enpresença. De orantermes amano. Utisse puso = sains. D'azesan ozesente quina delatorza binda Cesina re la ausas resome. Esixoque porquana. Ellatema De leperte neega se fucio selmonce teros desangusa destarrentache lugaz solallae vellateria. negasidad seen ouraz acetruente zela que ella Mllia xia quocza. Unacazza zepancentenu)le Jaban pozella scenpeno pozsieteano 319.70 chosulasos V schossaba. albazo comes. xelallas. Vella a biazzequexiso? al pasze fraibema setamazis Dizive sels ju moncete a latomase Durchtantu. Tabhacawa. repancentenu qual nola auin queziou tomaz Unter le sicralicencia 2002 nasu tizmaza Dazaque lacupenase pozelogo tiempo. ano pricav al spaluare com selalas. sutenor selassa icenda. heselquesessque / sigo y fzaibenia. detamazi ? 20202 elmones teno. sesandu to queposquana bos grana sel Ausze Soulcetro hilo xpobal schaturza merzequezis toa que Meziades Openaz UnaVaria sepancenteno Gloslugarea solallac. queson scetemoneeteziv. Lesantufte possicteano Do ozai Vochosucasof quest poseltome o loquisisse quelo tomase o finoquelo enpenaziasce (as teo ex val resente notenez sinezo! Vooi lalicenan Dazaque nyenevs. a Vluaro come? Vio Vascro Ucino sela-fre sozoill se portor siche and i nomae psienso Dormantiem Des. quelo soi Dorninguno y quecasa Vinamiso que sente se quinde siac trages ach lemone derio Eltrealare scote Enperiment. supera que la 20 pozma qua daza. Fig. 5.- 1569: Renovación do foro de Xallas a Gracia de la Torre.

⁷ No ano 1985 apareceu aquí unha figuriña de época castrexa, moi interesante, cfr. CALO LOURIDO, F.: A plástica da Cultura Castrexa Galego-Portuguesa, Fundación «P. Barrié de la Maza», I, A Coruña, 1994, pp. 196-197.

- 1548: Carta executoria do lugar de Caraveles a favor do mosteiro.
- 1559: Última voz do foro de Xoán de Tembra, labrador, veciño de San Miguel do Boullón (Brión). Concedéranllelo a seu avó, Domingos de Pazos, «O Vello», pagando por esta razón cinco celamíns de centeo ó ano.
 - 1583: Apeo dos bens do lugar de Caraveles.
- 1596: Foro a favor de Beatriz de Ulloa, veciña de Noia, e para un fillo e un neto, entregando de renda unha carga anual de centeo.
- 1612: Segunda voz do foro concedido a Beatriz de Ulloa, neste caso ó conde de Tavoada, casado con María de Ulloa, en nome da súa muller por ser a herdeira.
- 1632: Última voz do foro de Beatriz de Ulloa, para o seu neto Antonio de Tavoada, cabaleiro do hábito de Santiago, fillo de María de Ulloa.
- 1659: Foro a Xoán Cao por 30 ferrados de centeo, un carreto dende Bastavales ata o mosteiro, pagar a luctuosa cando morrese, dar unha libra de cera á morte de cada rei, e outras condicións.
- 1676: Novo contrato por falecer o anterior foreiro sen sucesores, a Gregorio Bascuas e a súa muller por vida de tres reis de España, empezando por Carlos II, por unha renda anual de tres cargas de centeo, un carreto dende Bastavales ata o mosteiro (ou 24 reais), unha libra de cera á morte de cada rei, dar os dezmos, pagar a luctuosa (*la mejor pieza de 4 pies o 4 ducados*), e outras condicións máis.
- 1770: *Despacho* contra Xacinto de Lens, veciño de Urdilde, por non pagar a renda atrasada do lugar de Caraveles.
 - 1788: Levaban este foro Diego de Ombre, Xacinto de Lens e Domingos Pérez.

4. CASAL DA VELLA

Montes e leiras situados entre as aldeas de Agrafoxo (Urdilde) e Figueiroa (Augasantas).

Foros, arrendamentos, apeos e cartas executorias

- Século XVI: Estas posesións estaban aforadas ó cardeal Varela, que pagaba por elas un real anualmente.
- (?): Sucedeulle Antonio Vázquez, pintor, veciño de Betanzos, que botou máis de trinta anos sen pagar nada⁸.
 - 1583: Apeo das propiedades que posuía o mosteiro no lugar de Casal da Vella.
- 1611: Foro a favor de Xoán García de Agrafoxo e da súa muller María Freire de Urdilde, para si e para un fillo e un neto, por cinco ferrados de centeo anuais postos na portería do mosteiro.
- 1618: Carta executoria a favor de San Xusto pola demanda do pintor Antonio Vázquez, ó que lle sacaran o foro por levar moitos anos sen pagar a renda.
- 1676: O mosteiro afora estas propiedades a Xoán García de Seares, secretario da Santa Inquisición, por ser neto do devandito Xoán García, por vida de tres reis, e por unha

renda anual de doce ferrados de centeo, un bo carneiro ou o seu valor, pagar o dezmo e outras condicións.

- 1766: Foro a Francisco de la Iglesia durante a vida de tres reis, por 12 ferrados de centeo, un carneiro e os dezmos ó ano.
- 1788: Disfrutaba como foreiro das propiedades que posuía San Xusto no Casal da Vella, Bieito Rodríguez Veiga.

5. CASAL DE RAMIRO

Leiras e montes que quedan entre Urdilde e Agrafoxo. Actualmente adóitase dicir Casal de Ramires.

Ver Castro.

6. O CASTRO

Aldea situada na estrada xeral de Compostela a Noia, logo de pasar a de Urdilde.

Doazóns ou adquisicións

— Era 1207 (ano 1169, 13 de xaneiro): A condesa María Fernández de Traba, casada con Poncio de Cabrera, fai testamento e dóalle a Toxosoutos as propiedades que tiña no Castro, freguesía de Santa María de Urdilde, na terra de Valeirón:

Era MacCavIIIa et quotum idus Ienarii. Ego comitissa domus Maria comitis domni Fernandi filia gravi et longa infirmitate detenta etc. Inprimis mando corpus meum sepelire in cimiterio et claustro Sancti Iacobi. Et mando domnis meis canonicis etc. Mando monasterio Sancti Iusti de Tribulis altis hereditatem meam de CASTRO que iacet in VELEYRONE iusta ecclesia Sancte Marie de ORDILDE et annuatim in festivitate Sancti Michaelis pro aniversario meo divinum officium celebrent, hec omnia supradicta a me ordinata et sponte concessa perhenmiter firma et rata permaneant. Sed si aliquis quod absit diabolica atque rabie succenssus mihi propinquus vel extraneus contra hoc nostrum factum ad irrumpendum venire temptaverit quisquis fuerit sit maledictus et cum Iuda traditore in inferno damnatus et quod calumpniare presumpserit in duplo componat et in super centum libras auri cuie dampnum inferre temptaverit coactus regia potestate persolvat. Et hoc scriptum maneat in robore firmum. Ego comitissa domna Maria presente et concedente filio meo Fernando Poncii in hac mea ultima mandacione manus meas. Ego Fernandu Poncii eius filius qui presens qui presens fui propria mam conf. Munio diaconus Saris qui hanc scripsita.

- Era 1281 (1243): María Fernández de Urdilde dispón que a enterren na igrexa de San Xusto, para o que lle lega todo o que posuía na «vila» do Castro e no *Casal de Ramiro*.
- Era 1284 (1246): Fernando Xoán, cóengo de Santiago, manda que o enterren en Toxosoutos e déixalle o que tiña nos lugares do Castro e *Casal de Ramiro*, por herdanza de seu avó e de súa tía Maior Fernández.
- Século XIII: Xoán de Calo, presbítero, dóalle a San Xusto un casal que posuía na vila do Castro.

⁸ Houbo dos cardeais na igrexa de Santiago con este mesmo apelido: Pedro e Xurxo, polo que non sabemos certamente cal deles era o que tiña este foro. Quizais fose o primeiro, que está enterrado na capela de Sancti Spíritus da catedral, con estatua xacente e o seguinte epitafio: *Aquí iaz Pedro Varela, Cardenal que fue desta Sta. Iglesia. Murió a 22 de julio de 1574. Este enterramiento hes del cardenal Jorge Varela i del R* (acionero) *Jacome Reimondez de Figueroa i de sus des*(cendientes), (GONZÁLEZ PÉREZ, C.: «Antonio Vázquez, pintor de Betanzos, foreiro do mosteiro de Toxosoutos», *Anuario Brigantino*, Betanzos, 1996, pp. 271 ss.).

⁹ SALVADO MARTÍNEZ, V.: «Tumbo de Toxosoutos», *Compostellanum*, XXXVI, núms. 1-2, 1991, pp. 193-194. Unha copia máis completa foi publicada por Antonio López Ferreiro na *Colección Diplomática* de *GALICIA HISTÓRICA*, Compostela, I, 1901, pp. 14 ss.

Foros, arrendamentos e apeos

- Ano 1556: Foro dos lugares do Castro, A Talavaza e Agrafoxo, con todo o que lles pertencía, a Pedro García de Castro e a súa muller María Fernández, por catro cargas de centeo, unha carga de trigo e un carneiro, anualmente, pagar a luctuosa e outras condicións máis.
 - 1575: Apeo do lugar da Talavaza.
 - 1587: Apeo do lugar do Castro.
 - 1584: Primeira voz do foro do Castro e da Talavaza, a favor de Xoán García do Castro.
- 1607: Última voz do foro anterior a Fernán García, neto de Pedro García. No mesmo consta que os montes da *Talabasa* pertencían en parte tamén á parroquia de San Martiño de Ermedelo (Rois).
- 1645: Foro a Pedro García de Agrafoxo, por catro cargas de centeo e media de trigo ó ano. Logo vendeullo a Xoán Cao e a Pedro Freire (ou Freira) de Urdilde, pero non o aceptou o mosteiro, por ser pola mesma renda e residir o foreiro no val da Barcala.
- 1659: Xoán Cao, Pedro Freire, Pedro Gómez e María Buia, viúva de Antón de Landeira, aforan estas propiedades por catro cargas e media de centeo, media carga de trigo, un carneiro, e un carreto dende a Luaña ata o mosteiro, ó ano, e logo pagar a luctuosa ó morrer o foreiro, dar unha libra de cera á morte de cada rei de España, e outras condicións.
- 1788: Simón Lois, Pedro Freire, Miguel Basante e Vicente Rodríguez, pagaban 48 ferrados de centeo, seis ferrados de trigo, un carneiro ou nove reais, o dezmo e un carreto para a padroado da Luaña, todo esto anualmente, e unha libra de cera á morte de cada rei de España, e ó falecer o cabeza de familia a luctuosa consistente na *mejor pieza de 4 pies*.

7. A MEIXOADA

Lugar despoboado dedicado a montes, preto de Cabanela.

Ver Cabanelas

8. PAZOS

Aldea, que actualmente conta con 49 habitantes.

Doazóns e adquisicións

- Era 1283 (ano 1245): Gómez Pérez Gato vende a seu irmán Rodrigo Gato dous cuartos do lugar de Pazos, e logo este entrégallelos a Toxosoutos.
- Era 1292 (1254): Arias Munís, monxe, deixa ó seu mosteiro todo canto posuía na «vila» de Pazos.
- Era 1303 (1265): Rodrigo Gato dispón que o enterren na igrexa de San Xusto, e dóalle os seus bens de Pazos de Urdilde.

Foros, arrendamentos e apeos

— Ano 1389 (12 de abril): O prior de Toxosoutos arrenda a Xoán de Pazos a terceira parte do que tiña o mosteiro no lugar de Pazos:

Enno anno da Naçença de Noso Señor Ihesu Christo de mill e tresientos e ochenta e nove anos, dose dias de abril. Sabean todos que eu Juan Peres de Paços, morador no dito logar de Paços que he na fregesia de Santa Maria d-Ordilde, que faço por min e por Tereja Peres, minna moller, e da qual me obligo a dar outorgamento desto que se sige: arrendo a vos frey Pero Giançe, prior do dito monesterio de San Justo de Tojosoutos, que presente estades, que arrendades




Fig. 6.- 1577: Foro do lugar de Cabanelas ou Cabanela a Martiño de Leis.

por vos e en nome do abade e convento do dito monesterio, conven a saber: a terca parte entregamente de todos los herdamentos, casas, casares e chantados e suas perteenças e dereyturas que o dito monesterio ha e aver deve, enno logar de Paaços e en seus terminos que he na dita fregesia de Santa Maria d-Ordilde, desde dia de Sant Martyn de novembro primero que ven e di endiante ata nove anos conpridos primeros siguientes por seys fanegas de pan medidas por la medida de Noya a terca parte millo e las dos partes ceveyra, e por foros por pascua (?) un par de capôôs e por yntroydo un par de gallinas cada ano, e o qual para vos devo pagar no dito lugar, e os foros no dito monesterio, e asy en cada un dos ditos nove anos per min e per meus bees e da dita minna moller e enno dito tenpo eu e a dita minna moller devemos ser serventes e obidentes ao dito abade e prior e convento do dito monesterio e morar nas casas do dito casal e teellas feytas, cubertas e restoyradas, segundo que as acharemos e nos las derdes asi vos las deixar a fin do dito tenpo con quanto perfeto e boo paramento y foi feyto, e devemos ser yosos vasallos sen otro señorio alguno e vos devedes nos de anparar e defender, segund vos anparades e defendedes os otros vosos omes labradores. E eu, o dito prior asy o recebo e otorgo e qual de nos partes contra esto vier e o non conprir e agardar, peyte a a outra parte por pena quinientos maravedis desta moneda e a pena pagada ou non pagada todavia esta arrendacon fique firme e valla en seu robor e desto mandamos faser dous instrumentos, anbos en un tenor, feitos e otorgados na villa de Noya nos ditos dia e mes e era sobre dito. Testemoyas que a esto foron presentes Diego Canan, fillo de Juan Pedreges, carniçero e Domingo de Pas, carniçero, moradores na dita villa e Juan Martins de Jilao (?) e Afonso Rodriges de Pââços, labradores e otros10.

- 1395: O abade e o mosteiro de San Xusto aforan parte do lugar de Pazos a Gonzalvo García.
 - 1395: Alugan a Rodrigo Afonso de Pazos un tercio dos bens da «vila» de Pazos.
- 1395 (12 de setembro): O mosteiro arrenda a Roi Ferrandes de Vioxo un tercio das propiedades de Pazos:

Enno anno da Naçença de Noso Señor Jhesu Christo da era de mill e tresientos e noventa e cinco años, dose dias de setenbro. Sabean todos que eu frey Pero Giance prior do monesteiro de Sant Justo de Tojos Outos, que presente sôô, arrendo a vos Roy Ferrandes de Viojo, labrador, que presente estades, que arrendades para vos e en nome de Sancha Vidal, vosa moller, conven a saber: o terço entregamente de todos los herdamentos, casas, casares e chantados que eu ey na villa de Pââcos e en seus terminos que he na fregisia de Santa Maria d-Ordilde, conven a saber, desde dia de Sant Migel de setenbro primeyro que ven ata cinco annos conpridos primeyros siguientes, cada anno por cinquo fanegas de pan, terco millo e duas partes civeyra, por la medida de Noya, postas no dito logar e por foros, por entroydo, un cabrito e veynte ovos e asy en cada un dos ditos cinquo anos e no vos devo toller, nen quitar esta dita arrendaçon no dito tenpo por mays nen por menos, nen por altanto que outro por ella de, nen por outra rason alguna e faservosla de pas, libres e desenbargadas a todo tenpo de quenquer que vos lo demande ou enbargar por mi e per meus bees eclesiasticos e seglares que vos a ello obligo. E eu o dito Roy Ferrandes, que presente soo, por mi e por la dita mina moller, asy o outorgo e reçebo E esto que dito he deve ser conprido e agardado entre nos partes, so pena de auinientos maravedis que peyte por pena quen contra ello vier; e a pena pagada ou non pagada todavia esta carta e o contiudo en ella, fique firme e valla en sua robor; e desto mandamos faser dos instrumentos de un thenor, que foron feytos e otorgados na dita villa de Noya ano, dia mes e era sobredita. Testimoyas Juan Afonso de Crespos e Juan Peres de Sarantes Afonso Ferrandes, clerigo de San Pero d-Outes, Pero de Paaços e Juan Garcia e outros11.

- 1558: O mosteiro afora parte das propiedades de Pazos a Gregorio Fernández.
- 1489: Foro do lugar de Pazos a favor de Xoán Pérez de Pazos.

condicións máis.

- —1563 (2 de maio): Foro do casal de Pazos a Xoán Martínez e a súa muller María de Pazos, veciños de Urdilde, e a un fillo e a un neto, con todo o que lle pertencía, por tres cargas de centeo, un bo carneiro e dúas galiñas anualmente, e pagar a luctuosa e outras
- 1576: Foro a favor de Xoán do Castro e da súa muller, fillo e neto, por tres cargas e media de centeo e dos cabritos (ou catro reais) ó ano, e ademais construír unha casa a súa conta, e pagar a luctuosa.
- 1582: María Martínez, muller de Xoán Martínez, traspasa a metade do foro de Pazos a Pedro Vázquez de Cabanelas.
 - 1583: Apeo das propiedades que o mosteiro posuía no casal de Pazos.
- 1584: Foro do lugar de Pazos a Pedro Vázquez de Cabanelas e a súa muller, fillo e neto, por unha renda anual de tres cargas e media de centeo, un bo carneiro, dúas galiñas, e pagar a luctuosa cando morrese o cabeza de familia, e outras condicións que figuran no documen-
- 1602: Afora por primeira voz a Mariña de Casais parte das propiedades de Pazos, por ser muller e herdeira de Xoán do Castro.
 - 1604: Última voz dun dos foros de Pazos, neste caso a favor de Xoán de Figueiroa.
- 1611 (13 de abril): Pedro de Bargo e a súa muller Alberta de Quintáns venden parte do seu foro de Pazos a Pedro Vázquez de Ordilde e a Xoán da Veiga de S. Vicenzo de Aguas Santas, por 20 ducados, tendo que entregarlle ó mosteiro 149 reais.
- 1616 (30 de xaneiro): Deixa o foro Pedro de Bargo e faise cargo Alberte Vázquez, para el e para os seus descendentes, durante a vida de tres reis, pagando de pensión anual tres cargas de centeo, un carneiro, dúas galiñas (ou tres reais) e un azume de manteiga (ou catro reais). O foro era só dun tercio das propiedades que posuía nesta aldea o mosteiro.
 - 1671: Disfrutaba de parte dos bens de Pazos, como foreiro, Xácome de Lueiro.
- 1671: Afora a Xoán Cao, «O Mozo», la 3ª parte de las 2 tercias partes de este Lugr. de Pazos, durante a vida de tres reis de España (empezando por Carlos II), e por unha renda anual de 44 ferrados de centeo, un carneiro ou o seu valor, unha libra de cera á morte de cada rei, os dezmos e a luctuosa ó falecer o foreiro (la mejor pieza de 4 pies).
- 1679: Foro por vida de tres reis da terceira parte do lugar de Pazos a Xoán Vázquez, Francisco da Veiga e Basilio Gómez, veciños de Urdilde, por 46 ferrados de centeo e un carneiro, ó ano. Pagar a luctuosa e unha libra de cera á morte de cada rei, sendo o primeiro Carlos II.
- 1724: Foro a favor de Alberte Vidal, Martiño da Veiga e Paulo da Senra, entre outros, durante a vida de tres reis de España (dende Luis I). De renda pagarían 176 reais de vellón ó ano, entregados en dous prazos, un pola Pascua e o outro no mes de agosto. Ademais tiñan que dar en concepto de luctuosa once reais, a décima (é dicir, os dezmos dos froitos), unha libra de cera á morte de cada rei, etc. Non eran tódalas propiedades, senón só a terceira parte das dúas tercias.
- 1788: Pagaban foro por unha parte dos bens de Toxosoutos André Cao e Xacinto Tubío, consistente en 44 ferrados de centeo e un carneiro (ou o seu valor), anualmente.
- 1788: Levaba en foro parte das propiedades do casal de Pazos, Xosé Afonsín, por 176 reais ó ano.
 - 1788: Pola terceira parte das terras pagaban Carlos Gómez, Lourenzo Cao e Diego

¹⁰ Arquivo Histórico Universitario, Santiago de Compostela: Clero - Toxosoutos, atado 983, fols. 34v e 35. Transcrición de Angel Rodríguez González.

¹¹ Idem, fol. 64v. Transcrición de Angel Rodríguez González.

Pérez, 46 ferrados de centeo, un carneiro e os dezmos, e se falecese algún rei darían entón unha libra de cera e se morrese un deles a luctuosa, que viña a ser a *mejor pieza de 4 pies* que houbese na casa.

9. RAPELOS

Terras de labor que quedan preto da aldea de Casal do Poño. Agora adóitase dicir en feminino, Rapelas.

Ver Xallas.

10. A TALAVAZA

Montes situados entre as aldeas de Agrafoxo (Urdilde) e o Codeso (Ermedelo). Ver **Castro**.

11. URDILDE

A aldea de Urdilde ou Casal de Urdilde, como tamén figura algunha vez, vén ser a que agora se denomina A Calle, dende que se abriu a estrada de Santiago de Compostela a Noia, no século pasado. É o núcleo de poboación máis importante da parroquia de Urdilde.

Foros, arrendamentos, apeos e executorias

- Ano 1519: O mosteiro manda facer o apeo de tódolos bens que posuía no casal de Urdilde.
- 1535: Foro a favor de Pedro Muñiz, crego, das casas, herdades e muíños de Urdilde, segundo o traía Alonso de *Ordilde*, por unha renda anual dun real e dúas galiñas.
 - 1543: Por falecemento do devandito Pedro Muñiz, o foro pasa a Xoán Ramos.
 - 1547: Faise cargo do foro anterior o crego Feriango Mes.
- 1565 (31 de maio): Foro das *casas de Ordilde* a favor de Alonso Rodríguez Ramires, procurador de causas na audiencia arcebispal de Santiago, *y de la muger con quien ubierdes de casar*.
- 1576: Executoria contra Xoán Calviño, crego, e outros máis, sobre os bens que San Xusto tiña neste casal, facendo tamén a liquidación dos froitos.
 - 1579: Apeo de parte das propiedades de Urdilde.
 - 1587: Apeo dos bens de Urdilde pertencentes ó mosteiro.
- 1589: Os monxes alugan a Pedro de Boullón, «O Mozo», *vº de la felegresia de Santa María Dordilde*, unha casa, un celeiro, unha torre tellada e outra cuberta con colmo, un muíño e varias herdades, todo en Urdilde, por dez celamíns de centeo ó ano.
- 1594: Foro a favor de Alberte de Sampaio, un fillo e un neto, da parte do Casal de Urdilde que tiña Pedro de Boullón, defunto, e que o viña disfrutando Catarina de Boullón, por dúas cargas de centeo e dúas galiñas (ou por un real cada unha) ó ano, posto todo na porta do mosteiro.
- 1598: Alberte de Sampaio traspasa e vende o foro de Urdilde, con permiso dos monxes, a Catarina Alonso de Boullón, viúva de Pedro de Boullón.
- 1618: Segunda voz do foro anterior a favor de Xoán de Boullón, que debía ser fillo da devandita Catarina.
- 1788: Levaban o foro de Urdilde Domingos Boullón, Martiño Rodríguez, Gregorio Miguez, Brais Lapido, Manuel Torres e Bernabeu González. Entre todos pagaban anualmente dez ferrados de centeo.

12. XALLAS

Aldea situada entre Casal de Ordilde e Casal do Poño.

Doazóns:

- Ano 1154 ou 1155: O arcebispo de Santiago, Don Pelaxio Camundo, doa a San Xusto unha casa que tiña na «vila» de Xallas.
 - Século XII: Martiño Xoán, o *Cato*, légalle ó mosteiro a súa herdade de Xallas.
- Era 1205 (ano 1167): O abade e convento ceden todo canto posuían en Xallas a Adosinda Martínez e ós seus fillos, durante a súa vida.
- Era 1291 (1253): O abade dá a Pedro Méndez, por toda a súa vida, as propiedades que tiña o cenobio nos «pazos» de Xallas.

Foros, arrendamentos, apeos e recoñecementos

- Ano 1502: Aforan a Fernando de la Torre, «O Mozo», por tres voces, os bens de Xallas, onde residían Xoán de Serbia e a súa muller, e, ademais, un cuarto do casal de *Rapelos*, por 40 maravedís vellos (de dez cornados o maravedí) anualmente, pagados polo San Martiño de novembro.
 - 1563: Apeo do lugar de Xallas e da cuarta parte do de Rapelos.
- 1567: Faise cargo do foro de Xallas, por segunda voz, Gracia de la Torre, *biuda vezina de la ciudad de Sanº* (Santiago).
- 1569 (9 de agosto): O mosteiro dá licencia a Gracia de la Torre para que poida empeñar unha carga de centeo sobre o lugar de Xallas, por sete anos.
- —1617: Recoñecemento das posesións que Toxosoutos tiña en Xallas, que levaba en foro o escribán de número de Compostela, Antonio Sánchez Pulleiro.
 - 1621: Terceira e última voz do foro anterior.
- 1659: Foro a Antonio e a María de Landeira, Xoán Cantelar e André Freire, entre outros, por seis cargas e catro ferrados de centeo, unha porca ou trece reais, un carneiro, etc., ó ano.
- 1788: As propiedades que San Xusto tiña no lugar de Xallas estaban repartidas entre varios foreiros: Ventura Branco, Xoán Antonio Gómez, Miguel de Cantelar, Xosé de Bargo, Domingos da Veiga, Xoán Freire e Bonifacia Fernández. Entre todos pagaban anualmente 76 ferrados de centeo, *1 marrana o 13 rrs*, un carreto para o padroado da Luaña e os dezmos. E, ademais, unha libra de cera á morte de cada rei de España.

II. CONCLUSIÓN

Hai máis de 160 anos que o mosteiro de Toxosoutos deixou de ser dono e señor de todos estes bens. Dende entón pasaron por varias mans, ata que os mercaron ou «redimiron» os foros os propios campesiños, os máis deles con cartos procedentes da emigración americana (Cuba e Arxentina). Agora, agás rarísimas excepcións, son propiedade dos que os traballan.

Os veciños maiores de Urdilde aínda se lembran das rendas que antes había que pagar, ultimamente xa non con froitos e animais, pero non a este mosteiro, senón a particulares que adquiriran estes bens logo despois da desamortización e exclaustración relixiosas de Mendizábal. Por iso son moi poucos os que saben que Toxosoutos foi -nalgúns casos durante máis de sete séculos- o seu propietario, e de que só nesta parroquia chegou a disfrutar de terras en doce lugares ou aldeas: Agrafoxo, Cabanela, Caraveles, O Castro, Casal da Vella, Casal de Ramiro, A Meixoada, Pazos, Rapelos, A Talavaza, Urdilde e Xallas.

BIBLIOGRAFÍA

Archivo Histórico Nacional, Madrid: Clero-Tumbo de Toxosoutos.

Arquivo Histórico Universitario, Compostela: Clero-Toxosoutos, mazos 967 a 994, 1.172.

FIAÑO, P.: *O mosteiro de San Xusto de Toxosoutos*, edición do Concello de Lousame, Noia, 1993.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *O concello de Rois: Historia, economía e arte*, Concello de Rois, Noia, 1990.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: «Antonio Vázquez, pintor de Betanzos, foreiro do mosteiro de Toxosoutos», *Anuario Brigantino*, núm. 19, Betanzos, 1996.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: «Posesións do mosteiro de Toxosoutos na parroquia de Urdilde», *Papeis do Valeirón*, 0, Urdilde, 1997.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Brión: Historia, economía, cultura e arte*, Concello de Brión - Editorial Toxosoutos, Noia, 1998.

SALVADO MARTÍNEZ, B.: «Tumbo de Toxosoutos. Transcripción de Vicente Salvado Martínez», *Compostellanum*, XXXVI, 1-2, Compostela, 1991.

SALVADO MARTÍNEZ, V.: Índice onomástico y toponímico del tumbo de Toxosoutos, Compostela, 1990.

SALVADO MARTÍNEZ, V.: Tumbo de Toxosoutos. Documentos de los orígenes del monasterio. Transcripción de..., Traducción y notas de Benito Salvado, Compostela, 1995.

JOSÉ GARCÍA ORO Y Mª JOSÉ PORTELA SILVA

La Casa de la Moneda de A Coruña en los siglos XV y XVI (I)

JOSÉ GARCÍA ORO - MARÍA JOSÉ PORTELA SILVA*

La ciudad de A Coruña es una de las seis o siete ciudades castellanas que albergó en su seno una ceca real o casa de la moneda. Es un privilegio histórico que le mereció en la Baja Edad Media una cita honorífica y con frecuencia polémica al lado de otras urbes históricas: Burgos, Toledo, Sevilla, Cuenca, Segovia y finalmente Granada. Se trata de una institución conocida, mentada con mayor o menor extensión en todas las monografías sobre A Coruña. Carece sin embargo de un estudio histórico específico que esboce su perfil institucional y trace su camino hasta su extinción en el siglo XVII.

En estas páginas intentamos refrescar la memoria historiográfica sobre la célebre ceca coruñesa en algunos de sus aspectos institucionales y reseñamos también algunos de los rasgos de sus relaciones con el regimiento herculino. De ambos aspectos ofrecemos los testimonios documentales que creemos más interesantes. Son piedras menores para una futura Historia de la Casa de la Moneda de A Coruña.

1.- Los reyes y los monederos castellanos.

Los historiadores atribuyen con fundamento la creación de la ceca coruñesa al mismo soberano que refundó A Coruña: Alfonso IX. Desde el segundo decenio del siglo XIII cabría así hablar de la Casa de la Moneda de A Coruña¹. De su realidad dan fe sin precisión cronológica los ejemplares numismáticos que han descrito los especialistas, todos ellos contraseñados con la venera jacobea que distinguía a las monedas de la ceca coruñesa². A lo largo del siglo XIII se institucionaliza y recibe de la realeza castellana un estatuto de privilegio y canonización política que desborda sensiblemente las fronteras de los estamentos civiles medievales y pone a las casas de la moneda y a sus obreros o monederos al nivel de las personas eclesiásticas. Coincide este auge con el proceso de formación de las villas y ciudades castellanas que remata con sus respectivos fueros. Naturalmente las reacciones de los concejos y regimientos será adversa y denunciadora de estas gracias reales.

Nuestra información sitúa este estatuto privilegiado en el reinado de Sancho IV: el estatuto, que no la realidad de la existencia de las «franquicias» de las corporaciones

^{*}José García Oro es Profesor Titular del Departamento de Paleografía y Diplomática de la Facultad de Geografía e Historia de la Universidad de Santiago de Compostela... Mª José Portela Silva es Profesora Asociada del mismo Departamento.

¹ Enrique Vedia y Goosens, *Historia y descripción de la ciudad de la Coruña* (La Coruña 1845; César Vaamonde Lores, «De re mometaria gallega», BRAG 29(1934) 184; Julio González, *Alfonso IX*, I-II (Madrid 1944), n. 232.

² Sobre las monedas coruñesas del período de Alfonso IX existen hoy buenas precisiones, todas ellas a partir de la obra monumental de Alois Heiss, *Descripción general de las monedas hispano-cristianas desde la invasión de los árabes*, I-III (Madrid 1865-1869), nn. 3 y 11. Precisiones de César Vaamonde Lores, «De re monetaria gallega», 187-189.

monetarias, que son expresiones de realidades muy antiguas. En A Coruña tenemos una fecha precisa de promulgación del estatuto privilegiado de los monederos: el 14 de febrero de 1298, fecha en que suscribe Fernando IV, es decir sus tutores, Doña María de Molina y el infante Don Enrique. Se trata de un texto de excelente redacción e impregnado de resonancias históricas, probablemente nacido al calor de los cambios y presiones de los grupos que prevalecían en la Corte. En él se establece una doctrina clara sobre el estatuto de los monederos:

- eran desde la antigüedad un grupo franqueado por los soberanos de tributos e impuestos reales, servicios del reino, impuestos señoriales, servidumbres, conciertos municipales y dependían directamente de los soberanos, de forma «que ninguno no oviese señorio sobrellos sono rey aquel que a derecho de fazer moneda»;
- su oficio se consideraba de necesidad primaria en los reinos, ya que sin moneda no podrían los estamentos sociales realizar sus cometidos;
- en razón de su vecindad en los municipios, podían desempeñar los oficios públicos y privados y gozar de los bienes comunales, como las dehesas de los ganados, pero estaban enteramente exentos de las obligaciones municipales, en especial de los impuestos;
 - responderían sólo de deudas y fianzas personales, nunca de las municipales;
- disfrutaría de jurisdicción exenta con alcaldes propios que entenderán de los delitos cometidos por los socios³.

Este estatuto es el de los monederos del Reino de Castilla, en una de sus versiones, dada a petición de la Casa de la Moneda de A Coruña. Será reiterado a las diversas casas de la moneda en los siglos XIV y XV, sin otra referencia a las situaciones concretas de cada una de estas instituciones que la cita de demandas o reclamaciones de los respectivos municipios. Con estas franquicias los monederos se constituían en casta privilegiada y concitaban sobre sí los rechazos de los municipios. De hecho éstos no cesan de recurrir a los reyes demandando la anulación de las odiadas franquicias, ante todo las exenciones de los impuestos y compromisos municipales. Los documentos confirmatorios o derogatorios de estos privilegios se producen a lo largo de los siglos XIV y XV conforme al signo político que prevalece en los diversos reinados, siempre desde el foro de las Cortes de Castilla y según el talante promunicipal o proseñorial de los soberanos.

Una acometida municipal contra las franquicias de los monederos se desata en el reinado de Alfonso XI. Este soberano abolió, el 4 de enero de 1338, la exención fiscal de los
monederos, estableciendo que deberían someterse a las cargas municipales igual que los
demás vecinos de A Coruña⁴. Los monederos no cejan en la defensa de sus privilegios.
Vuelven a reconquistarlos plenamente en las cortes de Burgos de 12 de abril de 1368,
momento en que Enrique II confirma sin rebajas sus franquicias tradicionales⁵. Esta confirmación será el documento de referencia durante los siglos XV y XVI. A sus cláusulas
atañen los replanteamientos que van haciendo las cortes y culminan con el examen del tema

que realizan durante el reinado de los Reyes Católicos las cortes de Toledo de 1480 la pragmática real de 20 de diciembre de 1494.

Hubo pues momentos de zigzags violentos en esta disputa. La abolición de las franquicias de los monederos en los mismos términos de Alfonso XI fue confirmada por Juan II en 1433⁶. Pero esta actitud tampoco podía prevalecer. Los monederos consiguieron que se mantuvieran sustancialmente sus privilegios, menos en el caso de los impuestos municipales. En las cortes del siglo XV se afinaron las posturas y se produjeron los arbitrajes. Los municipios eligieron para sus demandas el foro que les pareció más eficaz: las Cortes de Castilla⁷. Hasta siete veces reiteraron sus reclamaciones a lo largo del siglo XV: en las cortes de Zamora de 1432, de Madrid en 1435, de Valladolid en 1451, de Córdoba en 1455, de Toledo en 1462, de Toledo en 1480 y de Madrid, en 1594. En cada una de estas cortes se consiguió apretar un poco más el cerco municipal:

- Los monederos serán siempre pecheros medianos, de forma que sean contribuyentes municipales y puedan dar fianzas, se estableció en las Cortes de Zamora de 1432.
- Con más detalle abordaron el tema en 1435 las Cortes de Madrid: en las casas de la moneda ejercerán en exclusiva monederos pecheros medianos que habrán de desempeñar sus oficios en persona, nunca por sustitutos o excusadores; para garantizarlo, los tesoreros presentarán en el respectivo municipio la nómina de los monederos, especificando su nobre y lugar de residencia y avisarán oportunamente de las bajas causadas por muerte o renuncia; habrá apelación de los alcaldes de los monederos a las justicias municipales.

Con menor insistencia volvieron las Cortes al tema en su convocatoria de Valladolid, en 1451. Reiteraron la exigencia de que los titulares de estos oficios fuesen peritos en el oficio y lo ejerciesen por sus personas; recalcaron que fuesen pecheros medianos o menores, nunca mayores que pudieran escapar a la fiscalidad municipal y establecieron que fuesen vecinos de la población en que existía la casa de la moneda.

En todo caso este reinado tiene una importancia decisiva por su voluntad de arbitrar concordias entre los monederos y los concejos, sin grandes renuncias de ambos y también por su conocido *Ordenamiento sobre labrar moneda*, de 1442, que establecía la reconversión de las monedas en curso en la *blanca nueva*⁸.

En el reinado de Enrique IV (1454-1474) se redobla la diatriba y continúa su eco fuerte en las Cortes de Castilla. Nos queda su huella en las corrtes de Córdoba de 1455 en las que el Rey confirma las franquicias de los monederos en los términos de Juan II y muy especialmente en las de Toledo de 1462, en las que se procedió a un examen minucioso de las franquicias de los monederos y de sus recortes por las cortes precedentes. De estas deliberaciones han llegado a nosotros las actas incompletas que reflejan el mismo planteamiento

Anuario Brigantino 1998, nº 21

³ Privilegio rodado de Fernando IV, suscrito en Valladolid, el 14 de febrero de 1298, editado por César Vaamonde Lores, a base de una copia notarial imitativa del notario García Lorenzo de Montaos, realizada en A Coruña el 9 de febrero de 1336 «De re monetaria gallega», 209-214. Reedición en Miguel González Garcés, *Historia de La Coruña. Edad Media* (La Coruña 1987) 512-517.

⁴ El texto, en copia notarial borrosa del Archivo Municipal de A Coruña, en César Vaamonde Lores, «De re monetaria gallega», 215-216. Reedición en Miguel González Garcés, *Historia de La Coruña*, 534.

⁵ Relata esta actuación del monarca la provisión real de Valladolid, 26 de enero de 1550. AGS, RGS, I-1550.

⁶ César Vaamonde Lores, «De re monetaria gallega», 216.

Dende os comezos da Restauración borbónica (1875) o sistema turnista imperante, baseado no bipartidismo consensuado de conservadores e liberais e un férreo control electoral, apenas admite contestación. A febleza dos republicanos -divididos en sectores-e o culturalismo dos rexionalistas non inquedan un réxime oligárquico que extende as súas poutas a través do fenómeno socio-político do caciquismo. Os grandes caciques, normalmente «homes de leis», controlan os bandos políticos dominantes e exercen o poder, ben directamente ou por persoas interpostas, dende a cabeceira do partido xudicial movendo e controlando a tremoia do sistema electoral no distrito.

O notario Arines Montenegro e o avogado e ex-deputado a Cortes Agustín García Sánchez, líderes do partido conservador e liberal, respectivamente, controlarán en Betanzos e no distrito a vida política durante anos. A partir da morte de Arines, en 1897, o bando conservador carente dun liderazgo claro -intentado polo avogado Sánchez Cordero- perderá pulo incrementando o poder e influencia de García Sánchez, quen exerce de «mediador» durante case trinta anos, rematando por ser contestado dende o propio bando polo seu curmán Sánchez Sanmartín e os fillos deste. Mostra do consenso de fondo entre os notables locais dos bandos conservador e liberal dánola o feito de que a principal praza da cidade -chamada do Campo, popularmente- levou o nome oficial de Praza de Arines dende a morte deste ata 1922, un cuarto de século, pese aos sucesivos alcaldes «liberais».

ANTECEDENTES DA ORGANIZACIÓN E LOITA SINDICAL EN BETANZOS

Dende a época medieval e durante séculos foron moi importantes en Betanzos os gremios. Os xastres ou alfaiates, labradores, mariñeiros, zapateiros e o que englobaba varios oficios. Aínda escomenzando o século XX mantiñan os catro primeiros as súas ancestrais danzas gremiais. O asociacionismo gremial deixará paso ás portas do século XX ás sociedades de resistencia que tenderán a organizarse por gremios ou profesións cando os seus membros sexan numerosos.

Un dos primeiros casos que temos noticia na bisbarra betanceira de loita obreira organizada constitúeo a folga que levan adiante, en outubro de 1879, os operarios que traballan nas obras da estrada a Vilalba, moitos deles de Betanzos e arredores. O desencadeante fora a rebaixa do xornal que, sen previo aviso, os contratistas fixeran ao pagarlles a quincena. A perda para os operarios era máis grave «precisamente en esta época de escasas cosechas

6. La Aspiración. «Fados e Saetas», 7-IV-1912.

en que el pan se halla caro y por las nubes todo lo demás, no teniendo los infelices jornaleros con qué pagar la renta de casa por no haber recolectado lo suficiente.»

Uns anos antes, por 1871, os militantes coruñeses da Federación local, afecta á I Internacional facían propaganda nas vilas veciñas, entre elas Betanzos, e mesmo o voceiro internacionalista de Madrid *La Emancipación* recollía no mes de novembro o empeño en crear federacións locais en varias vilas galegas como Betanzos, onde o periódico contaba cun abonado que difundía o folleto «Reglamentos típicos» que contiña as decisións dos congresos da Internacional e os modelos de estatutos. Nesta década dos 70 sinala Brey na súa tese o nacemento de sociedades de carácter cooperativo e mutualista nas principais localidades galegas, incluíndo Betanzos, das que apenas quedou eco. (8)

A principios dos anos 90 sinálanse pequenos núcleos anarquistas e socialistas na localidade: existen algúns suscriptores do periódico anarquista coruñés *El Corsario* e *El Socialista* cita Betanzos entre as localidades galegas visitadas por propagandistas ferroláns, secundados por militantes da Coruña e Santiago, para constituir os primeiros grupos socialistas (o Congreso fundacional do PSOE e UGT fora case un par de anos antes, no 1888).

A comezos de 1899 a chegada de «un buen contingente de obreros de distintas regiones» con motivo das obras do ferrocarril a Ferrol, feito que «pudiera contribuir á una alteración de orden público», alarmaba ao Xuiz de 1ª instancia do partido xudicial -quen viña de tomar posesión- ao constatar a ausencia de posto da Garda civil na cidade, que fora suprimido pola Comandancia da Coruña a falta dun local axeitado e negarse o Concello a

REGLAMENTO

por que hade regirse la SOCIEDAD DE CARPINTEROS de la Ciudad de Betanzos.

DENOMINADA

LA PROSPERIDAD

CAPITULO 1.º

Nombre, objeto y condiciones de esta Sociedad.

Artículo 1.º Esta Sociedad se denominará «LA PROSPERIDAD» y tiene por principal objeto mejorar la condición moral y material de sus asociados, defendiendo mútuamento sus intereses y amparándos de los abusos y arbitrariedades que con ellos se cometen por parte de los patronos ó de sus representantes.

Art. 2.º Para ser socio es indispensable enjularse en todas sus partes al presente Re-





subvencionarllo. No comunicado do Xuiz á Alcaldía entrevese unha posible criminalización deste elemento obreiro ao mesturalo con posibles feitos delictivos que reforzaban a necesidade de forza pública.

Nese verán de 1899 ten lugar unha folga de curta duración no sector da construcción en demanda da reducción da xornada, que chegaba no verán ás doce horas e que conseguirán reducir ata dez horas e media. Este éxito dos obreiros da construcción debeu animalos para constituir a Sociedad de Trabajadores.

^{7.} La Ilustración Gallega y Asturiana, nº 30, 30-X-1879, páx 378.

^{8.} Datos proporcionados polo historiador Dionisio Pereira, quen tivo ocasión de consultar a tese de Gérard Brey: *Economie et mouvement syndical en Galice (1840-1911)*.

O MOVEMENTO OBREIRO E A PRENSA LOCAL

Como é sabido, dende outubro de 1883, Betanzos vai contar con prensa propia, de moi diferente periodicidade e orientación ideolóxica. Toda ela, calquera que sexa a súa condición, é unha ferramenta de primeira man para seguir o ancontecer local en tódolos seus campos. (10)

Mais, como boa parte desa prensa responde aos intereses da burguesía ou pequena burguesía local, cando non aos dos bandos políticos dominantes, os inicios e avatares dun movemento obreiro e agrario incipiente e feble rara vez teñen reflexo na prensa local. Só na medida en que as sociedades de resistencia son capaces de levar adiante loitas sindicais e políticas ou de protagonizar feitos que sobardan o estrictamente societario para ter unha relevancia maior ou menor na vida local, o silencio que pesa sobre elas pasa a convertirse en noticia. É curioso constatar como certa prensa local silencia a existencia mesma das sociedades, aos seus líderes e dirixentes, a celebración de mítines ou a conmemoración do Primeiro de Maio, ao tempo que contempla como noticias as rifas e pelexas de veciños ou os desmadres etílicos dalgún paisano. E falamos da que se define de información xeral, xa que os silencios da prensa partidaria -oficial ou oficiosamente- podémolos comprender máis doadamente. Como exemplo do ambiente que respiraba a burguesía e pequena burguesía local diante da incipiente organización obreira, pode dar idea este comentario de *El Censor* ao tratar o tema da cuestión social no ano 1883:

«... la clase obrera se precipita hoy por los abismos de la más errónea doctrina, y amenaza con su ímpetu arrastrar hacia la más espantosa anarquía a la misma sociedad...» (11)

Ou estoutro de *La Aspiración* en 1905, dando noticia da recollida no hospital do obreiro José Díaz, aqueixado de tuberculose pulmonar, quen viñera de Cuba e fora autor dun artigo no coruñés *Germinal* censurando duramente ao semanario local: «El obrero José Díaz fué por lamentable extravío de su inteligencia un furibundo apóstol del anarquismo...», considerando no seu titular como «Satisfactorio ejemplo» esta acollida do doente pese a tales antecedentes.

Por outra banda, determinados anos e datas clave para pescudar os inicios e avatares das sociedades de resistencia (como a última década do XIX, por exemplo, ou os anos da guerra europea), coinciden con silencios obrigados da prensa local, que tivo unha vida azarosa e discontinua.

Porén temos que agardar ata a aparición do diario *El Mendo* en 1890 para atopar referencias sobre o movemento obreiro, que neste caso son máis xerais que propiamente locais. Este diario vai manter durante un tempo, por influencia do seu director-propietario Adolfo Vázquez Gómez, librepensador e republicano federal, unha sección nomeada «El Socialismo», con noticias varias sobre o movemento obreiro e socialista no Estado español e no estranxeiro en xeral. Chega incluso a publicar en portada unha semblanza sobre Pablo Iglesias en maio de 1891 e un artigo sobre «El 1º de Mayo» dese ano.

O semanario *El Pueblo* (1900-1902) vai ser a publicación local máis sensible e aberta ao asociacionismo obreiro e agrario, ata o punto de ser calificado polo seu rival *Otro Pueblo*

9. AMB, Actas Municipais, sesión supletoria de 19-IV-1899.

Anuario Brigantino 1998, nº 21

Ao reaparecer, despois duns meses de ausencia, con outra redacción e outro carácter -segundo confesa-, *El Pueblo* fala da necesidade de «prestar atención a los problemas de la clase obrera, cuya influencia en esta ciudad, con su organización es innegable». Aparte de reproducir artigos de orientación socialista ou social («Lo que es el socialismo» de Kautsky; «Socialismo cristiano», pastoral do bispo de Tui; textos de Ganivet, Kropotkine, Pablo Iglesias...) nunha sección titulada «Para los obreros», xa que «queremos que El Pueblo sea sobre todo popular», vai recoller nas súas páxinas as loitas e actividades das sociedades.

Ao mesmo tempo, a aparición de *El Pueblo* vai provocar a saída dun órgano rival, vencellado ao bando liberal dominante, que tenta contrarrestalo. Chamado primeiramente *El Progreso* e logo -sintomaticamente-*Otro Pueblo*, o puxilato xornalístico que sosteñen estas publicacións durante un tempo é moi útil para contrastar as informacións e posicionamentos que defenden.

O semanario *El Progreso* (1900-1901), dende a súa aparición, vai manter unha actitude belixerante cara as sociedades obreiras, opoñéndose mesmo a reivindicacións salariais, en defensa dos patróns, desmintindo mesmo á publicación obreira coruñesa *La Emancipación* que acusaba a Etcheverría de facer traballar máis horas do regulamentario aos obreiros da súa fábrica de curtidos. Especialmente hostil manifestarase coa Sociedade de Agricultores desde o momento mesmo da súa constitución. Sen embargo, nun principio e con oca-

REGLAMENTO

REGLAMENTO

BELLA

Sociedad de Albañiles y Peones

La Aurora Obrera

ir el DeBETANZOS

REGLAMENTO
DE

LA HUMANITARIA

SOCIEDAD DE SOCORROS MÚTUOS
DE

OBREROS DE BETANZOS

BETANZOS
MANUEL VILLUENDAS
Calle del Valdaccel, núm. 48
1926

sión dun incidente no que un obreiro asociado fora agredido pola garda municipal, noticia que foi publicada con versións diferentes nos dous semanarios, as sociedades obreiras eloxian nun comunicado a *El Progreso* por obrar «con la imparcialidad que le caracteriza, siendo por ello objeto de los más plausibles elogios...». Ao tempo critican a *El Pueblo*, «que no debíamos ocuparnos de él, sino para ciertos usos -dicho sea de paso», pola información que deu do incidente, causando o desagrado das sociedades: «¡Vaya una causa socialista que defiende El Pueblo! A su director sólo le diremos que está entendida». Mais pouco a pouco cambiarán as tornas.

El Progreso desaparecerá para dar paso a Otro Pueblo (1901-1902), que en rigor pódese afirmar que é unha continuación daquel con outro nome, nun intento de lavado de fachada,

^{10.} Torres Regueiro, X.: «A prensa betanceira» (I), (II) e (III), en *Anuario Brigantino* nº 6, 7 e 8, de 1983, 1984 e 1985, respectivamente.

^{11.} El Censor, nº 11. «La cuestión social»; 5-1-1883. Sobre a chamada «Cuestión social» insistirá anos despois José Alguero no diario El Mendo (nº 7, 21-V-1890).

por máis que na súa presentación pública se declare amante e protector do obreiro, coas súas columnas sempre a disposición de «tan sufrida y respetable clase para que puedan defender sus ideales y hacer constar sus justas reclamaciones». A súa actitude patriarcal respecto dos obreiros, aos que califica de incautos engañados por algúns dirixentes, tenta frear o medre das ideas socialistas e ao tempo borrar a imaxe hostil coas sociedades do seu antecesor. Chega incluso a reproducir artigos como un de Nakens sobre os traidores á clase obreira, que dedican «A los socialistas de Betanzos».

Coa desaparición do seu rival e polemista *El Pueblo* o número do 30 de xuño de 1902, impreso xa, non se chegou a vender por impedilo a censura, se ben o 15 do mesmo mes xa anunciaba que suspendería a súa publicación-, a presencia de *Otro Pueblo* fica sen obxecto, desaparecendo pouco despois.

ESTESTESTESTESTES

REGLAMENTO

de la Sociedad de Trabajadores de Betanzos

Objeto y condiciones de esta Sociedad

ARTICULO 1.º Esta Sociedad tiene por principal objeto mejorar la condición moral y material de sus asociados, defendiendo mutuamente sus intereses y amparándose de los abusos y arbitrariedades que con ellos se cometan por parte de los patronos ó de sus representantes.

presentantes.

Arr. 2.º Para ser Socio es indispensable sujetarse en todas sus partes al presente Reglamento, Los individuos del gremio que deseen ser socios se dirigirán por medio de oficio ó verbalmente al Presidente o Delegado de su taller. Podrán portenecer á esta Sociedad todos los trabajadores que se dediquen al arte de construcción de edificios, disfrutando todos

Ese mesmo ano de 1902 xorde outro semanario, *El Mandeo* (1902), que practicamente non presta atención algunha á clase obreira nen á vida das sociedades. Cando a publicación abre unha sección dedicada á «Colaboración Popular» varios mestres de obras e operarios anuncian que están dispostos a falar, se lles deixan, das casas ruinosas que existen na vila e das obras necesarias que paliarían o paro obreiro. A colaboración máis significativa é a dun obreiro que denuncia a ruína e abandono do matadoiro público.

El Bando (1903), pese a ser un semanario republicano, tampouco vai prestar a mínima atención aos problemas da clase traballadora, centrándose na información e propaganda estrictamente partidaria, con escaso éxito por certo.

La Aspiración (1904-1912), semanario ao servicio dos intereses de Agustín García Sánchez, o gran «mandarín» da política local (como era alcumado polos rivais), non dá excesiva información sobre o mundo obreiro local, limitándose a noticiar algún mitin ou reunión celebrado polas sociedades. Enfrentados os seus inspiradores co movemento «solidario», La Aspiración sostén unha semanal e feroz batalla xornalística con La Defensa, na que non se repara no insulto e a descalificación máis ou menos gratuita do contrario. Especial encono amosa La Aspiración -deixando aparte aos dirixentes «solidarios» Víctor Naveira e Xoán Golpe- co líder agrario e socialista Bernardo Miño, a quen chama despectivamente «El Pablo Iglesias brigantino», facendo mofa da escasa preparación cultural dun labrego que «en sus discursos nos suelta lo de 'somana', 'brano', 'nosóstroses' y otros mil barbarismos gramaticales más por el estilo...».


O semanario *La Defensa* (1906-1910), como órgano que se autonomea das Asociacións de Agricultores, vai dar boa conta da actividade do movemento agrario de Betanzos e a súa bisbarra dende un principio. Máis adiante, cando este se integre en «Solidaridad Gallega», será propagandista e informador deste movemento en toda Galicia, que en realidade tiña nas Mariñas de Betanzos o seu foco agrarista máis importante, da man dos propagandistas Xoán Golpe e Víctor Naveira. Con todo, e pese á presencia do socialista agrario Bernardo Miño entre os «solidarios» locais, *La Defensa* case non terá en conta ás sociedades de

resistencia que non sexan agrarias.

Por último os sucesivos semanarios *Nueva Era*, *Betanzos* e *Betanzos Liberal* (1912-14), os derradeiros da etapa que estudiamos, todos eles vencellados ao bando liberal, aportan algunha que outra noticia puntual pero son de pouca utilidade para o noso propósito pola súa escasa duración.

INTERCAMBIOS OBREIROS ENTRE A CORUÑA E BETANZOS

Desde tempo atrás a influencia da Coruña, capital provincial e antiga rival da cidade betanceira, déixase notar en tódolos ámbitos da vida local, especialmente desde a frustración que significou para a pequena burguesía a perda da capital da provincia do seu nome, a raíz da reforma administrativa de 1833. A proximidade da capital coruñesa e o crecente desenvolvemento da mesma, ao tempo que a vila betanceira se estancaba nunha preguiza salpicada de soños do pasado esplendor, eran factores que reforzaban esas influencias.



Antonio Casanova García, fundador da "Sociedad de Obreros Agricultores" e presidente de 1907 a 1912.

Xa o primeiro periódico local *El Censor*, censuraba en 1883 este abandono das clases dirixentes locais diante dos reflexos de progreso que chegaban de A Coruña, amosando a súa impotencia diante do perigoso mimetismo da vida local:

«...muchas familias acomodadas que aún viven en el pueblo, nada quieren de él: todo cuanto precisan se lo proporcionan de afuera, no a pretesto de economía, sinó de moda; nadie viste, nadie calza, nadie compra, ni nadie utiliza los servicios de la industria local...» o que implica que «el artesano emigra, el oficial huye y el que queda languidece por falta de trabajo...» (12)

Desde moi cedo, comparativamente ao resto de Galicia, A Coruña amosouse moi receptiva ás novas ideoloxías e correntes ideolóxicas no campo político e social. E moi especialmente no que respecta ao anarcosindicalismo. Así, no 1904, segundo recollía Marvaud no seu informe, agás a Sociedade de Canteiros, de orientación socialista, «todas as outras sociedades, en número de 20, con máis de 4.000 afiliados, son netamente anarquistas...» A Coruña era, pois, a capital do anarcosindicalismo no noroeste de España . En 1905 foi designada sede do Comité Federal da Federación Rexional Española de sociedades de resistencia. (13)

Non é de extrañar, pois, que as correntes ideolóxicas imperantes na clase obreira coruñesa, que comenzan a espallarse desde a cidade herculina polas bisbarras próximas, teñan acollida entre a incipiente e escasa clase obreira local, se ben con certo retraso.

Así, nun principio, a orientación anarquista que impera entre as sociedades e clase obreira coruñesa vai ter boa acollida entre os precursores activistas betanceiros, adoctrinados por oradores e propagandistas anarquistas coruñeses e pola prensa obreira da capital. Na decana Sociedad de Trabajadores de Betanzos, constituida en xuño de 1899, parecen convivir obreiros de orientación anarquista e socialista.

^{12.} El Censor, nº 2, 5-XI-1883.

^{13.} Pereira, D., González Probados, M. e Moreno González, X.M., en *Gran Enciclopedia Gallega*, voz «Obrerismo», tomo 23, páx. 1-14.

Anuario Brigantino 1998, n° 21

**An

Mais a visita no Nadal dese mesmo 1899 do propio Pablo Iglesias vai criar un caldo de cultivo favorable para a penetración das ideas socialistas na localidade a través dun pequeno grupo de simpatizantes entre os que vai salientar o labrego Bernardo Miño. Case un ano despois desa visita sobranceira, constitúese a Asociación de Obreros Agricultores cunha orientación socialista non confesada, empuxando a ese campo ideolóxico a Canteiros e Carpinteiros que formarán as súas propias sociedades de gremio, afastándose da fundacional.

Durante algún tempo anarquismo e socialismo -xunto con republicanos de distintas tendencias- convivirán no seo dalgunhas destas sociedades e en moitos actos, unitarios ou non, participarán oradores coruñeses e ferroláns de ambas tendencias ideolóxicas. Con ocasión dun mitin de propaganda libertaria celebrado no local das sociedades obreiras en outubro de 1904, La Aspiración comentaba con sorna que «un republicano convencido, fervoroso, é ainda mais, presidiese la reunión que los ácratas coruñeses motivaron para la exposición de sus disparatadas doctrinas, tuvo que soportar impávido los furibundos dicterios é implacables diatribas que allí se dispararon contra la República.» Como apunta Tuñón de Lara na súa clásica obra sobre o movemento obreiro en España, sinalando o caso das sociedades obreiras de Madrid, Andalucía ou mesmo A Coruña:

«...las simples sociedades de resistencia se van situando bajo la influencia de anarquistas o de socialistas, aunque formalmente mantengan su independencia. La mayoría de sus asociados entra en ella por una conciencia elemental de defensa socioprofesional, pero los núcleos de dirección están compuestos cada vez más por militantes próximos al anarcosindicalismo o al socialismo. Estos núcleos de dirección no están interesados o no se atreven a la adhesión neta a su Federación o Central de las sociedades de resistencia que dirigen: pero procuran que sigan las orientaciones y consignas de aquellas.» (14).

Quizá por iso non aparecerá ningunha sociedade de Betanzos afiliada á central socialista durante o período 1899-1909, e tampouco no 1911, nas Actas da U.G.T. de España.

Mais, pouco a pouco, da man dun pequeno núcleo de activistas e promotores de sociedades, o socialismo iráse facendo hexemónico entre as sociedades de resistencia locais, que xa en outubro de 1901 deciden participar nos procesos electorais, presentando unha candidatura propia ás eleccións municipais, en consonancia coa estratexia socialista. Antes, en decembro de 1899 organizan un mitin de Pablo Iglesias, de xira por Galicia, e farán de cando en vez actos e reunións para expor as doctrinas partidarias. Ainda así, nalgún acto como a celebración do 1º de Maio participan, vidos de A Coruña, oradores anarquistas e socialistas conxuntamente. Seguramente que coa paulatina hexemonía socialista entre os traballadores de Betanzos ten moito que ver a feroz represión que sofren as sociedades e traballadores coruñeses ese mesmo ano, a raíz dos chamados Sucesos de Maio (con motivo destes acontecimentos, as mostras de solidariedade dos obreiros betanceiros cos coruñeses son patentes, como deixamos constancia noutro lugar). O 15 de xuño as asociacións obreiras coruñesas, maioritariamente anarquistas, son suprimidas «por orden de la autoridad superior militar» e moitos dos seus dirixentes encadeados. O movemento anarquista coruñés sofre un duro golpe do que dificilmente se vai repoñer.

En setembro de 1901 a visita que o director de La Emancipación de A Coruña, o «obrero ilustrado» José Antelo, fai a Betanzos e á redacción de El Pueblo para agradecer a solidariedade dos betanceiros, xa libre do proceso a que estivera sometido, é amplamente

14. Tuñón de Lara, M.: El movimiento obrero en la historia de España (I). Sarpe, Madrid, 1986.

A orientación socialista manteráse, nas sociedades obreiras que se suceden, durante case dúas décadas. Só a raíz do congreso da Confederación Nacional del Trabajo (CNT) en 1919, o anarquismo voltará a ter unha presencia importante en Betanzos a través do Sindicato de Oficios Varios, ficando o socialismo na Sociedad de Agricultores nun ámbito estrictamente agrario ata a chegada da II República.

Carentes dunha prensa propia, ben inexistente nese intre ou ben hostil a prensa local, os traballadores betanceiros van buscar dende un principio o abeiro da prensa obreira coruñesa como caixa de resonancia para expor as súas reivindicacións e denuncias. Mais non só a prensa obreira, pois a mesma La Voz de Galicia dará conta puntual, durante un tempo, das actividades das sociedades betanceiras.

Outra mostra dos intercambios obreiros entre A Coruña e Betanzos, aparte das visitas constantes de oradores e propagandistas coruñeses, constitúeno as

REGLAMENTO LA HUMANITARI OCIEDAD DE SOCORROS MÚTUOS OBREROS DE BETANZOS LA CORUÑA TIPOGRÁFICA OBRERA CORUÑESA 3 - SOCORRO - 3

excursións que os obreiros coruñeses realizan a Betanzos en varias ocasións, co obxecto de fomentar a solidariedade e as relacións amistosas entre os traballadores. Temos puntual noticia da que en xaneiro de 1907 realiza a Betanzos o Centro de Estudios Sociales «Germinal». Un bó número de obreiros coruñeses -máis de trinta, segundo o cronista- desprázanse no tren da mañá, acodindo a recibilos á estación da Infesta moitos compañeiros de clase e entrando xuntos na vila en ordenada manifestación. Os obreiros coruñeses traen de agasallo para os colegas betanceiros «varias obras instructivas y de carácter social, que existen repetidas en la biblioteca de Germinal». Ás doce da mañá tivo lugar no Centro Obreiro da Ribeira un mitin moi concorrido, no que interviron o tipógrafo coruñés Lores, falando sobor das ventaxas da solidariedade obreira, e dous excursionistas máis, pechando o acto o presidente do Centro Obreiro local. Os excursionistas coruñeses partiron no tren da noitiña, despois de percorrer a vila e disfroitar dunha xornada dominical de franca camaradería.

E é moi probable que a actividade e experiencia de «Germinal» motivase aos betanceiros que constitúen en xaneiro de 1909 a Sociedad Obrera de Estudios Filosóficos y Sociales «Nuevo Sol», entidade cunha finalidade semellante á coruñesa, polo que poidemos saber dela, e que contaría entre os asiduos á súa tribuna cos oradores e intelectuais coruñeses próximos a «Germinal».

A VISITA DE PABLO IGLESIAS

En Nadal de 1899, Pablo Iglesias, a gran figura do socialismo español, vai efectuar unha xira propagandística por Galicia, animando e alentando os escasos focos que por entón conta o socialismo no país. Líder indiscutible do PSOE, por el fundado, presidente da UGT e director de El Socialista, Pablo Iglesias é neste intre a encarnación do socialismo en

A Coruña, Ferrol, Betanzos, Ourense, Pontevedra, Marín, Santiago e Vigo son as escalas dunha viaxe que é practicamente silenciada pola prensa burguesa e republicana do

197

momento. Gracias ao estudoso e historiador J.A. Durán, que pescudou as pegadas de Pablo Iglesias por Galicia (15), sabemos algo da importancia que a xira do líder tivo para afortalar a presencia do socialismo nas cidades e vilas galegas.

Na Coruña, o máis importante foco anarquista do Norte da Península no momento, a presencia socialista practicamente se circunscribía á sociedade de canteiros «El Trabajo», gremio que históricamente foi moi permeable ás ideas socialistas e que, dado o carácter itinerante destes obreiros, tivo grande importancia na difusión da propaganda socialista en Galicia.

En Ferrol, Iglesias mantén dúas reunións, unha de carácter societario cos canteiros e outra de carácter político. Froito desta visita vaise reorganizar a Agrupación Socialista local, que meses despois contará cun órgano propagandista: *El Bien del Obrero*, segundo semanario publicado polos socialistas ferroláns.

En Betanzos, na mañá do día de Nadal, un grupo de simpatizantes socialistas organiza unha «gran reunión pública» no teatro Alfonsetti de propiedade municipal. A solicitude do local foi realizada na mesma mañá de Noiteboa polo presidente da «Sociedad Obrera» constituída en xuño (16). Iglesias fala durante dúas horas en ton de propagandista societario diante dunha moi notable concorrencia de público. Insta aos obreiros e labregos a constituir sociedades de clase ao tempo que alenta a un pequeno núcleo de simpatizantes de primeira hora «entre los que va a descollar, primordialmente, Bernardo Miño Abelenda, a partir de ahora».

Para Durán, a principal significación desta visita de Pablo Iglesias a Galicia

«está en la toma de conciencia de que la batalla del socialismo gallego no puede limitarse a las ciudades. Ha de llevarse al campo. Y la actividad propagandística de los socialistas -sobre todo de los betanceros, orensanos, vigueses y pontevedreses- se ha de cargar sobre los campos, a partir de aquí». (17)

O silencio observado por Durán entre a prensa do momento -agás, obviamente, da socialista, ben escasa- sobre esta xira galega de Pablo Iglesias non poidemos constatala na betanceira, dado que no intre da visita do líder socialista a Betanzos non existía ningunha publicación local. Mais a prensa betanceira lembrará a posteriori esta visita. Tan só uns meses despois, en xullo de 1900, cando se veñen de constituir sociedades de resistencia de obreiros da construcción e de zapateiros, *El Pueblo* afirma no seu segundo número, non sen amosar a preocupación de que se «traspasen los límites», que o socialismo comenza a extenderse entre os obreiros despois da visita de Iglesias: «El movimiento socialista ha extendido sus efectos como ya nadie ignora á esta localidad. Hace unos meses que la inmensa mayoría de los obreros ni conocían la palabra ó si la habían oído no se daban cuenta de la idea que representaba pero desde que Pablo Iglesias se ha dejado oír, no solo se hizo familiar y se habla y se discute de la cuestión y mejoramientos de la clase obrera...».

Manuel García Failde, co seudónimo de «Cualquiera», dirá días despois da visita: «Vino Pablo Iglesias y presentáronsele los obreros». As sociedades, en resposta publicada no

número 25 de El Pueblo, recoñecerán que

«(...) la venida de nuestro Pablo Iglesias, cónstele al articulista que fue de gran efecto para nosotros su presencia y enseñanzas, las cuales jamás olvidaremos por lo generoso, noble y elevado de sus conceptos y sanos principios».

As palabras e alentos do líder non caerán en saco roto entre os obreiros e labregos betanceiros. Uns meses despois, os propietarios absentistas, a burguesía acomodada, os elementos máis reaccionarios e os políticos locais asisten con incredulidade e preocupación a un bule-bule de actividade societaria. En maio, os canteiros e carpinteiros constitúen a súa sociedade: en xuño son os zapateiros e en decembro -xusto un ano despois da visitafanno os labradores, case todas elas con orientación socialista ou dirixidas por socialistas. Esta última, a de Agricultores, é a que máis preocupa aos que non ven con bos ollos a progresiva toma de conciencia e organización societaria, quizais pola súa forza inicial e polo perigo potencial que representa nunha vila e bisbarra cun cariz tan fondamente agrario naquel tempo, no que a estructura social atópase asentada na propiedade da terra, a maior parte dela en mans de propietarios absentistas que viven das rendas forais, cos desaxustes e desigualdades que conleva.

E a preocupación será máis forte cando as organizacións societarias, conscientes da súa forza, decidan ao ano seguinte entrar na loita política local amenazando o statu-quo e o turnismo máis ou menos respectado dos bandos políticos da burguesía local.

AS PRIMEIRAS SOCIEDADES DE RESISTENCIA

En 1899 bota a andar a primeira sociedade de resistencia que se constitúe en Betanzos, polo menos a primeira da que temos noticia. Trátase da SOCIEDAD DE TRABAJADORES xestada por unha comisión organizadora da que forman parte Manuel Pena, Manuel Souto, Francisco Villaverde, Manuel García e Fernando Gondell, e que ten como domicilio social a casa número 25 da rúa Lanzós. O nome non voltará a aparecer deste xeito, figurando en adiante como SOCIEDAD OBRERA ou SOCIEDAD DE OBREROS «EL TRABAJO» DE BETANZOS. O seu regulamento, aprobado en xunta celebrada o 18 de xuño dese ano, constaba de trinta e dous artigos repartidos en cinco apartados: obxecto e condicións, deberes dos socios, dereitos dos socios, da directiva e disposicións xerais (18).

A sociedade tiña por obxecto, segundo declaraba no artigo 1°, a mellora da condición moral e material dos asociados, defendendo mutuamente os seus intereses e amparándose dos abusos e arbitrariedades que con eles cometan os patróns ou representantes dos patróns. Admitía como socios a todos os traballadores que se dediquen á «arte de construcción de edificios», contemplando a posibilidade de que determinadas profesións (carpinteiros, albaneis...) formasen co tempo sección aparte. Non se admitían socios de «mala nota» entre os compañeiros así como os que non estean conformes co criterio das sociedades de resistencia de obreiros. Os socios que temporalmente exerceran de contratistas de obras poderían ser admitidos de novo ao volver á condición de obreiros e, se o seu proceder para cos seus operarios fora correspondente ao deber de compañerismo e fraternidade, non se lles esixiría cota de entrada. A cota social era de 0,50 pesetas ao mes e entrada.

^{15.} Durán, J.A.: Crónicas, 2. páx 151-152. Madrid, 1972.

^{16.} AMB. Libro Rexistro de Entradas 1899-1902, sig. 4837. O extracto da comunicación di así: «Participando que en esta Ciudad se halla el compañero Pablo Iglesias y deseando hacer una propaganda societaria el dia de mañana en el Teatro Alfonseti de este pueblo, rogaba se le concediese para ello la oportuna autorización.» Na marxe: «Concedida»

^{17.} Durán, J.A.: o.c., páx 154.

^{18.} Reglamento de la Sociedad de Trabajadores de Betanzos. Betanzos, 1899. Exemplar mutilado na capa onde figuraría a imprenta e o ano de impresión. Arquivo particular.

A xunta directiva estaba composta por nove persoas e ademais elexían tres individuos para revisar as contas, as altas e baixas, así como delegados recadadores para talleres e obras. A directiva renovábase cada seis meses e tiña un certo carácter presidencialista, xa que o artigo 18 facía constar que o presidente era a autoridade superior dentro do domicilio social. Contemplábase a reforma do regulamento, sempre e cando o solicitase un tercio dos socios ou ben a directiva e a reforma tería que acordarse en xunta xeral. A sociedade non se podería disolver mentres houbese dez socios e, en caso de disolución, os bens existentes repartirianse entre eles.

O carácter festivo e reivindicativo do Primeiro de Maio aparece manifesto no artigo 8º do regulamento, especificando que ese día non se acudirá a traballar nen ao taller nen na casa e tratariase de concurrir ás reunións que se celebrasen, fomentando así a propaganda en favor do traballador.

Non se aceptará a realización de horas extra mentres haxa individuos do gremio parados. O socio ten que comunicar á Directiva as proposicións deste tipo que lles fagan. Ademáis o traballador non negociará individualmente co patrón, encargándose de facelo unha comisión. Incídese na prohibición expresa de traballar máis das dez horas pactadas o 1º de abril dese ano tanto na cidade como no extrarradio. As sancións serán de 5 pesetas de multa a primeira vez, de 20 pesetas a segunda, procedéndose á expulsión no caso dunha terceira ocasión.

O artigo 12 recolle a posibilidade de socorrer a socios enfermos (con enfermidades que non fosen ocasionadas pola súa man: «o sea las de venéreo, sífilis y otras») e parados. Tamén unha axuda de ata 12,50 pesetas para desprazamentos por motivos de traballo.

O seu primeiro presidente, Luis Teijo, quen presidira o citado mitin de Pablo Iglesias o día de Nadal, será axiña tentado polo poder municipal e rematará aceptando en marzo de 1901 o cargo de cabo da ronda de serenos, poñendo fin á súa breve etapa sindicalista. O abandono, xulgado como traición polos compañeiros, traerá consecuencias negativas: enfrentamentos serenos-obreiros e crise no sindicato que cambiará de presidente dúas veces nese ano.

A mediados de 1900, o 9 de xuño, constituíuse a SOCIEDAD DE ZAPATEROS da que non coñecemos estatutos. No seu carimbo, que ten como símbolo una bota alta, figura SOCIEDAD DEL GMO. DE ZAPATEROS -un resaibo do vello gremialismo-, aínda que nos documentos adoitan poñer máis pomposamente SOCIEDAD DE CONSTRUCTORES DE CALZADO e tamén é citada co ancestral nome de traballadores de «Obra Prima». Nos primeiros anos do século foi unha sociedade moi activa, recaendo mesmo sobre ela a organización do 1º de Maio de 1903 ou a creación dunha escola nocturna que non sabemos se chegou a concretizarse. Nun manuscrito, sen asinar e sen datar (aínda que parece obra dunha persoa ben coñecedora da dinámica societaria que escribe varios anos despois da súa desaparición) conservado no Arquivo Municipal, atopamos datos que creemos interesante reproducir sobre a actividade desta sociedade de resistencia :

«En el mes de Junio del año 1900, se constituyó la sociedad de Zapateros, la Junta Directiva la componían los Sres Don Antonio Ces, Vice Manuel Pérez, Secretario Pedro Amboade, Vice Juan Blanco, Tesorero Luis Rojo Leal, Vocales Ignacio Cortes y Bernardo Hermida. Su primer acuerdo adoptado fué la suspensión del trabajo de los domingos y cobrar los jornales de la semana a los sábados. En 1901 procuró tomar el acuerdo de no componer el calzado elaborado por las fábricas por considerar que en pueblos como éste no había fábricas y truncaba los brazos de los obreros, por carecer muchas veces de trabajo. No pudiendo alcanzar y solamente un pequeño aumento que no excedía de 15 cts en medias suelas exceptos los pares de calzado construidos a la

mano un aumento de 90 cts hasta una peseta. Estos precios eran tan mezquinos que ni siquiera podían atender a las necesidades de la vida.

En el mismo año en el mes de Noviembre tomó parte colectivamente en unión con las demás sociedades de resistencia en las elecciones de concejales. Obteniendose todas unidas un concejal en el Distrito de San Francisco como era el agricultor Don José Ares Asorey.

En el distrito de la plaza por 4 votos salio derrotado otro compañero agricultor Don Teijo Correa (?). Dos meses antes de celebrarse estas emprendieron una campaña electoral con asambleas en el Centro Obrero Rivera 137. Entonces la lucha y el movimiento de estas sociedades era continua. En el año 1902 y en el mes de Abril sostuvo una huelga parcial en los talleres de los patronos Don Domingo Tenreiro y José Blanco, por el despido de cuatro trabajadores que a los 15 días de lucha entraron todos al trabajo. En el mes de Mayo del año 1905 solicitó de los patronos un módico aumento que los patronos se negaron a conceder. Después de un mes de huelga acordaron establecer un taller colectivo que les dio un resultado grandioso. Este tuvo de duración hasta el mes de Septiembre que finalizó por haberse ausentado a distintas poblaciones parte de los



Bernardo Miño Abelenda, dirixente socialista e agrario.

huelguistas otros se establecieron en talleres y trabajaron por cuenta propia. Debido a esto se disolvio la Sociedad que algunos de ellos pasaron a pertenecer a la sociedad de Oficios Varios. En la actualidad son contados los que trabajan bajo la tutela de un patrón, que cuando les parece se establecen. Este ramo se desenvuelve en una vida mas elevada pues fue siempre una clase más perjudicada por las muchas horas de trabajo para alcanzar jornal.

Hace más de de treinta años que en los soportales que da principio a la calle de las Monjas guarecianse 3 viejos llamados Sabín, Capete y Palalo tenían cada uno una banquilla que solamente se dedicaban a hechar remiendos y forras al calzado. La bebida era un pequeño botellín de caña que tomaban de vez en cuando.

Hubo un alcalde que los mandó retirar de dicho lugar por lo adefesio que producia el verlos. Tenian unha bigorna.» (19)

En xaneiro de 1905 elexían a xunta directiva, publicada en *La Voz de Galicia* do día 4, constituída por Eleuterio Rodríguez Osorio, presidente; Ramón Carro Sánchez, vicepresidente; Luis García Vilariño, secretario; Ignacio Cortés García, vicesecretario; Pedro Amboade Veiga, tesoureiro, e Manuel Sobrino e José Benito Varela Amboade, vocais.

Catro anos despois, no 1909, a sociedade de Zapateiros xa se atopaba disolta. Nun balance da Asociación de Agricultores dese ano (20) consta o préstamo de 160 pesetas á sociedade de zapateiros durante a folga do ano anterior: «id. à la Sociedad de Zapateros oy disuelta á préstamo para sostenimiento en la guelga del año 1908: 160.» [sic]. Esta folga non a recolle o manuscrito antes citado, que fai desaparecer á sociedade despois de setembro de 1905 cando paralizan a actividade do taller colectivo.

A SOCIEDAD DE OFICIOS VARIOS constitúese o 26 de xaneiro de 1902, data na que o Gobernador Civil aproba o seu regulamento. Como o seu nome indica, recollía traballadores de diversos gremios. O presidente fundacional é Juan Amarante López, quen aparece como barbeiro de profesión nalgún censo e figurará como dirixente do Centro Republicano anos despois. A sociedade tiña tamén o seu enderezo no denominado Centro Obrero, un baixo da rúa da Ribeira 137. O 18 de marzo participan ao Alcalde a celebración dun acto neste local

^{19.} AMB. manuscrito, fondo Vales Villamarín, 4-6.

^{20.} Arquivo Reino Galicia, fondo Goberno Civil, O.P. leg. 1749.

para o día seguinte festivo, ás catro da tarde, para «la ignauguración y á la par tratar de las ventajas del prencipio de asociación.», acto para o que tamén «serán combocadas las tres sociedades de resistencia constituidas en esta ciudad.» [sic]. Estas debían ser as de Agricultores, Zapateiros e Obreiros ou Trabajadores. (21) Coa desaparición da sociedade dos zapateiros moitos destes pasarían á de Oficios Varios que se mantivo ata a constitución da federación local «La Unión Obrera», da que formou parte como veremos.

A SOCIEDAD DE OBREROS «EL TRABAJO» partíllase no 1903 -tal como xa se prevía no artigo 1º do regulamento da Sociedad de Trabajadores ou Obreros- en dúas sociedades de oficio: A SOCIEDAD DE CARPINTEROS, que aproba o seu regulamento o 12 de maio de 1903, e a SOCIEDAD DE ALBAÑILES Y PEONES «LA AURORA OBRERA», que aproba o seu en xunta xeral un par de días despois (22). Ou quizá en tres, pois tamén por estes anos iniciais do século xa existe a SOCIEDAD DE CANTEROS «EL AVANCE», da que tampouco coñecemos o seu regulamento.

É posible que a diferencia de criterios ideolóxicos provocase esta prematura fragmentación dos traballadores dedicados á «arte de construcción de edificios». Os canteiros e carpinteiros, ideoloxicamente máis homoxéneos e con predominio socialista e aguilloados pola recente presencia do seu líder Iglesias en Betanzos, formarán a súa propia sociedade; mentres que os albaneis e peóns, con presencia anarcosindicalista ou asociados máis heteroxéneos, formarán outra.

A Sociedade de Carpinteiros ten por nome «LA PROSPERIDAD» e a maioría do seu regulamento está calcado do da Sociedad de Trabajadores. Só se rexistran algunhas variacións ou matizacións no tema das cotas e no caso de disolución entregaríanse os bens ás sociedades de resistencia que existan ou á máis carente de recursos. Fíxanse dous tipos de cota, segundo o salario: Os que gañasen 1,25 ptas pagarían de cota 0,25, e os que gañasen 1,50 en adiante pagarían 0,50 ao mes. Tres meses sen abonar a cota sería motivo de baixa na sociedade e teríase que abonar se traballasen como mínimo unha semana ao mes. Os enfermos non pagarían e tampouco se lles asignan socorros ao existir xa unha sociedade de socorros mutuos de obreiros especifica.

A comisión organizadora desta sociedade, que asina o regulamento, está formada polos carpinteiros Manuel Vázquez, Jesús Vázquez, Rogelio Díaz, José Espiñeira e Plácido Otero. Varios deles son, ou serán, militantes socialistas. O enderezo social estaba no nº 137 da rúa da Ribeira, onde compartían local as sociedades obreiras e a de agricultores. O carimbo representa unha serra e unha garlopa cruzados.

O artigo 33 recolle a posibilidade de unirse coas demais sociedades obreiras de todos os oficios, nomeando unha comisión chamada «Comisión de La Unión», que representará ás sociedades. Esta unidade faríase para levar a cabo reformas no traballo que beneficien ao productor ou con causas relacionadas coa instrucción.

A Sociedade de Canteiros «EL AVANCE» elixía en xuño unha directiva que presidía Manuel Souto, e formábana Manuel Ferro, como vicepresidente; Antonio Crestar e Luis García como tesoureiros; José Barreiro como contador, e José Fernández como vocais. Ademáis Manuel Villaverde e Jacobo Crestar eran revisores de contas. A itinerancia típica

50, Valdoncel, 50.

de moitos destes profesionas e a súa conversión temporal en mestres de obras faría dela unha agrupación con actividade fluctuante. Logo estabilizaranse e formarán parte da federación de sociedades «La Unión Obrera».

Da Sociedade de Albaneis e Pións «LA AURORA OBRERA» apenas temos datos máis aló da data de constitución e do seu regulamento. Tamén tiña o enderezo no mesmo local da rúa da Ribeira e o seu regulamento non calcaba o da anterior Sociedade, contendo algunhas singularidades e novidades a respecto de aquela. Estaba asinado por unha comisión composta polos obreiros Jesús Vía, Andrés Souto, Juan A. Martínez e José Souto. O obxecto era a mellora da condición moral e material dos socios e axudar a outras colectividades que persigan o mesmo fin. Os medios: Procurar que os salarios cubran as necesidades dos asociados, evitar a xornada excesiva e impedir que os patróns ou encargados de obras maltraten a dignidade dos socios. Estes podían ser todos os albaneis e pións (cos mesmos dereitos e deberes, agás os menores de 18 anos, que non tiñan voto) que acepten o regulamento e respecten os acordos da Asemblea. As cotas eran de 25 céntimos ao mes e delas estaban exentos os socios enfermos, sendo causa de baixa o adeudo de cinco cotas, que habería que aboar para poder reingresar. Como cuestión de orde interno, prohibíase durante as xuntas a presencia de individuos que non fosen do mesmo gremio.

Establecíase un socorro aos parados, destinando dos fondos unha cantidade para sostemento dos socios que ficasen sen traballo «por alguna justa demanda hecha por la Asociación» (represalias por loitas obreiras): 10 ptas semanais para albaneis, 7 para pións e 5 para os aprendices.

Coidaban moito as formas, expulsando ao que por má conducta no traballo ou fóra del perxudique o nome e intereses da Sociedade. Ademais establecía castigos e penalizacións: Ao socio borracho no traballo impoñeriaselle unha multa equivalente a un día de salario. En caso de reincidir, a xunta xeral acordaría a medida a tomar. Por maltratar a outros socios castigábase a seis meses sen voz nen voto; se o maltrato é de obra acordaría a xunta xeral. Ademais prohibíase abandonar o traballo sen avisar á xunta directiva. Esta compoñíase de nove persoas, renovándose a metade por elección cada seis meses, e procurábase que tiveran representación por igual albaneis e pións. A directiva fixaba unha reunión semanal, ademais das extras oportunas, e a xunta xeral unha mensual, aparte das extraordinarias solicitadas pola metade dos socios ou pola directiva. Establecíase unha duración máxima para as sesións de catro horas, prorrogables por outra máis.

A sociedade non se disolvería mentres houbera tres socios e, en caso de disolución, os fondos pasarían en depósito a unha organización obreira da localidade e se non existise, repartirianse entre os compañeiros de profesión imposibilitados para o traballo.

Sobre as condicións de traballo establece que a xornada non deberá exceder das dez horas e sen luz supletoria, así como unha serie de pluses por determinados traballos incómodos, por traslado fóra da poboación (xornal e tercio) e traballo en días festivos (xornal e medio) e traballo nocturno (xornal dobre). Os gastos de viaxe serían por conta do patrono.

Mostra da preocupación que en moitos sectores sociais causa a organización obreira e a súa orientación son os intentos dun sector do clero de dirixir e controlar o movemento, da súa organización e manter a rebeldía dentro duns cauces «de orde». Así, en xuño de 1907 *La Defensa* dará conta -sen prestarlle excesiva importancia- das reunións para tratar da creación dun sindicato católico de obreiros que teñen lugar na sacristía da igrexa de Santiago convocadas polo párroco e que non terían concreción práctica. Tamén no 1910 o propagandista católico Angel Herrera e varios membros da Juventud Católica Coruñesa farán campaña por Betanzos con nulos resultados.

^{21.} AMB. Carp. 6417.

^{22.} Reglamento de la Sociedad de Carpinteros de Betanzos. 1903. Betanzos. Est. Tip. de M. Villuendas.

Reglamento de la Sociedad de Albañiles y Peones «La Aurora Obrera» de Betanzos. Betanzos. Imp. de M. Villuendas. Valdoncel, 50. 1903.

A ASOCIACIÓN DE OBREROS AGRICULTORES

Deixamos de última a ASOCIACIÓN DE OBREROS AGRICULTORES, que foi a de máis longa e ininterrumpida duración, chegando ata os mesmos días da guerra civil. Constituída o 4 de decembro de 1900 (o regulamento apróbase o día 11) por unha comisión organizadora formada por Vicente Lousa, Francisco Teijo, José Asorey, Jesús Fernández, Antonio Casanova e Bernardo Miño, tiña como enderezo social neste momento o número 35 da rúa da Torre (23). Na presentación pública, celebrada a víspera de fin de ano na escola de Santo Domingo, estiveron presentes e mesmo interviron elementos socialistas doutros gremios, como o presidente dos canteiros coruñeses José Rodríguez, quen quizá traballase nalgunha obra na localidade, e personaxes filosocialistas, tal Roque Ponte Peña, mestre, masón e fundador do primeiro periódico local. O primeiro presidente da asociación foi Vicente Lousa Beade, quen abandona nove meses despois porque «no podía impedir que se infringieran los artículos 3º y 31, párrafo 3º, del citado reglamento que prohiben en absoluto que la Asociación pueda ocuparse de cuestiones políticas», segundo explicaría anos despois nun prego de descargos ao Gobernador Civil, ao ser multado con 150 pesetas por non ter remitido a sociedade o balance anual ¡do ano 1909! Mal andaba a burocracia do Goberno Civil (24). Quédanos a dúbida de se no abandono de Vicente Lousa, xusto cando os agricultores e as sociedades obreiras deciden presentarse ás eleccións municipais, pesarían razóns ideolóxicas que enfrentaban a anarquistas ou sindicalistas puros con socialistas, ou de evitar enfrontamentos co sistema político imperante.

Pese ao nome de Obreros Agricultores, o certo é que a asociación admitía a todo traballador da terra, ben fose propietario, arrendatario ou xornaleiro. Nestes anos a realidade do campo galego é complexa dabonda: pequenos propietarios de terras levaban ademais outras en arrendo ou aforadas, algúns xornaleiros levan en arrendo ou teñen en propiedade pequenos anacos de horta para o autoabasto básico, pequenos propietarios acudirán a veces ao xornal segundo a demanda de brazos, labregos que acceden a outro tipo de traballo temporal (construcción, ...) continúan a nivel familiar a actividade agrícola... Como afirmaba «Un socialista» anónimo nunha colaboración en *El Pueblo* no mes de xullo de 1901, mentres aos traballadores de oficios se lles pagaba «cuando menos» un salario de dúas a tres pesetas e con menos horas de traballo, os xornaleiros traballaban de sol a sol polo xornal de setenta e cinco céntimos.

A Sociedade propoñíase reunir a todos os obreiros agricultores veciños de Betanzos e dos arredores que non excedesen unha legua de distancia, a fin de conseguir mellorar a condición económica, moral e intelectual dos asociados, así como establecer relacións de solidariedade coas asociacións obreiras constituídas e especialmente coas da «arte agrícola». Facíase fincapé no seu carácter pacífico e na prohibición de tratar «asuntos de principio de Escuela determinada, ya sea política ó religiosa.», cousa que non se levou á práctica. Pretenden, «conservándose las mismas horas de trabajo que hasta la fecha era costumbre en esta ciudad», o aumento de salario, unificándoo no posible, segundo as condicións de traballo, regulamentar a admisión de aprendices partindo da lei sobre o traballo dos nenos, impedir abusos de donos ou encargados e socorrer ao desvalido. Aconséllase que os asociados esixan o salario de 2,50 pesetas por xornal diario: «Fúndase esta Asociación, en lo elevado del precio de los artículos de primera necesidad que hace imposible que nadie

La primera y principal sección de las que comprende este establecimiente es la que se refiere à la instrucción de los obreros y que como hay que llamarle, de algun modo se le dá el nombre de

ESCUELA DE ARTESANOS

El Ilmo. Ayuntamiento inspirandose en les principies de democracia, con una nobleza que le honta, acordó dar la preferencia, al crear este Centre, à las clases trabajadoras, tan necesitadas de instrucción como de jornales. De seando elevar el nivel de la cultura popular para engrandecer el proletariado, no ha vacilado en realizar los sacrificios que impone el sostenimiento de una centro detado de un personal numeroso y competente.

Obreros de esta noble ciudad: podeis ya á donde quiera que rayais mañana, presentaros adornados de los conocimientos que todos debemos procurarnos para el desempeño de nuestras profesiones.

Concurriendo al sagrado templo de la ciencia, no solo os labrais un porvenir material más halagueño, sinó que contribuis poderosamente a la emancipación de vuestra clase. La ciencia y el trabajo deben marchar unidos, el dia que seais dueños de esas dos palancas sociales caerán rotos los grilletes con que os aprisiona el capital.

Los profesores encargados de vuestra instrucción son también obreros como vosetros, obreros de la inteligencia y cuyo porvenir marcha unido al vuestro.

El Iltmo, Ayuntamiento ha dispuesto que las clases nocturnas, colo para los correros, sean

ENTERAMENTE GRATIS

Queda abierta la matricula durante tedo el corriente mes; las clases empesaran en breve.

Para la inscripción puede concurrirse al domicilio del Centro Instructivo de visar à cualquiera de los señores profesores del mismo.

Betanzos 6 de Octubre de 1901.

Anuncio da creación dunha escola municipal para obreiros. "Otro Pueblo", nº 3, 13-X-1901.

pueda atender á su subsistencia con los jornales que hasta ahora se pagaron.» Asimesmo, nas disposición xerais, especifícase que «Ningún individuo de esta Asociación podrá [trabajar] ni dar trabajo á destajo de agricultor; de lo contrario será excluído de la misma.» Admitían como socios a todos os traballadores da «arte agrícola» maiores de 15 anos, con certas restriccións; por exemplo, coidábanse moito as formas e non se admitía a individuos considerados de mala conducta polos compañeiros. As cotas a satisfacer (no ano 1904) eran de 15 céntimos ao mes ata os 17 anos e de 25 céntimos a partir desa idade. O socio enfermo tería que dar aviso á Directiva, e esta enviaría unha comisión a visitalo e informarse da situación para que logo a Directiva resolvese o conveniente. Os asociados non podían solicitar fincas rústicas que outro socio colonease, ben arrendadas ou a parcería; tampouco

^{23.} Reglamento de la Asociación de Obreros Agricultores de la Ciudad de Betanzos. Betanzos. Imp. de M. Villuendas. 1904.

^{24.} ARG, sección Goberno Civil, O.P., leg. 1794.

a finca urbana que habitase, en tal caso sería apercibido e, de non desistir, expulsado. Asimesmo os socios que tivesen traballo que ofertar estaban obrigados a chamar a asociados e, caso de non atopalos, poderían chamar a outros xornaleiros, «amonestándoles aquél mismo día á que ingresen en dicha Asociación, de no verificarlo no podrá llamársele por segunda vez al trabajo.» Estas medidas de reforzamento asociativo estendíanse fóra da localidade; así, se un socio se desprazaba a traballar a outro sitio facilitábaselle unha certificación, estando ao día nas cotas, para acreditarse ante outras sociedades da mesma clase. En canto ao goberno da sociedade, a soberanía residía nos socios (asemblea xeral a celebrar na primeira semana de decembro, ademais das convocadas pola directiva ou a petición de quince socios) e rexíase por unha xunta directiva de doce persoas (presidente, vice-presidente, secretario 1º e 2º, tesoureiro, administrador, catro recaudadores e dous vocais) que se xuntaba semanalmente, coa posibilidade dunha xunta auxiliar consultiva de seis persoas, reelexibles anualmente. A sociedade non podía disolverse mentres un mínimo de dez socios desexase continuar; en caso de disolución os bens sociais existentes repartirianse «a prorrata» entre os socios que houbese.

Nun manuscrito sen asinar e sen datar (quizá de comezos dos anos trinta), similar ao xa citado e da mesma man e procedencia, escrito por unha vella testemuña da época e quizá antigo activista dalgunha sociedade de resistencia, lemos o seguinte:

«A principios del mes de Enero del año 1900 se constituyó la Sociedad de Agricultores. El jornal que percibían entonces era de 1 ptas y 75 cts. luego después fueron alcanzando más jornal hasta la actualidad que ganan 5 pesetas los hombres y las mujeres 3 pta 50. También acordaron al constituirse la Sociedad que ningún asociado solicitase de otro compañero las fincas que llevaba arrendadas. Esta Sociedad contaba entonces con un crecido número de asociados, intervino -directamente- en unión de las demás sociedades en la lucha electoral. Tuvo momentos en que la sociedad carecía de asociados suficientes. Pero así todo fue la colectividad que más se distinguió en lucha de clases. En la actualidad cuenta con bastante número de socios que continuan laborando con ahinco en pró del mejoramiento de su clase. Aquí podemos asegurar que la sociedad no tenía un objeto determinado, toda vez que casi la mayoría son pequeños propietarios debido a poseer alguna finca y casas para albergarse. A pesar de las facilidades con que cuentan están siempre en la brecha, dan muestras de virilidad en cambio los trabajadores de la ciudad ni siquiera toman parte en la lucha activa siendo estos los que más se beneficiaron de las mejoras obtenidas. La sociedad del ramo de construcción no funcionan por la disparidad de criterio surgidas entre todos estos obreros se encuentran diseminados importandoles un mito las mejoras alcanzadas. Los hay que no se sujetan al horario fijado de ocho horas debido a que muchos de ellos trabajan por cuenta propia unas veces otras á jornal. Estos obreros al constituirse en Sociedad de resistencia el año de 1899 solicitaron diez horas de trabajo que alcanzaron antes trabajaban desde las 6 de la mañana hasta la noche.» (sic)

Xa de primeiras o semanario *El Pueblo* amosaba a preocupación polo matiz socialista da nova asociación, ao igual que a dos obreiros da construcción (carpinteiros e canteiros), sen encadrar porén á de zapateiros nesa liña, quizá porque nesta primaba máis a compoñente republicana. De feito, algúns dirixentes desta érano tamén do Centro Republicano á altura de 1910.

Nos anos iniciais, logo da espantada de Lousa, perfílase xa como líder carismático, e non só dos agricultores, o socialista Bernardo Miño Abelenda (1860-1936), quen se materá nun primeiro plano durante case catro décadas, aínda que tamén exercerán como presiden-

tes esporádicos o posteriormente carpinteiro José Espiñeira (outro destacado socialista), Eduardo Souto e Antonio Casanova (1859-1929), durante unha etapa «política» de Miño (anos 1909-1912).

Ademais das demandas salariais e de rebaixa de horas de traballo, a Asociación levou a cabo loitas estrictamente agrarias (campaña pola desgravación do millo), outras comúns a todas as sociedades de resistencia, e anticaciquís conxuntas con outros colectivos cidadáns, así como accións de solidariedade de clase, tal a colecta a prol dos obreiros encadeados na Coruña en 1901, ou os préstamos aos Zapateiros en folga no 1908.

AS SOCIEDADES DE SOCORROS DE OBREIROS

A necesidade de contar con recursos caso de caer enfermo ou verse imposibilitado para o traballo, nunha época na que o seguro de enfermidade e a asistencia médica non existían, levou a traballadores e artesáns dende ben cedo a constituir sociedades de socorros mutuos.

Xa no 1848 fundábase a SOCIEDAD DE SOCORROS MUTUOS DE ARTESANOS DE BETANZOS, que foi a de máis longa duración das deste tipo, co obxecto de auxiliar aos socios en caso de enfermidade ou inutilidade para o traballo, prestándolles asistencia médica e menciñas gratuitas cos recursos das cotas sociais. Andando os anos esta sociedade abranguería a todo tipo de clases sociais -incluídos profesionais liberais, pese á engádega de Artesanos da denominación- que percuraban por unha módica cantidade os beneficios e prestacións sanitarias que ofrecían (25).

Cando o asociacionismo obreiro local comeza a ser unha realidade, os traballadores senten a necesidade de contar coa súa propia sociedade de socorros. Xurde así, en setembro de 1901, a SOCIEDAD DE SOCORROS MUTUOS DE OBREROS «LA HUMANITARIA», que en 1914 reorganizarase co nome de «LA NECESARIA», co mesmo obxectivo que a precursora: socorrer aos socios cando se atoparen enfermos ou imposibilitados para o traballo. A sociedade, que volve ao nome orixinario en 1916, rexíase por un completo regulamento -o que coñecemos é de 1916, despois da reorganización- que constaba de 46 artigos (26). Admitía como socios aos obreiros varóns desde os 16 aos 40 anos «menos un día», que foran veciños de Betanzos e arrabais, excluíndo aos que non foran de constitución robusta ou xa padeceran doenza, aos que non tiveran oficio, profesión ou modo de vivir coñecido e aos que tiveran vicios vergoñentos ou observaren má conducta. O solicitante que estivera enfermo non podería ingresar na sociedade ata atoparse útil para o traballo e, en todo caso, pasaría un recoñecimento médico para ingresar e outro aos 90 días, o primeiro pagaríao o solicitante e o segundo correría xa por conta da sociedade. Os socios pagaban unha cota mensual de 75 céntimos, a excepción dos meses de xuño e decembro que sería de 1'25 pesetas, se ben para ingresar había que abonar unha cota de entrada que era de 2'50 pesetas para os traballadores de ata 25 anos, de 5 pesetas para os de 25 a 35 anos e de 10 pesetas para os maiores de 35 anos.

As prestacións que a sociedade ofrecía aos socios consistían en 1 peseta diaria, no caso de enfermidade que imposibilitara para o traballo e 50 céntimos diarios por enfermidade

^{25.} Reglamento de la Sociedad de Socorros Mutuos de Artesanos de Betanzos. Su fecha 10 de agosto de 1910. Betanzos Tip. y Enc. de M. Villuendas. 1914.

^{26.} Reglamento de «La Humanitaria» Sociedad de Socorros Mutuos de Obreros de Betanzos. La Coruña. Tipografía Obrera Coruñesa. 3-Socorro-3. 1916.

crónica a partir dos catro meses, a non ser que as enfermidades foran contraídas por vicios ou excesos, golpes e lesións en tabernas, rifas e pelexas. En ámbolos casos, para cobrar as prestacións había que notificar á sociedade con parte médico. Outras prestacións relacionadas coa morte aseguraban o servicio de «Santo Viático» a socios ou esposa enferma, e a asistencia ao enterro, do socio ou da muller, de 24 asociados alumeando con «hachas de cera». En caso de morte do traballador asociado aboábase á viúva ou persoa que legalmente corresponda a cantidade de 20 pesetas. A sociedade concedía tamén unha axuda de 1 peseta diaria para tomar baños médicos e augas medicinais en balnearios, se ben había que ter unha antigüidade de dous anos como socio e non se podería solicitar esta axuda máis de tres anos seguidos, e 15 pesetas para gastos de viaxe ao hospital de Santiago. No caso que os fondos sociais non foran suficientes, faríase unha subscrición.

Os deberes dos socios contemplaban o pago puntual das cotas, a asistencia por rigoroso turno aos enterros e viáticos de socios, o desempeño gratuito dos cargos directivos e a asistencia ás xuntas.

A sociedade rexíase por unha Xunta de Goberno composta de dez persoas: Presidente, Vice-Presidente, Secretario, Vice, Contador, Depositario e catro Vocais, renovables anualmente no mes de setembro, sen que fora obrigatorio aceptar a reeleción, en caso de tal. Reúnese cando o considere o Presidente ou o solicite un tercio da Directiva, sendo preciso a presencia da metade máis un dos membros en primeira convocatoria. A maiores, dous Visitadores -coa misión de visitar e controlar aos enfermos- tiñan voz e voto na Xunta de goberno. A Xunta Xeral de socios reuníase o primeiro ou segundo festivo dos meses de xaneiro, abril, xuño e setembro, ademais de cando o solicitara a Xunta de Goberno.

A entidade tiña regulados castigos e penalizacións para os socios que cometesen faltas en detrimento da propia sociedade. Así, contemplábase a expulsión dos socios que finxiran enfermidade ou a agravasen por vicios, non observasen o plan de cura, fosen multados máis de tres veces, deixasen sen cotizar tres mensualidades, non pagasen no prazo dun mes as multas impostas ou formulasen demandas contra a sociedade diante dos Tribunais. As multas, consistentes en 50 céntimos, impoñíanse aos que se presentasen borrachos nas xuntas, interrumpisen a orde ou falasen sen autorización do Presidente, faltasen ás sesións inxustificadamente ou se ausentasen delas sen permiso do presidente e aos que non concurrisen aos actos propios da sociedade, incluídos enterros e viáticos. Tanto aparato preventivo e penalizador fai pensar na frecuencia destas irregularidades tan sumariamente descritas.

A SOCIEDADE DE SOCORROS MUTUOS DE OBREIROS tiña o seu enderezo na casa do Presidente, que no tempo deste regulamento (ano 1916) era Rogelio Díaz mentres Luis Illobre era o Secretario, e prevía que en caso de disolución da mesma os seus fondos pasaran á «antigua Sociedad de Socorros». Como letrado, quizá gratuito, da sociedade actúa César Sánchez Díaz, nomeado presidente honorario, a quen lle fan entrega no 1913 dun diploma, xuntamente con outro ao filántropo Don Juan García Naveira.

Cotexados os regulamentos das dúas Sociedades de Socorros -da mesma época, aproximadamente- resultan ser moi semellantes en canto ao seu obxecto, condicións para ingresar, dereitos e deberes dos socios, tendo a de Artesanos un abano máis amplo de prestacións que a de Obreiros, se ben as cotas da primeira son sensiblemente superiores ás da segunda, nalgúns casos o doble. Este é posiblemente un dos motivos de organizar os obreiros a súa propia sociedade de socorros, ademais do carácter de clase desta última, que non quería dependencias, xa que a de Artesanos tiña un cariz benéfico que contemplaba a existencia

de socios honorarios, de mérito e protectores, deixando aberto o exercicio da caridade para as clases privilexiadas e con recursos.

O CENTRO OBRERO

O Centro Obrero, como se designaba popularmente, foi a sé e local de reunións de todas as sociedades de resistencia confederadas dende 1900 ata 1919, compartindo un amplo baixo da casa número 137 da rúa da Ribeira, non sabemos se en arrendo ou cedido en precario, aínda que algúns actos públicos e asembleas téñense realizado no teatro municipal da cidade. Mais o teatro non sempre era facilitado, dependendo do criterio ou actitude do alcalde de turno. Esta casa, que fora o antigo Cuartel de Milicias e pasara por varias vicisitudes como un longo contencioso entre o Concello e un propietario, era propiedade neste momento do industrial panadeiro Bartolomé Babío Edreira, quen segundo a prensa da época (*El Progreso*, nº 1, 4-XI-1900) pensaba celebrar bailes públicos e establecer un salón de cinematógrafo nos baixos da casa, que viña de obrar en 1900. A comezos de 1902 fálase de que vai instalar un café restaurante «montado con todo lujo y confort». Con todo, as sociedades continuaron utilizando ese baixo ata a construcción e inauguración da Casa del Pueblo en 1919. No «espacioso salón» do Centro Obreiro celebrábanse populares bailes polo Antroido, en competencia cos do Liceo Recreativo, sociedade de corte burgués.

Tiñan un porteiro que atendía o local, quizá un obreiro veterano e xa inactivo. Ata 1902 esta función desempeñaraa o «honrado cantero» D. Rosendo Muñiz, quen falece nese ano, dedicándolle as sociedades unha coroa «de la que pendían dos cintas, una roja y otra negra».

A CELEBRACIÓN DO 1º DE MAIO

A primeira noticia que temos da celebración do 1º de Maio en Betanzos corresponde ao ano 1902, se ben nesta ocasión o mitin previsto polas sociedades de resistencia para conmemorar a data foi suspendido por orde da Alcaldía.

As sociedades da Coruña, centro que irradiaba influencia ás vilas e pequenas vilas da bisbarra, foron o modelo e apoio loxístico dos primeiros intentos de asociacionismo obreiro en Betanzos: contactos a través de operarios betanceiros que traballan eventualmente na Coruña, intercambios e excursións de obreiros coruñeses e betanceiros, intervención de destacados dirixentes coruñeses en mitines celebrados en Betanzos, a publicación de noticias sobre as sociedades de resistencia e as súas loitas na prensa obreira coruñesa diante do boicot máis ou menos encoberto da prensa local... Do mesmo xeito, a conmemoración do 1º de Maio estará dalgún modo condicionada polo que fagan os obreiros e sociedades coruñesas.

O 1º de Maio celebrouse por primeira vez na Coruña no 1890, cunha dura folga reivindicativa da xornada de oito horas, catro anos despois dos históricos sucesos acaecidos en Chicago e que deron orixe a esta xornada de loita e reivindicación da clase operaria. A folga repetiuse ao ano seguinte cun amplo eco, ainda que o balance foi negativo ao non acceder a maioría dos patróns á pretendida xornada de oito horas e racharse a unidade entre os diferentes gremios. A partir daquí, o 1º de Maio celebrarase nun clima de división entre

socialistas e os membros da Federación -de orientación anarquista-, realizándose simplemente mitines e actos conmemorativos. (27)

É posible que en Betanzos xa existiran intentos de conmemorar dalgún xeito este fito obreiro a finais de século, antes de 1902. Por exemplo, en 1901 o semanario *El Pueblo* facíase eco no número do 26 de abril dos rumores sobre a celebración do Primeiro de Maio cunha función teatral por parte das sociedades, «en la cual tomarán parte varios aficionados de la clase obrera». E, de feito, o regulamento da Sociedad de Trabajadores, constituída en 1899, recolle entre as obrigas do socio a de celebrar o 1º de Maio. A mesma obriga é recollida polos regulamentos doutras sociedades obreiras posteriores, como a de carpinteiros. Por outra banda, as únicas noticias que temos destas celebracións son as da prensa da época, pouco propicia por certo a informar destes acontecementos, a non ser a de carácter obreiro.

A prensa local, especialmente a vencellada ao bando caciquil dominante, silencia en moitas ocasións a data e a súa conmemoración. Ademais, para o que nos interesa de situar os anos iniciais da conmemoración, cómpre lembrar que a derradeira década do século XIX foi un periodo sen apenas prensa local, na que poideramos pescudar algunha noticia, por mínima que fora, sobre a cuestión que nos ocupa.


Temos, por tanto, que agardar a Maio de 1902 para atopar a primeira referencia, que é a preceptiva comunicación á Alcaldía para conmemorar o 1º de Maio no Centro Obreiro, asinada polos presidentes das catro sociedades de resistencia que nesta altura teñen existencia na vila: Manuel Pérez polos Zapateiros ou Constructores de Calzado, Rogelio Díaz polos Obreiros (Canteiros e Carpinteiros, estes últimos constituiránse aparte ao ano seguinte), Juan Amarante por Oficios Varios -recén constituida-, e Bernardo Miño por Obreiros Agricultores (28).

Ademais do Primeiro de Maio de 1902, que xa dixemos fora prohibido, temos únicamente noticia dos de 1905, 1907 e 1908. En 1903, polo mes de marzo, a Sociedade de Zapateiros participaba a celebración dunha reunión «a fin de tratar la forma que se á de dar al paro del 1º de Mayo del presente». Ao mes seguinte tratan en xunta xeral, entre outros asuntos, os «trabajos que se llevan hechos sobre la protesta del 1º de Mayo próximo». Mais non existe certeza de que levaran a cabo algún acto de protesta ou propaganda. Os Agricultores organizarán unha «reunión pública» no teatro para expoñer as ventaxes do asociacionismo, mais xa o 7 de maio.

No 1905 celebrouse nun clima enrarecido. Asegún *La Voz de Galicia*, o Gobernador Civil enviara circulares aos Alcaldes de Ferrol, Santiago e Betanzos instándoos a adoptar medidas para garantir a orde nos mitines. Anunciábase que ao de Betanzos concorriría o socialista Hernández Vilar, chamado polas sociedades obreiras. Segundo o mesmo xornal coruñés, non houbo incidentes. Previamente, o domingo 16 de Abril ás tres da tarde, o tipógrafo anarquista coruñés Marcial Lores deu unha conferencia no Centro Obreiro sobre «El 1º de Mayo y las aspiraciones obreras».

O domingo catro de maio de 1907, o semanario local *La Aspiración* anunciaba para as catro do serán dese día a celebración dun mitin no Centro Obreiro para conmemorar o XXI

Anuario Brigantino 1998, nº 21



Sinaturas dos presidentes das seis sociedades existentes en 1904

aniversario do Primeiro de Maio. A celebración, como vemos, pospúñase para o domingo seguinte ao 1 de Maio. *La Aspiración* sinalaba que no acto farían uso da palabra «algunos oradores libertarios residentes en la vecina capital coruñesa y varios socialistas de la localidad». Asegún *La Voz de Galicia*, houbo cheo no local e falaron, vidos dende A Coruña, M. Suárez e o mestre racionalista Constancio Romeo. O primeiro fixo, ao dicir do diario coruñés, «un discurso de tono radical» e o segundo «de corte científico». Anunciábase tamén que Constancio Romeo voltaría en breve a Betanzos para dar unha conferencia sobor «La cuestión social ante la ciencia».

Ao ano seguinte, 1908, no local do Centro Obreiro da Ribeira, as sociedades obreiras locais voltan celebrar o Primeiro de Maio cun mitin. Asegún a reseña de *La Aspiración*, falaron os socialistas coruñeses Germán Blanco e Esteban Fernández, tipógrafo este, secretario e presidente da Agrupación socialista coruñesa, que foron apresentados polo presidente de Obreros Agricultores Bernardo Miño a unha concorrencia de oitenta obreiros.

^{27.} Brey, G.: «Los tres primeros primero de Mayo en La Coruña. 1890-1891-1892», en Estudios de Historia de España. Homenaje a Manuel Tuñón de Lara. Madrid, 1981.

^{28.} AMB. Carp 135. Correspondencia de entradas, 1901-1904.

Nos anos sucesivos, o citado semanario local e os seus continuadores, nada din do Primeiro de Maio en Betanzos, quizais silenciando adrede a actividade das sociedades obreiras e agraria diante da radicalización da loita política na cidade.

Das poucas celebracións que temos noticia pódese apreciar o clima de unidade no que se realizaron. Todas as sociedades locais de resistencia celebran a data conxuntamente, traendo oradores tanto dunha coma doutra tendencia, segundo o momento e a correlación de forzas ideolóxicas e partidarias existente nas sociedades.

A LOITA SINDICAL

O dereito de folga aparece recoñecido e legalizado en 1902, aínda que ata 1908 e 1909 non se perfila a súa regulación en senllas leis. A reivindicación principal das sociedades de resistencia nesta etapa é a reducción da excesiva xornada laboral.

Un ano despois da súa constitución, e logo de conseguir a reducción de hora e media na xornada, a Sociedade de Traballadores facía un requerimento aos patróns en solicitude dun aumento de salario do 20%, nada menos, se ben suxírenlles que a partir de agora contraten as obras máis ventaxosamente para ter en conta esta subida salarial. É a primeira reivindicación desta sociedade da que temos noticia, recollida polo semanario *El Pueblo* no seu número inicial do 5 de agosto de 1900. Posiblemente tería feito anteriormente outras que descoñecemos. Xusto nos meses anteriores viñan de constituirse a Sociedade de Obreiros Canteiros e Carpinteiros, en maio, e a Sociedade de Obreiros Zapateiros, en xuño, escomenzando a tomar certo pulo as sociedades de resistencia.

Un avance do éxito da reivindicación salarial obtéñeno os carpinteiros empregados do mestre-carpinteiro «Limiñón», Manuel Sánchez Suárez, quen accede -voluntariamente ou presionado- ao aumento do 20% sobre o xornal. Mais o resto terá que voltar á loita. En agosto do ano seguinte *El Socialista* (Madrid, 9-8-1901) faciase eco da folga que sostiñan en Betanzos os canteiros, carpinteiros e albaneis dalgunhas obras por non atenderen os patróns a petición da suba dun 20%. As sociedades facían un chamamento solidario para que non acudise a traballar xente de fóra da localidade.

Xa constituida a Sociedad de Obreros Agricultores, prodúcese a primeira reacción na prensa afín ao bando liberal e ao poder municipal. *El Progreso* publica un longo artigo na portada do número 11 co título «El pseudosocialismo en Betanzos», asinado por «Un cualquiera» e con carácter de cuase editorial. En resposta, as sociedades fan circular «profusamente» unha folla pola vila protestando polo citado artigo. Ao tempo, os presidentes das sociedades, actuando conxuntamente, asinan no semanario rival *El Pueblo* unha nota contestando ao artigo citado, logo de solicitar un mellor trato por parte da redacción de *El Progreso*. O anónimo autor do polémico artigo, nada menos que o vello republicano Manuel García Failde, decide sair do anonimato e envía unha carta a *El Progreso* na que rectifica a medias, pide disculpas e descarga á redacción do semanario de responsabilidades.

Pouco despois ten lugar unha curiosa acción das sociedades que se manifestan diante da Alcaldía en protesta polo comportamento dun cabo de serenos e dous subalternos que mallaran nuns obreiros mozos, ao parecer indiscriminadamente, e solicítase do poder municipal a súa destitución. Asimesmo, as sociedades acordan por unanimidade expulsar da de Agricultores a Domingo Fernández, cabo da ronda municipal nocturna, que era ao mesmo tempo afiliado como labrador que fora ou seguía sendo en tempo libre. *El Pueblo* quixo ver nesta acción discrepancias entre os directivos das sociedades, afirmando que os presiden-

tes da de Agricultores e Obreiros, Vicente Lousa e José Rodríguez, dimitiran dos seus cargos -cousa que non ocorreu- e negaranse a asinar un manifesto de protesta contra o cabo de serenos. Para *El Progreso*, o resultado deste polémico e escuro asunto era «Lo que se esperaba», en elocuente titular do número correspondente ao 10 de marzo. Neste suceso hai que encadrar a tala da viña, denunciada na prensa local, dun dos serenos implicados, o que semella unha resposta de «terrorismo» agrario.

O mal entendido ou excesivo celo -ou quizais inimizades persoais- dos gardas municipais propiciaban enfrontamentos e tensións varias veces denunciados polas sociedades. Precisamente, uns meses despois do incidente comentado, instruíaselle causa por agresión a un garda consumeiro que ferira gravemente na testa ao obreiro Eduardo Souto. Por outra parte, o feito de que os serenos foran na súa maioría labradores que, ainda despois de acceder a este emprego, continuaban a traballar a terra en horas libres e, en moitos casos, afiliados á Sociedade de Agricultores, non axudaba a facer deles unha figura respectada, especialmente naqueles casos individuais de comportamentos relaxados ou pouco exemplares (borracheiras, alterne nas tabernas, bailes sen autorización...). Para máis, a Alcaldía vai nomear, logo dese incidente, cabo da ronda municipal a Luis Teijo, presidente fundacional da Sociedade Obreira e para quen se solicitará a expulsión da sociedade que presidira, considerándoo un «vendido», pois a Alcaldía dispoñía libremente a concesión ou cese destes empregos. Nunha asemblea celebrada a finais de outubro de 1901 no Centro Obreiro acórdase, a proposta do presidente Souto, que todo asociado que teña soldo do Concello sexa expulsado da sociedade, adoptándose a expulsión do cabo da ronda nocturna -o citado Luis Teijo-, do sepultureiro e un sereno. Meses despois, cando se dé por seguro que o tal Teijo será sustituido do cargo por un sarxento retirado da Garda Civil, El Pueblo expresaba a súa opinión: «Si esto fuera verdad constituiría un verdadero desengaño para quien abdicando de sus ideales socialistas aceptó el empleo que con disgusto de sus compañeros desempeña en la actualidad.»

Pouco despois de constituirse as tres sociedades de resistencia, que xa de principio actuaban artelladamente, aparecen formalmente confederadas e realizando asembleas unitarias. Precisamente un dos primeiros asuntos tratados de forma conxunta polas Sociedades Confederadas de Obreiros foi o caso do mestre-canteiro Souto, oriundo de Pontevedra, que expulsara ao «compañero» Gayoso e a outros cinco do mesmo gremio dunha obra que estaba a facer en Betanzos para Jesualdo Vieites. Despois de discutir a asemblea o asunto, considérase ao Souto «culpable del delito de traición a la causa socialista con imposición del correctivo consiguiente, y acordándose comunicarlo a todas las sociedades obreras de la Nación, para que anotándolo en el libro 'verde azul' sea considerado como un paria del socialismo, expulsándolo de la confederación obrera.» (29)

As relacións entre os mestres de obras e os obreiros, moitas veces antigos compañeiros de oficio, daban lugar a enfrentamentos pola actitude hostil e insolidaria que estes coidaban ver naqueles. Moitas veces estes enfrentamentos dábanse cando un obreiro se independizaba e pasaba a convertirse en patrono de outros, ben temporal ou indefinidamente. O conflicto agudízase cando os mestres de obras, que non eran admitidos polos obreiros nas súas sociedades, constitúen sociedades patronais que son vistas polos obreiros como unha ameaza:

Anuario Brigantino 1998, nº 21

^{29.} El Pueblo, nº 49, 29-VIII-1901.

«...los maestros de obra, al menos los de esta localidad, tuvieron los mismos principios que nosotros, y en realidad no es más que el ascenso de la clase de obreros de que proceden...(...) de ninguna manera deben de llevar por fin el de perjudicarnos pues según noticias, de eso se trata, y constituye un mal camino...»

Máis duro se amosa cos «maestrillos» de obras «Un socialista», cando son despedidos varios obreiros por secundar folgas:

«...egoístas por excelencia, nunca se contentan explotando de mil maneras al que ayer tal vez fué su compañero de taller ó su amigo de la infancia...» (30)

Porén, compre lembrar, en xustiza, que moitas veces son os mestres de obras, que sendo obreiros pertenceran ás sociedades, os primeiros en aceptar as reivindicacións operarias. Xa comentamos o caso do mestre-carpinteiro Limiñón accedendo ás reivindicacións salariais. O mesmo ocorre, por exemplo, con Xacobe Crestar, mestre-canteiro e antigo dirixente obreiro, cando en 1913, estando a construir o palacete coñecido como «casa de dona Agueda», para a filla dun dos filántropos irmáns García, chega a un acordo cos obreiros, reducindo a xornada a 9 horas mentres dure esa obra e prometendo no sucesivo a xornada de 8 horas e suba salarial.

A folga é o recurso último co que contan as sociedades obreiras para acadar as súas reivindicacións. Un recurso que, dada a situación e febleza do movemento operario local, cun mercado de traballo escaso, e as interrelacións sociais dunha vila como a betanceira, non sempre é doado.

Normalmente, trátase de folgas para reivindicar un aumento salarial ou a reducción do horario de traballo e nalgún caso para forzar a readmisión dun compañeiro despedido. Son folgas de pouca duración, xa que a febleza das sociedades non pode manter unha caixa de resistencia para o caso dunha folga prolongada e de escasa incidencia, ao afectar nalgúns casos a unha única obra.

Entre os litixios que coñecemos podemos citar os seguintes:

- -En maio de 1901 decláranse en folga os obreiros que traballaban nunha casa que construía o carpinteiro Francisco Rey na Rúa Travesa.
- -A remates de xullo de 1901 decláranse en folga os carpinteiros de dúas obras en construcción para pedir o aumento dun 20% dos xornales.
- -A primeiros de agosto de 1901 póñense en folga os obreiros carpinteiros que recompoñen o palco municipal de música. *El Progreso* dá a noticia expresando o temor de que non poida estar listo para as festas patronais.
- -En 1902 os obreiros oficiales constructores de calzado manteñen unha folga que se soluciona satisfactoriamente ao chegar a un acordo cos patróns.
- -En xuño de 1904 póñense en folga os obreiros e obreiras que traballaban nas obras de variación do cauce do río Mandeo con motivo da construcción do ferrocarril Betanzos-Ferrol. Son unhas 250 persoas que traballan nas obras, entre elas varias mulleres. As obras, para as que se calcula unha duración de dous anos, ocasionaran protestas e malestar coa compañía pola expropiación de terreos, estreitamento do cauce cos recheos antes de abrir o novo... Quizais por iso o semanario *La Aspiración* recollía as reivindicacións obreiras contra a compañía, mesmo en copla:

los Agricultores y demás personas ansiosas de la desaparición del caciquismo.

Ciudadanos:

La Sociedad de labradores de este término municipal, de conformidad con el Centro Solidario de esta Ciudad y de acuerdo con otras de Obreros y el Centro Republicano, os invita al Mitin que habrá de celebrarse el 5 del actual y hora de dos de la tarde, en el local de aquella, sito en la calle de la Ribera, al objeto de disponer los ánimos para la próxima elección de concejales.

La serie de cábalas y argucias puestas desde hace mucho tiempo en juego por los que han hecho presa de este Municipio, como de los demás del distrito electoral, y que dividién lose y subdividién dose según las circunstancias políticas les aconsejan, adopt in parcialmen te el disfraz que méjor les place y procuran como siempre distraer las fuerzas de l pueblo consciente y libre, con la única finalidad de anular las iniciativas de este, continuar monopolizando el derecho electoral y seguir gozando del disfrute de esa malhadada hegemonía que para verguenza de todos ejercen.

De poco tiempo á esta parte viene un núcleo de hombres decididos buscando el medio de sacudir tan ignominioso yugo, y es necesario prestarle la debida cooperación para que el triunfo llegue á coronar sus esfuerzos.

Un pueblo trabajador y que se estime no puede consentir que una ó dos docenas de personas consanguiness ó a fines, hagan de él un circo á la antigua romana y granjeo de pingues rendimientos.

Acudid, pues, á prestar un concurso tau conveniente como digno.

Asi lo espera:

La Comisión.

Betanzes 2 de Diciembre de 1909.

Imp. «El Eco de Garicia»

Convocatoria para un mitin anticaciquil. 1909.

^{30.} El Pueblo. «Fuera intermediarios». 1902.

«No sean ustedes egoístas

Y aumenten más los jornales.

¿No comprenden pues los contratistas

Que es muy poco sueldo cinco reales?»

Na primavera seguinte voltarán a poñerse en folga, coincidindo coa dos carpinteiros e canteiros da Coruña.

-Na primavera de 1905 os oficiais zapateiros e xastres -non hai constancia dunha sociedade deste gremio, quizá estivesen representados na de Oficios Varios- puxéronse en folga, tentando o Alcalde inutilmente conciliar as partes. Durante o conflicto os zapateiros recollen encargos particulares no Centro Obreiro.

-A remates de xullo de 1906 declarábanse en folga os obreiros do «hotel» que don Xosé Escudero construía na vila para a Sra. viúva de Pita, segundo se podía ler en La Voz de Galicia do 1 de agosto.

-En xullo de 1911 os carpinteiros que traballan na obra do Asilo e Escolas García Naveira póñense en folga. Don Xoán (promotor e director das obras, pois o seu irmán Xesús está na Arxentina, onde morrerá pouco despois) négase á suba de un real por xornal que os demáis mestres de obras xa aceptaran, alegando que a obra é para o pobo e que os seus beneficios irán directamente á clase proletaria, sendo os fillos dos obreiros os máis favorecidos co ensino gratuito que alí se vai impartir. La Aspiración, que daba a noticia no número do día 16 dese mes co aséptico título de «Una huelga», reservábase facer comentarios, lamentando as diferencias entre o filántropo e a clase traballadora e confía nun arranxo «que deje bien parado el amor propio de ambas partes». E debeuse arranxar antes ou despois.

-En marzo de 1913 os obreiros da construcción desenvolven un conflicto cos patróns, aos que solicitan a xornada de oito horas e un real de aumento nos xornais dos peóns. Segundo o semanario Nueva Era, do trinta dese mes, os obreiros levaban oito días en folga, e no seu transcurso celebraron un mitin ao que asistiron varios oradores da Coruña, «de todos los cuales solo un tal Chacón, recientemente expulsado de la Isla de Cuba por sus temperamentos agitadores, demostró facilidad de palabra.» (31). A folga rematará, sen acadar totalmente os seus obxectivos, cando algúns patronos e mestres de obras -caso do xa citado Crestar- chegan a un acordo cos obreiros, accedendo parcialmente ás súas reivindicacións.

-Coincidindo con esta folga da construcción, os obreiros da fábrica de curtidos de Etcheverría anuncian unha folga para o primeiro de abril, da que descoñecemos a súa solución. Solicitan aumento de xornal e abono das gardas que fan os domingos na fábrica, segundo o semanario citado.

Da citada folga dos peóns das obras do ferrocarril temos información oficial máis completa polo único parte de «Estadística de las huelgas» que se conserva no Arquivo municipal cumprimentado para o Instituto de Reformas Sociales (32). Segundo o extenso interro-

Las Sociedades obrevas de la ciudad de Betannos, tiener el alto honor de dirigir à los distinguidos filantropos hermanos ceñores P. Juan y P. Jesús Garcia Naveira el circiente Mensaie.

> solemne acto que hoy se verifica en este lugar denominado Rollo. epresenta en los fastos de la Historia de Betanzos un grandioso hecho cual debe ser esculpido con caracteres de oro, indelebles.

Todos los pueblos, de la categoria que sean, cualesquiera que sean sus aspiraciones, para ingresar con mayor acierto en nuevas fases de vida y de progreso, requieren el eficaz auxilio de personas generosas, altruistas; que aniden en sus pechos los más acendrados y humanitarios sentimientos.

Y al hacer constar aquí con orgullo esta buena nueva en bien de nuestra antigua ciudad, que tiene la suerte de albergar entre sus hijes à los humanitarios seflores García Naveira, verdaderos filántropos que va en tiempos anteriores -de gratisimos recuerdos para todos-se han hecho acreedores á los entusiastas y mas dignos aplausos tributados por la opinión sensata que reconoció en estos caritativos señores dos herors que sólo por el bienestar intelectual, moral y material del pueblo que les vió macer se desvelan, no podemos menos de sentir en nuestros corazones el más acendrado reconocimiento hacia tan altruistas personas y de congratularnos ante tan beneficas acciones.

En este hermoso acto que acaba de verificarse y que tuvo por objeto colocar la primera piedra que ha de servir de sostenimiento à la benéfica obra «Asilo y Escuelas Garcia Naveira» han demostrado una vez más estos respetables señores que el amor que por este pueblo sienten es de una cordialidad sin

Y no solo se proponen con sus múltiples y meritorias obras contribuir al engrandecimiento de la vida de esta ciudad, desean, quizas, principalmente dar ocupación á la cluse obrera, y secundariamente, recreo á la cluse acomodada.

Hombres que así se esfuerzan por el bien público; hombres que se imponen a pasades securicios del a ser mirados con la más formarcas, intrados con inn manufes societion 12 los más sumisos respetos.

De conformidad con tan elevados sentimientos la clase obrera de esta cindad grava con letras áureas el recuerdo de estos gratos hechos; y unte la presencia de estos filantropes señores se postra como la más tavorecida con tan ge-

Y así le hacen hoy todas las sociedades obrerse de esta localidad que, humilladas, acuden á cumplir con esta projunda manifestación de agradecimiento que los señores Garcia Naveira se granjearon al practicar sus bienhechoras obras: y si las circumstancias presentes no lo impidieran, verian también con sumo agrado la realización de una plausible iniciativa: la de erigir por suscripción popular un monumento que perpethe a las generaciones venideras el recuerdo de estos filántrojos sefores.

Toda vez que en los tiempos presentes no puede darse cumplimiento à tan noble pensamiento, las Sociedades obreras de la ciudad de Betanzos en Junta general reunidas, acordaron llevar à la práctica, con motivo del hecho que ahora se registra, una idea humilde pero encomiastica: la de tener el elevado honor de enviar á los filántropos hermanos señores García Naveira este Mensaje, como testimonio de la más sincera y cordial gratitud.

Betanzos 17 de Agosto de 1908.

Por la Sociedad de Carpinteros.

Por la Sociedad de Canteros.

Por la Sociedad de Agricultores

Pot la Sociedad de Oficios Varios.

Mensaxe de gratitude das sociedades obreiras aos filántropos García Naveira. 1908.

^{31.} Nueva Era, nº 35; 30-III-1913. Este Chacón debe ser Severino Chacón, dirixente sindical uxetista que tivo influencia entre as cigarreras da Fábrica de Tabacos coruñesa. Sabemos, alomentos, dun caso de betanceiro deportado tamén de Cuba por «fomentador de huelgas»: o xastre Manuel María Otero Couce, quen tiña 33 anos no 1919.

^{32.} AMB, Correspondencia. Entradas 1904-1905, carp. 136. Por certo, o organismo devandito solicitou por segunda vez o interrogatorio ao non terselle enviado a primeira. A citada debe ser unha copia simple da contestada.

gatorio (catro páxinas e 57 preguntas do modelo-tipo), a folga durou catro días, entre o 11 e o 15 de maio. Secundárona a totalidade dos 163 peóns ocupados nas obras, cinco deles mulleres, dos que a maior parte non estaban asociados e os que sí o estaban pertencían á Sociedade de Oficios Varios, que supoñemos convocaría e dirixiría a folga. Como mostra das condicións salariais e de traballo destes peóns pode dar unha lixeira idea o xornal de 1,50 (seguramente o máis baixo corresponde ás mulleres) a 2 ptas., e un horario de once horas e media en «verano» e oito e media en «inverno», aproveitando ao máximo a luz solar. Curiosamente, a folga rematou tras a mediación do Alcalde, conseguindo os obreiros a suba de medio real (0,25 ptas.), en lugar do real que reclamaban. E no que respecta ao horario de «verán», que era o que se dilucidaba, se ben non conseguen reducción horaria, si acadou un pequeno aumento do tempo de descanso, ficando a xornada deste xeito: de cinco da mañá a sete e media da tarde, descansando media hora para almorzar, dúas para xantar e media para merendar.

Un exemplo de solidariedade da clase obreira local coa coruñesa témola cando a Sociedade de Agricultores e a Obreira inician unha suscripción a beneficio dos obreiros detidos na Coruña a raíz dos sucesos de maio de 1901. O 15 de xuño as asociacións obreiras coruñesas son suprimidas «por orden de la autoridad superior militar» e varios obreiros encadeados e procesados. As listas de doantes van aparecendo en *El Pueblo* con cantidades que oscilan entre os 10 céntimos e 1 peseta na maioría dos casos: 114 asociados recadan 62,75 pts. en total.

Para tratar estes incidentes coruñeses de maio e protestar contra o proxecto-lei sobre folgas, as sociedades convocan un mitin no teatro Alfonsetti, ao que convidan «a la celebre propagandista del socialismo, hija del Ferrol y residente en La Coruña (cuyo nombre sentimos no recordar)», dicía El Pueblo en alusión á xastra Concha Miranda. Noméase unha comisión, formada por Xacobo Crestar, Xoán Blanco e Bernardo Hermida, encargada de redactar panfletos alusivos ao acto. Mais o anunciado mitin en solidariedade cos coruñeses suspenderase por mor dos problemas xurdidos nun acto na capital coruñesa entre anarquistas e socialistas, celebrándose finalmente o 30 de novembro. Ese día ten lugar o anunciado mitin en «orden perfecto» e con «numeroso público», que Otro Pueblo cifraba en 500 asistentes, moitos procedentes da Coruña acompañando aos oradores Anxel Antelo, Francisco Gomero, Enrique Navarro e Enrique Taboada. Non cita, sen embargo, a «la famosa sastra, librepensadora del Ferrol Concha Miranda, digna émula de Luisa Michel y de la no menos intrépida y varonil doña Belén», presencia que tiña anunciado anteriormente. Os reforzos de policía e Garda Civil enviados polo Gobernador facían prever por parte da autoridade incidentes que non se produciron. Bernardo Miño presidiu o acto en lembranza dos condenados polos sucesos de maio na capital coruñesa, para quen se pideu o indulto, anunciándose a folga xeral en solidariedade se non eran ceibados os detidos.

Outro exemplo da solidariedade interlocal dos obreiros betanceiros constitúeo a axuda económica que prestan aos operarios dos estaleiros ferroláns durante a folga que estes sostiveron en 1913 e 1914 e que se extendeu solidariamente a outros puntos industriais galegos. O semanario local *Betanzos Liberal*, no número do 14 de decembro de 1913, referíase deste xeito á actitude dos obreiros brigantinos:

«La escasa población obrera de esta ciudad aunque en espíritu se suma al movimiento reinante, nada llegó hacer ostensible aún; pero en cambio -y esto nos parece lo más acerta-do-viene prestando auxilios pecuniarios a todos los obreros de la Coruña y Ferrol. Semejante actitud fué objeto de sinceras alabanzas».

Traer obreiros de fóra era unha das prácticas que levaban a cabo os patróns para romper folgas. Algunhas veces traíanos mesmo de Portugal. Así, por unha certificación da inspección sanitaria de fronteiras que obra no Arquivo Municipal, sabemos que no 1918 as industrias Núñez contrataban tres obreiros portugueses.

Os intentos de conciliación institucional durante este tempo non callaron e quedaronse apenas nun mero formalismo que aparentaba cumprir a legalidade. En 1904 cando se crean as xuntas locais de Reformas Sociais, organismos de dubidosa eficacia real, a instancias do Instituto do mesmo nome constituido o ano anterior, o Alcalde convoca aos industriais Marcelino Etcheverría Vila, José Núñez Piroto e Francisco Vázquez Vidal, así como a Antonio Crestar Faraldo, Manuel Otero Martínez e Bernardo Miño Abelenda, os tres primeiros en representación dos patronos e os outros tres polas sociedades de resistencia. Un destes patronos ou propietario debía formar parte da Xunta provincial e non acudía ás sesións, pois en marzo de 1909 a Agrupación socialista da Coruña dirixíase ao Alcalde-presidente da xunta local para que aconsellara a asistencia ao organismo provincial do ausente.

As únicas referencias que temos da actividade da xunta local son unha denuncia de infracción da lei de descanso dominical, decretada nese mesmo ano, por parte de nove establecementos da localidade, propoñendo á Alcaldía a súa sanción, asinada o 28 de setembro de 1904 polo secretario da xunta Ramón Sanjurjo Ossorio, e a creación dunha comisión inspectora para velar pola observancia do descanso dominical nos talleres e establecementos.

Como anécdota, quizá premonitoria do acontecer deste organismo, cabe sinalar que a acta fundacional e o libro destruironse nun incendio ocurrido na casa do citado secretario.

A partir de aí as organizacións obreiras locais deciden non enviar representantes a ese organismo. En todas as actas de constitución imos vendo a súa ausencia, como reflexa, por exemplo, a do ano 1911: «...pues la obrera no designó ninguno en las elecciones antedichas de 1908 y 1910, no obstante el indiscutible derecho que à ello tenía...». En 1913 os restantes membros da xunta local, por ignorancia ou mala fe, deciden cambiar de táctica para proveer os postos vacantes. Na sesión celebrada o 12 de xullo propoñen para cobrir os tres postos de representantes obreiros a José Rodríguez Pena, canteiro, Rogelio Díaz Valladares e Agustín Costoya Fraga, carpinteiros, aínda que os membros da Xunta recoñecen ignorar se pertencen a algunha asociación obreira, por máis que foran dirixentes destacados. O boicot permanente dos representantes obreiros a participar neste organismo é continuado no tempo, pois en 1921 seguían sen participar.

Mesmo, coa única presencia dos patronos, a citada Xunta será utilizada para fins completamente opostos aos do seu espíritu fundacional. Así, en setembro de 1919 os comerciantes representados nela chegarán a solicitar á presidencia do Instituto de Reformas Sociais a excepción, «tan ventajosa para los intereses generales de esta población, y en particular de los comerciales», á xornada mercantil de oito horas que estaba vixente. Baséanse en que o groso das vendas realízanse os dous días de feira mensual e os días de mercado semanal, precisando de máis horas para atender á poboación campesiña que se despraza eses días a Betanzos. Ademais, segundo din, duns cento vinte establecementos comerciais só nove teñen empregados, auxiliándose os outros de parentes, polo que estes últimos vense perxudicados ao ter que pechar antes. (33)

^{33.} AMB. Carp 500. Libros de Actas e outros doc. da «Junta Local de Reformas Sociales».

A LOITA POLÍTICA E ELECTORAL


Xa dende ben cedo as sociedades obreiras e agraria deciden participar na loita política local presentando os seus candidatos ás eleccións municipais, proba de que a orientación socialista primaba sobre a anarquista no seo das sociedades.

En xaneiro de 1901, moitos meses antes das eleccións municipais de outubro, o semanario local *El Progreso* publicaba o rumor de que Xosé Bartolomé Vidal, director do semanario rival *El Pueblo*, sería candidato socialista. Este xornal, pola súa banda, e diante da inminencia de eleccións, publicaba en grandes titulares «¡Betanzos, a la lucha! Las próximas elecciones», afirmando que lle constaba que as sociedades obreiras e agraria acordaran en xunta xeral loitar nas inminentes eleccións para concellais. Esto, xa de por sí, constituía un factor novo na política local, que máis que loita víñase reducindo a unha serie de amaños e componendas entre os dirixentes dos bandos conservador e liberal. Vexamos unha crítica que facía o xornalista local «El Bachiller Hungarelo» (seudónimo de Juan Gómez Navaza), correspondente da prensa coruñesa conservadora, ao falar das eleccións municipais parciais de 1895: «Las elecciones aquí son una fórmula, no existen. Los jefes de los partidos locales designan los candidatos y esos son los que se dicen elegidos.» (34)

A candidatura socialista viña representar un perigo potencial para o «statu-quo» e o turnismo -máis ou menos respectado e encoberto- imperantes. Por iso, a afirmación de *El Progreso:* «cuando se nos dijo que los socialistas de Betanzos querían ir al Ayuntamiento sentimos una verdadera satisfación...», só se pode entender baixo a capa do cinismo ou de tentar aparentar un imposible neutralismo.

A vinte días das eleccións as sociedades confederadas aínda discutían a conveniencia ou non de presentarse ás eleccións. Lousa, o presidente de Agricultores, amosáse contrario a entrar na loita electoral e propón aceptar o ofrecimento da Alcaldía de dúas concellalías. O presidente da asemblea, o obreiro José Souto, rebatirá as teses de Lousa incitando á loita política, en sintonía coa maioría da asemblea e do resto dos intervintes que increpan e insultan a Lousa, quen noutra intervención se dirixe aos agricultores para que decidan como forza preponderante dentro da confederación, cousa que é considerada como unha indiscreción por parte dos membros das outras sociedades, conscientes da súa propia debilidade e quizá temerosos da trascendencia pública da realidade das forzas sindicais.

Nun mitin ou reunión electoral celebrada no local societario da Ribeira, da que deu ampla información *El Pueblo* (35), calculando a asistencia nunhas 200 persoas, varios dirixentes agrarios e obreiros pregan aos asociados que vaian votar aos candidatos socialistas e denuncian manobras caciquis para sacalos do medio da loita electoral. Parece ser, segundo denunciaban as sociedades, que cando se coñeceu a intención dos socialistas de apresentarse á batalla electoral, os liberais no poder chamaron aos presidentes das sociedades para propoñerlles certas melloras: escolas nocturnas, rebaixa no aluguer das sulfatadoras..., quizais coa intención de disuadilos. Ao non acadarse un acordo, os liberais chegan a proporlles dous postos de concelleiros nas súas listas, feito que mesmo recoñecía *Otro Pueblo* no seu número 5. Asimesmo, Bernardo Miño denunciará a proposición dun cacique local a algúns compañeiros de pagarlles o tren e a comida para irse recrear á Coruña o día das eleccións, e compara aos caciques locais cos «bandoleros Juan Palomo, José María y Los Niños de Ecija». Un asociado, que é ao tempo o porteiro da sociedade de



Obras de variación do cauce da ría para o trazado do ferrocarril a Ferrol. Aprécianse varias mulleres traballando en funcións de carrexo.

Obreiros, presenta unha moción na que ataca enerxicamente á burguesía e aconsella a formación dunha liga de protección mutua para o consumo e gasto dos artículos de «comer, beber y arder, no comprando nada á los burgueses, y si á las clases artesanas.»

As sociedades obreiras, logo de acordar en asemblea ofrecerlles os postos de candidatos aos filántropos irmáns García Naveira, proposta que rexeitarían (36), presentan tres candidatos: Pedro Teijo Correa, polo 1º distrito; e José Asorey Ares e Tomás da Pena Casal, polo 2º. Tal como acordaran na reunión devandita, dúas comisións de doce homes cada unha acompañarían aos asociados con dereito a voto aos locais dos comicios ás nove da mañá, reuníndose previamente no centro social, como medida de forza ou prevendo enfrontamentos cos rivais. Unicamente sairía elexido Asorey, o que non impedía que *El Pueblo* calificara o resultado de «derrota moral y legal del alcalde» e de «verdadero triunfo, como el primero de los triunfos que ese partido está llamado a conseguir». E de trunfo hai que consideralo se temos en conta os resultados que os socialistas obteñen nestas mesmas eleccións no resto do Estado, publicados no número 60 de *El Pueblo*: só vitorias parciais en Bilbao, Sitjes, Oviedo, Palma de Mallorca..., mentres que nen o propio Pablo Iglesias consegue acadar unha concellalía en Madrid, onde se apresentaba candidato. Con todo os socialistas betanceiros protestarían o resultado das eleccións locais, considerando que houbera irregularidades e a tal efecto tramitaban un expedente de impugnación.

^{34.} El Diario de Galicia, A Coruña, 14-V-1898. AMB.

^{35.} El Pueblo, nº 57, 3-XI-1901.

^{36. «}Se asegura que el Sr.D. Juan García, que era uno de los candidatos proclamados por los socialistas, ha expresado su deseo de no figurar en la lista de candidatos.» (*Otro Pueblo*, no 5, 27-X-01). Don Juan García xa fora concelleiro a pouco de regresar da Arxentina (1895-1899), aínda que apenas participou na vida municipal deixando axiña de asistir ás sesións, coincidindo coa polémica obra da súa casa na Praza do Campo. Neste momento a súa obra filantrópica na cidade aínda era incipiente.

Ao remate do escrutinio electoral reúnense os que loitaran contra o oficialismo para

«...celebrar el resultado y cambiar impresiones sobre el éxito material y moral obtenido en la batalla sostenida en dichos distritos por las sociedades obreras y agrícola, apoyadas por los electores que siguen la política del Sr. Sánchez Cordero. Esta reunión ha tenido efecto en el 'Café Madrid', asistiendo á ella más de trescientos hombres, que es igual que si digésemos todo el elemento trabajador y productor de la ciudad...» (37)

Eis os resultados destas eleccións parciais para concelleiros, celebradas o domingo 10 de novembro, segundo o semanario *El Pueblo*: Polo I distrito os candidatos César Sánchez Sanmartín, Constantino Ares Mancera e Pedro Teijo Correa obtiveron 118, 121 e 111, respectivamente. Polo II distrito os candidatos José Asorey Ares, Antonio Torres Otero, Ricardo Cortiñas Vidal e Tomás da Pena Casal obtiveron 145, 125, 64 e 14 votos respectivamente. No III distrito non houbo loita por graves irregularidades no censo. Non aparecían nel a maioría dos electores da oposición. Resultaron electos por este distrito Valentín Pita Pandelo, Eugenio Corral Golpe, Tomás Lareo Janeiro e José Germade Alonso, candidatos do oficialismo imperante.

As reaccións na localidade non se fan agardar. Despois das eleccións, o semanario *Otro Pueblo*, portavoz oficioso do bando liberal dominante, ataca duramente aos socialistas: «... la mayor parte de los socialistas son hombres de buena fé, vilmente engañados por unos pocos que explotan en provecho propio la credulidad de aquellos infelices», ao tempo que fala de «contubernio conservador-socialista», cando anteriormente tiña acusado ao conservador e boticario Fermín Couceiro Serrano de tentar componendas cos liberais para perxudicar a candidatura socialista. *El Pueblo* desmentía esto último, xa que o señor Couceiro «no solo vio con extraordinario placer el triunfo de los obreros sino que supo sacrificarse a cambio de que ellos sacaran triunfantes sus candidaturas». De feito, este aparece citado entre os presentes na celebración do resultado, xunto con outros elementos conservadores locais.

O portavoz oficioso liberal tentaba desprestixiar e descalificar aos candidatos socialistas, dende publicar unha especie de esquela («El partido linarista / de esta muy noble ciudad/ pasó a la eternidad/ con su aliado el socialista...», nº 8, 15-XI-1901) a afirmar que Tomás da Pena e José Asorey eran dous conservadores de avoengo, comerciantes de comestibles e amigos do líder conservador Sánchez Cordero:

«No han de tomar à mal los electores de los compañeros Teijo y Asorey que les llamemos corderos. Conservadores no podemos llamarles, porque ellos son los primeros à protestar de tal apelativo. Socialistas tampoco porque todo el mundo se ríe. En cambio llamándoles corderos todo el mundo nos entiende. Incluso ellos. Bendita su ignorancia y candidez que los pone tan contentos.» (38)

Un par de semanas despois insistía no tema:

«...los romeristas de Betanzos han conseguido llevar a un conservador más al Ayuntamiento; los romeristas de Betanzos han conseguido dejar al partido obrero sin representación ninguna en dicha Corporación; los romeristas de Betanzos, han conseguido hacer de las masas socialistas comparsas políticas que obedecen dóciles sus órdenes; los romeristas de Betanzos han logrado convencer à esas masas, de que Asorey y Dapena son obreros...» (39)



Obreiros que traballan na nova casa residencia dos franciscanos, por 1919, xunto co contratista.

O certo é que os obreiros e xornaleiros non podían ser elexibles, xa que había que cotizar unha cantidade mínima estipulada para acceder a esa condición. De aí, as vacilacións dun principio, buscando candidatos e rumoreándose, quizá intencionadamente, candidatos de prestixio.

Segundo o mesmo Agustín García Sánchez, xefe do bando liberal, a socialista era unha candidatura «genuinamente conservadora-romerista». Ao terceiro candidato, Pedro Teijo, «lo presentaron sus compañeros solo por chiste y en la seguridad de que no podía salir». Nembargantes, só obtivo sete votos menos que o Alcalde César Sánchez, candidato tamén polo 1º distrito, e segundo *El Pueblo*, oito votos obtidos por este corresponderían aos oito gardas municipais (o Alcalde tiña entón a facultade de nomealos e cesalos) sen os que ficaría cun voto menos que o candidato socialista, nun claro exemplo de clientelismo político.

Nunha xunta posterior ás eleccións celebrada polas sociedades pásase revista ao proceso electoral, analisando e censurando a actuación dalgúns asociados que se deixaron sobornar. Comprobada a actitude de dous asociados, que *venderan* os votos por un lacón e oito cuartillos de viño, o compañeiro Ferro pide «en dialecto gallego» castigo para eles, despois de seren alcumados de «cazoleiros» polos presentes. Mais remata impóndose o criterio de Miño, quen pide perdón por esta vez para os vendidos. O asociado Xermán Pardo acusa tamén a dous mestres da escola nocturna de obreiros que, «pisoteando el pan de cada día que los filántropos protectores de dichas sociedades les dan para prestar aquel servicio», se pasaran aos nemigos políticos. Pídese a súa destitución pero como queira que o seu salario é satisfeito polos irmáns García Naveira cómpre o beneplácito destes.

As presións sobre as sociedades obreiras e os candidatos socialistas non remataron co proceso electoral. *El Pueblo* denunciaba pouco despois que ao candidato Pedro Teijo

Anuario Brigantino 1998, nº 21

^{37.} El Pueblo, nº 59, 16-XI-1901.

^{38.} Otro Pueblo, nº 9, 22-XI-1901.

^{39.} Otro Pueblo, nº 10 -en realidade trataríase do 11-, 6-XII-1901.

retiráranlle a representación e venta do xornal coruñés *La Voz de Galicia*, que desempeñaba dende había varios anos, comisión que pasa a mans dun veciño afiliado ao partido liberal.

Na mesma xunta citada, acordouse que unha comisión en representación das sociedades se dirixira a Manuel Sánchez Cordero e os seus correlixionarios conservadores en agradecemento «por el desinteresado y eficaz apoyo que en las últimas elecciones ha prestado a las sociedades». Cousa que fai pensar na acusación de «contubernio conservador-socialista» vertida pola prensa liberal. Coidamos que este feito hai que enmarcalo nas tópicas liortas dos bandos hexemónicos liberal e conservador cando non chegaban a acordos no reparto dos postos, desacordo que aproveitaron habilmente as sociedades obreiras nesta ocasión para conquerir certos apoios e votos do bando conservador, baseándose na amizade con Sánchez Cordero de dous candidatos socialistas.

A experiencia electoral e municipal non debeu resultar positiva xa que non se repitiu nas municipais de 1905. Había «gran marejada» entre os partidarios de apoiar a candidatura liberal, de loitar polos postos das minorías ou de non participar na loita.

Coa constitución do movemento de Solidaridad Gallega (1907-1912), que na súa vertente agraria terá gran importancia nas bisbarras das Mariñas e Ferrolterra, a asociación de Agricultores vai participar activamente. Trátase dun movemento heteróxeneo de corte rexeneracionista, que pretendía combatir o caciquismo e o sistema turnista imperante, formado por un conglomerado de carlistas, republicanos, socialistas, rexionalistas e agrarios, que tiñan en común a súa marxinalidade no poder e sistema político establecido. Aínda que foi na zona de Betanzos-Ferrol onde o movemento solidario acadou maior protagonismo e loita, gracias á súa vertente agraria, os resultados electorais non foron en xeral demasiado positivos -coa excepción dalgúns concellos- o que determinaría o esfarelamento do movemento, ameazado xa por agudas discrepancias internas. (40)

E non só os agricultores fan causa común cos solidarios se é favorable aos seus intereses. Rematando 1907, as asociacións de agricultores, canteiros, oficios varios, seguros de gando e os dous concelleiros da minoría solidaria dirixense ao Ministro da Gobernación para que denegue autorización aos arbitrios extraordinarios que quere impoñer o Concello. Bernardo Miño figurará como discreto vocal do Centro Solidario de Betanzos (ao tempo que dá a nova da súa constitución, La Defensa publica un artigo no se di que «el socialismo agrario es un grave mal») e conseguirá que os Agricultores rentabilicen esta coalición ao «colocarse» el e José Vidal Crespo, presidente e secretario da asociación, como concelleiros nos dous postos que os solidarios acadan nas municipais parciais de maio de 1909. Mais Miño pouco intervirá como concelleiro ao ser procesado en agosto acusado dun delito de «injurias a la patria», proceso derivado dunha intervención nun pleno no que criticaba a intervención na guerra de Marrocos (41). Aínda que será absolto uns meses despois, xa poucas veces asistirá ás sesións municipais. Ao convocarse novas eleccións parciais saen elexidos outros dous concelleiros «solidarios», mais desta volta xa non son agricultores senón os dirixentes Julio Romay e Víctor Naveira, carlistas que serán desacreditados pouco despois polo movemento solidario. Este último falará xunto con Juan Golpe nun mitin electoral no Centro Obrero e o portavoz do inimigo común, La Aspiración, non desaproveitará a ocasión:

En la Casa del Pueblo Betansos agosto 15 de 1919. Reunidos los Presidentes de las Locuedades Obsers y demas indivi duos de las directivas con presencia de la Aunta administrativa de las obras Le acuerda combocar a todos los socios para celebrar una reunion y a cordar lo Viouiente: Jaimero: Expender recitos cobralacios a tado los socios de construcion y Oficios varios, para atender a las neclaidades de la Osvaia Gegundo Petivar con toda urgeneia la terminación de las obras para su inaugura-Fercero, Lacer todos los medios para assecion a todo los chruos que tengan oficio conocido para hacer una Sociedad fuerte y puderasa que sera la base principal de una potente

Acta dunha reunión de "La Unión Obrera" celebrada o 15 de agosto de 1919.

«En ese Centro Obrero lo mismo se aplaude á los más furibundos anarquistas que á los socialistas, y lo mismo se toma como propia la acción de los republicanos como la de los carlistas. Y luego que se diga que el partido socialista obrero de Betanzos es malo de contentar.» (42)

Seguindo a estratexia do PSOE os socialistas participarán na Conxunción republicanosocialista, que en Betanzos adopta o nome de Comisión Socialista-Republicana. Nun escrito de 1º de xullo de 1910, notificando un mitin no local das sociedades obreiras para instar
ao goberno «que siga en la obra que tiene emprendida en contra de la llamada causa
crerical», leva membrete do Centro Republicano de Betanzos e vai asinado por Juan
Amarante, vicepresidente do Centro, polo socialista Bernardo Miño e Bernardo Hermida
presidente de Oficios Varios. No mitin, cunha mesa presidida por José Espiñeira e Amarante
de secretario, falaron o vello masón e republicano Ramón Peón, médico e personalidade
prestixiosa entre as clases populares, e Bernardo Miño que «se mantuvieron dentro los
límites no obstante sus conocidos temperamentos pasionales y sus radicales opiniones
(...) prescindieron de aquellas violentas increpaciones y duros vituperios de otras ocasiones», segundo a opinión de *La Aspiración*.

O anticlericalismo e a loita contra a intransixencia católica é un dos motivos que consegue agrupar xa non só a sociedades obreiras e republicanos, senón tamén a librepensadores e mesmo liberais próximos ao sistema canovista. Anos antes, no 1902 a prohibición de enterramento católico por parte do clero a algún «ateo» significado, como o caso de Carlos

^{40.} Durán, J.A.: Agrarismo y movilización campesina en el país gallego (1879-1912). Siglo Veintiuno editores. Madrid. 1977.

^{41.} Torres Regueiro, X.: Xuicio ao compañeiro Miño. A Nosa Terra, nº 331, Vigo, 15-I-1988.

^{42.} La Aspiración, nº 282; 31 de xaneiro 1909.

Monteavaro, rematará cunha manifestación polas rúas cos obreiros acompañando o cadáver e reclamando un cemiterio para non católicos, ocasionando forte polémica na prensa local. O asunto voltará a repetirse con outra defunción pouco despois.

CULTURA OBREIRA

O esforzo por facer medrar a cultura e a formación do proletariado e das capas máis menesterosas da sociedade, a loita por un saber liberador e por unha cultura laica será unha das constantes dos dirixentes das organizacións obreiras, coincidentes moitas veces co republicanismo progresista no obxectivo dunha cultura de raíz laica, cando non abertamente anticlerical.

Unha das primeiras, ou a primeira, entidades locais co apelativo «obrero» será o ATE-NEO OBRERO, fundado polo xornalista republicano federal Adolfo Vázquez Gómez no 1890, de vida efémera pois quizá non pasou dese ano.

En 1901 inaugúrase unha escola nocturna de obreiros, máis ben dirixida aos fillos destes, a cargo das tres sociedades confederadas naquel momento e que conta, alomenos, con dous mestres. Anteriormente existiran escolas nocturnas dirixidas a traballadores, fomentadas particularmente por algúns profesores «que hace muy poco tiempo, iniciaron y sostuvieron con su trabajo y su dinero (podemos probarlo) las escuelas nocturnas, sin protección oficial alguna, sólo por el cariño al obrero y no como cebo para pescarle el voto...» (El Pueblo, nº 54; 12-X-1901). O éxito destas escolas particulares non debeu ser moi positivo se temos en conta o comentario do vello republicano M. García Failde sobre a indiferencia e o absentismo obreiro ás clases nocturnas -cousa en certo modo lóxica se reparamos nos dilatados horarios de traballo-: «...A los obreros artesanos les recordaré que aquí ha habido en diferentes épocas escuelas nocturnas particulares, gratis ó casi gratis para ellos, en donde se les enseñaba geometría, dibujo y otros conocimientos que podían serles de suma utilidad. Al principio bien y no todos; al mes, la mitad ó menos, y al tercer mes ó antes solo quedaban los hermanos Deibe, que son los únicos que siempre han demostrado deseos de instruirse. No bastó que Pablo Iglesias os recomendase esa base esencialísima de vuestra emancipación; os habéis asociado. ¿Qué habéis hecho?» (43). A inauguración da Escola Nocturna de Obreros a remates dese ano, fomentada polas sociedades e financiada polo protector D. Juan García no que respecta aos salarios dos mestres, parece ser unha resposta a aquel. Mais ao pouco tempo o filántropo failles chegar ás sociedades a súa queixa pola escasa asistencia ás clases pregando máis cariño á instrucción, ao tempo que propón dedicar un novo local para proporcionar instrucción ás fillas dos asociados, proposta que será ben acollida.

Non sabemos o tempo que duraría esta experiencia educativa, quizá somentes un curso, pois en novembro de 1902 a sociedade de Zapateiros plantea a creación dunha escola nocturna, pero polo 1904 dise na prensa que non fructificou a causa da disminución gradual de asistencia, igual que ocorriu coas clases impartidas a cargo da Sociedad de Socorros e que tiveron que clausurarse, quizá porque moitos preferían acudir ás escolas nocturnas financiadas polos irmáns García Naveira, agora parece que como actividade benéfica particular e como un avance do que serían as famosas escolas «García Hermanos». No 1904 as de «homes» estaban a cargo de Sanjurjo Ossorio (este que as dirixíu durante dous anos ata emigrar a Arxentina, foi sustituído por Parga) e Edelmiro Moreno, e as de fillas de

obreiros a cargo de Rosa Pasarín e Juana Sanjurjo. La Aspiración anunciaba o comenzo das clases cunha recomendación: «A instruirse obreros que la ocasión es propicia y el único camino para la nivelación de clases.» Ao ano seguinte, cun total de 150 alumnos. Andrés Naveira Carballo, sustituto de Sanjurjo, acompaña a Moreno nas clases de homes. Estes mestres son mozos de escasa experiencia. Naveira ven de obter o título de bacharel e Moreno había pouco que fora habilitado para o ensino legal. Este Moreno impartirá tamén clases gratuitas aos obreiros do Pasatempo de 12 a 2 da tarde á altura de 1914 por encargo de Don Juan. (44)

Sabemos que nas escolas nocturnas dos García Naveira estimulábase con premios aos alumnos nos exames de fin de curso, celebrados diante dun tribunal no que adoitaba formar parte don Juan. Así, no 1906, os premios



consistían en cortes de pano para traxes, pantalóns, camisas, chaleques, chaquetas e libros. Esta pode ser a razón pola que moitos preferirán acudir a estas escolas en lugar das financiadas polas sociedades obreiras.

Aparte do ensino, as inquietudes culturais dunha minoría de obreiros dirixianse cara outras facetas. Así os afeccionados ao teatro intentaron a posta en escena de obras que percuraban a concienciación social dos traballadores. Xa falamos dunha función teatral que preparaban para o 1º de Maio de 1901, xusto cando viña de representarse o drama «Electra» de Pérez Galdós, que días antes na Coruña dera pé a manifestacións anticlericais e antimonárquicas. Uns meses antes, en febreiro, os libertarios betanceiros organizan a representación de duas obras de teatro social para recadar fondos para os presos que aínda estaban na cadea polos sucesos de Xerez de 1892. O acto xa se celebrara na Coruña,

^{43.} El Progreso, nº 14; 3-II-1901.

^{44.} Betanzos, nº 5; 7 de xuño de 1914.

representando a obra do anarquista cubano Palmiro de Lidia «Fin de fiesta», clásico do teatro obreiro da época, e «El Ebanista». (45).

No eido da música cómpre citar a «magnífica rondalla» da COLECTIVIDAD OBRERA, que saíu á rúa no Entroido de 1901 e que segundo Maino, estudoso das rondallas locais, estaba constituída «por cuatro ocarinas, siete guitarras y el hábil panderetero, Domingo Tenreiro, que hicieron las delicias de los brigantinos, en sus actuaciones. Vestían los rondallistas, bonitas blusas azules, con boina.» (46) Tamén por 1902 existía unha SOCIEDAD OBRERA MUSICAL da que apenas hai datos e que non descartamos poida tratarse de mesma anterior, dada a confusión nos nomes cando estas agrupacións son citadas na prensa.

Por outra parte, a «MÚSICA OBRERA» era contratada no verán de 1904 para as festas de San Xoán en Carballo, segundo noticiaba *La Aspiración*, quen comezara citándoa como «Charanga obrera». Tamén tocará na recepción a don Xesús García Naveira, «su ilustre benefactor», que viña de Madrid. Ademais, o Concello contrátaa para alternar coa Banda municipal nas festas patronais de San Roque. Segundo José Bartolomé Vidal, antigo director de *El Pueblo* e agora colaborador de *La Aspiración*, estiveron «superiormente la obrera y bastante bien la municipal.» Os intentos de formalizar unha asociación musical por parte dos músicos da banda municipal descontentos xurden en maio de 1901, sendo recollidos por *El Progreso* deste xeito:

«Según referencias, sabemos que tratan también de asociarse los músicos de nuestra banda municipal, para de esta manera conseguir... se disuelva; por que otra cosa, creo no llegarán á alcanzar. Hay agrupaciones, señores músicos, que no les está bien el asociarse; y conste que nosotros estamos por el asociamiento, y que, si como no hay otro periódico en la localidad lo hubiera, ya hace mucho tiempo que estábamos... asociados.»

Mais o cinismo do comentario final queda patente tendo en conta que si existía outro periódico na localidade, o semanario *El Pueblo*, nesa altura xa decantado a prol das sociedades obreiras.

A percura de profesionalización crea contradicións e desavinzas entre os seus integrantes, como cando o director, Xosé Faraldo, forma parte dunha comisión que o Centro de Juventud Brigantino envía a Figueiroa a saudar ao Marqués, ilustre dirixente conservador e Ministro do goberno. Ou cando ao seguinte 1905, a banda obreira dá serenata ao avogado Manuel Sánchez Cordero, «ilustre jefe del partido liberal-democrático». Na primavera de 1908, logo dun periodo de parálise motivado pola ausencia do seu director, o «inteligente y entusiasta músico D. José Faraldo», reanudábanse os ensaios e a actividade da «antigua colectividad musical obrera». *La Aspiración* daba a noticia no número do 31 de maio: «Nos alegramos de su aparición, pues es un elemento más de cultura local.»

No traballo de Xulio Cuns sobre a historia da Banda Municipal betanceira (47) atopamos máis datos sobre a orixe desta agrupación musical, que estaría formada por uns catorce dos



Regulamento e membrete de "El Avance", 1919.



trinta membros da banda municipal, separados da mesma tras un plante por non ter percibido determinadas gratificacións. Como afirma Cuns:

«Hay que deducir que los músicos dados de baja en la municipal pasaron a engrosar la Música Obrera (uno de los cuales es el director de la misma) y como eran los que verdaderamente sabían tocar hubo que contratarlos para amenizar los paseos y veladas».

Interésanos salientar neste caso a manifestación feita nun pleno, celebrado o 8 de xaneiro de 1904, cando se debatía este asunto por un concelleiro oposto á sanción, quen ve contradicións entre a explicación dada polo Alcalde e o concelleiro comisionado de música, o que «le induce á sospechar se procedió en la separación de los músicos con un fin preconcebido político... y que así debió ser, puesto que se da la circunstancia de que todos

^{45.} *La Revista Blanca*, suplemento, Madrid, 16-2-1901. Información facilitada polo amigo historiador Dionisio Pereira.

^{46.} Maino: «Ecos para la historia local: Rondallas Brigantinas», en *Betanzos'78 fiestas patronales de San Roque*. Imprenta Guardesa, A Guarda 1978.

^{47.} Cuns Lousa, J.: «La Banda Municipal de Betanzos en el siglo XX», en *Anuario Brigantino* 1986. O ano anterior publicara outro traballo sobre a banda no século XIX.

los suspensos votaron en las elecciones últimas en contra de los candidatos que pertenecen á la mayoría de la Corporación». Outro concelleiro da oposición, oposto á sanción, argumenta que «los músicos no eran empleados ni dependientes de la policía urbana ni rural, sino simplemente unos obreros que venían prestando servicios al Municipio tocando en la banda mediante una gratificación que satisfacía mensualmente».

O 25 de xaneiro de 1909 constitúese a SOCIEDAD OBRERA DE ESTUDIOS FILOSÓFICOS Y SOCIALES «NUEVO SOL», seguindo a liña da homónima coruñesa «Germinal» que impartía cursiños, conferencias e contaba con biblioteca e hemeroteca. Desafortunadamente, sabemos moi pouco da actividade e existencia desta sociedade. Unicamente que o seu presidente era nese ano Emilio Pérez e tiñan como enderezo o número 20 da rúa Roldán, quizais o propio domicilio daquel. Creemos que non debeu ter moita actividade nin duración.

Unha celebración popular como o Antroido adoitaba celebrarse por La Unión Obrera con bailes, paralelos -e máis populares- aos celebrados polo Liceo Recreativo, e comparsas que percorrían a cidade. Os bailes celebrábanse no «amplio salón» da Ribeira os días da Candelaria, domingo e martes de antroido e o domingo de «piñata» e competían cos célebres bailes de «La Camelia» que organizaba Claudino Pita no teatro Alfonsetti. Como curiosidade podemos citar a crítica que en 1905 un ácrata betanceiro escribe en *Germinal* (número do 1 de abril) sobre a asistencia de burgueses aproveitados aos bailes populares de Antroido, onde «corrompen a las más cándidas palomas, y al momento, se dan golpes de pecho demostrando contricción evangélica. Así es la moral cristiana.»

«LA UNIÓN OBRERA» E O LEGADO DE DON JESÚS GARCÍA

Unha data importante na historia do movemento obreiro local é a do 28 de agosto de 1912, cando se constitúe a Federación Local «La Unión Obrera», integrada polas catro sociedades existentes nese intre: Agricultores, Canteiros «El Avance», Carpinteiros e Oficios Varios. (48)

A Federación financiábase cunha cota de 7 pesetas anuais que aboarían as colectividades integrantes. As sociedades obreiras que se constituísen no futuro poderían ingresar nesta federación sempre que contasen polo menos con vinte socios e enviasen copia da acta de constitución e terían que abonar a maiores 30 pesetas de cota de ingreso.

Os fins primordiais eran: a constitución dunha biblioteca, «que sirva de instrucción y solaz a los obreros»; dun Montepío para obreiros enfermos; escolas diurnas ou nocturnas para os federados e os seus fillos; creación dunha Cooperativa de consumos de artículos «de comer y arder» para os confederados e as súas familias cando o permitisen os fondos e «para que el desenvolvimento sea libre». Para levar á práctica esas realizacións prevíase o recibimento de «donaciones, ya sea por dádiva, por testamento, mandas, efectos o por otro medio, así como el aceptar y recibir toda clase de herencias que dignos filántropos dejasen a cualquiera colectividad ya sea por separado o en común a todas reunidas que tengan el carácter de obreros de resistencia y se hallen federadas.» En catro ocasións máis vólvese a facer referencia ás herencias e donacións noutros artigos estatuarios.

Cando a xunta de goberno o considerase oportuno realizariase «la edificación de un edificio que se denominará "Casa del Pueblo" y en él establecerán si no en todo, en parte y según las necesidades lo aconsejen...» as posibles consecucións citadas nos fins.

48. Reglamento de la Federación local «La Unión Obrera» de Betanzos. Caderno manuscrito existente no AMB (fondo Vales Villamarín 4-6. Gremios. Sociedades Obreras).

Anuario Brigantino 1998, nº 21

O Consello de goberno elexiase entre os federados maiores de 25 anos, que soubesen ler e escribir. Tiña unha duración de catro anos, renovándose por mitades bianualmente. A federación exercía unha especie de supervisión das sociedades adherentes, podendo examinar as contas, intervindo nos litixios entre os socios de cada colectividade. Non podería disolverse en tanto existise unha sociedade federada, aínda que contase con menos de vinte individuos, e en caso de disolución absoluta os «enseres, edificios y menaje», xunto cos cartos que houbese, serían depositados en mans de persoa de garantía que entregaría todo «a la nueva colectividad federativa que se formalice con obreiros de resistencia, al igual de los que existen y tengan el mismo fin que las federadas en la actualidad.»

Está claro que o obxecto real desta Federación foi o disfrute do legado do benfeitor don Jesús García Naveira, falecido na Arxentina o 24 de marzo dese ano nun accidente de circulación. Entre outros legados que este filántropo deixou á súa vila natal figuraba un de 50.000 pesetas a beneficio das sociedades obreiras legalmente constituidas, feito que revela o talante e simpatías ideolóxicas de don Jesús, ao noso xeito de ver -e cos escasos datos existentes ao respecto- máis avanzado ideolóxicamente que seu irmán don Juan. Así se entende mellor que no regulamento da Federación se insista tanto en previsibles herencias, doacións, dádivas.

Con este legado as sociedades mercarán un solar no número 13 da céntrica Rúa Travesa cunha superficie de 209 m², na cantidade de 13.000 pesetas, invertindo o resto na construcción dun novo edificio que chamarán «Casa del Pueblo», do que aínda existe a fachada -sen a inscripción acusatoria da orixe- logo dos avatares da súa expropiación e venta a particulares e décadas de abandono, e que como veremos foi rematado e inaugurado anos despois, en 1919 (49). Mentres tanto, as sociedades continuaron compartindo o baixo da casa número 137 da rúa da Ribeira.

Pero, antes da compra do solar, o asunto dá lugar a un curioso episodio no seo da corporación municipal ao propoñer o concelleiro Naveira Pato (quen fora dirixente «Solidario» e agora tradicionalista a secas), nunha sesión celebrada o 13 de xuño de 1914, a cesión dun dos terreos municipais baldíos para a construcción «de una casa del Pueblo». O asunto cómpre entendelo na tirapuxa de bandos e familias políticas: o Alcalde conservador Antolín Sánchez Valeiro, nomeado por Real Orde, atópase só fronte a unha maioría liberal e unha minoría conservadora doutra tendencia. Este oponse alegando cuestións xurídicas e que cómpre concretar a que clase de obreiros se había de outorgar. Naveira aclara que se refire a tódolos obreiros da localidade en xeral. Sánchez Díaz portavoz da maioría liberal, «tan amante de los obreros como el que más», está de acordo coa moción, que «aquí no había mas que obreros socialistas, los cuales, así los del ramo de construcción como los agrícolas, eran los que constituían las Sociedades legalmente formadas» (non cita porén á Sociedade de Oficios Varios) e que só faltaba concretar o terreo a ceder. Para o Alcalde o único que se pretendía coa moción era «halagar á la clase obrera, lavándola con un poco de jaboncillo» e fai consideración sobre os cartos necesarios para a construcción como se descoñecese o legado de don Jesús García. Hai intervencións dende o público («grupito capitaneado por D. Benito Sánchez Valeiro hermano del Alcalde...», concreta Naveira na sesión seguinte), o Alcalde retíralle a palabra a Naveira, e prodúcese un pequeno tumulto abandonando o salón de plenos todos os concelleiros agás o Alcalde. (50)

AL PUEBLO

OBRERAS y OBREROS: Se os convoca para una gran conferencia, que estará a cargo del indomable camarada Juan Expósito, orador de palabra cálida y contundente, y que ya tuvisteis ocasión de oir en la Casa del Pueblo. La conferencia será un juicio crítico sobre el momento actual, en sus diversos aspectos social y económico.

En medio de toda esa balunda de jóvenes amorfos y acomodaticios que pululan y vivaquean en los partidos políticos v prostituyen su pluma en los periódicos burgueses, se yergue amenazante la acometedora valentía de los que como el compañero Expósito, fustigan a todo lo que constituye estancamiento y atraso, y son el coco de policias, patronos y gobernantes.

La conferencia será a las nueve de la noche en la Casa del Pueblo, y debéis concurrir todos, para oir y reflexionar sobre lo que el conferenciante exponga, que será desde todos los puntos de vista original e instructivo.

¡No faltar a la conferencia!

Mucrocoles cha f

Anuncio dunha conferencia organizada polo Sindicato de Oficios Varios para o 14 de xullo de 1920.

Unha semana despois continúa debatíndose a moción de Naveira. Este propón a cesión gratuita (ou en forma de contrato de censo cun cánon de cinco pesetas anuais, se as disposicións legais o impedisen) do sobrante dunha vía pública que existía entre as rúas de San Francisco e a 1ª de Noas ou de Quiroga. A proposta pasa a estudio da comisión de Facenda, unha vez que o Alcalde aclara que non se opuxera senón que se limitara a sinalar as dificultades do proxecto e que descoñecía ese legado do difunto Jesús García ás sociedades. (51)

Como queira que a cesión do terreo municipal non debeu sair adiante, as sociedades rematarán por mercar elas o solar. A construcción da «Casa del Pueblo» encargouselle ao reputado arquitecto coruñés Rafael González Villar, quen por estes anos realizará varias obras de importancia en Betanzos. Quizá a razón principal da escolla deste arquitecto estea no feito de ser el mesmo o encargado das obras das escolas Jesús García Naveira, financiadas cun legado deste mesmo filántropo, que se comezan a construir no 1917. A «Casa del Pueblo», edificio historicista de baixo e dous andares que racha coa arquitectura tradicional das casas veciñas, será a súa segunda obra en Betanzos (52).

E. Carré Aldao escribía por 1923 sobre a «Casa del Pueblo»: «Las sociedades obreras de Betanzos, que tuvieron relativamente gran fuerza a principios del siglo actual, reuniendo fondos propios y donativos de personas adineradas, arribaron a la adquisición y recons-

^{49.} Torres Regueiro, X: «A Casa do Povo de Betanzos», en *A Nosa Terra*, nº 282. Vigo, 5-XII-1985. 50. AMB, Libro de Actas, sesión ordinaria de 13 de xuño de 1914.

^{51.} AMB. Libro de Actas, sesión ordinaria de 20 de xuño de 1914.

^{52.} Cabano Vázquez, I.: «La Arquitectura de Rafael González Villar en Betanzos». *Anuario Brigantino*, nº 8; 1985, páx 131-144).

trucción de un edificio en la Ruatraviesa. Tiene carácter modernista y aparatoso y sorprende agradablemente por su arquitectura, que ofrece una nota de su tiempo muy característica y contrasta con las edificaciones próximas. Además de los salones necesarios para las juntas de obreros, tiene otro de espectáculos en la planta baja llamado de 'Jesús García Naveira', donde está actualmente el cine del célebre globista Claudino Pita.» (53)

A relación das sociedades cos filántropos García Naveira foi sempre de simpatía e gratitude. Os irmáns procedían dunha humilde familia, coñecida popularmente como «Os Subela», o que os acercaba a obreiros e agricultores na orixe, e a inversión de parte da súa fortuna en obras sociais e benéficas era louvado por tódalas clases sociais, en especial polas capas populares que eran as inmediatas beneficiarias das escolas, lavadeiros, asilo, ..., que foron construindo, ben conxuntamente ou cada un pola súa banda. (54). E ao mesmo tempo que esas obras benéficas cobrían necesidades sociais básicas, contribuían tamén a paliar o paro obreiro, proporcionando traballo temporal a un bo número de obreiros durante varios anos.

Non é de extrañar, pois, que as sociedades obreiras homenaxearan en varias ocasións aos irmáns. Cando don Juan regresa dunha viaxe a Roma en 1904, as sociedades do Centro Obreiro acordan tributarlle un cariñoso recibemento. O 17 de agosto de 1908, con motivo da colocación da primeira pedra do Asilo e Escolas que os García Naveira estaban a financiar, as sociedades obreiras (Carpinteiros, Canteiros, Agricultores e Oficios Varios) envíanlles unha «Mensaje de Gratitud» aos filántropos, asinada polos seus presidentes José Espiñeira Germade, Manuel Souto Costoya, Bernardo Miño Abelenda e Luis Illobre Sánchez, respectivamente. En 1911 os presidentes das sociedades (José Cagiao, carpinteiros; Bernardo Hermida, oficios varios; Antonio Casanova, agricultores; e José Rodríguez, canteiros) forman parte da comisión homenaxe para regalarlles aos García Naveira a Gran Cruz de Beneficencia que lles fora concedida a solicitude do Concello. Nas listas pro-homenaxe, publicadas por La Aspiración, aparecen aportacións de dezaoito membros da sociedade de Oficios Varios, vintesete carpinteiros de «La Prosperidad», once canteiros da sociedade e vintenove da sociedade de Agricultores. Cando morre Jesús García Naveira na Arxentina no 1912, a recén constituida Federación Local «La Unión Obrera» organiza unha Velada Literaria Necrolóxica en honor do benfeitor, que se celebra o 4 de setembro dese ano no teatro Alfonsetti. Todo isto non foi obstáculo para que os operarios que traballaban nas obras do Asilo e Escolas García Naveira se puxeran en folga en xullo de 1911, como xa vimos anteriormente, ao negarse don Juan á suba de un real por xornal que os demáis mestres de obras xa aceptaran.

En marzo de 1913 vemos como presidente da Federación Local a José Rodríguez. Creemos que se trata do veterano canteiro socialista coruñés que percorreu distintas localidades galegas -mobilidade facilitada por mor do propio traballo itinerante- contribuíndo a organizar e divulgar as ideas socialistas, e a quen xa viramos como presidente da Sociedad de Obreros en 1901 e asistir ao acto fundacional da Asociación de Obreros Agricultores. Quizá a súa presencia en Betanzos neste momento teña moito que ver coa folga que levan a cabo os obreiros da construcción a remates dese mes. Sen embargo, rematando o mesmo

ano 1913 a actividade decaera, segundo o periódico *Betanzos Liberal*, quen se refería á «existencia lánguida porque atraviesan todas las sociedades obreras de carpinteros, canteros, agricultores, oficios varios, etctera aquí afiliados.» No solto convídase aos directivos das diferentes sociedades a reunirse e buscar unha «orientación definitiva en la defensa de los intereses comunales...» (55)

O LONGO DEVALO

A partir de 1913 e ata a II República, a actividade das organizacións obreiras esváese no tempo, oculta por unha espesa brétema. A falta de prensa local na que se poida rastrear algunha noticia vencellada ao movemento obreiro (entre 1914 e 1922 só se publicou a revista nacionalista *Rexurdimento* e entre este ano e a II República só apareceron algúns números dun semanario agrario e un órgano da Dictadura de Primo de Rivera, todos eles pouco propicios a acoller información do mundo obreiro). A propia febleza das organizacións obreiras locais, unida ao contexto xeral no Estado. Os sete anos da Dictadura primorriverista, entre 1923 e 1930, coutadores de todo sindicalismo crítico co sistema.... Todo isto xustifica o escaso coñecemento e relevancia da actividade societaria obreira neses tres lustros longos.

Somente o ano 1919 ten un especial releve nesta etapa escura (que parece ser xeral no sindicalismo galego). Nese ano parece que rematan as obras da «Casa del Pueblo», construída co legado de Jesús García Naveira. O xa citado Carré Aldao asegura nas notas ao texto devandito que se inaugurou en setembro de 1919, aínda que a mediados de agosto acordábase activar con toda urxencia a terminación das obras para a súa inauguración . Antes, o 25 de marzo de 1919, «con motivo de las actuales circunstancias» o Gobernador insta á Alcaldía a clausurar inmediatamente as sociedades anarquistas, sindicalistas «y aun» socialistas, a suspensión de toda publicación de tal carácter e dispón «que se practiquen cacheos en bailes y tabernas y se recojan toda clase de armas a personas maleantes y sospechosas, aun cuando tengan licencia para usarlas» (56). No expediente que se instrúe e asina o Alcalde Agustín Leis asegúrase que non existen na cidade sociedades anarquistas nin sindicalistas, «pero si Socialistas», polo que se procede a clausurar o local social da Federación Obrera na rúa Ribera 137, «que es el domicilio oficial de todas las asociaciones de dicha índole que integran la indicada federación...» Ofíciase ao comandante da Garda Civil para que practique os cacheos e recollida de armas e dase a mesma orde verbal aos gardas municipais. Na mañá do 27 de marzo procédese á clausura do local da Federación Obrera e levántase a acta correspondente en presencia do presidente da mesma, José Espiñeira Germade. A clausura durará un par de meses, ata o 21 de maio en que a convocatoria electoral obriga ou aconsella repoñer as garantías constitucionais.

1919 é un ano de inflexión para o sindicalismo no Estado español ao celebrarse en Madrid no mes de Nadal o II Congreso da C.N.T. que avoga por un cambio na estructura sindical, sustituindo os antigos sindicatos de oficio polos de ramo industrial. Quizá como reflexo destes cambios, ten lugar a creación a remates do ano do SINDICATO DEL RAMO DE LA CONSTRUCCIÓN «EL AVANCE BRIGANTINO», constituído o 4 de decembro e que integra a carpinteiros, canteiros e albaneis. O presidente é Alfonso Ferreiro González e o secretario Manuel Caveiro Uría. O resto dos directivos son José García Alfonso, vicepre-

Anuario Brigantino 1998, nº 21

^{53.} Carré Aldao, E.: Provincia de La Coruña. Betanzos, en *Geografía del Reino de Galicia*. Carreras Candi edt. Barcelona, s.a.

^{54.} Véxase respecto destes irmáns e a súa obra benéfica, Rodríguez Crespo, M.: «Lucha y generosidad de los hermanos García Naveira», Betanzos, 1983; e De la Fuente, S.: «García Naveira, Juan y Jesús», en Gran Enciclopedia Gallega, t.15, páx 193-198.

^{55.} Betanzos Liberal, nº 3; 7 de decembro de 1913, «Vida Obrera».

^{56.} AMB. Carp. 1074.

sidente; José Espiñeira Alonso, tesoureiro; José López González, contador; e Fermín Edreira Ferreira, Manuel López Campos e Manuel Fernández Buyo, como vocais. Todos eles figuran como carpinteiros de profesión, agás os dous últimos, canteiro e albanel, respectivamente. Na reunión fundacional, presidida polo vigués residente en Betanzos, Ermesindo Cachafeiro (noutro lugar aparece como Hermenegildo e noutro Hermensildo) con presencia de setenta obreiros, apróbanse os estatutos sociais. Nun dos apartados lese: «Este sindicato se constituye dentro de los principios puramente económicos y sus asociados son libres para pensar y defender las ideas que crean mas combenientes independientemente del Sindicato...» [sic]. O enderezo social fíxase xa na Casa del Pueblo, na rúa Travesa 13, o que supón que debía estar xa inaugurada nese momento ou ben utilizarse sen estar as obras totalmente rematadas. (57)

Que «La Unión Obrera», pola súa orientación socialista, non conseguía aglutinar a todos os obreiros da localidade é un feito corroborado polo acordo adoptado polos presidentes das sociedades federadas en agosto de 1919, uns meses antes da formación do novo sindicato: «Hacer todos los medios para asociar a todos los obreros que tengan oficio conocido para hacer una Sociedad fuerte y poderosa que será la base principal de una potente organización.» Outro argumento que xustifica a tendencia cenetista deste sindicato de ramo é que cando o novo Sindicato de Profesións Varias, desta tendencia, intente a comezos da República a cesión dun local na «Casa del Pueblo» por parte dos dirixentes socialistas predominantes, e diante da negativa destes, escudaranse nos dereitos adquiridos por este sindicato de ramo que non constaba oficialmente disolto, aínda que xa deixase de funcionar había tempo. Dionisio Pereira, estudoso da CNT na Galicia, dá unha cifra de 123 afiliados para o sindicato cenetista de Betanzos en 1919, que debe tratarse deste mesmo do ramo da construcción (58).

Ao ano seguinte aparece constituído un SINDICATO DE OFICIOS VARIOS, de orientación cenetista, do que é secretario Antonio da Riva Otero e presidente Manuel Seijo Santos e que quizá englobase ao anterior, que figura como non existente nunha relación de xullo de 1923 (59). Claro que tamén aparece como non existente nesa relación de Asociacións o Sindicato de Oficios Varios. Sen embargo, en 1924 distribuíanse en Betanzos 45 exemplares do órgano da Rexional Galaica da C.N.T. *Solidaridad Obrera*, que recollía a veces algunhas colaboracións de Betanzos asinadas polo seudónimo «Ráfaga». O sindicato terá unha vida lánguida durante a Dictadura ata case desaparecer polo acoso institucional. O presidente en 1925 era José Fernández «O Callobrés», quen terá relevancia na súa reorganización e actividade nos primeiros anos da República.

Da debilidade sindical deste período pode dar unha idea o feito de que o secretario fundacional do sindicato cenetista é un mozo estudante de 18 anos e que o presidente Manuel Seijo, zapateiro de 30 anos, nega a súa sinatura ao pé dun documento do sindicato cando os dous son requeridos pola Alcaldía para corroboralo, non facéndose responsable «de las consecuencias que puedan derivarse por la firma y rúbrica que se le suplantó en el repetido oficio.» Resulta que o sindicato acordara o 18 de outubro de 1920 dirixirse á Alcaldía solicitando que «la tasa de los artículos de primera sea un hecho» como, ao

En canto ao asociacionismo agrario, logo da desfeita do movemento "Solidario" (1906-1912), pasa tamén por un decenio de desorientación e supervivencia. O clero local tratará, infructuosamente, de introducir o sindicalismo católico agrario, seguindo as consignas e estratexia da Igrexa Católica en todo o Estado. En 1918, nunha data tan simbólica como o 1º de maio, o párroco de Santiago de Betanzos comunica ao Alcalde a celebración dunha conferencia no teatro Alfonsetti a cargo de dous propagandistas de Madrid que versarían sobre sindicatos agrícolas «lejos de toda política» (61). Tamén, diante da organización dunha asociación agraria na parroquia de Tiobre, o párroco intentará orientala e encamiñala cara o sindicalismo católico. Esta constituirase en 1922 cunha orientación socialista, ben diferente á desexada polo crego, e marcará unha inflexión no agrarismo comarcal co nacemento doutras asociacións que levará á creación da Federación Agraria do Partido Xudicial de Betanzos o 18 de marzo de 1923, pouco antes da chegada da Dictadura. Mais a actividade desta Federación excede os límites deste traballo, polo que agardamos tratala noutra ocasión.

APÉNDICE

MEMBROS DOCUMENTADOS DAS DIRECTIVAS DAS SOCIEDADES*

AMARANTE LÓPEZ, JUAN, barbeiro, presidente Oficios Varios 1902, tesoureiro 1905.

Vicepresidente do Centro Republicano en 1910.

AMBOADE VEIGA, PEDRO. directivo de Zapateiros 1900, tesoureiro 1905.

Vocal do Centro Republicano en 1910.

AMOR BARALLOBRE, ANTONIO, presidente Soc. Obreros «El Trabajo» en 1902.

ASOREY ARES, JOSÉ, fundador da Soc. Obreros Agricultores, concelleiro 1901,

BARREIRO MACEIRAS, JOSÉ, directivo Canteiros 1905.

BLANCO, JUAN. directivo Zapateiros 1900.

CAGIAO, JOSÉ, presidente Carpinteiros 1910.

CAGIAO, LISARDO, secretario 2º Carpinteiros 1910.

CARRO GARCÍA, RAMÓN, vicepresidente Zapateiros 1905.

CASAL VIDA, BENITO, tesoureiro Obreros Agricultores 1909.

CASANOVA GARCÍA, ANTONIO, fundador Soc. Obreros Agricultores.

Presidente 1907, 1909, 1910, 1911, 1912.

CASTRO, ANTONIO, vocal Obreros Agricultores 1911.

CAVEIRO URÍA, MANUEL, secretario Obreros Construcción 1919.

CEÁN, JOSÉ, vocal Obreros Agricultores 1911.

CES FREIRE, ANTONIO. directivo Zapateiros 1900, presidente 1904.

CORTES, IGNACIO. directivo Zapateiros 1900, vicesecretario 1905.

^{57.} ARG. Gobierno Civil, Orden Público, legaxo 1794. No regulamento manuscrito, con abondantes incorrecións ortográficas, o nome deste sindicato figura como «El Abance Brigantino».

^{58.} D. Pereira: A CNT na Galicia, 1922-1936. Edicións Laiovento. Santiago, 1994.

^{59.} AMB. Carp. 1074. documento «Relación de Asociaciones».

^{60.} AMB. Carp. 1074. O.P. Diversos oficios, 1898-1935.

^{61.} AMB. Entradas, 1918.

COSTOYA, AGUSTÍN, presidente Carpinteiros 1909, secretario 1910.

CRESTAR FARALDO, ANTONIO, secretario Canteiros 1905.

CRESTAR FARALDO, JACOBO, presidente Sociedad Obrera 1901; directivo Canteiros 1905.

DEIBE, CAMILO, vicepresidente Carpinteiros 1910.

DIAZ VALLADARES, ROGELIO, presidente Sociedad de Obreros en 1902; fundador Carpinteiros

1903, tesoureiro 1910, presidente 1912; presidente Socorros Mutuos de Obreros 1916.

EDREIRA FERREIRA, FERMÍN, vocal Sind. Ramo Construcción 1919.

ESPIÑEIRA FARALDO, JOSÉ, tesoureiro Sind. Ramo Construcción 1919.

ESPIÑEIRA GERMADE, JOSÉ. presidente de Agricultores en 1903; fundador Sociedad

Carpinteiros 1903; presidente federación local «La Unión Obrera» 1919.

FARALDO, JOSÉ, vocal Oficios Varios 1905, músico, director da Música Obrera.

FARALDO, ANTONIO, presidente Carpinteiros 1908.

FERNÁNDEZ, ANTONIO, secretario Agricultores 1904.

FERNANDEZ, JESÚS, fundador Soc. Obreros Agricultores.

FERNÁNDEZ, JOSÉ, directivo Canteiros 1905.

FERNÁNDEZ, JUAN, directivo Canteiros 1905.

FERNÁNDEZ BUYO, MANUEL, vocal Sind. Ramo Construcción 1919.

FERREIRO GONZÁLEZ, ALFONSO (ou Ferreira?), contador Carpinteiros 1910; presidente Sind.

Ramo Construcción 1919.

FERREIRO, MARIANO, vocal Oficios Varios 1905.

FERRO FONTELA, MANUEL, vicepte. Canteiros 1905.

FRAGA, ABELARDO, directivo Oficios Varios 1905.

GARCÍA VILARIÑO, LUIS, secretario Zapateiros 1905.

GARCÍA, JOSÉ, secretario Oficios Varios 1904, presidente 1905.

GARCÍA, JUAN, directivo Carpinteiros 1908.

GARCÍA, LUIS, secretario Canteiros 1905.

GARCÍA ALFONSO, JOSÉ, vicepresidente Sind. Ramo Construcción 1919.

GARCÍA CASAL, MANUEL, fundador Sociedad Trabajadores, 1899; vocal Oficios Varios 1905.

GARCÍA, JOSÉ, presidente Oficios Varios 1905.

GAVÍN, MANUEL, (outras veces aparece GABÍN) secretario Oficios Varios 1905.

GONDELL RODRÍGUEZ, FERNANDO, carpinteiro, fundador Sociedad Trabajadores 1899.

GONZÁLEZ, AGUSTÍN, presidente Canteiros 1904.

ILLOBRE SÁNCHEZ, LUIS, presidente Oficios Varios 1908; secretario Socorros Mutuos de Obreros 1916.

HERMIDA, BERNARDO. directivo da Soc. Zapateiros 1900, presidente 1903; presidente Oficios Varios 1911.

LÓPEZ CAMPOS, MANUEL, vocal Sind. Ramo Construcción 1919.

LÓPEZ GONZÁLEZ, JOSÉ, contador Sind. Ramo Construcción 1919.

LOUSA BEADE, VICENTE. fundador e presidente de Obreros Agricultores 1900.

MARTÍNEZ, JUAN A. fundador Albaneis e Peóns La Aurora Obrera, 1903.

MÉNDEZ, JOSÉ, vicesecretario Obreros Agricultores 1909.

MIÑO ABELENDA, BERNARDO, fundador Soc. Obreros Agricultores, presidente 1902, 1908,..., concelleiro 1909.

NAVEIRA, BERNARDO, vocal Obreros Agricultores 1909.

OTERO, MANUEL, presidente Oficios Varios 1904, vicepresidente 1905.

OTERO, PLÁCIDO, fundador Carpinteiros 1903.

PENA, MANUEL, fundador Sociedad Trabajadores 1899.

PÉREZ, LUIS, tesoureiro Obreros Agricultores 1911.

* Os datos proceden de diversas fontes: Regulamentos de Sociedades, Documentos das Sociedades (Arquivo do Reino de Galicia, sección Gobierno Civil, e Arquivo Municipal de Betanzos), Censos electorais, noticias de prensa...

PÉREZ TORRES, MANUEL, directivo Zapateiros 1900.

PRADO, JOSÉ, contador Obreros Agricultores 1909.

RAMOS, JULIO, vocal Oficios Varios 1905.

RIVA OTERO, ANTONIO DA, estudante, fundador e secretario do Sindicato de Oficios Varios en 1920.

ROCA, MARCOS, directivo Canteiros 1905.

RODRÍGUEZ, JOSÉ, presidente Sociedad Obreros 1901 (dimite nese ano); presidente de La Unión Obrera 1913.

RODRÍGUEZ OSORIO, ELEUTERIO, presidente Zapateiros 1905.

ROJO LEAL, LUIS. directivo Zapateiros 1900. En 1902 é garda municipal.

SÁNCHEZ, HIPÓLITO, vocal Carpinteiros 1910.

SANMARTÍN MURIAS, FRANCISCO, presidente de Canteiros 1912. Foi capataz de D.

Juan García Naveira nas obras do «Pasatiempo».

SEIJO SANTOS, MANUEL, zapateiro, fundador e presidente do Sindicato de Oficios Varios en 1920.

SOBRINO, MANUEL, directivo Zapateiros 1905.

SOUTO, ANDRÉS, secretario Sociedad Obrera, 1901; fundador Albaneis e Peóns La Aurora Obrera, 1903.

SOUTO BLANCO, EDUARDO, presidente de Agricultores 1904.

SOUTO COSTOYA, MANUEL, fundador Sociedad Trabajadores 1899; presidente Canteiros 1905, 1908.

SOUTO, JOSÉ, presidente Sociedad Obrera, 1901; fundador Albaneis e Peóns La Aurora Obrera, presidente 1904.

TEIJO, LUIS, presidente da Sociedad Obrera 1899. Abandona ao ser nomeado cabo da ronda de serenos en 1901.

TEIJO CORREA, PEDRO agricultores 1901, candidato a concelleiro nas elección dese ano.

TEIJO CORREA, FRANCISCO, fundador Soc. Obreros Agricultores; secretario 1901.

Nalgún censo figura como carteiro.

VARELA AMBOADE, JOSÉ BENITO, directivo Zapateiros 1905.

VÁZQUEZ VALES, MANUEL, fundadador de Carpinteiros 1903.

VAZOUEZ, JESÚS, fundador Carpinteiros, presidente 1904.

VÍA, PEDRO, vocal Obreros Agricultores 1909.


VÍA VÁZOUEZ, JESÚS, fundador Albaneis e Peóns La Aurora Obrera 1903.

VIDAL, FRANCISCO, vocal Obreros Agricultores 1911.

VIDAL CRESPO, JOSÉ, secretario de Agricultores 1909, concelleiro 1909.

VILLAVERDE GUERRA, FRANCISCO, fundador Sociedad Trabajadores 1899; vocal Carpinteiros 1910.

VILLAVERDE, MANUEL, directivo Canteiros 1905.



Proxecto en gouache do arquitecto González Villarpara a "Casa del Pueblo".

Anuario Brigantino 1998, nº 21

Anuario Brigantino 1998, nº 21

O asociacionismo español en Cuba, 1900-1930: o caso galego

MANUEL SOUTO LÓPEZ*



Fig. 1.- Inauguración da escola das Pontes no 1928.

Un dos elementos fundamentais para comprender o complexo proceso de asimilación ou integración das colectividades de inmigrantes españolas nas sociedades receptoras, é o estudio do asociacionismo de carácter étnico que se vai desenvolver nos países americanos dende mediados do século XIX; e que no caso concreto de Cuba vai adquirir unha gran importancia, pervivindo aínda na actualidade.

O estudio destas institucións étnicas e o seu significado representou, para a historiografía da emigración unha nova controversia sobre o rol que estas desempeñaban nos procesos de inserción dos inmigrantes.

Os defensores da teoría do melting-pot, seguindo os postulados apuntados por G. Germani, suxiren que a longo prazo estas sociedades reforzan y facilitan os procesos de asimilación. As sociedades voluntarias suplirían en parte as lagoas e deficiencias dos servicios a cargo do Estado, mantendo escolas, hospitais e outros centros asistenciais. Pero, sobre todo, desempeñarían a función de estructuras de transición no proceso de adaptación social dos inmigrantes, amortiguando a incorporación destes, sendo un factor de seguridade psicolóxica e actuando como axentes de aculturación.

^{*}Manuel Souto López é Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e arquiveiro-bibliotecario municipal das Pontes. O presente traballo é un avance da súa tese, titulada "Integración socioeconómica da colectividade galega en Cuba".

Mentres os partidarios do pluralismo cultural entenden que a propia existencia destas sociedades significa o fracaso da integración dos inmigrantes, sendo boa proba desta situación a pervivencia durante un longo período de tempo de diversas identidades nacionais nos países receptores.

1.- A formación das primeiras asociacións

O asociacionismo comenza en América a mediados do século XIX como resultado do importante número de inmigrantes que chegan durante eses anos, formándose as primeiras entidades nos grandes núcleos urbanos como A Habana, Bos Aires, Montevideo, onde se concentran a maior parte dos emigrantes procedentes do Estado Español.

[Estas asociacións seguirían] una vía divergente, cuando no contrapuesta, a las de base profesional, a las que por lo demás superaron ampliamente en número y en afiliados. Excasamente interesadas en la política del país, poco entusiastas en las reivindicaciones de clase o en la adopción de actitudes contestatarias hacia el Estado o las instituciones en general, y provistas en muchos casos de una fuerte solidaridad interclasista de matriz regional o nacional entre sus miembros, serán quizás-(..)-más una alternativa que un complemento de las asociaciones de reivindicación gremial o social¹.

A causa principal na formación destas entidades étnicas sería a existencia no mesmo espacio xeográfico de individuos pertencentes a un mesmo grupo étnico, que tenden a establecer relacións persoais entre eles; por iso este proceso vaise orixinar inicialmente nas grandes cidades onde se conforman as primeiras colectividades importantes de inmigrantes.

Este fenomeno estaría facilitado por determinadas circunstancias que van permitir formar unhas redes de sociabilidade na colectividade como desempeñar actividades laborais similares, centradas no comercio ou no sector servicios, e unhas pautas residenciais caracterizadas por unha forte concentración en determinados barrios.

Ademais, os inmigrantes buscaron cauces de inserción social primarios nunha realidade allea, polo que se refuxian no seo da colectividade inmigrante, creando distintos tipos de institucións, ó mostrarse insuficientes as vías de integración tradicionais como a familia, as amizades, o lugar de traballo ou barrio de residencia².

Asi mesmo inflúe a existencia do mecanismo das cadeas de emigración, que determinará que os recén chegados reforcen e entren a formar parte dunhas redes sociais previamente establecidas.



Fig. 2.- Banquete de inauguración da escola das Pontes no 1928.

Moitos destes emigrantes seguen mantendo unha forte vinculación co país de procedencia, por considerar que a súa estadía nos países americanos non sería definitiva, pois nos primeiros anos pensaban na posibilidade dun próximo retorno, e, ademais, o carácter de emigración familiar implicaba continuas relacións cos parentes asentados na Península.

Outro dos motivos será o interese dunha elite económica e cultural existente dentro da colectividade inmigrante que dinamizará e mediatizará o comportamento da mesma, e mediante o liderato destas asociacións intentará adquirir un papel relevante no país de destino.

Outra causa para a formación destas sociedades sería a falta de servicios asistenciais na sociedade receptora como a inexistencia de hospitais e servicios médicos. Temos que unirlle unha oleada de andazos (febre amarilla, cólera, ...) que afectaban nas décadas do 1870, 1880 e 1890 a todo o continente americano³, polo que se fai imprescindible o acceso da poboación (e os inmigrantes) ós servicios sanitarios.

¹.- DEVOTO, Fernando. «Las sociedades italianas de ayuda mutua en Buenos Aires y Santa Fe». *Studi Emigrazione*, no 75, 1984, p.322.

².- Esta idea do asociacionismo como substituto das redes de sociabilidade primaria do emigrante foi sinalada por R. Cavallaro, que defende que hai unha estreita correlación entre o nivel de asociacionismo e a extensión fortaleza do grupo primario fundamental -a familia- nas súas sociedades de orixe; polo que os emigrantes procedentes de zonas onde perviven familias plurinucleares participarían máis activamente nas asociacións, en contraste cos que formaban parte das familias de tipo parental que frearían o desenvolvemento das estructuras asociativas. Ver F. Devoto e A. Fernández. «Asociacionismo étnico, liderazgo y participación en dos grupos étnicos en áreas urbanas de la Argentina finsecular. Un enfoque comparado» en DEVOTO, F y ROSOLI, G. L'Italia nella societá argentina. Roma, Centro de Studi Emigrazione, 1988, p. 196.

³.- A dimensión destes andazos e de enorme importancia e son un acicate para que os emigrantes creen servicios asistenciais e médicos. Podemos constatar a dimensión nunha noticia aparecida no periódico La Tierra Gallega en 1895: Los terribles estragos que, según puede verse por las noticias que a diario os comunica la prensa, está haciendo actualmente la fiebre amarilla dentro y fuera de esta capital, dan escepcional interés a cuanto se relacione con la profiláxis y los medios para combatir la dolencia que tantas vidas arrebata al elemento penínsular en la isla de Cuba. Recogido por ALLEGUE, G. (ed.). Galegos: As mans de América. Vigo, Nigra, 1992, p. 119.

2.- Unha aproximación ó seu desenvolvemento histórico

En 1841 créase a primeira asociación de emigrantes españois en **Cuba**⁴. Trátase da *Sociedad de Beneficencia Naturales de Cataluña*. Pero haberá que esperar trinta anos para que este proceso teña continuidade, coa constitución en 1871 dunha nova entidade, a *Sociedad de Beneficencia Naturales de Galicia*. A partir dese momento e tralo recoñecemento legal polo goberno español do dereito de reunión e asociación prodúcese un importante proceso de creación de novas sociedades, formándose numerosas institucións que representan ás diferentes colectividades rexionais españolas.

Nun principio, aparecen novas sociedades rexionais de beneficencia na Habana como a Asociación Canaria de Beneficencia y Protección Agrícola de la Habana (1872), a Sociedad Vasco-Navarra de Beneficencia (1877), a Sociedad Asturiana de Beneficencia (1877); e tamén noutras cidades como a Asociación Benéfica de Cárdenas (1880) ou a Asociación Benéfica Asturiana de Matanzas (1882).

Posteriormente aparecen entidades mutualistas e recreativas, como os centros rexionais: *Centro Gallego* (1879), *Centro Catalán* (1885), *Centro Asturiano* (1886), *Centro Balear* (1902), *Centro Euskaro* (1911), *Centro Montañés* (1910), ...

Como puidemos apreciar á hora da conformación das primeiras asociacións existe unha clara diferencia entre Cuba e outros países como Arxentina e Uruguai os cales son receptores nese momento do maior continxente de inmigración española. En Arxentina por exemplo fórmanse nun primeiro momento sociedades panhispánicas e posteriormente os centros rexionais, mentres que no caso cubano dende un principio créanse asociacións de carácter rexional. Isto é debido á situación política de Cuba que durante o século XIX é unha colonia española, polo que sería impensable a creación dunha asociación que asumira a representación dos españois nunha parte do seu territorio. A isto engádeselle un maior número de emigrantes, pois non debemos olvidar que a emigración ós países sudamericanos estivo prohibida durante a primeira metade do século XIX, potenciándose polo contrario a emigración ás colonias españolas. E a presencia de elites rexionais cun forte poder económico, como no caso dos cataláns, que manteñen importantes lazos comerciais coa Península.

O comezo do século XX vai ir acompañado, en Cuba, da aparición de novas entidades organizativas, as sociedades de carácter comarcal ou local, que adoptan unha nova base de representatividade: a comarca, a localidade, a parroquia e incluso o *lugar* de orixe dos inmigrantes.

A aparición deste tipo de sociedades redúcese case exclusivamente ás rexións do norte de España, destacando dentro delas as que representan a Galicia e Asturias, que son as principais zonas de procedencia do continxente migratorio español.

Pero para explicar o proceso de aparición e consolidación destas sociedades locais non podemos cinguirnos exclusivamente a unha simple relación: maior número de emigrantes equivale a un maior número de sociedades. Como sinalan moitos autores, este fenómeno respondería á non consolidación do Estado Nacional, e a pervivencia de relacións de sociabilidade dentro da colectividade emigrada máis vencellada ás pequenas esferas de sociabilidade como a parroquia ou a localidade.




Fig. 3.- David Piñón e o "Veloz Club" de ciclismo, integrado maioritariamente por españois. Anos 30.

Este fenómeno, coidamos responde ao propio artellamento real de Galicia deses tempos. A actual división provincial era aínda moi nova e non debía ter un peso ideolóxico e psicolóxico importante nos individuos que administrativamente estaban comprendidas dentro de cada unha delas⁵.

Relacións sociais que, en parte, foron transmitidas polos propios emigrantes a América, mediante as cadeas migratorias dende determinadas zonas españolas que permitiron a conformación de determinadas estructuras ocupacionais ou pautas residenciais e a creación de novas redes de sociabilidade en América nas que participaban emigrantes dunha mesma procedencia local; relacións que se van institucionalizar na creación destas novas entidades organizativas.

Entre as súas finalidades ademais das actividades recreativas e mutuais, destaca a idea de protección e fomento dos lugares de orixe, figurando entre os seus obxectivos: a construcción e sostemento de escolas de primeiro ensino, organizar bibliotecas, realizar obras públicas (fontes, lavadoiros, camiños, pontes, cemiterios, ...), construir edificios sociais (hospitais, sedes de sindicatos, casinos, casas do pobo...), crear ou apoiar sindicatos

Anuario Brigantino 1998, nº 21

⁴.- A primeira Sociedade de Beneficencia constitueuse na cidade de Tampico (México). Anteriormente, xa durante o século XVIII existiron diversas agrupacións confesionais como a *Congregación de naturales* y originarios del Reino de Galicia de Bos Aires ou a *Santa Hermandad de Santiago el Mayor, Patrón de las Españas* de La Habana.

⁵.- PALMAS, Ricardo. *A emigración galega na Arxentina*. A Coruña, Ed. do Castro, 1978., p. 14.

agrícolas, e sostener, en general, cuanta iniciativa pudiese mejorar las condiciones de vida en Galicia y en la emigración⁶.

Reciben sempre a denominación de Asociación, Sociedade, Círculo, Club, Centro de Hijos, Naturales o Residentes, seguido da referencia do seu lugar de procedencia. Cando se creaba unha destas organizacións, primeiro dotábase duns Estatutos, Regulamentos, e elección de cargos; posteriormente entraba en contacto cos lugares de procedencia, onde adoitaba establecer unha delegación da sociedade. Esta delegación era a encargada de efectiviza-las intencións e proxectos da asociación de emigrantes.

A primeira destas sociedades fúndase en Cuba no 1904, e a *Sociedad de Instrucción La Aresana*. Este tipo de sociedades vai a experimentar un proceso de crecemento moi importante, estendéndose o seu modelo organizativo a outros países como Uruguai, Brasil, Estados Unidos e Arxentina, onde a primeira sociedade se crea xa no 1905⁷, existindo a comezos do segundo cuarto do século vinte 175 destas asociacións en Bos Aires, 135 na Habana, 8 en Río de Janeiro, 4 en Nova Iorque⁸.

A maior parte destas pequenas sociedades teñen a súa sede nos locais doutras sociedades rexionais. Así en Cuba, case todas as asociacións galegas tiñan a súa secretaría no *Centro Gallego*.

A extensión deste modelo asociativo provocou a aparición de sociedades duns mesmos contornos en diferentes cidades, que manteñen contactos entre si, e que planifican conxuntamente as accións que deben desenvolver, así como a dotación dos fondos necesarios. Aínda que tamén é frecuente o caso de varias sociedades que representen o mesmo lugar nunha capital americana, e que actúen de maneira independente e sen ningunha coordinación entre elas.

Dende o mesmo momento da fundanción destas sociedades locais, polo menos para as galegas⁹, haberá continuos intentos para lograr unha federación das mesmas.

Os primeiros intentos que se producen en Cuba darán como resultado a creación en 1909 do *Comité Representativo de las Sociedades Gallegas de Instrucción*, que á altura do 1914 agrupa a 44 sociedades. E despois dun período de crise entre 1915 e 1918, pasará a xuntar setentas sociedades en 1920 e 84 en 1930. Entra posteriormente nunha etapa de declive que rematará coa desaparición deste Comité a comezos de 1936. Non sería o único caso xa que en 1912 constitúese a *Federación Galaica*, pero desaparece antes de concluír o ano da súa creación.

Tamén existirán outros intentos vertebradores pero xa non a escala rexional senón a escala comarcal. Temos constatada a creación en 1922 da *Federación de Sociedades de Instrucción de Ortigueira*. Aprobaron o regulamento e logo nada se soubo¹⁰. Máis tarde



Fig. 4.- Regulamentos dalgunhas sociedades galegas en Cuba.

⁶⁻ PALMAS, Ricardo. «La emigración». En Los Gallegos. Madrid, Ed. Itsmo, 1984 (10 ed. 1976)., p. 534.

^{7.-} Trátase da *Unión Hispano-Americano Pro Valle Miñor*.

^{8.-} LLORDÉN MIÑAMBRES, Moisés. «Las asociaciones españolas de emigrantes». En MORALES SARO, M.C., LLORDÉN MIÑANBRES, M., (Eds). Arte, cultura y sociedad en la emigración española a América. Oviedo, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Oviedo, 1992, p. 45.

^{9.-} As asturianas tamén contarán con proxectos federativos como a Federación de Sociedades do Occidente de Asturias creada no ano 1926.

^{10.-} La Voz de Ortigueira, no 323, 29 de xullo de 1922. Citado por Vicente Peña Saavedra. Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia. A Coruña, Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas, Xunta de Galicia, 1991, p. 704.

nace tamén en Ortigueira pero esta vez incluíndo todo o seu partido xudicial a *Federación de Sociedades de Instrucción y Recreo del Partido Judicial de Ortigueira* fundada en 1926. Entre os seus proxectos xa se incluía a creación dun Instituto de ensino secundario, proxecto que defenderá a finais dos anos 20. Non se creará e a federación desaparecerá na década dos 30.

3.- Tipoloxía das Asociacións Españolas.

O propio ciclo de evolución da colectividade inmigrante determinará o ciclo de formación e desenvolvemento de cada institución. A medida que determinadas necesidades se van cubrindo, tamén vai cambiando o carácter orixinal das diferentes asociacións e o tipo de vencellamento dos seus integrantes con elas.

Xa vimos anteriormente que na illa as primeiras entidades son sociedades de beneficencia creadas como obras de caridade e integradas polo sectores enriquecidos da colectividade para axudar ós seus coterráneos empobrecidos ou enfermos, e conseguir así o prestixio dentro do grupo inmigrante e, en xeral, na sociedade. Trátase, pois, de sociedades cun número moi reducido de integrantes, pero cun alto poder económico e social.

Existen sociedades destas características de carácter rexional como a *Sociedad Benéfica de Naturales de Galicia* da Habana. Constitúe a primeira asociación galega fundada en Cuba, e foi creada por 37 inmigrantes o 31 de decembro de 1871. O proxecto de regulamento presentaríase á Xunta Xeral o 21 de xaneiro de 1872 nunha reunión no *Casino Español de La Habana* e foi aprobado por unanimidade. Definíase como unha institución benéfica, caritativa, protectora e asistencial. Ós oito anos xa contaba con 1.200 socios, e fórmanse filiais nos principais núcleos da colectividade galega na illa, como en Cienfuegos (1877), Matanzas (1978) ou Cárdenas (1879). A organización interna e o seu regulamento electoral sentaron as bases para o que posteriormente serían as outras sociedades galegas. Funcionaba por comisións que se encargaban dos diferentes aspectos que cubrían todas as actividades. Esta sociedade xunto con outras asociacións mutualistas da Illa, amparaban ós inmigrantes ante a inexistencia dunha lexislación laboral e social nos primeiros anos do nacemento da República de Cuba. O labor social desta beneficencia destacou principalmente nos momentos de crises económicas polas que atravesou o país, nos cales axudou á repatriación de moitos galegos.

Tamén se crean outras institucións benéficas para a protección de determinados colectivos como as mulleres. Así existiu a *Sociedad de Beneficencia Hijas de Galicia*¹¹, creada a iniciativa da *Sociedad de Solidaridad Pontevedresa*, que ten como finalidade prestar asistencia sanitaria a mulleres ou nenos e a defensa das mulleres, adquirindo, en 1924, a súa casa de saúde *Concepción Arenal*. Xunto a este servicio tiña tamén nos seus fins axudar nos trámites burocráticos que as inmigrantes debían realizar segundo o estipulado polas leis de inmigración.

Posteriormente aparecen as sociedades mutualistas, seguindo o modelo implantado en Europa dentro da clase obreira europea. Sería o tipo de sociedade étnica máis extendido en toda Iberoamérica.

Aínda que as grandes sociedades mutuais como os Centros Rexionais importantes como o *Centro Gallego* ou o *Centro Asturiano* da Habana abarcarían no seu funcionamento diferentes campos como o asistencial-médico, culturais, recreativos ou instructivos.

¹¹.- A partir de 1918 perdería o seu carácter étnico, ó permitir a asociación de mulleres doutras colectividades.

Fóra deste marco asistencial-médico, podemos distinguir un segundo nivel institucional, formado por aquelas entidades que oficiaban como puntos de aglutinamento da elite española da cidade. A súa creación responde inicialmente á necesidade que ten o inmigrante de relacionarse con individuos da súa mesma orixe nacional. Son asociacións de carácter elitista, formadas por unha minoría da colectividade, representando ós que teñen unha posición económica acomodada ou ós sectores da intelectualidade da colonia, que necesitan integrarse dunha maneira efectiva na sociedade receptora, con finalidades sociais, recreativas e culturais. Así constitúen institucións



Fig. 5.- Memorias dos anos 1930-1937 da sociedade "Hijos del Ayuntamiento de Capela.

como Casinos, Clubes, Círculos ou Centros Españois. Estas asociacións limitábanse a posuír un local onde organizaban reunións, tertulias, xogos diversos e, sobre todo, actos sociais (bailes, banquetes, ...).

Entre estas sociedades destaca o *Casino Español* da Habana creado durante a época colonial (1869), que serviu de modelo para institucións de características similares noutras cidades. Despois da independencia cubana, converteuse nunha entidade recreativa e cultural na que participaba a elite da colectividade española, e incluso da cubana.

Tamén hai que subliñar a creación desde finais do século XIX de orfeóns e corais, que desenvolveron unha actividade moi importante no campo cultural e recreativo. Entre estes podemos destacar a *Agrupación Artística Gallega* na cal estaban integrados o *Orfeón Gallego* e a *Filarmónica Artística Gallega*, e o *Grupo Artístico Saudade* todos do Centro Galego. Existía tamén a *Sociedad Coral Ecos de Galicia* constituida en 1872 ou a *Coral Asturiana*, etc.

As actividades culturais foron realizadas en certa medida por todas as asociacións, pero houbo algunhas que se crearon co exclusivo fin de fomenta-las cultura española ou culturas rexionais. Para Galicia destacamos pola súa gran importancia para a cultura galega a formación na Habana en xuño de 1905 da *Asociación Iniciadora y Protectora da Academia Gallega*, que sería o xermolo para a creación, o ano seguinte da *Real Academia Gallega*. Posteriormente esta sociedade, xunto cunha similar fundada en Bos Aires en 1919, centrarían o seu labor no aporte de fondos para o funcionamento desta institución, contribuíndo, ó mesmo tempo a sufragar edicións de obras, subscripcións a publicacións periódicas, etc. Outra sociedade cultural é a *Sociedad Pro Seminario de Estudios Galle-*

gos, que pretende converterse na delegación habaneira do Seminario de Estudios Gallegos de Santiago de Compostela.

Tamén existen institucións de carácter político, que defenden posicións partidarias definidas con respecto á situación política española como as organizacións de carácter nacionalista Xuntanza Nazonalista Galega, Centre Catalanista, Comité Revoluzonario Arredista Galego.

No caso de Galicia, a colectividade emigrante en Cuba vai desenvolver un importante labor nas campañas antiforais que se desenvolven en Galicia a comezos de século. Así, arredor do ano 1910, crearase na Habana a *Unión Redencionista Gallega* que vai apoiar a campaña agrarista do *Directorio de Teis*. Posteriormente, en 1912, gracias o impulso de Basilio Álvarez, constitúese na capital unha delegación da *Liga Agraria de Acción Gallega*. Estas iniciativas van contar co apoio das sociedades comarcais e rexionais.

Entre as asociacións profesionais podemos destacar as Cámaras de Comercio, que foron as máis relevantes, e aínda que a partir da R.O. do 12-7-1923 estaban recoñecidas como organismos oficiais, a súa orixe e evolución estivo vencellada pola iniciativa particular dalgúns inmigrantes, particularmente dos relacionados cos negocios mercantís de importación e exportación. A principios dos anos trinta existían vintetrés asociacións deste tipo en toda América. A *Cámara de Comercio Español de La Habana* foi creada o dous de maio de 1914. Esta entidade tiña como finalidades:

- a agrupación de comerciantes e productores establecidos en Cuba.
- intensificar o comercio e a navegación españolas coa illa.
- velar polos intereses dos seus asociados.

Dentro do asociacionismo étnico español podemos distinguir institucións doutras características máis definidas como as deportivas¹², gastronómicas¹³ e confesionais.

3.- Un intento de cuantificación

A creación de todas estas novas sociedades, así como as diferentes finalidades para as que foron creadas que van desde as sociedades mutualistas ás recreativas, culturais, de instrucción e mesmo políticas creará un rico entramado organizativo no que participará unha porcentaxe importante de inmigrantes españois.

Intentar reconstrur este entramado é unha tarefa practicamente imposible, xa que moitas destas sociedades tiveron unha vida moi curta, algunhas delas practicamente non realizan case ningunha actividade, outras varían a súa denominación no tempo, e algunhas reciben unha denominación moi semellante.

Para achegarnos ó seu estudio utilizaremos os datos extraídos da prensa da colectividade inmigrante e do *Censo de Entidades españolas* de 1926, realizado polo Inspector Carbonero o cal contabiliza un total de 260 asociacións españolas na Illa, que se concentran principalmente na cidade da Habana onde se localizan 161.

ENTIDADES						
	españolas	rexionais	comarcais	outras	total	
A HABANA	3	10	135	14	161	
A HABANA(prov.)	15	0	0	0	15	
PINAR DEL RIO	7	0	0	0	7	
MATANZAS	14	2	1	0	17	
SANTA CLARA	34	0	0	0	34	
CAMAGUEY	8	0	0	0	8	
SANTIAGO	16	0	0	1	17	
TOTAL	97	12	136	15	260	

Fonte: Censo del Inspector Carbonero, 1926¹⁴

Unha vez esbozada a evolución e tipoloxía das asociacións étnicas españolas e galegas e constatado a importancia adquirida por estas institucións, sobre todo nas colectividades de emigrantes do norte peninsular, pasaremos a analizar outros aspectos que nos permiten comprender a influencia que tivo este rico movemento asociativo na integración social dos emigrantes españois e galegos.

5.- O liderato

Á hora de analizar o comportamento destas institucións temos que sinalar para o caso galego a existencia dun reducido número de dirixentes que tratan de perpetuarse nos cargos ó longo dos anos, constituíndo unha elite institucional.

Así, as asociacións tamén foron útiles para algúns inmigrantes que ó ocupar postos directivos dentro delas, conseguen alcanzar un prestixio social dentro da colectividade, ó tempo que lles permite converterse en interlocutores válidos ante a elite cubana, convertíndose nos intermediarios naturais entre a colectividade emigrante e a sociedade receptora.

Xeralmente, por estes cargos foron rotando un grupo definido de membros da colectividade, identificado con aqueles nos que o triunfo económico foi máis patente, polo que nas comisións directivas adoitan repetir continuadamente os mesmos nomes, en diferentes sociedades, é dicir, existe unha *circulación institucional*. Ó mesmo tempo inténtase atraer ós cargos directivos a personalidades destacadas da colectividade co obxeto de prestixiar a estas sociedades, e conseguir unha maior valoración social da colectividade, e consecuentemente da súa elite económica.

Así o seguimento das biografías dos integrantes das xuntas directivas das institucións españolas e galegas de Cuba confirmarían a hipótese de que a medida que os inmigrantes conseguen unha posición económica considerable, esta adoitaba ir acompañada por un papel social de certa importancia, polo menos no seo da colectividade, que en menor número de casos transcendía á sociedade en xeral. De feito, o recoñecemento social por parte do propio grupo queda patente na publicación de álbums conmemorativos 15, elaborados tomando como fonte de información principal ós membros da colectividade que formaban parte nese momento, ou o fixeran con anterioridade, das xuntas directivas das diferentes institucións.

^{12.-} As deportivas formaron parte das recreativas, contando as asociacións con seccións deportivas, organizándose entre elas diferentes competicións. Da rivalidade entre o equipo do Centro Gallego e o do Centro Asturiano dannos conta as entrevistas realizadas.

^{13.-} Sociedades como o Club Os Larpeiros. O seu labor reducíase a xuntarse arredor dunha mesa, varios comensais, para degustar productos típicos das súas rexións. Estas comidas adoitaban ir acompañadas de recitais poéticos ou narrativos. Este tipo de sociedades permite desenvolver, máis aló de satisfacer unha simple necesidade fisiolóxica, formas de sociabilidade, que podían levar á consolidación doutro tipo de sociedades de carácter comarcal ou rexional.

¹⁴.- Citado por LLORDEN MIÑAMBRES, M. «Las asociaciones de emigrantes»...opus cit., p. 53.

^{15.-} Tamén na prensa da colectividade existen seccións dedicadas a comerciantes e industriais galegos que lograron alcanzar o ansiando éxito económico e tamén social.

No caso do Centro Gallego tamén podemos apreciar a existencia dun grupo dirixente integrado por sectores acomodados da colectividade, xa que se analizamos a profesión dos presidentes e vicepresidentes do Centro Gallego constatamos que se trata principalmente de persoas ligadas ó sector comercial e cunha boa posición económica.

Fidel Villasuso Espiñeira: Presidente (1887-1889). Comerciante, financeiro e filántropo, copropietario da casa *Villasuso Pérez y Compañía*. Ocupou postos relevantes en agrupacións benéficas e recreativas.

Jesús María Bouza Bello: Presidente (1926-1927). Comerciante destacado con Casas de Empeños e compra-venda. Foi presidente fundador da *Sociedad de Instrucción, Recreo e Protección Mutua Naturales del Ayuntamiento de Puentes de García Rodríguez* e tesoureiro do Centro Gallego durante os anos 1913-1914.

Pero ó lado deste liderato económico, coexistirá unha elite intelectual formada por periodistas, profesionais e escritores, que van ter un papel destacado dentro das asociacións, xa que será este sector quen elabore o discurso de afirmación do propio grupo étnico. Así podemos apreciar como no Centro Gallego se conforma un grupo de personalidades intelectuais encargado de elaborar ese discurso de autoafirmación da colectividade galega, estando moitas veces vencellados ós sectores galeguistas da colectividade¹⁶.

Este control das elites da colectividade podía ser motivado, en boa medida, pola escasa participación dos asociados na vida interna das institucións; como mostra deste podemos entender a flexibilidade dos Estatutos para poder celebrar as asembleas en segunda convocatoria sen precisar quórum mínimo. Ó mesmo tempo son prácticamente inexistentes as asembleas que se poidan celebrar en primeira convocatoria, xa que nunca se podían xuntar o número de presentes precisos para poder celebrala. E pese a que estas asambleas se celebraban en xeral anualmente ou bianualmente, sendo as únicas instancias dos asociados para fiscalizar ou facer variar o rumbo da asociación.

Estas conclusións poderían ampliarse para o caso galego, así nas pequenas institucións locais a participación era moi escasa, e incluso na súa principal institución, o *Centro Gallego*, nas asembleas ou eleccións para cargos directivos concurre un número moi baixo de xente.

Así, nunha primeira etapa, na que a elección dos cargos se realiza en asambleas a participación situase en valores baixos que oscila en torno ó 5%. A partir dos anos 30 podemos observar un crecemento na participación, motivado polo enfrontamento dentro da elite da colectividade, que levará á formación de agrupacións electorais denominadas por números adquirindo durante os anos da Guerra Civil española un matiz ideolóxico máis claro. Así existirán partidos como *Afirmación Gallega* e *Hermandad Gallega*, o primeiro falanxista e o outro republicano.

A elección de cargos realízase a través dun proceso electoral, pero que nunca alcanzará valores moi elevados¹⁷.

Esta escasa participación débese entender, non pola existencia de cláusulas restrictivas, senón polas propias expectativas dos afiliados que acuden a estas sociedades para a obtención de coberturas médico-asistenciais, e dun modo complementario actividades

16.- Temos o caso de Waldo Álvarez Insua, Manuel Lugrís Freire, Angel Barros Freire, Gerardo Álvarez Gallego...

¹⁷.- Ésta alta participación está motivada polo enfrentamento dentro do Centro Gallego, entre os partidarios dos dous bandos da Guerra Civil española, que mobilizarán á colectividade para que se posicione en favor dunha ou doutra opción.

6.- As actividades das asociacións

Outro plano de análise do papel desempeñado polas entidades étnicas españolas e galegas no proceso de integración na sociedade receptora é ver que tipo de actividades prioritarias desenvolveron e o grao de participación dos emigrantes nas mesmas.

Do que non temos dúbida, é de que a principal actividade realizada polas grandes institucións españolas é de carácter asistencial-médico, e que é a finalidade que vai decidir a moitos emigrantes a participar nelas¹⁸.

Así serán precisamente as entidades que cumpran este tipo de obxectivos as que conten cun maior volume de asociados e o modelo de sociedade étnica máis extendido en Cuba.

O *Centro Gallego de La Habana* presenta unha estreita relación entre a prestación de servicios e o número de socios. Así, mentres esta sociedade é re-




Fig. 6.- Memoria 1911-1959 da sociedade "Puentedeume y su partido judicial".

creativa, o seu número é moi reducido (713 socios en 1880 a 760 en 1884). Pero a partir do 1885, ano en que se incorpora a asistencia sanitaria, prodúcese un incremento notable no número de afiliados, e esto pese a non posuír aínda unha Casa de Saúde propía. Así en 1885 xa conta con 4.531 socios, e no momento de adquirir a súa propia Quinta de Saúde *La Benéfica* o seu número ascende a 8.040.

Así mesmo tanto as grandes sociedades españolas e rexionais como pequenas entidades locais, van realizar outras actividades como auxiliar economicamente a emigrantes sen recursos, chegando a constituir no seu seo oficinas de traballo, para conseguir colocar ós inmigrantes recén chegados ou os que non tiveran ocupación. Esta actividade será potenciada sobre todo en momentos de crise, cando o grao de desocupación era máis elevado.

Pero ó lado destas finalidades podemos observar como estas institucións tamén realizan actividades, nas que, se ben é certo que vai existir unha participación moito menor do conxunto da colectividade, permitirán en boa medida a construcción dentro da mesma de novos marcos de sociabilidade. Xa que a propia existencia destas asociacións vai permitir o nacemento e a consolidación dun marco de relacións sociais que van condicionar os mecanismos de inserción do inmigrante na sociedade receptora.

Moitas destas sociedades, polo seu carácter recreativo, coa celebración de múltiples actos sociais como comidas, festas, bailes ou a celebración das festas patronais das súas vilas, van favorecer en boa medida o establecemento de relacións entre persoas duns mesmos contornos xeográficos, que chegarán a ter relacións de noivado, que conducen en

^{18.-} Así nas fontes orais, moitos testemuños maniféstannos que se asocian para cubrir as súas necesidades asistenciais. Aínda que ésto non exclúe a existencia doutros espacios de sociabilidade fóra das propias asociacións, o acostumar a xuntarse os inmigrantes en lugares como prazas, parques, cafés,...

Anuario Brigantino 1998, nº 21

MANUEL SOUTO LÓPEZ

moitas ocasións ó matrimonio, fomentando desta maneira a endogamia da colectividade¹⁹.

Á parte destas actividades de carácter interno da propia asociación (mutualistas, culturais, recreativos) tamén van a desempeñar un papel importante na defensa social e cultural da colectividade emigrada á que representan nos países de acollida.

A modo de conclusión, ademais das ideas xa apuntadas ó longo do traballo, temos que sinalar que existen unha gran cantidade de trazos de diferenciación rexional dentro do asociacionismo o que indica a necesidade de abordar o estudio desde unha perspectiva rexional como aquí se intenta e incluso facer estudios comparativos.

Temos que sinalar tamén a creación por parte das asociacións dun novo marco de sociabilidade que adquirirá gran complexidade debido á variada tipoloxía de sociedades existentes.

Polo que se refire ó papel do movemento asociativo na integración da colectividade española, e máis concretamente a galega, debemos apuntar a estratexia seguida pola élite inmigrante que aproveitará as sociedades e centros para formar parte ou relacionarse coa elite da sociedade receptora.

Evolución do número de socios do Centro Gallego de La Habana.

		9	
1880	713	1901	9963
1881	629	1902	10.040
1882	775	1903	11.322
1883	749	1904	13.806
1884	760	1905	17.450
1885	4.802	1906	20.780
1886	4.555	1907	25.086
1887	4.885	1908	24.594
1888	4.855	1909	27.026
1889	5.707	1910	29.927
1890	6.591	1911	32.860
1891	6.593	1912	37.589
1892	7.302	1913	41.659
1893	8.040	1914	40.407
1894	8.387	1915	41.508
1895	7.464	1916	47.512
1896	7.048	1917	50.113
1897	6.710	1918	51.139
1898	5.606	1919	53.664
1899	7.036		

Fonte: CENTRO GALLEGO DE LA HABANA. El «Centro Gallego» en su cuadragésimo aniversario (1879-1919). La Habana, Américan photo Co., 1919. p.192

Anuario Brigantino 1998, nº 21

^{19.-} Estas relacións entre xovenes dunha mesma procedencia serían potenciadas polo pais. Para dar idea da súa importancia basta con mirar calquer publicación da colectividade onde aparecen recensións da sociedade xa que abundantemente aparecen noticias de enlaces matrimoniais entre asociados ou persoas dunha mesma orixe.

Mulleres e República

Aproximación ás asociacións de mulleres progresistas na Coruña republicana

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ¹

A Amparo López Jeán e María Barbeito Cerviño, dúas mulleres exemplares.

INTRODUCCIÓN

Durante a Segunda República funcionaron na cidade da Coruña diversas asociacións de mulleres, encamiñadas á súa promoción social: a Liga Internacional de Mujeres Ibéricas e Hispano-Americanas y Cruzada de Mujeres Españolas, a Asociación Benéfica Femenina «Mariana Pineda» (que posteriormente trocaría o seu nome polo de Concepción Arenal), e a Agrupación Femenina Republicana serían uns exemplos. Á fronte, ou como simples asociadas, figuran mulleres que destacaron pola súa actividade política ou profesional: Elvira Bao, Amparo López Jean ou María Barbeito Cerviño son modelo de mulleres comprometidas coa causa da igualdade de dereitos entre os sexos, do acceso da muller á cultura, da súa dignificación, etc. Outras mulleres son directivas activas de asociacións, fundamentalmente relacionadas coa beneficencia e o ensino, como é o caso de María Barbeito, presidenta da delegación coruñesa da **Asociación** «Concepción Arenal» para protección y rehabilitación del preso, constituída na Coruña



Fig. 1.- Amparo López Jeán.

o 20 de agosto de 1931, no Pazo Municipal.² Tamén se constata a participación de mulleres -bastante testemuñal, iso sí- nas directivas dos partidos políticos; non hai que esquecer

¹ Carlos Pereira Martínez, funcionario do Concello de Culleredo, é historiador.

² Formaban a Xunta Directiva María Barbeito, presidenta; Eladio Rodríguez González, secretario xeral, e Manuel Casás Fernández, Félix Estrada Catoyra, Manuel Durán García, Carmen Ferreiro de Pérez Herrera, Eduardo Pérez Hervada e Ángel del Castillo. Tomamos o dato de Teresa Molares Cabana, *Aproximación a la obra pedagógico y social de María Barbeito y Cerviño (1880-1970)*, tesiña de licenciatura, inédita, Universidade de Santiago, 1986, apéndice documental. Agradézolle a Teresa Molares, compañeira de traballo do autor, as facilidades para consultar esta investigación.




Fig. 2.- Sinatura das promotoras da "Liga".

que no Estado Español as mulleres votan, por primeira vez, nas Eleccións Xerais de 1933. Pero, paradoxicamente, semella que estiveron moito máis organizadas as pertencentes a organizacións políticas de dereitas, como a Unión Regional de Derechas, que tiña pólas femininas en moitas partes de Galicia, sendo, no caso da Coruña, a súa presidenta Amparo Bermúdez de Castro, vencellada con Culleredo.³ As mulleres libertarias da Federación Anarquista Ibérica (F.A.I.), crean a denominada Vanguardia Femenina, con actividade constante nos anos 1935-1936, destacando a figura de Sebastiana Vitales.⁴ No mundo sindical é salientable a presencia feminina en sindicatos anarcosindicalistas, como La Aurora, nos sindicatos da Fábrica de Tabacos, etc. Nos Ateneos libertarios, en grupos teatrais como La Dinamo, vencellado ao Partido Comunista de España, podemos seguir tamén as pegadas de algunhas mulleres. Hai, por tanto, todo un mundo a descubrir e reivindicar.

Este traballo non é máis ca unha pequena achega, as primeiras pinceladas ao lenzo do mundo asociativo feminino coruñés, de carácter progresista, na Segunda República. Non hai, pois, afán de exhaustividade, senón desexo de reivindicar uns grupos, e unhas mulleres que, agás parcialmente María Barbeito, ficaron no esquecemento. Se a memoria dos políticos republicanos foinos roubada, terxiversada ou, o que é peor, silenciada...; que non pasaría coa das mulleres, convertidas polo réxime fascista en simples reproductoras sometidas aos dictados dos homes!5

L. I. M. I. HA: Liga internacional de Mujeres ibéricas e Hispano Americanas y Cruzada de Lujeres Españolas SUBCOLITÉ LA CORUÑA

Fig. 3.- Anagrama da "Liga".

1. UN PRECEDENTE: A «LIGA INTERNACIONAL DE MUJERES IBÉRICAS E HISPANO-AMERICANAS Y CRUZADA DE MUJERES ESPAÑOLAS».

Xa existente a comezos da República (presidiríaa, no ámbito do Estado Español, a célebre escritora e xornalista Carmen Burgos «Colombine»). fundaríase o Subcomité coruñés en xullo de 1932. Na Liga, como logo acontecerá coa Agrupación Femenina Republicana, partici-




Fig. 4.- Comunicación da "Liga".

paban mulleres casadas con destacados políticos e republicanos coruñeses; Hervada (famoso médico coruñés), González Rodríguez, 6 Somoza, 7 Shereiber, Taracido, 8 García Fernández.9

Os principios programáticos da Liga eran: combater con firmeza as envexas, egoísmos, prexuízos, neglixencias e todo o que implicase obstruccionismos, dando á muller preparación cívica para actuar dignamente na vida social; unión da muller a efectos de que esta alcanzase a plenitude de todos os dereitos, a fraternidade nos sexos e difundir os ideais de

³ Para a organización das mulleres conservadoras véxase: Emilio Grandío Seoane, Los orígenes de la derecha gallega: La C.E.D.A. en Galicia (1931-1936), Ediciós do Castro, Sada, 1998.

⁴ Así nolo ten confirmado Dionisio Pereira.

⁵ Son clarificadoras as normas de vida das mulleres falanxistas, publicadas o 17 de marzo de 1937: «1. Ofrendarte abnegadamente a una tarea; 2. Que tu vida sea abnegación y sacrificio; 3. Sé cada día más mujer; 4. No es para tí la acción, pero si el aliento de obrar heroico; 5. No traiciones tu magnífico destino de mujer, entregándote a funciones varoniles; 6. Pon todos tus amores bajo el amor generoso de España; 7. Que el hombre de tu vida sea el mejor; 8. Busca siempre ser el exacto cumplimiento del hombre; 9. A la aurora, eleva tu corazón y piensa en un nuevo día para la Patria; 10. Vive siempre para la Unidad, la Justicia y el Imperio; 11. Tú, que puedes hacerlo, moldea España en el alma del hombre y del niño; 12. Pon el orden de la obra perfecta, sométele a una exacta disciplina; 13. No busques para tí la gloria, pero merécela para España y la Falange; 14. Sé toda tú limpieza y claridad; 15. Haz lo que tengas que hacer bien, sencilla y alegremente; 16. No olvides que la Falange es, ante todo, hermandad; 17. Cuida tu alma y tu cuerpo para Dios y la Falange; 18. Sé tú lo mejor de la nueva España Imperial» (publicado por Carlos Fernández, La Guerra Civil en Galicia, publicado por La Voz de Galicia en fascículos, capítulo XIV, páxs. 211-212).

⁶ Juan González Rodríguez sería alcalde da Coruña entre o 26 de agosto de 1931 e o 21 de xullo de 1932, e, tamén no período republicano, gobernador civil de Lugo e Ourense. Presidiu moitos anos o Casino Republicano.

⁷ Casada con Alfredo Somoza Gutiérrez, que presidiría un tempo a Deputación Provincial e sería tamén deputado a Cortes en 1936 pola Fronte Popular, representanto a Izquierda Republicana. Grande amigo de Santiago Casares Quiroga, foi tamén dirixente da O.R.G.A.

⁸ Era Matilde Fraga. Estaba casada con Arturo Taracido Veira, político republicano e masón, concelleiro na Coruña, membro da Organización Republicana Gallega Autónoma (O.R.G.A.) e logo de Izquierda Republicana. Sería vicepresidente da Deputación Provincial. Taracido colaborara en A Nosa Terra, nos anos 20, cando era o voceiro das Irmandades da Fala, cuns artigos en galego baixo o título de «Cartas a meu afillado» e outras colaboracións de temas de actualidade.

⁹ José García Fernández, dirixente do Partido Radical, e logo do Partido Radical-Demócrata. Concelleiro na cidade da Coruña. Era administrador do xornal «La Voz de Galicia», masón, directivo da Liga de los Derechos del Hombre e da Agrupación «A la Tercera República».



Fig. 5.- Sinatura das promotoras da "Agrupación".

paz mundial, de xustiza e de progreso en ben da humanidade dentro dun réxime de liberdade e de democracia integral.

A primeira xunta directiva quedou composta así:

Presidenta: Velia M. G. de Patiño; vicepresidenta: Consuelo de Pico, viúva de Borbolla; secretaria: María Luisa Labadie do Pico; vicesecretaria: María Josefa Muñiz Chao; tesoureira: Luisa Alonso Martínez; contadora: Joaquina Vázquez Bolaño; vocais efectivas: Dolores López Budén, Sra. de Hervada, Sra. de González Rodríguez, Sra. viúva de Colinas e Blanca Dans; vocais suplentes: Sras. de Somoza, Shereiber, Taracido, García Fernández e Manuela Díaz, viúva de Freire.

Unha das primeiras actividades públicas do subcomité coruñés da **Liga** foi apoiar, no mes de agosto deste ano de 1932, á **Agrupación** «**A la Tercera República**», que se viña de constituír, asistindo ao mitin de afirmación republicana que esta asociación celebrou o 21 de agosto no Teatro «Rosalía de Castro», ao que acudiu unha numerosa representación de mulleres da **Liga**, encabezadas pola presidenta, Velia M. G. de Patiño e unha nova secretaria, polo que indica a prensa, Pilar C. de Quiroga, que o día anterior enviaran unha nota á prensa apoiando os actos da Agrupación sempre que «se incluya la defensa de los ideales de paz, armonía y justicia igualitaria de derechos políticos y civiles de uno y otro sexo». ¹⁰ Membros da Agrupación puxéranse días antes en contacto coa directiva da **Liga** para iniciar unha campaña consistente en mercar nos comercios dos republicanos aos que os elementos reaccionarios boicoteaban, animando tamén ás amizades a facelo.

Unha representación da **Liga** asiste tamén á asemblea celebrada no Pazo Municipal da Coruña o 13 de decembro, xunto con outros representantes das forzas vivas coruñesas, na que se discute a postura a tomar pola cidade na Asemblea de Concellos que debía aprobar o Estatuto de Autonomía, a celebrar en Santiago o 17 de decembro: A Coruña, capital de Galicia.¹¹

Agrupación 10 4-1534 Republicana Femenina La Coruña aprovecha esta oportunidad para ofrecer a Vd. la mas alta consideración. Falud y República. La Coruña 9 de Maye de 1935

Fig. 6.- Comunicación da "Agrupación Republicana Femenina".

¹⁰ Carlos Pereira Martínez, «A oposición ó Estatuto de Autonomía de Galicia na Coruña da Segunda República: A Agrupación «A la Tercera República», *Anuario Brigantino*, 20 (1997), pp. 149-192, páxs. 152-153.

¹¹ Pereira Martínez, art. cit., páx. 160.

Fig. 7.- Folleto editado pola "Agrupación Republicana Femenina".

2. A ASOCIACIÓN BENÉFICA FEMEMINA «MARIANA PINEDA».

Tamén funcionaba dende os comezos da República. En 1933 estaba presidida pola Luisa Lina Corona de Mallo, que demitiría do cargo, por asuntos que lle impedían compatibilizalo coas súas actividades persoais, no mes de maio do mesmo ano.12 Era vicepresidenta a profesora Elena Meneses de López. 13 Cambiarán logo o nome de «Mariana Pineda» polo de «Concepción Arenal». 14

As súas actividade públicas serán semellantes ás das outras asociacións femininas. Sen sermos exhaustivos, citaremos unha conferencia pronunciada polo médico, e destacado político republicano, José Búa Carou, no local do Casino Republicano, en acto organizado pola Asociación, o 8 de abril de 1933, disertando sobre a Beneficencia e a Sanidade. 15 No mesmo local pronunciaría outra conferencia a vicepresidenta da sociedade, a profesora Elena Meneses de López, sobre «La mujer, el niño y la escuela». 16

3. A «AGRUPACIÓN REPUBLICANA FEMENINA».

3.1. Constitución e fins.

A Agrupación Republicana Femenina constituíuse oficialmente, na Coruña, o día 13 de Abril de 1933, previa xuntanza de disolución, celebrada o día 9 de abril, do subcomité coruñés da Liga Internacional de Mujeres Ibéricas e Hispano-Americanas y Cruzada de Mujeres Españolas, acto no que se elixiu a directiva da nacente Agrupación, á que se lle dá posesión dos seus cargos nesta xuntanza do 13.17 Participan na constitución as mesmas mulleres que actuaban na Liga. Juana Blanco, presidenta da sociedade disolta, dá posesión dos seus cargos ás novas directivas.



Fig. 8.- Roberto Blanco Torres.

A primeira Xunta Directiva quedou formada polas seguintes persoas:

Presidenta: Elvira Bao de Varela¹⁸; vicepresidenta: Juana Blanco; secretaria: Amparo López Jeán de Alvajar¹⁹; vicesecretaria: Blanca Dans; tesoureira: Celia Prego de Menlle²⁰; vicetesoureira: Trinidad Villalón de Suárez; vocais: Angela N. de Somoza, Manuela Díaz, vda. de Freire, Ramona Varela e Luisa Lens; vocais suplentes: Matilde Fraga de Taracido, María Rey, Elisa Castelo e Amparo Patiño de Suárez.²¹

Ademais destas mulleres, pertencerían á Agrupación a dona de Manuel Insua (da firma «Insua y Vizoso»), que tamén foi presidente da Deputación Provincial, as donas de Jesús e Antonio Mejuto Vázquez,²² a futura esposa de Miguel González Garcés, Elvira Santiso, a do avogado Miguel García Rama, entre outras.²³

Tiña o seu local social na rúa García Hernández no 117, piso 1º (actual rúa de San Andrés).

Os fins da Agrupación defínense nos seus Estatutos:

* Contribuír por todo medio lícito ao triunfo da paz e fraternidade humana, da xustiza social e da democracia.

¹² La Voz de Galicia, 17-5-1933.

¹³ La Voz de Galicia, 6-5-1933.

¹⁴ La Voz de Galicia, 2-6-1933. Cambiouse o nome, Mariana Pineda, «por el de la ilustre pensadora gallega Concepción Arenal, por creer que los principios en que está basada esta asociación son los mismos que a través de su vida y de sus obras ha practicado la mujer que es orgullo de la humanidad y desde luego de Galicia».

¹⁵ La Voz de Galicia, 9-4-1933.

¹⁶ La Voz de Galicia, 6-5-1933. Di a nota do xornal: «La conferenciante, con fácil palabra, analizó la función de la mujer en el aspecto educativo, desde los tiempos más remotos hasta nuestros días. Consagró un caluroso elogio a la vida y obra de la insigne Concepción Arenal y trazó luego un acertado bosquejo de la psicología infantil, fijando las condiciones que ha de reunir la escuela para rendir resultados eficaces, que son la de ser única, obligatoria e higiénica. Y terminó su elocuente disertación delineando el perfil intelectual y moral del maestro moderno y encareciendo lo elevado de su misión pedagógica y social».

¹⁷ Os Estatutos, sen embargo, falan dunha xuntanza celebrada o 30 de marzo, nunha casa da rúa Linares Rivas, 15-baixo. Probablemente foi preparatoria.

¹⁸ Estaba casada co dirixente do **Partido Galeguista** na Coruña Bernardino Varela.

¹⁹ Esposa de César Alvajar, presidente do Casino Republicano, e dirixente do Partido Radical primeiro, do Radical Demócrata despois e, finalmente, de Unión Republicana.

²⁰ Casada con Enrique Menlle Bermúdez, socio do Casino Republicano e militante de Izquierda Republicana.

²¹ Casada con Manuel Suárez, militante de Izquierda Republicana.

²² O primeiro, mestre e masón, fora director de «El Noroeste», órgano do Partido Radical-Socialista, formación política na que militaba. Posteriormente foi dirixente do Partido Radical-Demócrata e de Unión Republicana. O seu irmán, Antonio, era militante de Izquierda Republicana.

²³ Francisco Xavier Alvajar, «La Coruña de mi juventud. Recuerdos de la Guerra Civil y la posguerra», Anuario Brigantino, 16 (1993), pp: 125-154, páx. 128.



Fig. 9.- Manuel Lugrís Freire por Cebreiro.

- * Contribuír ao sostemento e defensa do Réxime republicano do Estado español e amparar a súa Constitución.
- * Defender os dereitos femininos e labourar pola consecución dos aínda non recoñecidos.
- * Impulsar a cultura, especialmente a feminina, e dentro desta a cidadá, para o cal crearíase unha biblioteca, celebraríanse conferencias e cursiños, estableceríanse clases, organizaríanse viaxes, etc.
- * Practicar a beneficencia ou asistencia social en todas as maneiras posibles.
- * Defender e amparar a cada asociada se pedía axuda e estivese da súa parte a razón e a xustiza.
- * Establecer, se se considerase conveniente, formas de mutualismo e cooperación.
- * Procurar recreo e lecer ás asociadas por medio de concertos, recitais, proxeccións, excursións, etc.

A Agrupación non estaría afiliada a ningún partido político, pero actuaría con tendencia francamente democrática, sen chegar

ao extremismo, quedando as asociadas en completa liberdade para a súa actuación política particular.

3.2. Algunhas actividades da «Agrupación Republicana Femenina».

3.2.1. Clases e cursos.

O 12 de outubro de 1933, co gallo da celebración do Día da Raza, organizan no local un pequeno acto, aproveitando para inaugurar a clases. ²⁴ Estas comezan a súa andaina o 16 de outubro, impartíndose as seguintes asignaturas: Gramática, Artimética, Xeometría, Álxebra, Trigonometría, Solfeo, Piano, Corte, Taquigrafía, Lectura, Escritura e Cultura en xeral. ²⁵

O 25 de novembro deu comezo o curso de puericultura, a cargo de Velia G. de Patiño, que pronunciou a primeira conferencia baixo o título de «Iniciación de Puericultora». ²⁶ Días despois reanudáronse as clases, probablemente paralizadas pola campaña electoral. ²⁷ Impartiríanse de 6 a 9 da noite, agás os xoves, destinados ao curso de puericultura e conferencias.

Por outra parte, tal como figuraba así mesmo no seu regulamento, tiñan en marcha a biblioteca para as asociadas, anunciándose que estaban recibindo novos libros en concepto de doazón, e que viñan de mercar as obras de Rosalía de Castro, Concepción Arenal e Sofía Casanova.²⁸

3.2.2. Conferencias e outra actividades culturais.

Pouco despois da súa constitución, a **Agrupación Femenina Republicana** comeza a realizar un programa de actividades, que desenvolve os xoves.

A primeira conferencia pronunciouna o xornalista Roberto Blanco Torres (ao que se dedica este ano de 1999 o Día das Letras Galegas), entón director do xornal «El Noroeste». A conferencia, que se celebrou o 20 de abril de 1933, levaba por título «La mujer en nuestro tiempo».²⁹ Blanco Torres foi presentado pola presidenta, Elvira Bao.³⁰

Unha nova conferencia celebrouse o día 27 de abril, a cargo do director provincial de Sanidade, Ramón Fernández Cid, que disertou sobre «El mito de Afrodita».³¹

O 11 de maio sería o presidente das **Irmandades da Fala**, Víctor Casas, quen falaría sobre «La mujer ante los problemas actuales de Galicia».³²

Co gallo da presencia de navíos franceses na Coruña, a presidenta e a secretaria da




Fig. 10.- Lluis Companys, presidente da Generalitat de Catalunya.

Agrupación envían unha mensaxe ao cónsul de Francia na Coruña para serlle entregado ao vicealmirante da escuadra francesa no que se facía constar a «simpatía cordial que la mujer coruñesa siente hacia la nación vecina, por lo que ésta representa en el mundo en defensa de la libertad, la democracia, la justicia social y la paz».³³

O 17 de maio representantes da Asociación (Elvira Bao, Amparo López Jean e outras socias) acoden aos actos celebrados no Pazo municipal coruñés en homenaxe ao centenario do nacemento de Manuel Murguía.³⁴

O 18 de maio é o médico Eliseo Sández Otero o que fala no local da Asociación, sendo o tema elixido «Factores somáticos y psicológicos de la feminilidad». Sández Otero, de xeito divulgativo, «estudió el temperamento femenino y su arraigo en la constitución propia de la mujer. Hizo comentarios de índole espiritual y social, derivándolos de su

Anuario Brigantino 1998, nº 21

²⁴ La Voz de Galicia, 11-10-1933.

²⁵ La Voz de Galicia, 4-10-1933.

²⁶ La Voz de Galicia, 24-11-1933.

²⁷ La Voz de Galicia, 29-11-1933.

²⁸ La Voz de Galicia, 17-1-1934.

²⁹ La Voz de Galicia, 19-4-1933.

³⁰ La Voz de Galicia, 21-4-1933. Segundo o xornal, Blanco Torres «hizo un rápido y acertado bosquejo de la situación de la mujer en las distintas épocas de la Historia y glosó las opiniones de algunos de los principales tratadistas que defendieron los derechos del sexo femenino en tiempos en que aun no imperaban corrientes favorables a su reconocimiento. Después de otras consideraciones atinentes a la materia consagró el señor Blanco Torres una parte de su disertación a poner de relieve la obra de la República en favor de las mujeres, otorgándoles derechos civiles y políticos que las equiparan a los hombres y que sólo de un régimen republicano podrían esperarse».

³¹ La Voz de Galicia, 27-4-1933.

³² La Voz de Galicia, 11-5-1933.

³³ La Voz de Galicia, 17-5-1933.

³⁴ La Voz de Galicia, 18-5-1933.

³⁵ La Voz de Galicia, 17 e 18 de maio de 1933.

arquitectura somática y su fisonomía psicológica. Terminó su disertación el señor Sández con la crítica de las teorías hoy en boga sobre orientaciones profesionales de la mujer y su acceso a distintas actividades».³⁶

Nestes días a Agrupación sumouse ás homenaxes a Murguía, celebrando no seu local un homenaxe ao polígrafo galego. O acto iniciouse coa lectura, por parte da presidenta, Elvira Bao, e da secretaria, Amparo López Jeán, dunha páxina de Murguía e un soneto de Ramón Cabanillas a el dedicado. A continuación, o académico, poeta e dramaturgo Manuel Lugrís Freire fixo unha descrición da relación de Murguía e Rosalía de Castro.³⁷

O 8 de xuño continuaron as conferencias no local social. Foi nesta ocasión o deputado a Cortes Antón Vilar Ponte quen disertou sobre o tema «La mujer gallega».³⁸




Fig. 11.- Antón Vilar Ponte.

O 15 de xuño foi o famoso médico coruñés Eduardo Pérez Hervada que ocupou o estrado. A súa conferencia levaba por título «Actual posición de la mujer». Como nas anteriores ocasións, foi presentado pola presidenta, Elvira Bao de Varela.³⁹

Desde la frase despectiva de Schopenhauer que consideraba a la mujer como «un animal de cabellos largos e ideas cortas» hasta estas épocas en que la mujer bulle y tiene análogos derechos al hombre, media un abismo.

Tal cambio en la intervención de la mujer en la vida, se debe a factores que encuadran dentro del concepto psicobiológico que hoy se tiene de la mujer y se debe a imposiciones de la contextura actual de la sociedad. Pasaron aquellos tiempos en que por alguien se consideró que la mujer no era la hembra del hombre; pasaron aquellos tiempos en que Nóvoa Santos escribió «La indigencia espiritual del sexo femenino» en que se comparaba anatómica y fisiologicamente al hombre y a la mujer, con desdoro para esta última. Y esos tiempos que se fueron, dejaron un lugar a otros en los que se considera a la mujer, sinó igual al hombre, por lo menos capacitada para actuar en su esfera.

Hoy hasta el mismo Nóvoa en su conferencia «Posición biológica de la mujer» se ocupa de sus teoría de antaño y deja suplantarlas por otras nuevas.

Biológicamente la mujer se encuentra colocada entre el hombre y el niño. Somáticamente presenta -en algunos aspectos- una contextura análoga a la de éste y psiquicamente también, por la persistencia de las reacciones histeroides. Tanto es así que Hart la incluye en el tipo juvenil o «neoténico». Pero un tipo juvenil con desarrollo completo de ciertos órganos, desarrollo que obligó a que algún biólogo dijera que «la mujer es un infante que llegó a la madurez sexual».

Cada sexo tiene sus caracteres; caracteres que -en general- todo el mundo conoce. Pero si le son peculiares diferenciaciones externas, también las poseen en la contextura íntima. El vigor, la movilidad, la resistencia y la capacidad son las características del hombre; la vulnerabilidad, la quietud, la limitación y la ternura son

Este primeiro ciclo de conferencias clausuraríase o día 22 de xuño coa intervención dunha asociada, a profesora mercantil Joaquina Conde, que falou sobre «¿Con qué matiz ideológico ha de colaborar la mujer en la República?». ⁴⁰ A relatora analizou as orientacións e programas dos partidos políticos, de todas as tendencias, referidos á muller. Concluíu decindo que «la mujer debe desarrollar su actividad sin salirse de los límites del régimen republicano, pero en un sentido francamente izquierdista dentro de éste».

O 30 de novembro reanúdanse as conferencias. Nesta ocasión foi o xove crítico musical Emilio Pita Robledo o que disertou sobre «Federico Chopin y el romanticismo», sendo presentado por Amparo López Jean, presidenta da Agrupación, que fixo referencia ao labor literario do conferenciante. 41



Fig. 12.- Azaña e Casares Quiroga por Cebreiro.

A seguinte charla da que temos constancia celebrouse o 1 de febreiro de 1934. Nesta ocasión foi o médico José Búa Carou (que viña de ser elixido había pouco máximo responsable do Comité local do **Partido Radical-Socialista Independiente**) o que fala no local social sobre o tema «La mujer ciudadana en la República».⁴² Poucos días antes a **Tuna Coruñesa** fixera unha actuación no local da Agrupación, sendo recibida pola Xunta Directiva, que a agasallou cunhas cintas coas cores das bandeiras da República e de Galicia.⁴³

las de la mujer. Cuando los caracteres de un sexo se cambian al otro se habla de inversión sexual. Tal inversión puede ser psíquica; tanto que para algunos esto representa la aparición en el varón de los caracteres de la constitución histérica.

La hembra somática y psiquicamente, vive sometida al sexo; el macho, menos sometido a las exigencias de la perpetuación de la especie está organizado en el sentido de la actividad muscular y el trabajo del pensamiento.

Mas, la evolución de la mujer depende del terreno social. La guerra y la post-guerra tienen trascendencia en este acto. La mujer prosperó y progresará más.

Sin embargo, no hay que confundir el feminismo con el «hominismo» que le llamó Gómez Ocaña. en este último los caracteres viriloides son manifiestos. Ya el vulgo lo calificó de «talento macho».

Pero, pese a todo, a las conquistas de la mujer y a su evolución social, la mujer nació para amar y en la perpetuación de la especie tiene la meta de sus aspiraciones».

³⁶ La Voz de Galicia, 19-5-1933.

³⁷ La Voz de Galicia, 21-5-1933.

³⁸ La Voz de Galicia, 8 e 9 de xuño de 1933.

³⁹ La Voz de Galicia, 16-6-1933. O xornal sintetiza a conferencia nos seguintes termos: «Es innegable que la mujer en estos primeros años del siglo XX dió un formidable salto. Salto en el concepto que el hombre tenía de ella y salto en la posición que actualmente ocupa.

⁴⁰ La Voz de Galicia, 21 e 23 de xuño de 1933.

⁴¹ La Voz de Galicia, 30-11-1933 e 1-12-1933.

⁴² La Voz de Galicia, 2-2-1934. Dí o xornal que «la disertación del doctor Búa fué un elocuente alegato en favor de la obra de dignificación femenina llevada a cabo por el régimen republicano y un eficaz estímulo a la Agrupación para que persevere en la obra de sano liberalismo y democracia que viene desarrollando. Tuvo el conferenciante muy afortunados conceptos acerca del contenido social que debe darse a la República para remediar injusticias y desigualdades que son fermentos de descontento en las clases humildes, a las que una democracia ha de atender preferentemente».

⁴³ La Voz de Galicia, 1-2-1934.

Importante reseña de prensa tivo a conferencia que o intendente mercantil, e funcionario de Facenda, Antonio Carballo Fernández, pronuncióu o día 22 de febreiro, sobre o tema «Preocupaciones del momento». 44

O 3 de marzo celébrase no local un concerto a cargo do barítono sr. Navarrete, acompañado ao piano por Pili Porta. No programa figuran obras de Tabuyo, Sorozábal, Moreno Torroba, Serrano, Alonso, Vives, álvarez, Guerrero e melodías galegas. 45

Esta práctica continuaría ao logo dos últimos anos da República. O 10 de maio es-




Fig. 13.- Amparo López Jeán.

taría nos locais da Agrupación o xove Uxío Carré Naya, cunha conferencia sobre a escola moderna. 46

Moita máis repercusión tería a conferencia pronunciada pola mestra e pedagoga María Barbeito Cerviño, o 19 de maio de 1934, baixo o título de «La Mujer, antes, ahora y después».⁴⁷ A súa pertenza á **Agrupación Femenina Republicana**, e pronunciar esta conferencia, serían uns dos cargos fundamentais polos que se lle abriría expediente de depuración.⁴⁸

O 23 de febreiro de 1935 celébrase un acto, no local da Agrupación, de homenaxe a Eduardo Pondal. A presidenta, Amparo López Jeán, le unhas cuartillas, o brinde escrito por Pondal para o banquete de Conxo e recita o poema «A campana de Anllóns». A continuación, unha socia canta unha muiñeira da autoría de Pilar Castillo, con letra de Pondal para, por último, Antón Vilar Ponte pronunciar unha conferencia sobre o bardo bergantiñán, rematando o acto co canto do himno galego.⁴⁹

En xullo de 1935 pronuncia Plácido Ramón Castro unha conferencia sobre «Galicia ideal». 50

3.2.3. Actividades políticas.

Aínda que sen ter aínda aprobado o seu regulamento, o 14 de abril de 1933 a Agrupación organiza no seu local un ágape para conmemorar o aniversario da República, enviándose telegramas ao Presidente da República, Niceto Alcalá-Zamora, e ao Presidente do Consello de Ministros, Manuel Azaña.⁵¹

A primeiros de novembro deste ano celebran Xunta Xeral. Nela toman o acordo de nomear unha comisión de propaganda electoral (estaban en marcha as Eleccións Xerais) composta pola secretaria da Agrupación, señorita Puga; a vicepresidenta, Ramona Varela; a tesoureira, Trinidad Villalón⁵² e as vocais, señoritas de Freire, Uría⁵³ e Suárez, e as afiliadas Velia G. de Patiño, a srta. de Muñiz e a



Fig. 14.- Igrexa de Santa María de Rutis, onde foi bautizada Amparo López Jeán.

sra. de Menlle. Noméase nesta xuntanza como vicepresidenta da sociedade á citada Ramona de Varela e como vocal a Adela de Mejuto. Envíase un telegrama protestanto, ante o Xefe do Goberno, por algúns nomes que figuran na candidatura do **Partido Radical** como futuros deputados e anúnciase que a socia Velia G. de Patiño vai impartir, no local social, un curso de Puericultura, destinado a socias maiores de 15 anos.⁵⁴

Logo da celebración das Eleccións Xerais, o 21 de novembro visitou o local da Agrupación Santiago Casares Quiroga, co motivo de agradecerlles, no nome do partido que representaba e no seu propio, o traballo da Agrupación na campaña. ⁵⁵ Nun local ateigado, Casares Quiroga

⁴⁴ La Voz de Galicia, 23-2-1934.

⁴⁵ La Voz de Galicia, 1-3-1933 e 4-3-1933.

⁴⁶ Cit.: Luis Lamela García, *Estampas de injusticia. La Guerra Civil del 36 en A Coruña y los documentos originados en la represión*, Ediciós do Castro, Sada, 1998, páxs. 217-220. Uxío Carré tiña neste momento 18 anos. Mestre de profesión, sería paseado no 36.

⁴⁷ Publicaríase na Tipografía Obrera ese mesmo ano. Un exemplar consérvase na Biblioteca de Estudios Locais da Coruña. Esta conferencia ten sido citada por Aurora Marco, *As Precursoras*, La Voz de Galicia, A Coruña, 1993, no capítulo «Maria Barbeito, unha adiantada do seu tempo», páxs. 93-97, publicada inicialmente en *La Voz de Galicia*, 26-3-1992; por Molares Cabana, *Aproximación a la obra...*, capítulo 5, «Cuestión feminista», páxs. 108-109, e por nós mesmos no artigo «A oposición ao Estatuto de Autonomía...», páxs. 167 e 176. Pronunciar esta conferencia sería un dos cargos, entre outros, que a Comisión Depuradora de Maxisterio esgrimiría, en 1937, para separala definitivamente do servicio, e que recollemos no Apéndice documental.

⁴⁸ Foille aberto un expediente de depuración pola Comisión C depuradora do persoal de Instrucción pública, sendo publicado a súa definitiva separación do servicio, e baixa no escalafón, no B.O.E., no 208, Burgos, 14-5-1937. Outro expediente, por motivos análogos, abriullo a Comisión D depuradora de Maxisterio, que, en resolución do 12 de novembro de 1937, propón á Comisión de Cultura e Ensino do goberno de Burgos que María Barbeito sexa destituída do seu cargo e definitivamente separada do servicio. Por considerar de sumo interese este procedemento que levou á destitución de María Barbeito, reproducimos algúns documentos no apéndice documental.

⁴⁹ A Nosa Terra, 355 (2-3-1935), páx. 2.

⁵⁰ A Nosa Terra, 370 (15-6-1935). Di a nota: «Presentou ao conferenciante a presidenta da Agrupación nosa irmá, Amparo L. Jeán en verbas elocuentes e afervoadas de galeguidade.

Plácido R. Castro contrastou o estado aitual de Galicia no orde espritual e material, co que sería baixo un réxime que lle permitise desenrolar as súas posibilidades de todo orde.

Expuso o criterio que do porvir de Galicia teñen os galegos que se preocupan dos seus problemas e das súas solucións facendo algunhas consideracións encol da liberdade das nacionalidades no resto do mundo.

Fixo referencia a varios puntos do programa galeguista nos que se conteñen axeitadas solucións para os probremas nosos e rematou con un chamamento a prol da preocupación por Galicia dende todol-os campos políticos onde se milite».

⁵¹ La Voz de Galicia, 16-4-1933.

⁵² Trinidad Villalón de Suárez sería elixida vocal do Comité Local do **Partido Republicano Radical-Socialista Independiente** poucas semanas despois (*La Voz de Galicia*, 12-1-1934).

⁵³ Probablemente filla do militante de **Izquierda Republicana** Juan Uría González.

⁵⁴ La Voz de Galicia, 4-11-1933. Como podemos ver, víñase de elixir unha nova Xunta Directiva. Aínda que a noticia non o menciona, a nova presidenta era Amparo López Jeán.

⁵⁵ Sabemos, en relación con este tema, que a Agrupación publicara unha nota de prensa na que facía referencia ao que dicían os Estatutos respecto da participación da mesma na política: non identificación con ningún partido, apoio á democracia e á República, liberdade das afiliadas para militar onde quixesen

«Dirigió unas palabras a las mujeres republicanas animándolas a continuar en su labor izquierdista y alabando el que hayan formado una Agrupación únicamente republicana y no se hayan dividido en partidos en este momento en que la República necesita ser cuidada como niña pequeña y no puede ser entregada a quienes únicamente y de mal grado la soportan, y no es momento de pensar a que lado va a inclinarse, sino únicamente de cuidarse de su integridad. Por eso, las mujeres republicanas, que siempre ha sido todo corazón, han obrado con arreglo a sus sentimientos lanzándose a la campaña electoral con más bríos y decisión que muchos hombres».

Concluíu Casares dicindo que sempre se poñería a carón das mulleres republicanas na defensa da República.⁵⁶

Non esquece a Agrupación o tema político; así, a presidenta, Amparo López Jeán, envía un telegrama a Cataluña co seguinte texto:

«Presidente Generalidad Cataluña. Barcelona. Agrupación Femenina Republicana Coruña felicita pueblo catalán en la persona de su más alto magistrado por rotundo triunfo obtenido para la República en recientes elecciones y formula votos prosperidad esa tierra. Salúdale, Presidenta». ⁵⁷ Aos poucos días reciben elas outro telegrama de Lluis Companys agradecendo as felicitacións. ⁵⁸

O 11 de febreiro a Agrupación participa nunha manifestación convocada polo **Casino Republicano**, e apoiada por partidos políticos de esquerda, en protesta polo nomeamento de algúns dos novos xestores da Deputación Provincial.⁵⁹

O 28 de abril de 1935 un grupo importante de socias da Agrupación acoden a Carral a homenaxear aos Mártires, xunto con outras entidades políticas coruñesas (**Izquierda Republicana** e **Partido Galeguista**), intervindo, en nome da Agrupación, a socia Pilar Codesido. Ese mesmo día, pola tarde, todos se dirixen a Cecebre, onde se celebra un mitin no que intervén, entre outras persoas, Elvira Bao, a cal «dirixeuse as mulleres de Cecebre para pedirlle que defendesen os dereitos que a República lles había concedido, para decrarar que as repubricanas coruñesas estaban dispostas a colaborar en todal-as campañas de propaganda dos defensores de Galicia e da República». ⁶⁰ O 7 de xuño de 1936 é Alexandre Bóveda que se achega ao local da Agrupación, para pronunciar unha charla sobre o Estatuto de Autonomía, próximo a plebiscitarse. ⁶¹

A Agrupación Femenina Republicana pertenceu tamén, á altura de agosto de 1934, á denominada Izquierda Revolucionaria y Antiimperialista (I.R.A.), da que formaban parte igualmente o Casino Republicano, o Partido Radical-Demócrata, o Partido Radical-Socialista, o Partido Agrario Radical, o Partido Galeguista, Juventud Republicana, o Partido Progresista e o Partido Conservador. 62

(La Voz de Galicia, 15-11-1933). O día 17 convidan ás afiliadas a asistir a unha charla que dous prestixiosos republicanos (que non se citan) ían dar no local (La Voz de Galicia, 17-11-1933). Por outra parte, Elvira Bao de Varela desminte que, nin ela nin a Agrupación Femenina Republicana, á que pertence, desen asentimento para formar parte dunha candidatura promovida por Juventud Republicana (La Voz de Galicia, 17-11-1933).




Fig. 15.- Vista de Vilaboa (Culleredo) nos anos 30. Nesta localidade naceu Amparo López Jeán.

3.2.4. Actividades benéficas.

De acordo cos fins asistenciais da Agrupación, uns dos que figuraban nos seus estatutos, polas datas do Nadal inician unha campaña de recollida de productos para os necesitados, sendo a cantidade colleitada 200 lotes, que incluían bacallao, arroz, garbanzos, patacas, aceite e dúas pesetas en metálico; lotes que repartiron en acto público o 23 de decembro.⁶³

Enmarcado dentro das actividades realizadas en colaboración con outras entidades, a Agrupación participa, por exemplo, no Comité organizador de «La semana del niño», constituído no local da Agrupación o 6 de novembro de 1935.⁶⁴ Estaba formado por:

Presidenta: Amalia de la Fuente (F.T.) (Fábrica de Tabacos)

Vicepresidenta: Elvira Bao (A.R.F.) (Agrupación Republicana Femenina)

Secretaria: Elvira Pazos (A.S.) (Agrupación Socialista)⁶⁵

Tesorera: Rita Naya (A.S.) (Agrupación Socialista)

Vocal 1n: Enriqueta Iglesias (P.C.) (Partido Comunista)

Vocal 2n: América Muñiz (J.I.R.) (Juventudes Izquierda Republicana)

Vocal 3n: Esperanza Carballido (J.S.) (Juventudes Socialistas)

Vocal 4n: Amparo López Jeán (P.G.) (Partido Galeguista)

Vocal 5n: Carmen Ginés (P.I.R.) (Partido Izquierda Republicana)

Vocal 6n: Petra Fajardo (I.) (¿Independente?)

Vocal 7n: Josefa de la Fuente (S.R.I.) (Socorro Rojo Internacional)

⁵⁶ La Voz de Galicia, 22-11-1933.

⁵⁷ La Voz de Galicia, 18-1-1934.

⁵⁸ La Voz de Galicia, 21-1-1934.

⁵⁹ La Voz de Galicia, 11-2-1934.

⁶⁰ A Nosa Terra, 364 (4-5-1935).

⁶¹ A Nosa Terra, 418 (12-6-1936).

⁶² Lamela García, op. cit., páx. 21.

⁶³ La Voz de Galicia, 23-12-1933.

⁶⁴ A.R.G., Goberno Civil da Coruña, G-2655.

⁶⁵ Elvira Pazos Vázquez sería vocal do Comité Local da Agrupación Socialista coruñesa en 1935 (La Voz de Galicia, 28-5-1935).

3.3. Algunhas conclusións.

Esta é só unha pequena aproximación ás actividades da **Agrupación Femenina Republicana** (que pretendemos completar en futuras colaboracións), pero que nos dá unha idea bastante clarificadora de cales eran os ideais que as movían. Do que levamos visto, a Agrupación vén ser algo similar ao **Casino Republicano** para os homes, pero aberta de maneira evidente ao galeguismo (cousa que non acontece no **Casino**, no cal non participan os nacionalistas). Como lles dicía Casares Quiroga, elas si que representaban unha fronte única republicana.

Sen descoidar as actividades benéficas, a **Agrupa**ción Femenina Republicana aposta pola instrucción da muller, por medio dos cursos que celebran no local e a programación de conferencias, nas cales, agás as puramente culturais, o tema da muller, ou da política, está continuamente presente.

A Agrupación veiculiza as inquedanzas das mulleres republicanas, profundamente vencelladas co réxime democrático. Non se limitan a ser meras observadoras do que fan os homes, senón que tantan cambiar a mentalidade destes e, así, cambiar a sociedade.

Desgraciadamente, o triunfo do fascismo esfarelará todos estes avances, iniciándose un retroceso que perdurará ata tempos moi recentes.

Non é de extrañar que, debido a este compromiso democrático e progresista, un elemento profundamente reaccionario, como o sacerdote Silva Ferreiro, cóengo da o

reaccionario, como o sacerdote Silva Ferreiro, cóengo da Catedral de Santiago, as cualificase de «chusma de mujeres». 66

3.4. Algunhas mulleres destacadas

3.4.1. Elvira Bao de Varela⁶⁷

Presidiu inicialmente á **Agrupación Republicana Feminina**. Estaba casada con Bernardino Varela, dirixente das **Irmandades da Fala** na Coruña e do **Partido Galeguista**. Elvira Bao tamén formou parte destas entidades (formaría parte do elenco teatral da **Irmandade da Fala**), interesándose pola unión das mulleres dentro do Partido.⁶⁸ Foi mestra

Ao seu debido tempo, escoitei o voso chamamento para formar na ringleira das mulleres galegas, que temos a obriga de facer unha Galiza grande, rica e plena de libertade. Chamáchedes ao meu corazón de filla e de nai; pol-a lembranza sagra dos meus antergos e pol-o porvir dos meus fillos; pol-a nosa prosperidade colectiva, pol-a limpeza política, pol-a nosa fala e pol-a paz social.

Sección Femenina del Partido Galleguista

Esta entidad abrió una suscripción para proveer de ropas de abrigo a los soldados gallegos que luchan por la independencia de España y por la libertad de Galicia.

Con gran actividad se están confeccionando las primeras prendas que se enviarán inmediatamente a los distintos frentes donde se encuentren los combatientes gallegos.

Las donaciones recogidas hasta la fecha son las siguientes:

Eurique Lister, 500 pesetas; Ramón Suárez Picallo, 300; Horacio Casas, 250; Amparo L. Jean, 50; Emilio González López, 25.

Se recogen donativos en Fontanella, 0-1.0-1.0, de 6 z 8 de la tarde y en NUEVA GALICIA.

Fig. 16. Noticia da constitución do "Grupo de Mulleres Galeguistas" en 1938.

nas Colonias Escolares de verán, e pertenceu á directiva de **Mujeres al Servicio de la República**, que presidía Amparo López Jean.⁶⁹ Estivo presa, o mesmo que o seu home, logo da sublevación de xullo de 1936, e foron destituídos dos seus postos de traballo. Na súa casa acollerían xuntanzas galeguistas.

3.4.2. Rita Amparo López Jean.⁷⁰

Nacida en Vilaboa (Culleredo) o 30 de outubro de 1885,⁷¹ localidade na que súa nai, Adela, exercía de mestra, estaba casada co xornalista e político republicano César Alvajar, co que tivo catro fillos: Amparo,⁷² María Teresa,⁷³ Ana María⁷⁴ e Francisco Javier.⁷⁵ Foi tamén socia da **Irmandade da Fala** coruñesa e militante do **Partido Galeguista**,



Fig. 17.- María Barbeito Cerviño.

Ao voso chamamento púxenme en pé decindo.

¡presente!. Alédame escoitar a vosa voz en que fun educada na Irmandade da fala na Cruña fai uns 14 anos; vexo que a nosa semente non votada en valde.

Pol-a grave doenza que padece a miña nai non tiven vagar para ofrendarvos antes de hoxe todo o meu entusiasmo galeguista; mais estiven de cote con vosco en espíritu.

Contade, pois, conmigo en todo o que poida ser preciso, o agardando as vosas indicacións a seguir. Saúdavos con todo agarimo vosa irmán na causa.

Elvira Bao Maceiras de Varela».

Foi publicada en A Nosa Terra, no 313, 9-10-1933.

- ⁶⁹ (Este dato subminístrallo a Carme Blanco o galeguista Xenaro Mariñas del Valle).
- ⁷⁰ Tivemos ocasión de renderlle un público homenaxe -coidamos que se facía por primeira vez- o día 14 de abril de 1999, durante a presentación, en Vilaboa (Culleredo) da nosa edición de *O que fixeron en Galicia. 1936*, publicado por A Nosa Terra en 1998.
- ⁷¹ Rexistro Civil de Culleredo, tomo 11 de Nacementos, fol. 319 r-v, nº 224.
- ⁷² Faleceu recentemente en Portugal. Estivo casada co escritor Arturo Cuadrado. Foi colaboradora de Casares Quiroga, formando parte dos Servicios Secretos de Información do Ministerio de Gobernación (vid. Francisco Xavier Alvajar: «La Coruña de mi adolescencia. Recuerdos de la Segunda República Española», Anuario Brigantino, 15 (1992), pp: 149-174, páx. 169). Exiliouse primeiro en Arxentina, residindo máis tarde en París e noutros lugares de Europa. Traductora, prologuista e dramaturga, escribiu, en colaboración con A. Caballero, obras como El balcón de los Lester ou Amada y tú (vid. Galicia emigrante, nº 13, agosto-setembro de 1955, páx. 18). Traballou en Suiza na representación de Nacións Unidas.
- ⁷³ Con só 16 anos foi detida, acusada de pertencer ao S.I.M. (Servicio de Investigación Militar) republicano (vid. Francisco Xavier Alvajar, «La Coruña de mi juventud...», páx. 153. Reside na actualidade en Madrid.
 ⁷⁴ Ana María Alvajar, que reside en Madrid, publicou en Ediciós do Castro un libro de poemas, *Vivencias*.
 ⁷⁵ Logo de numerosas peripecias durante a Guerra Civil e na primeira posguerra, na que estivo preso, Francisco Xavier exiliouse en Francia, sendo delegado do Consello de Galiza en Europa e secretario do Ministerio de Información, Propaganda e Arquivos do goberno republicano no exilio. Ao seu regreso, sería alcalde de Carral nas listas do PSdeG-PSOE. Foi un destacado membro da masonería. Legou o seu arquivo persoal, importantísimo, ao Concello de Betanzos. Faleceu hai poucos anos.

⁶⁶ Galicia y el Movimiento Nacional, Santiago, 1938, páx. 25. Silva Ferreiro, quizais avergonzado por ter escrito este libro, acabaría por ir polas librerías retirando os exemplares que nelas había.

⁶⁷ De Elvira Bao, e das mulleres galeguistas, tense ocupado algo Carmen Blanco, *Mulleres e independencia*, Ediciós do Castro, Sada, 1995, nos capítulos «Recanto da muller», «Santa Nai» e «Elvira Bao».

⁶⁸ Publicaría unha carta celebrando que as mulleres galeguistas, por impulso das de Ourense, se organizasen. Di a carta:

[«]Doña Celia Bouzas de Peña.

no que ingresaría o 6 de maio de 1935,⁷⁶ colaborando economicamente nas campañas.⁷⁷ Presidiría o grupo **Mujeres al Servicio de la República**⁷⁸ e a **Agrupación Republicana Femenina** a partir de 1934. Durante a Guerra Civil formou parte, en Barcelona, do **Grupo de Mulleres Galeguistas**, non sabemos se como secretaria xeral,⁷⁹ colaborando nos comités

As dúas cartas que vimos de mencionar foron enviadas por Enrique Líster, e por S. Fernández.

«A la Secretaría general del Grupo Femenino del Partido Galleguista.

Apreciables camaradas: Con gran alegría he recibido vuestra atenta carta, por la que me entero de la constitución de ese Grupo. La idea para que ha sido creada me parece magnífica, pues todo aquello que sea ayuda a nuestro Gobierno de Unión Nacional, al Gobierno de todos los españoles, supone una ayuda para mitigar los sufrimientos de nuestros hermanos de Galicia, es una manera de acortar el camino que nos separa de nuestra victoria, y, por lo tanto, de la liberación de nuestra tierra. Los millares de gallegos que hoy sufren en la Galicia sometida a la esclavitud del fascismo, tienen puestos sus ojos en nosotros, sienten una gran alegría en sus corazones al enterarse de una victoria nuestra; para cooperar en esta lucha, para que nuestros combatientes no tengan frío, vosotras vais a procurarles ropas, van a recibir vuestra ayuda, tanto material como espiritual; por lo tanto, me parece bien esta iniciativa, así como la de facilitar ropas y otras cosas a nuestros paisanos, que alentados por su amor a España y asqueados de la invasión existente en Galicia, y en toda la zona rebelde, vienen a acogerse a los brazos generosos de la República, de España, desertando de las filas de ese ejército llamado «nacional», y en el cual forman parte fascistas de Italia y Alemania, que tratan a los pocos españoles que mantienen en sus filas por el terror, como lacayos suyos, teniendo como ejemplo la conducta seguida por el traidor Franco, y creyendo que todos los españoles son igual que él.

Así, pues, podéis contar con mi colaboración en vuestro trabajo en la medida de mis posibilidades, y adjunto a esta carta, os envío una cantidad como ayuda económica, deseándoos éxito en vuestra iniciativa y que, desde luego, no dudo será desarrollada como deseáis.

Cordialmente os saluda, y queda vuestro y de la causa,

ENRIQUE LISTER

Frente del Ebro, 21 de septiembre de 1938".

«P.C., 20 setembre 1938.

Segredaria Xeral d'Grupo Femenino d'o Partido Galeguista.

Fontanella, 9, 2°-2°.

Barcelona.

Compañeira: Recibín a sua carta d'o trinta d'o mes derradeiro. En resposta a ela téño que decirlle que o papel i os sobres repartidos entr'os soldados d'o meu batallón foron moi ben acollidos por eles, xa que n'este osequio ven eles a preopazón que pol-as suas necesidades sintense n'a retagardia. A verdá é que os millores regalos que se lles poden facer non son outros que os consistentes en material pra escribire.

Trasmito a eles, por meio d'os periódicos murales, os vosos saúdos i aproveito ista ocasión pra agradecervos persoalmente as vosas atencións.

Recibide os meus mellores saúdos antifeixistas.

O comisario

S. FERNÁNDEZ 24 División, 133 Brigada Mixta, 24 División, 352 Batallón».



Fig. 18.- Reparto de roupa na Escola Da Guarda (30-XI-1932). No centro, Maria Barbeito.

de axuda aos soldados galegos na fronte de batalla.⁸⁰ Faleceu no exilio, en París, o 12 de outubro de 1942, estando soterrada, xunto con César Alvajar, no cemiterio parisino de Bagueu.

A figura de Amparo López Jeán é moi interesante porque é unha muller que aposta por unha ideoloxía política diferente da do seu home, César: galeguista ela, republicano liberal -e pouco galeguista- el; algo inhabitual na época.⁸¹

Las donaciones recogidas hasta la fecha son las siguientes:

Teste dato xa o aportamos no artigo «A oposición ó Estatuto de Autonomía de Galicia na Coruña da Segunda República. A Agrupación «A la Tercera República», Anuario Brigantino, 20 (1997), p. 149, páx. 176. Se a nosa revisión dos listados de afiliación do Partido Galeguista non nos falla, foi a primeira muller en afiliarse ao partido na Coruña.

⁷⁷ Así, aparece aportando para o fondo electoral 15 pta (A Nosa Terra, nº 413, 8-5-1936, páx. 3).

⁷⁸ Non estamos seguros deste dato, que Xenaro Mariñas del Valle, referíndose a Elvira Bao, lle subministrou a Carme Blanco. Coidamos que o vello galeguista quizais confunde o nome, sendo realmente o de *Agrupación Republicana Femenina*.

⁷⁹ Na revista *Nueva Galicia*, nº 52, 30-9-1938, recóllese a noticia da creación deste grupo, e publícanse dúas cartas dirixidas á Secretaria Xeral, sen especificar o nome. Cremos que era Amparo a que ocupaba este cargo porque María Luz Morales, outra destacada galeguista, xornalista en *La Vanguardia*, que dirixiu a comezos da Guerra Civil, quizais estaría demasiado ocupada para exercer a secretaría; de feito, o único nome que aparece, como vermos logo, é o de Amparo.

⁸⁰ Nueva Galicia, portavoz dos antifascistas galegos, no seu nº 52, correspondente ao 30 de setembro de 1938, faise eco desta sección femenina do Partido Galeguista: «Esta entidad abrió una suscripción para proveer de ropas de agrigo a los soldados gallegos que luchan por la independencia de España y por la libertad de Galicia.

Con gran actividad se están confeccionando las primeras prendas que se enviarán inmediatamente a los distintos frentes donde se encuentran los combatientes gallegos.

Enrique Lister, 500 pesetas; Ramón Suárez Picallo, 300; Horacio Casas, 250; Amparo L. Jean, 50; Emilio González López, 25".

⁸¹ Resultan curiosas as contradiccións do esposo de Amparo, César Alvajar, que, como ben sinala José Antonio Pérez Alvajar en *Antología de artículos periodísticos de César Alvajar*, Ediciós do Castro, Sada, 1995, páxs. 48-49, pasou de criticar, en 1919, que as mulleres puidesen votar, porque «la concesión de ciertos derechos, como el electoral, a la mujer, antes significaría un retroceso que un adelanto en la marcha evolutiva de España, dada la enorme, la pavorosa incuria mental de la mayor parte de nuestras mujeres» («Glosas a un artículo sobre el voto femenino» (7-2-1919), a gabar, en 1936, xusto a posición contraria: «Frente a este criterio [de que había que elevar primeiro o nivel cultural da muller antes de que puidese votar] triunfó el criterio liberal, el de otorgar a la mujer iguales derechos políticos que al hombre, única norma satisfactoria en una República verdadera. Y no sólo no se cumplieron los malos presagios y los negros pronósticos, sino que todo indica que, a un lado las inevitables vacilaciones del aprendizaje, tienen las mujeres disposiciones felicísimas para nadar en las aguas de la democracia, y hasta pueden dar lecciones y batir «records» («Teoría y práctica», *La Voz de Galicia*, 1-4-1936). Algo tería que ver

3.4.3. Barbeito Cerviño, María.

Naceu na Coruña o 2 de marzo de 1880 e morreu na mesma cidade o 20 de novembro de 1970. Estaba casada con Juan Martínez Morás, tendo dous fillos do matrimonio, Carlos e Isabel. Escritora, socióloga e pedagoga galega. Dedicou especial atención aos nenos e á emancipación social, cultural e profesional da muller. Viaxou por toda Europa para coñecer os métodos máis modernos de ensino, fomentou e perfeccionou o Ensino Primario graduado, implantando en Galicia o método «Montessori». Fundaría institucións asistenciais como «El Niño Descalzo», o «Comedor y Ropero Da Guarda». Participou na dirección das «Colonias Escolares para Niños Pretuberculosos», «Cantinas Escolares Concepción Arenal», «Junta de Protección a la Infancia» e foi a primeira e única presidenta da «Asociación Concepción Arenal para la Protección y Rehabilitación del Preso». Botou a andar, en 1912, a «Fiesta de la Flor», cuestación pública a beneficio dos desvalidos, que se estendeu por toda España, e que foi apoiada pola raíña María Victoria Eugenia. En 1932 foi chamada a Madrid para formar parte da Junta Superior de Beneficencia. Dirixiu o Grupo Escolar Da Guarda, na Coruña, que transformou nun centro modelo para toda Galicia, sendo tamén Inspectora de Ensino Primario ata 1936, sendo depurada e expulsada do Ensino polos franquistas, Pertenceu á Real Academia Galega e ao Instituto de Estudios Gallegos. Entre as súas publicacións destacan Niños y Educadores (1913); Mejor ambiente educativo y

Amparo, supoñemos, neste cambio de opinión, pero xa con anterioridade, porque, o domingo 22 de outubro de 1933 (tres anos antes), dedicaba César unha das súas famosas «Coplas del Domingo», que publicaba no xornal no que traballaba, *La Voz de Galicia*, ao tema «El voto femenino». Dicía César:

Creo que no hay que temer al voto de la mujer y que su acción comicial ningún daño habrá de hacer, y antes será un bien que un mal.

La muletilla obligada de que «no está preparada» no merece mi respeto. ¡Ya probará la jornada dónde está el analfabeto!

¿Que alguna dista un abismo de las normas del civismo? ¿Que otra no atiende razones?... ¡Exactamente lo mismo que muchísimos varones!

Resulta por tanto, injusto, que, sin motivo, y por gusto, digan otros lo contrario, pensando, llenos de susto, que su voto es reaccionario.

Acaso quien piensa en esa presumida regresión que a unos cuantos interesa, se lleve la gran sorpresa en la próxima elección. Ante este supuesto atraso y eso del civismo escaso se podría replicar: ¡Dejadla que inicie el paso y la veréis avanzar!

Abordemos la tarea de perfeccionar su mente con la palabra y la idea para que su voto sea sereno, libre y consciente.

Secundemos su labor cuanto más antes, mejor. ¡Empezemos ahora mismo! Y no temamos, lector, a que avance el feminismo.

No hay nada por qué temer. Si era sierva la mujer en un tiempo secular, «ya lo ha dejado de ser y ahora comienza a votar».



Fig. 19.- Escolas Da Guarda, que dirixía María Barbeito.

condiciones que deben integrarlo (1909); La mujer, antes, ahora y después (1934); Breviario Humano (1947), La condesa de Noailles, Países y Escuelas (1975), realizando tamén moitas traduccións de libros estranxeiros.

APÉNDICE DOCUMENTAL

I. Fundación do subcomité coruñés da «Liga Internacional de Mujeres Ibéricas e Hispano-Americanas y Cruzada de Mujeres Españolas».

«Junta General del día siete de Julio de mil novecientos treinta y dos. Acta número $1.^{82}$

Independientemente de lo aducido en los pliegos de descargos que figuran en el expediente, y de los testimonios de tanta garantía que aporto a él, para esclarecimiento de la justicia quisierra hacer constar que creo carecer de un número suficiente de enemigos para despojarme de la opinión favorable de que gozo, pero conozco en cambio algunos envidiosos que pudieran escudarse en el secreto del expediente para causarme, de un modo directo o indirecto, el daño necesario a sus bastardos fines.

Llamo, por ejemplo, la atención de mis jueces sobre el hecho de que Dª Rosa Buján, cuyas intrigas para ocupar mi puesto me son conocidas, es efectivamente mi sucesora en el cargo, para lo cual le estorbaba también la maestra más antigua del Escalafón en la Escuela, y a la que asimismo hizo víctima de su malquerencia.

No es gratuíta ni apasionada mi suposición sobre Dan Rosa Buján; ya en el año 1924, valiéndose de procedimientos poco recomendables, pretendió suplantarme en la Dirección de la Escuela; pero fuerte en mi derecho y apoyada en la Ley, como siempre, se entabló recurso ante la Dirección general de Primera enseñanza, que falló en justicia revocando la disposición de la Sección Administrativa ocupada entoncer por persona de gran amistad con la Sra. Buján, y confirmando en la Dirección total de la Escuela a la firmante, que venía desempeñándola con todo derecho. Este elemento de juicio puede hacer gran luz sobre mi asunto.90

Por otra parte, en los cargos de mi expediente figuran extremos que aunque estimo calumniosos, no podían ser aportados por persona ajena a la Escuela, ya que se referían al orden interior del establecimiento; aunque, naturalmente, falseándose los hechos.

Es de notar que mientas que la que hoy ocupa el puesto de la firmante recogió, según es comprobable y se dice de público, las cuotas de Maestros de sus zonas de Habilitación con destino a los Maestros presos en Asturias en el año 1934, por lo que sufrieron sanción bastantes maestros de esta provincia, la firmante

⁹⁰ Rosa Buján de Castro foi a primeira muller concelleira na cidade da Coruña, na Dictadura de Primo de Rivera. Foi nomeda en 1925, permanecendo no cargo ata o final da Dictadura, ocupándose en labores de Beneficiencia e Instrucción Pública (Luis Antonio Giadás álvarez, La vida política municipal en La Coruña entre 1900 y 1931, Ediciós do Castro, Sada, 1997, páxs. 285, 287, 289). Despois de xullo de 1936 destacou por ser unha das persoas que formaban o cadro de profesores que daban os cursos «patrióticos» aos falanxistas.

contribuía con doscientas pesetas a la recaudación promovida por el Gobierno en favor de los defensores del orden público en los mismos sucesos.

Preferí siempre a todo la nobleza de proceder, tantas veces aplicada por mí a la que supongo instigadora en gran parte del daño sufrido como coronamiento de una vida de dignidad y de trabajo. No creo faltar a aquella con las indicaciones hechas en las que me limito exclusivamente a citar un hecho que por haber sido declarado no delictivo recientemente a petición de la Comisión depuradora de la Coruña, no puede ya traerle perjuicio, pero me permite establecer un parangón que conviene a mi causa. Porque conociendo solo la parte externa del asunto que hayan podido presentar mis detractores, pudiera ponerse en riesgo la exacta apreciación de los hechos por los encargados de juzgarlos.

La Comiña

La Directora de la Escuela Graduada Da Guarda, en situación de suspensa de empleo y sueldo.

V.3. Novo cargo imputado a María Barbeito.

fVIVA ESPAÑA!

JUNTA TÉCNICA DEL ESTADO ESPAÑOL.

COMISIÓN DEPURADORA DEL MAGISTERIO DE LA CORUÑA.

Por haber llegado a esta Comisión con posterioridad al pliego de descargos enviado por Vd., una nueva inculpación, se formula contra V. este nuevo cargo:

Haber dicho a la maestra encargada de la escuela particular de Bens, en el año de 1934 con motivo de su visita de inspección a aquella escuela, que comunicara a la sostenedora de que el centro que tenía que variar los libros escolares y cesar la enseñanza del Catecismo. Por esta razón la sostenedora de esta escuela resolvió clausurarla, ya que la actitud de V. le impedía orientar la educación y enseñanza en conformidad con el plan preconcebido por la sostenedora del centro.

Para contestar a este cargo se concede a V. diez días laborables, contados a partir del siguiente a aquel en que le haya sido entregado este oficio. Se le previene que si en el plazo señalado deja Vd. de cumplimentar lo indicado, continuará la tramitación de su expediente.

Dios guarde a V. muchos años.

La Coruña, a 27 de setiembre de 1937. Segundo Año Triunfal.

Por la comisión, el Secretario.

(Sinatura de Ramón Lamela Cernadas)

V.4. Resolución da Comisión D depuradora do Maxisterio sobre o expedente aberto a María Barbeito.

COMISIÓN DE LA CORUÑA

En La Coruña a 12 de Nobre. de 1937. Reunida esta Comisión con asistencia de todos sus miembros se procede al examen del expediente incoado a la Maestra Directora del Grupo Daguarda, esta Capital Doña María Barbeito Cerviño.

Resultando que solicitados y obtenidos los obligados informes, que la Comisión estimó convenientes, se oyeron manifestaciones verbales y se trajo al expediente un ejemplar de la Conferencia dada por la Sra. Barbeito en la Agrupación Republicana de La Coruña el 19 de Mayo de 1934.

Resultanto que formulado pliego de cargo fué contestado por la inculpada en la forma que estimó más oportuna, y habiendo conocido posteriormente la Comisión nuevos hechos envió otro cargo que no fué contestado pese a que se le entregó el 30 de Setbre. último.

Considerando que estudiando detenidamente los informes se llega a la conclusión de que la culpada profesa ideas ideológicamente avanzadísimas aunque las exponga en forma aparentemente inocua, si bien no tanto que no puedan penetrarse cual demuestra la lectura de la Conferencia dada en Mujeres Republicanas.

Considerando que la Sra. Barbeito era decidida partidaria de la coeducación, no en el sentido a que se refieren las Escuelas mixtas legalmente existentes en España, sino en el de la absoluta igualdad de sexos en su formación y educación; que hacía labor antirreligiosa y perseguía a las Escuelas confesionales, cual ocurrió con la que en Bens sostenía la Srta. Barrié de la Maza.

Considerando que las razones aducidas por la Sra. Barbeito en sus descargos no desvanecen ni mucho menos los 11 cargos formulados cuya subsistencia queda en pie.

La Comisión, por unanimidad, acuerda proponer a la Comisión de Cultura y Enseñanza que la Maestra Directora del Grupo Daguarda, de esta Ciudad, Dña. María Barbeito Cerviño sea destituida de su

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ MULLERES E REPÚBLICA...

cargo y por tanto definitivamente separada del servicio con los inherentes efectos administrativos.

Anótese en el libro de Actas y elévese a la Superioridad la correspondiente propuesta.

Enrique Montenegro. Antonio Eiján. José Martínez Percero. Ramón Lamela Cernadas. otro ilegible que copio: «fué Juan Peral».

El Sr. Presidente de la Comisión de Cultura y Enseñanza. BURGOS



Fig. 22.- No primeiro andar dun destes edificios, na actual rúa de San Andrés, estaba o local da **Agrupación Republicana Femenina**.

Anuario Brigantino 1998, n° 21

Anuario Brigantino 1998, n° 21

Betanzos baixo sospeita: o aparello de vixiancia nos anos da Guerra Civil EMILIO GRANDÍO SEOANE*

Durante os anos da II República Betanzos foi un fervideiro de actividade no plano político. As súas organizacións amosaban unha importante vitalidade, especialmente aquelas situadas ideoloxicamente á esquerda. Xunto ás cidades de Ferrol e A Coruña formaban os tres vértices dun triángulo imaxinario que conformaba unha das maiores tentativas de renovación política destes anos en Galicia. A capacidade movilizadora dos partidos e sindicatos durante os anos republicanos só pode ser comparable nesta bisbarra á realizada no sur da provincia de Pontevedra.

Boa parte da razón desta actividade atópase na extensión do sindicalismo de carácter obreiro, circunstancia diferencial respecto a outras bisbarras. Se na Coruña o sindicalismo de carácter ácrata xoga un papel fundamental no desenvolvemento da política local, en Ferrol e Betanzos o papel protagonista na movilización da esquerda é xogado polos socialistas. O PSOE ferrolán, baseado na súa presencia activa no sector naval, convírtese no referente constante da actividade política desa cidade, sendo a cidade galega máis importante que tiña alcalde socialista, Xaime Quintanilla. En Betanzos, a forza como grupo de presión do socialismo procedía da súa estructuración no eido agrario, na formación e creación de numerosísimos sindicatos deste carácter espallados pola súa area de influencia.

Aínda que procedentes de sectores sociais distintos, é indiscutible a presencia de factores novos na política da II República. É precisamente a influencia sindical a que provoca a reacción da dereita. Esta organízase a marchas forzadas en agrupacións políticas de masas, co único obxetivo de botar abaixo ó réxime. Nun primeiro intre, as súas perspectivas céntranse na consecución do poder, que se considera perdido nos meses de abril e xuño de 1931. Despóis de anos de participación no réxime, nun proceso de franca e constante radicalización da súa mensaxe, tras as eleccións de febreiro de 1936 -que supuxo o triunfo das listas da coalición de esquerdas no Frente Popular-, a súa estratexia mudará de perspectiva.

Non todas as persoas de dereitas que participaban na política daqueles intres se viron implicadas no golpe de estado de xullo de 1936. Houbo certos sectores que permaneceron inactivos tras o levantamento militar, mais tamén hai que dicir que unha importante representación dos grupos conservadores, sobre todo nos seus sectores máis xuvenís, apostaron por medidas de carácter violento. Entre os meses de marzo e xuño de 1936 o trasvase de membros das JAP cara a Falange Española é constante, circunstancia díficilmente constatable de modo documental, tanto polo reducido período de tempo, como pola inexistencia de fontes para o traballo dunha organización que non cabe esquecer que é declarada fora da legalidade republicana polo goberno do Estado.

^{*}Emlio Grandío Seoane é Doctor en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e Profesor do Departamento de Historia Contemporánea.

Na corporación local brigantina o peso do socialismo ó longo do período republicano é cada vez máis notorio. Aínda que nun primeiro momento é a ORGA a que domina o Concello –circunstancia que, por certo, entra dentro dunha dinámica semellante á que acontece na maioría das corporacións locais da provincia-, é a partir do ano 1934 cando os homes da agrupación socialista local dirixen os destinos da corporación¹.

Máis os sucesos de Asturias e Cataluña de outubro de 1934 rachan con esta liña. A convocatoria da folga xeral revolucionaria tras a designación de tres ministros da CEDA foi seguida con especial interese polos grupos da esquerda brigantina. A suspensión conseguinte dos cargos municipais pertencentes a grupos de esquerda veu acompañada pola designación gubernativa de concellais conservadores con carácter interino.

Os feitos de outubro de 1934 significou para os sectores de pensamento conservador unha das referencias que terán en conta no verán de dous anos despóis. Dende o seu plantexamento, a esquerda tentara levar adiante a súa 'revolución soviética' en España, e non precisamente de xeito pacífico. A combativa actitude dos medios de comunicación conservadores nos meses posteriores ós sucesos de Asturias foi determinante para a recepción e asimilación desa idea. Aquelo foi considerado como a 'barbarie da chusma', que tentaba botar abaixo todo o aparello ideolóxico no que se baseaba a dereita: familia, traballo, respeto á tradición, e por riba de todo, a orde. É a consideración de inestabilidade e desorde o que provoca que unha grande parte das capas medias da sociedade apoien proxectos de carácter autoritario, aínda que non necesariamente fascistas.

Como xa mencionamos nas liñas anteriores, os resultados das eleccións de febreiro de 1936 veñen trastocar as expectativas de crecemento continuado que ata daquela tiñan os grupos conservadores. O novo goberno de Manuel Azaña provoca o retorno daqueles concellais elexidos nas únicas eleccións de carácter municipal da II República, as do 12 de abril de 1931, independentemente da súa cor política. Máis agora as forzas de esquerda teñen un pacto previo sobre un programa que, ó chegaren ó poder, e na maioría dos casos, cumpren de xeito riguroso. No caso concreto de Betanzos, o Concello volta a estar en máns dos socialistas que realizan nos escasos meses que trascorren ata a sublevación militar unha importante actividade².

A mediados do mes de xullo ten lugar o levantamento militar das tropas de Marrocos e de varias guarnicións da península contra o réxime republicano. As catro provincias galegas, como xa coñecemos, quedaron nas máns dos sublevados dende os primeiros intres, primeiro co control das principais cidades e capitais de provincia, e logo levando adiante a que era considerada 'pacificación' das distintas zonas de influencia. O golpe de estado en Galicia ten máis de movemento cuartelero que de enfrontamento da sociedade política civil. Nesta circunstancia foi determinante a actitude pasiva do goberno do Estado nos primeiros momentos, tras coñecerse a nova da sublevación, á hora de mandar ós distintos gobernadores civís que entregasen armas para a defensa das súas respectivas provincias e cidades. Isto provocou en numerosos casos que a movilización espontánea da sociedade de esquerdas en camións e outros vehículos dende localidades como Viveiro, Lousame ou Noia co obxetivo de defender as cidades 'simbólicas' do poder republicano, lles collera 'a contrapé'. Cando estas chegaron xa se atopaban baixo control dos militares sublevados.

Na cidade de Betanzos, o dominio dos militares levóuse adiante uns días despóis de tomada a cidade da Coruña, cun enfrontamento na ponte de acceso á capital brigantina, que se solventou a favor dos sublevados de xeito rápido. O control militar establecéuse de xeito inmediato a partir do 22 de xullo, momento no que chega a columna militar, que ó día seguinte recorre ós concellos limítrofes de Abegondo, Sada e Oleiros³. O mando da praza brigantina queda en máns do teniente González⁴.

Toda aquela estructuración da sociedade progresista desapareceu de súpeto. Uns foron quén de fuxir polos montes da bisbarra, mentras outros non tiveron esa sorte. A expansión do sindicalismo agrario socialista levado adiante por homes como Ramón Beade ou López Datorre foi borrada. Máis un entramado asociativo tan forte non podía disiparse nuns días: o problema plantexábase tras a toma do poder. Non consistía únicamente en acadalo, senón tamén en poñer os medios para mantelo.

O control da sociedade

Dominada a cidade de Betanzos no sentido militar da palabra, quedaba o traballo de 'pacificación', é decir, de uniformizar á súa poboación baixo os parámetros do 'Nuevo Estado'. O 'Movimiento Nacional' era por natureza conservador, entendendo esto como defensor da tradición e contrario a toda innovación, e católico, xa que era indisociable o concepto de nación española da súa vertente relixiosa. Mais tamén defendía certo carácter apolítico que amosaba o seu rexeitamento por aquel concepto da política que designa o número como orixe da representación por riba dos sectores que consideran como os máis capacitados para dirixir a sociedade. Evidentemente a definición de apolítico é un termo cun propósito de utilización dentro do discurso dos sublevados, que amosa deste xeito que o único que lle interesa ós militares que dan o golpe de estado é manter o seu concepto de orde e estabilidade social.Baixo estos parámetros comezou a construirse a estructura do 'Nuevo Estado' franquista. Mais había que realizar unha labor previa de depuración da sociedade, arrancando calquer vestixio de participación no réxime republicano. Aquelas zonas que como Betanzos, tiveron no seu seo o xerme do que era considerado por eles como 'a planificación soviética da sociedade' sofriron moito máis a represión por motivos políticos.

Porque, á marxe do contido documental deste traballo, tamén hai que salientar que nun proceso de depuración política como este, e nuns momentos como os que tratamos, onde aínda hai un conflicto civil non finalizado, pódense entrelazar circunstancias concretas da

¹ Arquivo do Reino de Galicia, Fondo Goberno Civil, mazo 2777.

² O goberno local de López Datorre, co apoio maioritario das urnas, apostou por levar adiante o seu programa de reforma social. Así, durante a primavera o Concello obrigaba ós propietarios a entregar o 10% do seu trigo e depositalo na Casa do Pobo; en Grandío, E.; 'Os primeiros meses da guerra. Betanzos, xullo-novembro de 1936', en Anuario Brigantino 1995, nª 18, pax. 168.

³ El día 22 salió de aquella (A Coruña) un destacamento de la Guardia Civil, al mando del teniente Antelo, que no pudo pasar de Guísamo, donde sufrió una agresión traicionera. Este destacamento se dirigía a Betanzos, importante nudo de comunicaciones dominado por las turbas. En Betanzos residía el comandante de Infanteria retirado don Antonio Gómez Iglesias, y se encontraban temporalmente dos alféreces de navío y dos sargentos, los cuales se pusieron el día 22 en relación con la Guardia Civil, que hasta entónces había adoptado una actitud pasiva, y tras un tiroteo sin consecuencias se apoderaron del pueblo. A las tres de la tarde entró una columna procedente de La Coruña, formada por Guardias de Asalto, Guardia Civil y una sección de morteros del Regimiento núm. 28; Arrarás, Joaquín; Historia de la Cruzada Española, Tomo III, Editora Nacional, 1940, pax. 562.

⁴ Carlos Fernández cita o seguinte feito:

También hay que consignar la ejecución, en plena estación de Betanzos, de un soldado a manos de un teniente de la Guardia Civil. El soldado había levantado la mano con el puño cerrado y gritado '¡Viva Rusia!'. La prensa coruñesa reseñó que su ejecución fue debida a un 'ataque de marxismo agudo'; en Fernández, C.; El alzamiento de 1936 en Galicia, Ediciós do Castro, 1987, 4ª Edición, pax. 130.

comunidade local brigantina ou persoais que non alcanzamos no noso estudo. Hai que deixar constancia de que unha importante proporción destas denuncias baseábanse naquelas realizadas por persoas que quedaban na maior parte dos casos baixo a sombra do anonimato, e que en ocasións podían sacar a luz envexas persoais ou intereses económicos moi concretos.

Máis o proceso de depuración política podía calificarse de todos os xeitos menos de espontáneo. Como todo exército que se preciara, os 'nacionais' tiñan un servicio de información e espionaxe. E non foi precisamente un feito tardío, senón que xa dende os meses de xullo e agosto de 1936 montóuse todo un aparello organizativo que recibiría o nome de 'Servicio de Información Militar' (SIM), que tiña o seu centro no Cuartel Xeral de Burgos. Era evidente que a información tiña que subordinarse a realidade do alzamento, e o 'Movemento Nacional' tiña un marcado carácter militar.

Ainda que nun primeiro intre o aparello de información centróuse ó redor das relacións persoais que eran establecidas polo corpo da Guardia Civil daquelas zonas onde triunfara o golpe de estado, cando a fronte de guerra estabilizóuse tamén o fixo a información do enemigo. A partir de novembro de 1937 estes servicios, que tiveran un especial interese no control da zona este –Aragón e Cataluña, pola súa proximidade á Francia da Frente Popular-, unifícanse e xa no mes de febreiro do ano seguinte o servicio concreto pasa a denominarse SIPM ('Servicio de Información y Policia Militar').

Os seus obxetivos xa non serán de xeito prioritario a vixiancia das zonas en conflicto, senón que a centralización afectará a todo o territorio controlado polos golpistas, cada vez máis considerados como un organismo do 'Nuevo Estado'. A xefatura do SIPM atoparáse no Cuartel Xeral do Generalísimo en Burgos e tecerá unha rede de información moi eficaz, baseada en dous aspectos: a colaboración das denuncias de carácter anónimo e a designación e ubicación dos axentes adicados a este cometido de xeito específico.

Os servicios de información tiveron un contido prioritario nos anos da guerra, abarcando todos os aspectos de control: desde os desertores ata o tráfico de divisas, pasando polo rexistro sistemático de todos aqueles que tiveran, aínda que fora de xeito lateral, algún contacto coa política ou os políticos republicanos. Deste carácter de preferencia que se lle deu ó sistema de vixiancia é boa proba o feito de que se adicaron a tal traballo un total de 30.000 homes e mulleres, espallados por todo o Estado. Identificábanse cunha letra e número en clave, e tiñan asignada unha zona xeográfica concreta, que ben podía ser un barrio, unha cidade ou vila, ou unha determinada bisbarra⁵.

O Betanzos da desconfianza

Resulta inevitable salientar o feito de que Betanzos, e Galicia no seu conxunto, quedou baixo zona nacional nos primeiros días do conflicto. Polo tanto a consideración de zona 'controlada' era ata certo punto lóxica para o discurso e a imaxe externa que pretendía amosar o servicio de propaganda franquista. Máis tamén hai que incidir en que a situación non era exactamente a dunha Galicia que apostaba de xeito decidido polo golpe. Esto non era Navarra e non existía, como ben indica o traballo de Javier Ugarte, unha movilización espontánea da comunidade a favor do golpe: a nova 'Covadonga insurgente'.

⁵ Con esta labor, el conocimiento del enemigo era bastante notable y el sistema se mantendría durante toda la guerra; Cervera, J.; Madrid en guerra. La ciudad clandestina, 1936-1939; Alianza, Madrid, 1998, pax. 214.

Esto era especialmente perceptible naquelas bisbarras que tiveran un amplio movemento asociativo, que provocou que o período da II República fora considerado para os elementos conservadores dende un plano de inestabilidade. A pesar das pretensións do exército nacional, o certo é que aquela sociedade política de carácter reformista que se viña fraguando dende os primeiros anos do século XX non podía difuminarse, ou cando menos non podía facer desaparecer de súpeto as súas pegadas.

Ós fusilamentos e encadeamentos das primeiras semanas —días nos que de xeito curioso non existe ningunha referencia oficial nas distintas institucións locais e provinciais- lle sucedeu o afianzamento progresivo do réxime. Este acadábase co obxetivo de acadar a pretendida 'estabilidade social' en base ó enfrontamento directo cos sectores progresistas, que implicaba a súa desaparición. O primeiro contido militar das poboacións veu dando paso ós delegados gubernativos —militares ou non-, os xefes locais e comarcais de Falange, ós parrocos e a Guardia Civil.

Poucos días despóis de 'pacificada' a cidade xúntase a primeira Comisión Xestora, presidida polo Delegado Gubernativo Militar, Ángel González Vázquez. Non se observa un especial ensañamento cos anteriores dirixentes republicanos, cando menos no rexistro oficial do Libro de Actas. Máis, a sociedade conservadora non esquencía de artellar os seus instrumentos, vencellándose persoalmente no conflicto. Dúas son as medidas concretas que son aprobadas nesta primeira sesión: a sustitución do orzamento de 1936, e o traslado do Mercado de Legumes da Pescadería cara a Rúa de Santiago⁶.

Mais tamén iníciase o proceso de depuración do Concello. O 6 de agosto o Delegado de Orde Público de Betanzos recibíu un telegrama do Xeneral-Xefe do Exército do Norte, na que se indicaba a conveniencia do desarme absoluto e rápido dos 'elementos no afectos', separando especialmente aquel 'personal opuesto movimiento' no Concello, Telégrafos, Teléfonos e Correos. Na mesma sesión na que se deu coñecemento do telegrama procedéuse á separación dos seus cargos de nove funcionarios, deixando constancia a Xestora de que coa mesma limitábase a 'cumprir ordes'⁷.

Nas fichas de vixiancia da Delegación de Orde Público da provincia da Coruña atopamos a 49 persoas domiciliadas na cidade de Betanzos. É un número importante en relación ó total, como concello da provincia que ten maior número de sospeitosos de ir contra o réxime, despóis de A Coruña, Ferrol e Santiago.

Máis temos que facer mención a que este ficheiro non contempla todas as persoas que foron obxeto de vixiancia directa durante os anos da guerra na poboación da provincia. En primeiro lugar porque aínda que é certo que si son todos os que estan no ficheiro, hai moitos que non se atopaban rexistrados e que a DOP ou a Guardia Civil tiñan baixo sospeita. Ademais existían dous ficheiros, ún coas persoalidades máis salientables —no que se integraban persoaxes da vida política, xuíces, abogados, homes influíntes da sociedade, etc.- e outro coa inmensa maioría da poboación. Precisamente este traballo procede do segundo deles.

⁶ Hai que destacar o feito de que as primeiras medidas adoptadas pola Xestora sexan precisamente as de atender as demandas reais dos grupos sociais medio-altos. Non existe unha xustificación ideolóxica moi clara debaixo destas disposicións, senón que o troco político constitúese na causa que facilita unha mellora da situación do comercio local; Grandío, E.; op. cit., pax. 171.

⁷ El Sr. Presidente dijo que visto el escrito inserto de la Comandancia de la Guardia Civil, áun lamentándolo muchísimo, entiende que no queda más remedio que acordar la separación de sus cargos de estos funcionarios; Libro de Actas do Concello, Arquivo Municipal de Betanzos, caixa 51, sesión do 7 de agosto de 1936; citado en Grandío, E.; op. cit., paxs. 171-172.

Máis tamén ten unha grave carencia. Ordeado de xeito alfabético faltan algunhas letras do abecedario, posiblemente producto dunha expurgación de carácter específico. Polo tanto, non reflicte a totalidade da sociedade, pero o estudo das máis de mil trescentas fichas é o suficientemente exhaustivo como para considerala significativa, aínda que tendo en conta esta carencia da mesma fonte documental.

Estas fichas na maioría dos casos remiten a expedentes exteriores, mais tamén aportan certos datos. Das 49 fichas vencelladas co Concello de Betanzos podemos decir que a maioría delas teñen unha procedencia cronolóxica común. Só hai catro rexistros anteriores a novembro de 1937, data na que se produce a unificación dos servicios de espionaxe. Ademáis a realización destas fichas realizóuse de xeito moi rápido: deses casi medio centenar de rexistros, 38 deles, é decir, aproximadamente catro de cada cinco se realizan nos catro primeiros meses de 1938, entre xaneiro e abril. A consecuencia de todo elo é evidente: a vixiancia da sociedade civil xa existía de xeito previo á realización do ficheiro, o que se fixo foi institucionalizar a información e darlle un carácter estable.

Respecto á idade dos vixiados só temos referencias concretas de vinteún deles, sendo ún dos apartados dos que menos datos poseemos. Realmente a idade, á marxe da identificación persoal do rexistro, non é un dato moi determinante. Nestas dúas dúcias de individuos constatamos unha importante presencia de persoas de idade comprendida entre os vinte e os coarenta anos (15), mentras que, no momento de realización da ficha, só seis sobrepasan esta idade no momento de realización da ficha só seis. Tamén temos que decir que contrariamente ó que acontece noutros lugares da provincia a proporción de mulleres é alta: 28 homes e 20 mulleres, aínda que boa parte delas eran irmáns de encausados que tiñan semellantes cargos e sancións8.

En relación a procedencia da denuncia temos que salientar certos rasgos específicos dos vixiados na cidade:

- a) Aproximádamente o 45% das denuncias son realizadas por persoas procedentes do SIMP, concretamente aquelas que nesta provincia se denominaban en clave cos números e letras A-8 (9 denuncias) e 65-A (13). Non se recoñecen outras denuncias destes informadores na bisbarra de influencia, polo que ben podemos decir que ámbolos dous tiñan o seu cargo sospeitas sobre a poboación brigantina. A porcentaxe de actividade do SIMP é superior a que atopamos noutros núcleos de características semiurbanas.
- b) A persistencia da Guardia Civil, e secundariamente da DOP, no sistema de investigación. O corpo da Benemérita funcionou, sobre todo no ámbito rural, como ún dos informadores máis solventes da realidade local. Por outra parte, este feito non é exclusivo da época franquista, xa que tamén tiveron este papel durante a II República. De ahí que a primeira estructura do Servicio de Información 'nacional' tivera que ter en conta de xeito preferente á Guardia Civil.
- c) Máis dun 10% destas denuncias son realizadas por 'anónimos', porcentaxe inferior á que ten lugar noutros concellos. Non parece ser Betanzos ún dos lugares da provincia onde ten lugar un maior número de denuncias.

Os motivos que dan lugar ó inicio do expediente da DOP son moi diversos. O 20% deles dan comenzo á investigación baixo a consideración de 'desafectos'. Nunha situación de enfrontamento bélico da sociedade civil, esta palabra identifica a sospeita de que non se

⁸ De feito o número total de 49 complétase coa ficha corresponde á 'Familia Abarrategui', integrada por persoas de ambos sexos.

denciaba a súa postura contraria ó mesmo. Pouco máis do 15% dos rexistros son realizados baixo a acusación directa de ser 'izquierdista', pertencente ou simpatizante coa 'Frente Popular' ou 'rojo'. Nunha comarca de

atopaban conformes co novo réxime, o que, nun momento de polarización absoluta, evi-

clara influencia do socialismo resulta curioso constatar como só nunha das fichas se indica explícitamente como motivo da denuncia a consideración de 'socialista'. Para as novas autoridades non existían moitas diferencias de partido entre os integrantes da que era para eles considerada a 'Anti-España'.

Máis tamén existía una circunstancia específicamente local en boa parte das denuncias. Nos días previos á chegada do exercito 'nacional' tivo lugar o asalto e queima do Convento de San Francisco, roubando certas propiedades ós monxes. Pois ben, según o que reflicte esta documentación, boa parte da sociedade brigantina debeu implicarse neste asalto, xa que máis do 15% destas fichas indican textualmente como motivo da denuncia que 'ayudó saqueos domicilios sacerdotes y crímenes sacrílegos'. Dánse ademáis dúas circunstancias comúns a todas elas:

- a) Todas as fichas menos unha pertencen a mulleres. Casualmente na do único home implicado se indica que tiña na súa posesión boa parte dos obxetos roubados no Conven-
- b) A totalidade das denuncias son feitas por un membro do SIMP, concretamente o que recibía o nome clave de A-8.

Antes de rematar co apartado das denuncias temos que salientar que tamén existían como motivos as 'reuniones de elementos sospechosos' -nas que nun caso en concreto se determina que a Guardia Civil lle recomenda esas persoas que 'no se reunan en dicho Café'-, e tamén circunstancias máis anecdóticas -se cabe falar de 'anécdota' nestes tráxicos feitos- como a sospeita de manifestar 'alegría por el hundimiento del barco nacional 'Baleares'9.

Este era o contido das denuncias, máis tiñan que ser comprobadas, e por quén millor que pola Guardia Civil. Na totalidade das fichas brigantinas é esta institución á que se constitue como o corpo local no que recae a responsabilidade da verificación da denuncia. Nuns intres como estes a condición da persoa influía de xeito moi notable na comprobación das acusacións.

A tenor destes datos – e reitero, única e exclusivamente a partir desta documentaciónnon podemos decir que a Guardia Civil de Betanzos fora especialmente dura ou ríxida nestas consideracións. Só catro persoas foron detidas e postas a disposición militar, precisamente os catro primeiros que son rexistrados, sen que se especifique o motivo polo que foron encadeados.

Ademáis, despois das comprobacións, entre o 35 e o 40% dos fichados no teñen ningún tipo de sanción ou advertencia posterior. Nalgúns casos incluso se indica a redacción dun 'informe favorable'. En moitos casos a Guardia Civil manifestaba explícitamente o cambio de actitude da persoa, que viraba en poucos días dende a adhesión á 'Frente Popular' cara a manifestar lealtade ó 'Movimiento Nacional', a condición de insolvente, ou advertir que vivía 'en precario' e de 'manera económica'.

As sancións son de diverso tipo, pero as máis características nestes rexistros son as das prestacións persoais, que pode oscilar entre quince días e catro meses, e a presenta-

⁹ As dúas persoas que se lles abríu o expedente baixo este concepto se lles sancionou con trinta días de prestación persoal, presentación quincenal nas dependencias da Guardia Civil e posterior vixiancia.

EMILIO GRANDÍO SEOANE

ción ante a Guardia Civil, que tamén varia entre una vez cada dúas semanas o dúas veces á semana¹⁰. Por regra xeral, unha sanción non excluía a outra. Máis ainda, as dúas atopábanse combinadas, é decir, que era frecuente ter ese período de prestación persoal e logo a súa presentación cada certo tempo no Cuartel da Guardia Civil. Tamén se especificaba en ocasións a conveniencia da vixiancia da persoa en cuestión.

Además hai que ter en conta as sancións de carácter económico, circunstancia que á vista destes datos non parece ter moito predicamento nas autoridades deste Concello. Só hai referencia de dúas multas nestes rexistros, unha pola cuantía de 200 pesetas e outra de 500. Tamén había indicacións da Guardia Civil de separación dos cargos institucionais que ocupaban, como nos casos do Conserje Fernando Fiaño Miravalles, do Xestor de Arbitrios do Concello Ramón Montes Navaza e do empregado da Fábrica de Armas da Coruña Fernando Mendiburo Parga¹¹. As observacións afectaban a todos os aspectos da vida da poboación, como no caso de Matilde Bonome Seoane, propietaria dun estanco, de quen a Guardia Civil enviou unha nota á Facenda, información que logo remiteu a Timbre e Monopolio, indicando que non consideraba 'conveniente continúe con el Estanco' ¹².

Non parece ser Betanzos unha das cidades onde se manifestará con maior rigor a vixiancia e control da poboación. Tanto dende as primeiras disposicións das novas autoridades 'nacionais', como dende as resolucións das sancións da Guardia Civil, obsérvase certa moderación sobre o futuro que lles agardaba a aqueles que foran tratados como 'desafectos'. O importante número de persoas vixiadas no Concello implicaba unha importante actividade política e sindical previa ó golpe de estado de xullo de 1936, couxuntura que foi desartellada na *longa noite de pedra*. \square

Apéndice documental:

Abarrategui, Familia
Abarrategui, Eduardo
Abarrategui, José Luís
Abarrategui Bonome, Antonio
Abarrategui Bonome, Mª Carme
Abarrategui Paradela, Antonio
Alfredo, 'hijo de la Serradora'
Bonome Seoane, Matilde
Bonome Seoane, Ricardo
Candal Sánchez, Jesús
Carro, Ramona
Casanova Santos, Josefina
Cuns Medin, Julio
Datorre, Francisco
Fernández Crespo, José
Fiaño Miravalles, Fernando

Filgueiras Mosquera, Amanda Filgueiras Mosquera, Delia Filgueiras Mosquera, Elena Fraga Vázguez, Julia en Fraga García, Remedios García, Antonio García Gondell, Soledad García Méndez, Antonio Gómez Babio, Asunción González Manteiga, Manuel González Regueiro, María Iglesias Pérez, José Julio, 'mozo del Liceo Recreativo' Lagares Martínez, Ricardo López Fernández, Agustín López Freire, José

Lousa Dapena, Francisco Lousa Dapena, Lourdes Manso Palmeiro, José Mara Rodríguez, Jesusa Mendiburo Parga, Fernando Mendiburo Tomé, Gloria Mendiburo Tomé, María Montes Navaza, Ramón Navarro, 'factor F.C.' Hombre Rial, José Varela Buyo, Manuel Varela Nogueira, Emilia Vázquez Lendoiro, Vicenta Vázquez Sabin, Felipe Vázquez Vales, José Viqueira López, Manuel

Fonte: Indice Alfabético-Onomástico de informados e investigados por la Delegación de Orden Público (1938), Arquivo do Reino de Galicia, ficheiros G-4671 e G-4687/1.


¹⁰ Datos do Concello de Betanzos:

⁻Prestación Persoal: 4 meses (2 persoas), 3 meses (2 pers.), 1 mes (3) e 15 días (2)


⁻Presentación ante a Guardia Civil: Quincenal (8 persoas), mensual (4) y dúas veces por semana (1).

¹¹ Precisamente este último xa fora sancionado con anterioridade, pero aínda así a Guardia Civil considera que 'puede ser perjudicial su continuación en Fábrica Armas'.

¹² Matilde Bonome Seoane era irmá de Ricardo Bonome, de quén se sospeitaba entre maio e xullo de 1938 que se atopaba preto de Betanzos.



ARTE, LITERATURA ANTROPOLOXÍA...



Xitano de Compostela. Gouache de Alfredo Erias (1978).

As laudas sepulcrais de San Francisco da Coruña

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ* XOÁN L. VÁZQUEZ GÓMEZ**

Os debuxos son da autoría de Alfredo Erias[©]

O P. Juan Terrones (*Padre Guardián* de 1607 a 1609), predicador apostólico (autor de *Modo y arte de predicar*) e consultor do Santo Oficio da Inquisición, arranxou e ordenou as sepulturas da igrexa de San Francisco da Coruña e, polo tanto, a el se debe unha das dúas numeracións que aparecen nas laudas sepulcrais.

O propio P. Juan Terrones [MAYAN, 1944] fala con toda naturalidade das sepulturas e demais aspectos que rodean ó negocio da morte, onde se privilexia claramente ós poderosos cun espírito que cremos alonxado do orixinal franciscano, pero que responde á estructuración xerárquica da sociedade da época.

«Las sepulturas que no están reconocidas, son de este convento, y ansi se dan quando ay difuntos conforme a la calidad de la persona o obligación que el convento tiene. Y a los soldados, oficiales, alféreçes, sargentos, se les dá desde la puerta del claustro asta el púlpito [militares da cofradía da Inmaculada Concepción con quen tiñan convenio, cítase ó capitán Jorge Arias]. Las quatro primeras hileras se dá de limosna çinquenta reales. Las otras va subiendo a seis y ocho ducados; desde el púlpito arriva a çien reales con fundaçión, y dentro de la Capilla mayor va subiendo la limosna. Perpetuas sepulturas son çien ducados. Para entierro o depósito sin fundación a veinte ducados, excepto si deja limosna libre el difunto al conuento, que se haçe cortesía conforme fuere. Quando sacan los huesos del depósito dá otro tanto, i enterrándose en Capilla agena paga lo que en sepultura nueua. Oferta conforme la calidad de la persona y cantidad de hazienda, como dispone el synodal del arçobispado.

Suele una persona graue que se entierra en la Capilla mayor ofreçer una carga de trigo, una pipa de vino, quatro o seis carneros, excepto si fuere forastero que se conzierta con el Padre Guardián. Las hachas que traen los pobres y cera de altares y junto al cuerpo, y las que dán a los religiosos, todo es del conuento...

^{*}Alfredo Erias Martínez é Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e funcionario do Concello de Betanzos, sendo director do Arquivo, Biblioteca, Museo das Mariñas e Anuario Brigantino.

^{**}Xoán L. Vázquez Gómez é Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Como arqueólogo do Concello da Coruña realizou numerosas excavacións nesta cidade, sendo director das levadas a cabo na igrexa e mosteiro de San Francisco.

No es costumbre traer los Religiosos a nadie que no sea título o cavallero de hábito, síndicos o terçeros de nuestro hábito, o fraile de otra religión si se entierra en casa, y los que no lo son dán al conuento limosna.

El responso se diçe en vajando el cuerpo avajo, o antes que vaje sin subir arriba, saluo al Gobernador o casa propia. Quando se entierra con hábito ha de venir descubierto, y si trajere armas o insinia, es del conuento con tal que sirua sobre el túmulo a las honrras. Por hábito, salida, misa y vigilia, diez ducados.

Los Padres Guardianes no salen a los entierros, sino fuese Gobernador o persona de su casa, o síndico, padre o madre de fraile. Va el Vicario, y sale el Padre Guardián con el preste a rreçiuir el cuerpo, siendo persona graue. Sálese a la puerta de la iglesia. Quando no dan velas no vaja la comunidad al entierro, digo al rresponso, excepto si se conçierta primero con el Padre Guardián o su Vicario.

Siempre que se entierra en casa sale la cruz por toda la ciudad, como es costumbre inmemorial, y en llegando al cruçero, quédase la cruz y conuento, y pasan delante los demás. Si no se entierra en casa no se tañen las campanas por ninguna persona, aunque sea muy grave, excepto por gouernador, o si se enterrase en Santa Bárbara, de consentimiento del Padre Guardián.

De misas no se paga quarta funeral, como está asentado, ni de la ofrenda en que se conzierta el conuento con los testamentarios y cera, pero dáse de lo que paresciere».

Na intervención arqueolóxica que agora remata localizáronse dous grupos de sepulturas: un primeiro no patio do convento, e un segundo no interior do templo. O primeiro, máis antigo, está constituido por cinco sepulcros antropomorfos excavadas no xabre, sen ningún tipo de restos orgánicos nin outros materiais. A febleza do xabre, así como as obras de enlousado realizadas enriba delas para a instalación do garaxe militar, fai que estean moi deterioradas, correndo risco inmediato de desaparición.

No interior do templo localizáronse 55 tumbas, que, desde o punto de vista arqueolóxico, podemos dividir en catro tipos:

Tipo A: As formadas por nichos feitos con laudas reutilizadas, colocadas de canto. Son a maioría, 27, e todas conservan no seu interior esqueletes articulados, en bo grao de conservación. A meirande parte destas laudas son baixomedievais, aínda que excepcionalmente poden chegar ó s. XVII.

Tipo B: Nichos formados por pedras que delimitan o espacio funerario. Son 22 e conservan no interior restos orgánicos.

Tipo C: Enterramentos no terreo, sen ningún elemento delimitatorio. Son 4.


Tipo D: Inhumacións aproveitando concavidades da rocha nai. Son 2.

Considerando o conxunto de laudas sepulcrais estudiadas, 72, podemos dicir o seguinte en razón da súa cronoloxía, que non sempre é doado precisar con exactitude:

Hai 3 do s. XIII (4,16%), 2 do s. XIII-XIV (2,77%), 8 do s. XIV (11,11%), 12 do s. XIV-XV (16,66%), 45 do s. XV (62,5%), 1 do s. XVI-XVII (1,38%) e 1 do s. XVII (1,38%).

Resumindo, estamos diante dun cemiterio que se inicia na segunda metade do s. XIII, coa lauda máis antiga (que nós non vimos, pero que cita Ángel del Castillo) datada no **1289**. Moi perto deste ano xa atopamos unha no 1296 e outra no 1299... Pero, en todo caso, estamos nun inicio con poucas pezas.

O crecemento é evidente no s. XIV, pero non esaxerado, con 8 laudas seguras e 14 posibles.



AS LAUDAS SEPULCRAIS DE SAN FRANCISCO DA CORUÑA (II)

Plano do claustro e capela lateral do convento de San Francisco da Coruña.

- 1) Restos do primitivo convento.
- 2) Muros de función descoñecida anteriores ó s. XVI.
 - 3) Muros conventuais reconstruidos no s. XVII.
 - 4) Muro feito polos militares no s. XX.



Vista xeral do xacemento.





Pavimento de cantos rodados do claustro do convento.

A verdadeira expansión dase no s. XV cun 62,5% de laudas, pero que poden ser aínda máis se consideramos as 12 que datamos entre o s. XIV e o XV o que nos podería levar a un máximo de 79,16%. Estas cifras dinnos claramente que o s. XV é o tempo no que a igrexa e convento de San Francisco teñen probablemente a meirande influencia social, logo das grandes obras arquitectónicas.

A moda das laudas sepulcrais desaparece case por completo a partir de finais do s. XV. A derradeira datada con seguridade nese século é de 1484. A partir daquí só temos dúas, unha de finais do s. XVI ou comenzos do XVII e outra do s. XVII. Naturalmente eso non quere dicir que se deixase de enterrar na igrexa e convento [MAYÁN, 1944], pero a construccion de laudas foi excepcional e, por outra banda, as laudas medievais perderon a súa función orixinal e remataron por se reutilizar de canto para formar caixas onde enterrar as xentes do s. XVII e seguintes.

O 83,3% das laudas, 60, teñen o seu campo epigráfico nun listel exterior frontal que as rodea. Son as do s. XV e a meirande parte das do XIV. Con toda a superficie convertida en campo epigráfico (en xeral as do s. XIII e principios do XIV, máis unha con letras de chumbo que cremos do s. XIV-XV). 2 comparten o campo epigráfico con escudos. E sen campo epigráfico hai só 4.

A figura humana aparece nas laudas nº: 15 (franciscano, s. XIV-XV); 16 (cabaleiro da segunda metade do s. XV); 17 (cabaleiro de 1484); 18 (muller con rollo do s. XV); 19 (muller,





O xacemento coas tumbas do interior da igrexa.

s. XV); 20 (probable xastre, s. XV); 66 (muller con cordón franciscano); 67 e 69 (mulleres con rollo. Polo tanto, 5 mulleres e 4 homes, o que nos fala dunha importancia social relativamente parella entre a muller e o home neste tempo.

Instrumentos do traballo con alusións gremiais e símbolos familiares, aparecen en moitas laudas:

Nº 1 (lanzadeiras de tear); 4 (macheta, escuadra, compás...); 5 (cruz da Confraría de San Andrés); 6 (ondas de posibles alusións mariñeiras); 7 (escudo con lanzadeira de tear); 8 (roda de muíño); 9 (vieiras, marcas familiares, peixe); 10 (can); 20 (escudo con tesoiras); 21 (cruz con peana... posible marca familiar); 25 e 39 (marcas familiares); 40 (estrelas); 41(cruz con pena e frecha, posibles símbolos familiares); 43 (ángulo ou escuadra); 45 (barco); 47 (cruz, posible marca familiar); 63 (ángulo ou escuadra); 64 (vara e lanzadeira de tear); 65 (macheta).

Está claro, pois, que neste cemiterio, esencialmente medieval, a presencia do estamento popular e dos gremios é moi forte: traballadores do mar, de tódolos procesos que levan á confección da roupa, da madeira, do pan... Tamén hai algún cabaleiro e dona de importancia, benfeitores sen dúbida, pero, a diferencia de San Francisco de Betanzos, o estamento nobiliar é tardío e excepcional.

En definitiva, presentamos aquí un bo feixe de laudas que engaden outras tantas páxinas á Historia da Coruña e de Galicia. Páxinas cheas de significado unhas veces, misteriosas outras, máis ou menos rachadas case todas e en branco algunhas. É posible que aínda se poidan descifrar máis cousas no futuro, pero aquí deixamos esta testemuña tal como nós a interpretamos.•





Enterramento con esquelete que conserva as fibelas dos zapatos e dunha polaina, ademais de restos do cadaleito de madeira, forrado con tea verde.

SIGNOS CONVENCIONAIS UTILIZADOS NA TRANSCRIPCIÓN DAS LENDAS EPIGRÁFICAS

- . = Letra que falta
- : = Interpunción. Separa palabras con dous ou tres puntos na propia lauda.
- () = Desenrolo de abreviaturas, en minúscula.
- {¿?}= Diversas propostas de interpretación para unha letra ou letras fundidas.
- $\underline{\mathbf{A}}$ = Letra de lectura dubidosa por rotura ou erosión.
- [] = Lagoa ou elisión que se enche cunha proposta.
- [...] = Lagoa dunha parte indeterminada do texto.
- [.....] = Lagoa dunha liña completa do texto.
- = Lagoa dun nº indeterminado de liñas.
- / = Cambio de liña.

21.- Un «famulus» ou servo de Deus (frade ou crego) (1296)


Dimensións da cara frontal: 1,97x 0,55/0,62 m.


 $\begin{tabular}{ll} & \begin{tabular}{ll} & \begin{tabular}{ll}$

Similar ás números 1 e 2 [ERIAS/VÁZQUEZ, 1994] estamos diante da segunda lauda máis antiga datada do xacemento, despois da atopada por D. Ángel del Castillo, de 1289. Forma, polo tanto, parte do primeiro cemiterio da igrexa e mosteiro da segunda metade do s. XIII e principios do XIV.

Chama a atención esa marca, probablemente de significado familiar, na que se representa unha cruz con peana, rematada nunha hostia radiada. Estase a imitar as cruces de altar.

De distinto momento son, desde logo, os números «17» e «96», correspondentes a distintos inventarios das lápidas.





22.- María Petri (María de Pedro) (1308)

Dimensións: 2,22x0,67/0,72 m. «HIC : IACET : MARIA : PETRI : / ERA : M : CCC :XXXXVI»

Vemos aquí como no 1308 aínda se mantén a tipoloxía da segunda metade do s. XIII en tódolos seus elementos. Os posteriores números «89» (ou 68) e «22» non evitan a doada lectura dos epígrafes.

23.- Anaco de lauda

*[...]II : HIC[...] / [...] M : C[...]»

Da mesma tipoloxía que as anteriores, dátase a finais do s. XIII ou comenzos do XIV. A súa lectura non aporta datos relevantes.



24.- Un «famulus» (frade ou crego)

«[...] OBII : FA/[MULUS][...]ECLON(...) : IH/[...] RII : [...]»

Podemos pensar que se trata do sepulcro dun frade se se desenrola «FA[...]» como

famulus, que parece o máis lóxico.


A súa datación, polo tipo de epígrafes, hai que situala a finais do s. XIII ou comenzos do XIV.

Transposición da madeira á pedra, estamos diante do extremo da tapa dun sarcófago, exemplar de lauda único tipoloxicamente no xacemento, aínda que ten referencias próximas no sepulcro (posterior, probablemente) da parede Norte (exterior) da igrexa de Santiago da Coruña.

O sarcófago iría arrimado a unha parede e o campo epigráfico (que non nos revela apenas nada) situouse na metade frontal.



Anuario Brigantino 1998, nº 21




25.-Lauda de aproximadamente 1319-20

Longo máximo: 1,97 m. Ancho máximo: 0,67 m.

«: [...]SOI: ERA: MCCC: LVII[...]» Esta é unha das varias laudas que, polo seu desgaste, somente con dificultade deixan ler algo da súa lenda epigráfica. Neste caso dá a sensación de que se poderá ler máis, pero, polo menos, danos unha data, 1319/1320, que resulta ser importante no contexto do xacemento, posto que vemos como as vellas laudas con todo o campo cheo de epígrafes en latín dispostos en liñas paralelas, dan paso agora a éstas con campo epigráfico só nun listel exterior frontal e en galego, aínda que aquí a penas se note este aspecto.

As marcas que vemos nun extremo, semellan ter carácter de símbolo familiar. Posterior é o número «24» do inventario correspondente.




26.- Mayor Rodríguez (?) (1321 ou 1359)

Dimensións: 1,26x0,82/0,78 m.

 $\text{ $^{\prime}$AQ(u)I:IAZ/MAYOR:RO[DRIGUEZ]/[.....]/[...]$} \underline{M}CCCLVI\underline{I}II)$

Falar da torre de Caramona é falar dun dos edificios máis emblemáticos de Betanzos, a pesar de que non existe ningunha torre nas pontes da cidade dende hai case douscentos anos. A causa débese a que aparece representada no escudo da cidade dende, polo menos, o século XV. Esto levou a que fose tratada por diferentes estudiosos da historia local, a pesares disto, chamoume a atención a cantidade de dúbidas que ainda permanecen sobre ela.

O seu nome, o lugar en que se atopaba, cando foi derribada...dúbidas que probablemente perdurarán ainda algunhas delas a pesar do presente traballo, onde tento dar algunha resposta que nalgún caso estará




Fig. 1.-Escudo do s. XV no arcosolio do sepulcro de Jácome Mouro Reimóndez en San Francisco de Betanzos. Debuxo de A. Erias.

apoiada na documentación e noutros no meu punto de vista.

AS PONTES DE BETANZOS. PRIMEIRAS TESTEMUÑAS DOCUMENTAIS

A cidade de Betanzos pola súa situación entre ríos necesitou dende sempre de, polo menos, dúas pontes, posiblemente xa existisen na época dos romanos permitindo o acceso ó Castro de Untia. É imprescincible ó falar das pontes relacionalas cos camiños, que eran en

^{*}Xosé Mª Veiga Ferreira é Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e traballa no Arquivo e Biblioteca Municipais de Betanzos.

definitiva os que marcaban e delimitaban estas obras. En documentos medievais pódense entresacar algunhas destas vías que aparecen nomeadas como *veredas antiquas*¹.

Unha delas -que aparece como *vereda antiqua* nun documento do ano 1020 -polo que sería posiblemente unha vía romana- era a que ía por Xan Rozo e Farragoto e cruzaba o Mendo pola Ponte das Cascas, deixando ó marxe esquerdo o castro de Untia, pasaba o Mandeo pola Ponte de Untia. As pontes máis antigas serían polo tanto a Ponte das Cascas e a Ponte de Untia.

Para a época medieval contamos con documentos que permiten demostrar a existencia de tres pontes que daban acceso á vila de Betanzos. No século XII, en concreto nun documento de 1142, en que Don Bermudo Pérez fai partilla e división dos seus bens, correspóndenlle a súa filla Da Urraca -naquel tempo monxa do mosteiro das Cascas- propiedades no actual Betanzos. A delimitación destes bens está expresada da forma seguinte: «...et de illo ponte de illas Cascas usque ad illam pontes de Untia...»². Haberá polo tanto a ponte das Cascas e as pontes de Untia, que poderían ser a Ponte Vella e a Ponte Nova.

No documento de Alfonso IX do cambio da vila de Betanzos ó Castro de Untia no ano 1219 faise alusión directa á Ponte de Untia:




Fig. 2: Escudo do s.XVI na Porta da Vila. Debuxo de A. Erias.

«...per fontem qui est in rippa rivuli de Mandeo iuxta pontem de Unctia...»³. Con este documento temos a seguranza que a Ponte Vella era a Ponte de Untia ou polo menos a súa herdeira, xa que permitía o paso sobre o río Mandeo.

Outro camiño medieval era o que ía á Coruña e pasaba pola Ponte Nova, bordeando o estuario de San Pedro das Viñas, Illobre e Castro. Polo que respecta á Ponte Nova aparece documentalmente no ano 1340 nomeada no foro dunha casa, «..que limita a rua que vay para a ponte nova»⁴.

Outra vía de comunicación era a que viña de Cines, pasando por Santa Cruz de Mondoi e cruzando o Mendo pola Ponte de Roibeira⁵, documentado no 1369, pasando cerca do

mosteiro de San Martín de Brabio, para entrar en Betanzos pola Porta da Vila.

Como datos seguros temos que no século XIV existían tres pontes próximas á vila de Betanzos, sen contar a de Roibeira que está un pouco máis alonxada.

A TORRE NO ESCUDO DA CIDADE

A máis antiga representación das armas da cidade está no sepulcro de Jacome Mouro Reimóndez, un antigo rexedor da cidade, probablemente do século XV, atopado nunha capela da igrexa de San Francisco detras dun retábulo⁶.

Nel podemos ver a representación da torre da Caramona sobre unha ponte de tres arcos e unha torre no medio dun só corpo, que nos permite constatar a súa existencia na Idade Media, e nos da unha idea aproximada de como serían as pontes coas torres de Caramona ata a súa remodelación e construcción no século XVI.




Fig. 3: Escudo do s. XVI no zaguán do Concello, Debuxo de A. Erias.

A Idade Media foi unha época de desenrolo e acondicionamento de camiños, debido a diferentes factores como foron os económicos, relixiosos e militares, sen contar cos de tipo político ou de prestixio persoal. A construcción de pontes era un aspecto fundamental nesta política de obras públicas.

Galicia non se pode desligar da gran influencia que tivo o Camiño de Santiago, a importancia das peregrinacións xacobeas, en concreto do denominado Camiño Inglés ou francés do norte. A esta idea de peregrinación ía unida á construcción e rehabilitación de vías de comunicación, especial e principalmente a fábrica de pontes como obra benéfica e de caridade, de protección e auxilio dos viaxeiros⁷.

As pontes eran unha boa fonte de ingresos para as cidades ou señoríos co establecemento de pontazgos⁸, ademáis de favorecer o comercio e mellora dos aspectos administrativos.

¹Estas antiguas veredas que posiblemente foran calzadas romanas están recollidas do estudio dos camiños de Galicia de FERREIRA PRIEGUE, E. (1979), p. 126-132.

²VAAMONDE LORES, C. (1909), p. 69.

³Aparece así denominado no privilexio de Alfonso IX, relativo ó traslado da vila betanceira no ano 1219, publicado por NÚÑEZ LENDOIRO, J.R.; RIVADULLA PORTA, J.E. (1985), s.n.

⁴FERREIRA PRIEGUE, E. (1979), p. 132. Do AHN. Sobrado 547/15.

⁵FERREIRA PRIEGUE, E. (1979), p. 128.

⁶Este sepulcro estivo oculto detrás do retábulo do mestre Magariños, adicado ó culto da Virxe das Dores. Foi descuberto por José R. Núñez Lendoiro (Cronista Oficial da cidade) no ano 1961.

⁷Galicia Histórica. (1902) p. 304-311 e LOZOYA, M.; PEÑASCOLA, L.F. (1945), p. 31.

⁸O portazgo foi un imposto establecido na Idade Media , que se pagaba ó entrar nos recintos amurallados ou o pasar por certos sitios que daban acceso ás cidades. Podía englobar o portazgo propiamente dito, o peaxe e o pontazgo. Na súa orixe, o importe dos portazgos aplicábase á construcción dos muros e á composición e arranxo de camiños. ENCICLOPEDIA JURÛDICA ESPAÑOLA (1910).

A cidade de Betanzos contou con este imposto ata o século XIX, un exemplo desto podémolo ver nos arrendamentos de Propios do ano 1785 para 1786 (AMB. Facenda. c-1.647): «...por la misma Junta en el dia de hoy hago saver a todas las personas que quieran hacer postura a la renta de Propios nombrada del viento foraneo que tiene y goza esta referida ciudad por real privilegio perpetuado en su caveza que se compone del Portazgo por ella y lugar de Montellos, Peazgo, Anclaje, medida del pan en grano en su Alondiga, Banasteria para sardina y otros pescados en su puerto y en los que le siguen de Sada, Fontan y mas correspondientes hasta incorporarse a la Pena da Marola y de otros ramos a ella anexos..."

É incuestionable a importancia militar destes pasos, que no caso de estar inmediatos ás vilas era norma xeral que estivesen todos fortificados⁹. Estas torres ou fortificacións podían estar nas cabezas ou no medio, para que en caso necesario impedisen o tránsito ós inimigos. Son numerosos os gravados medievais en que se ven estas fortificacións, e ainda hoxe en día se conservan algunhas.

Un destes exemplos, e onde se dan todas estas características, témolo moi próximo a Betanzos como foi o caso da construcción da Ponte do Eume por Fernán Pérez de Andrade, onde xa existía unha ponte de madeira no ano 1162. Fernán Pérez construiuna en Pedra no 1382, edificando sobre ela a Capela do Espiritu Santo, un Hospital de peregrinos e entre os arcos octavo e noveno mandou levantar unha torre de cinco metros de alto para fortalecer a defensa da vila xunto ca torre de Pontedeume e a de Noguerosa¹⁰.




Fig. 4: Un dos escudos da Torre do Reloxio. s. XVI. Debuxo de A. Erias.

Fernán Pérez parece que foi moi consciente da condición de creador dun señorío. Un factor importante neste resurxir tivo a realización dun amplo programa constructor, que lle permitiu un control máis directo sobre os seus dominios, tanto na administración como na defensa.


Fálase que *«edificou sete igrexas e sete mosteiros e sete pontes en sete rios caudalosos e sete hospitais»*, aínda que esto sexa en algo esaxerado, hai que recoñecer que efectivamente tivo un gran afán constructivo, no que se refire ás pontes hai documentadas catro: a de Sigüeiro, Xubia, Ponte do Porco e Pontedeume.

Despois de coñecer esta política impulsora de obras públicas no que o aspecto defensivo non era nin moito menos descoidado, tendo en conta que elixiu a vila de Betanzos para unha das súas casas donde parece vivia habitualmente e mesmo o elixir a nosa cidade para a construcción do seu panteón no convento de San Francisco por el fundado, así como a reconstrucción das igrexas de Santa María, Santiago, e mesmo o hospital de San Bartolomé «...para que se acojeren los pobres e peregrinos por amor de Deus¹¹». Parece lóxico pensar que neste século XIV tanto as pontes como a vila de Betanzos estarían en boas condicións e ben defendidas, sendo a cidade unha das máis seguras, militarmente falando, de Galicia.

En canto a decir si era a Ponte Nova ou a Ponte Vella a representada neste primeiro escudo pareceme bastante arriscado, ainda que ó ter a ponte de tres arcos nos leve a pensar na Ponte Nova. Nos escudos realizados posteriormente, datados no s. XVI e posteriores, polas súas características, semella que representan a Ponte Vella.

¿ONDE ESTABAA CARAMONA?

Tradicionalmente considerouse que a torre representada no escudo da cidade era a torre da Caramona, situada na Ponte Vella. Esta opinión estivo apoiada na historia de Betanzos de Martínez Santiso publicada a finais do século pasado, na que comenta que existía a torre de Caramona na Ponte Vella, que foi derribada no 1823:



«En 1823 se demolió la antigua e histórica Torre conocida vulgarmente por el nombre de Caramona, llamada así porque tenía esculpida en su parte superior la cara de un animal

Fig. 5: Escudo na Fonte dos Ánxeles. s. XVI. Debuxo de A. Erias.

mitológico o heráldico; cuya torre estaba edificada sobre el Puente Viejo del Mandeo, era de gran mérito según se consigna en un acta del Ayuntamiento posterior a este suceso, lamentandose de que hubiese sido demolida y significaba según consta en dicha acta las armas de esta ciudad y su provincia...»¹²

Outro dos traballos que nos levou a situar a Caramona na Ponte Vella foi un estudio das armas da cidade, realizado por Vales Villamarín, se ben este último facía mención de que no século XVII existía un torreón similar na Ponte Nova:

«El torreón o castillete llamado de la Caramona, erigido en el centro del puente para defensa de la población y en el que se almacenó durante varios años la pólvora del Regimiento Provincial y de la Real Hacienda. Fué demolido en el segundo periodo constitucional (1820-1823), a pretexto de servir de refugio a gentes maleantes(!). En 1693, un documento oficial lo describía así: Una torre con sus almenas y armas reales a modo de castillo, con dos arcos y una bóveda de cantería por donde se pasa, con bivienda ariva. Tiene sesenta pies de alto y de ancho, beynte y quatro. Por este mismo documento sabemos que en la mentada fecha existía una construcción semejante en el Puente Nuevo.» 13

Neste traballo fai mención que no ano 1577 esta ponte foi reconstruida, correndo as obras a cargo do aparellador Juan de Náveda, por falecemento do maestro Juan de Herrera, autor da traza.

A polémica xorde coa publicación dun traballo de José R. Núñez Lendoiro e José E. Rivadulla Porta, quen baseándose nun expediente de obras da Ponte Nova, rachan coa idea tradicional e situan a torre de Caramona na Ponte Nova¹⁴:

⁹ FERREIRA PRIEGUE, E. (1972) p. 42 e TORRES BALBÁS, L. (1952) p. 253.

¹⁰Aparecen estes datos no documento de confirmación dos privilexios a Fernán Pérez polo rei Juan I. VAAMONDE LORES, C. (1909) e VARELA CAMPOS, P. (1993,1994).

COUCEIRO FREIJOMIL,A. (1944), p. 133: «Otra antigua descripción del viejo puente dice que sobre el pilar o cepa de entre los arcos octavo y noveno había un torreón que se llamaba Torre del Puente, de cinco metros de elevación...»

¹¹O documento de fundación deste hospital, no lugar de otro que xa existía, foi publicado por VALES VILLAMARÍN, F. (1975), s.n.

¹²MARTÍNEZ SANTISO, M. (1892), p. 434.

¹³VALES VILLAMARÍN, F. (1948), s.n.

¹⁴NÚÑEZ LENDOIRO, J.R.; RIVADULLA PORTA, J.E. (1986), p. 59-84.

«...la Caramona era una torre defensiva construida sobre el Puente Nuevo y no sobre el Puente Viejo, y, en consecuencia el primero de los puentes citados el que aparece representado en el escudo de Betanzos, habida cuenta del significado que una construcción moderna, en la época, suponía para la grandeza heráldica de una capital de provincia, lo que no sucedía con el Puente Viejo desprovisto tras su remodelación en 1577 de los elementos que conforman las armas de la ciudad.»

Posteriormente José R. Núñez, incide na mesma teoría, se ben con algunhos axustes e rectificacións:

Baseándose no expediente de obras da Ponte Vella 1572-1581, na que estaba incluída a obra da torre de Caramona, incide na mesma teoría de que a antigua Caramona estaba na Ponte Nova e non na Ponte Vella:

«...no se trata de reproducir una torre preexistente, habida cuenta que los cambios efectuados lo fueron «por mandado del dicho gaspar de arce». Por otra parte, para nada se cita una torre anterior a la avenida del río, razón por la que, en lógica, no podía estar bautizada de antiguo, lo que sí ocurría con la torre del Puente Nuevo. llamada de «la Caramona». en




Fig. 6: Escudo do Hospital da Anunciata. s. XVI - XVII. Debuxo de A. Erias.

la documentación contemporánea a la reedificación del Puente Viejo, como acabamos de ilustrar.»¹⁵

A realidade é que ningunha das dúas pontes ostentou en esclusividade a torre da Caramona, senón que tanto a Ponte Vella como a Ponte Nova contaron, posiblemente dende a Idade Media, con cadansúa torre de Caramona. Costancia deste feito dánolo unha acta capitular do ano 1554, anterior ós documentos citados ata o momento, na que se mandan pechar as portas da cidade¹⁶:

«En la cibdad de betanços a treinta dias del mes (roto) e cincuenta e qatro anos...En este rregimiento se mando cierren las puertas de la cibdad y que se cierren cada una a causa de la necesidad que se presenta con ello y que el Regidor Julio de Sangiao debe la pechar de la Puente Nueba y ponga la llabe y la tenga y la cierre y el Regidor Pedro Viçoso la pondra en la Caramona. El señor Pedro Pardo la de la Caramona de la Puente Vieja y la pondra de la Puente Vieja Diego Gomez y la del Paio Formoso la pondra Julio Rodriguez y la puerta del Orrio la pondra Fernando Pasqual que se les de livranza de lo que gastaren...»

Había polo tanto, unha torre de Caramona na Ponte Vella e outra torre de Caramona na Ponte Nova, xa en época anterior á reforma da Ponte Nova de 1577 e da obra nova da torre e da Ponte Vella a finais do século XVI por Juan de Naveda. Con toda seguridade no século XV xa estarían as pontes de Betanzos defendidas por estas torres, de características semellantes a como se nos mostra no escudo do arcosolio do Rexedor Jacome Mouro Reimóndez, é probable incluso que xa existisen a finais do s. XIV despois da recomposición e fortalecemento das defensas da cidade mandada realizar por Enrique II, como veremos máis adiante.




Fig. 7: Escudo dun banco do Concello. Probablemente do s. XVIII. Debuxo de A. Erias.

¿TORRES DE CARAMONA OU DE CARMONA?

Unha das cousas que desde sempre me chamou a atención foi o nome de *Caramona*. Hai que recoñecer que é un nome bonito, envolto nun aire de humor popular, que incluido no noble escudo de armas e blasón da Moi Noble e Leal Cidade de Betanzos onde campan ás súas anchas elementos tan egrexios como Roeles de ouro en Pal, Sinoples... a torre da Caramona no seu centro ten o seu aquel.

Non serei eu quen reivindique un cambio de nome para este elemento do escudo da cidade, soamente me limitarei a expoñer algunhas cuestións que poderían ser lóxicas, pero sin ningun ánimo reivindicativo.

As razóns esgrimidas ata o de agora son de que o nome lle viña porque nesta torre estaba representada unha cara dun animal mitolóxico polo que, vulgarmente, era coñecida polo nome de *Caramona*. Esta teoría tivo aceptación xeral a partir da súa enunciación por Manuel Martínez Santiso:

«...se demolió la antigua e histórica torre, conocida vulgarmente por el nombre de la Caramona, llamada así por que tenia esculpida en su parte superior la cara de un animal mitológico o heráldico...»¹⁷

Poido ser que así fose, e que popularmente se coñeceran como as torres de Caramona, pero do nome oficial nunca se dixo nada. Cústame crer que o nome oficial da torre fose nun primeiro momente este. Nos documentos que se refiren a ela atopámonos que moitas veces aparece co nome de *Carmona*, polo que poido ser que en orixe se denominase deste xeito e popularmente se lle engadise un a máis.

Dende os primeiros documentos emanados do Concello observase esta dúbida, un claro exemplo témolo en dúas actas conservadas no Arquivo Municipal: unha do ano 1554 -xa mencionada- en que aparece como *Caramona* e noutra que corresponde ó periodo comprendido entre os anos 1551 e 1553 -por non conservarse enteira tivemos que facer a

¹⁵NÚÑEZ-VARELA DE CASTRO Y LENDOIRO, J.R. (1997), s.n.

¹⁶AMB. Goberno: Libros de Actas Capitulares, c-2. As causas de ordenar o peche da cidade é posible que fose debido á ameaza dos corsarios franceses, que representaban un perigo para as cidades costeiras, chegando incluso neste ano de 1554 a bloquear o comercio marítimo (LYNCH, J. (1975), p. 213).

¹⁷MARTÍNEZ SANTISO, M. (1892), p. 434.

datación por comparación de firmas- en que aparece como *Carmona*:

«...que agan la calçada y con piedra delante de las puertas entre las calle de arriba (hasta) la calle debaxo de Carmona...»¹⁸.

No expediente sobre a construcción da carretera ou camiño do Ferrol a principios do século XIX, que veremos máis adiante, úsanse indistintamente Carmona e Caramona.

Noutro documento de 1815 dise:

«557 rs por materiales y jornales gastados y vencidos en la composición de la casa nombrada de la Carmona situada sobre el Puentebiejo de esta ciudad que se acordó reedificar para serbir de depósito de polbora y otros efectos de la Real Hacienda..»¹⁹

Pero ¿Porqué Carmona? Nun primeiro momento pensei na posibilidade de que podía ser debido a un persoaxe con quén a cidade estivese en débeda, ou mesmo un dos Correxidores que tivo Betanzos. Efectivamente, nas actas do Concello dos anos 1549-50




Fig. 8: Escudo do Colexio de Orfas. s. XVIII. Debuxo de A. Erias.

aparece un Teniente de Correxidor que se apelidaba desta maneira: «Magistrado Señor Licenciado Carmona Teniente de Corregidor e Justicia»²⁰.

A escasa documentación anterior ó ano referido de 1549 non nos permite saber con exactitude o tempo que desempregou este oficio, en todo caso, non volveu a exercelo despois do 1550. Nestes dous anos que exerceu o cargo non se coñecen causas xerais ou particulares que desen motivo a nomear un elemento do escudo da cidade co seu nome, polo que foi necesario pensar noutro motivo.

Que fose debido a un nome de lugar era outra posibilidade, comprobeina polo tanto e apareceron cinco lugares chamados así: Un na provincia de Sevilla, un en Cantabria, un en Murcia e dous no Concello de Ortigueira na Provincia da Coruña. Todos eles de escasa entidade salvo a cidade de Carmona na provincia de Sevilla²¹.

Na cidade sevillana de Carmona tivo lugar un dos episodios máis relevantes da historia de España, cando no ano 1371 o rei Enrique II sitiou e tomou esta cidade, que era o último reducto dos partidarios de Pedro I, poñendo punto final á guerra civil.

Carmona foi o último baluarte dos partidarios do rei Pedro I de Castilla, incluso despois da súa morte acaecida no ano 1369 en Montiel, foi o colofón simbólico do trunfo de Enrique II. Faltando unicamente por tomar esta cidade de Carmona que era a praza «inexpugnable» de Pedro I, e que finalmente foi tomada o 10 de maio de 1371. O acaecido no asedio e posterior rendición relátanolo un contemporaneo dos feitos e Canciller Maior de Castela, Don Pedro López de Ayala, nas súas crónicas dos reis de Castela²².

A guerra civil entre Pedro I e Enrique de Trastamara, que posteriormente sería Enrique II do reino castelán-leonés, non se debe entender simplemente como unha guerra fratricida senón duas forzas enfrentadas, dunha parte a nobreza que tiña o seu dominio na terra e na agricultura e de outra a burguesía que tiña no comercio as fontes do seu poder. A contenda e posteior triunfo do Trastamara trouxo como consecuencia unha profunda transformación do Estado e do Reino²³. Para Galicia unha das consecuencias será a caída da alta nobreza, representada principalmente




Fig. 9: Escudo do antigo Cuartel de Milicias. s. XIX. Debuxo de A. Erias.

polos Castro, e o rexurdir dunha nova que vai a ser de gran importancia a partir deste momento, un exemplo desta nova nobreza témolo nos Andrade.

Non é simple coincidencia que estes sexan os anos de maior importancia tanto política como económica de Fernán Pérez de Andrade, un dos homes que máis marcou a historia da comarca das Mariñas, e polo tanto de Betanzos.

Está fora de toda dúbida a relación entre Enrique II e Fernán Pérez, o mutuo apoio político como militar; o Señor de Andrade viviu con Enrique II os momentos máis dramáticos da aventura guerreira que lle permitiu a este último o acceso o trono²⁴. Entre estes servicios está a loita contra Fernando de Castro en Lugo en 1366, e en Tui no 1372; incluso hai quén o coloca nos sucesos de Montiel con aquela famosa frase: *Non quito nin poño rei, pero axudo ó meu señor*²⁵.

Betanzos gañouse a gratitude persoal do rei Enrique II, xa que foi partidaria da nova dinastía Trastámara desde o primeiro momento, en contraposición a outras cidades de Galicia como Baiona, Viveiro, Ribadavia, Santiago, Orense, Lugo, Tui e Coruña²⁶. Esta boa relación fixo que o novo rei pasase por Betanzos no mes de febreiro de 1372, despois de

¹⁸AMB. Goberno: Libros de Actas Capitulares, c-2. A rúa a empedrar sería pois dende a Porta de Paio Formoso (Porta do Cristo) ata a torre de Caramona diante da Porta da Ponte Vella. Esta *Calle de Arriba* que aparece no documento refírese á rúa de Arriba da Pescadería, unha parte da actual rúa da Ribeira (ERIAS MARTÍNEZ, A. (1985) p. 58).

¹⁹AMB, Facenda: Contas de Propios e Arbitrios de 1815, c-1.647.

²⁰AMB. Goberno: Libros de Actas Capitulares de 1549 e 1550, c-2.

 $^{^{21}}$ GRAN ENCICLOPEDIA DE ESPAÑA. (1992), p. 2.229-2.231 e GRAN ENCICLOPEDIA GALLEGA. (1974).

²²LÓPEZ DE AYALA, P. (s. XIV) (Apéndice 1).

²³VIÑAS Y MEY, C. (1940), p. 52-70; (1941), p. 3-79, 64-101, 41-105

²⁴GARCÍA ORO, J. (1981).

²⁵Según COUCEIRO FREIJOMIL, A. (1944), p. 118. A presencia do de Andrade nos sucesos de Montiel foi máis ben debida á inventiva do Licenciado Molina que a outra cousa (MOLINA: *Descripción del Reino de Galicia y de las cosas notables en él.* Mondoñedo, 1550).

²⁶RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A. (1956) p. 241-276.

tomar a cidade de Tui onde se levantaran algúns nobres encabezados por Fernando de Castro. Colmou á vila de mercedes, ademáis de pola adhesión mostrada, por considerala un lugar estratéxico importante como o mesmo Enrique II explica:

«...fallamos que hes un buen lugar fuerte en la rribera de la mar, en frontera de los nuestros adversarios e del reino de Inglaterra e de Portogal, para amparamiento e defendimiento del Reyno de Galliçia a nuestro serviçio...»²⁷

Betanzos conqueriu todos os privilexios e franquicias que ata ese momento lle foran negadas ou admitidas a contagotas. Concedialles a exención de encabezamentos (rendas por cabeza), facultade de carga e descarga no porto e en todo o seu litoral, liberdade de pesca, aprovisionamento de sal...etc. A concesión de Enrique II especificaba que non se trataba só dunha mostra de agradecemento, senon máis ben de posibilitar con esta concesión unhas riquezas e uns aforros que permitisen a reconstrucción e a boa fortificación de tan importante praza comercial e militar²⁸.




Fig. 10: Escudo da Ponte Vella das Cascas realizado no ano 1846. Debuxo de A. Erias.

«...mas queremos e mandamos e otorgamos, por acreçentamiento de la dicha villa e para fornimiento e mantenimiento de los muros e çercas della...»

É posible que se realizasen neste momento as torres das pontes, en todo caso, poido moi ben arrancar destes anos a nomearse a torre ou torres das pontes deste xeito, en recordo dese suceso importante no desenlace da guerra civil como foi a toma da cidade e torres de Carmona e o mesmo tempo a cidade daba unha mostra de agradecemento polas mercedes concedidas. Un factor a engadir a esta teoría é o costume de bautizar e rebautizar tanto lugares como construccións despois das guerras civís, cousa que aquí, por desgracia, estamos sobrados deste tipo de exemplos.

A reconstrucción dos muros e defensas parece ser foi tomada con bastante celo, xa que unhos anos máis tarde así no lo confirma a Crónica de dom Joao I, por Fernán Lopes, que narra o asedio que sufriu Galicia polos portugueses no ano 1384, referindose a Betanzos dí que era unha «...boa villa castellada...», resaltando no texto a boa disposición estratéxica e unha organización defensiva que a fixo capaz de resistir:



Fig. 11: Vista da Ponte Vella a finais do século XIX. Ainda se poden ver os apartadeiros que estan representados nos escudos e que desaparecerían coa reforma de 1897.

Fotografía de F. J. Martínez Santiso.

«...E correndo a costa de Galliza, chegarom primeyro a Bayona de Minhor, castello fraco e pequeno, e por lhe nom queimarem a pescaria, derom quatro cemtos francos. E depois se forom a Mugia que he pescaria sem fortelleza, e queymarom hi dous navios que estavom no stalleiro. Dalli partirom pera a Crunha, e por lhe nom queimarem a pescaria, lhes derom seis cemtos framcos; e ficarom alli parte das gallees e foromsse seis a Ferrol; este foi todo queimado que nom ficou delle senom a egreja. Desi chegarom a Neda, e foi preitejada por quatro cemtos framcos. Despois tornarom estas seis galles, e partirom com as outras da Crunha, e foromsse a Betamcos, boa villa castellada, por quamto ouverom novas que estavom hi algunhas naaos com artefiçios de combater villa que hiam pera Lixboa; e acharom hunha naao carregada demgenhos que hia pera o areall, e poseromlhe o fogo; e queimarom outra naao nova de Pero Ferrenho da Crunha; e tomaron hunha gallee que chamavom a Vollamda, jumto com o muro da villa, em que forom alguus feridos, e trouveromna cosigo. Emtom comecarom combater o logar de guisa que carrarom com ho muro; ca hiam hi mui vallemtes homees e ardidos de coraçom...E estamdo em pomto de tomar e os da villa tam aficados que ja começavom desemparar os muros, o Comde dom Pedro que por capitam hia, mamdou dar aas trombetas braadamdo que sse afastasem a fora, dizemdo que nom era bem morrerem alli alguus por tomarem hun tall logar como aquelle...»²⁹

Polo que respecta ós lugares denominados Carmona no Concello de Ortigueira poideron deber o seu nome a esta época, xa que o señor de Andrade tiña importantes posesións na comarca de Ortigueira que no ano 1373 doou a denominada granxa de Saa ó Mosteiro de Monfero para que «o dito abade diga ou faça dizer a un monje...una misa de cada dia para sempre pola anima del Rey Don Enrique e mia»³⁰.

Actualmente hai un lugar ou aldea que se chama Saa no Concello de Ortigueira, na parroquia de San Xulian de Senra, nesta mesma parroquia existe un lugar chamado Carmona,

²⁷Provisión Real de 8 de febreiro de 1372, dada por Enrique II en Betanzos. Publicada por VALES VILLAMARÍN, F. (1949), s.n.

²⁸GARCÍA ORO, J. (1984), p. 21-32.

²⁹FERNÁN LOPES: Crónica de Dom Joao I (s. XIV). Tomado da publicación de VALES VILLAMARÍN, F. (1949), s.n.

³⁰VAAMONDE LORES, C. (1909), p. 85.




Fig. 12: A Ponte Vella a finais do s. XIX. Fotografía de F.J. Martínez Santiso.

e a pouca distancia -menos de dous quilometros- está outro lugar chamado tamén así, que pertence á parroquia de San Martiño de Luama. Penso que é casualidade demáis que dos cinco topónimos *Carmona* existentes en España, dous deles -os únicos de Galicia- estean casi pegados. É máis que probable que foran terras que no seu tempo doou Fernán Pérez ó Mosteiro de Monfero, e que ó realizarse a repoboación de finais do século XIV foran así chamados.

O DERRUBAMENTO DAS TORRES

O desenrolo do armamento e a nova concepción da estratexia militar fixo que algúns elementos considerados vitais en outras épocas fosen perdendo a súa importancia, así debeu suceder coas murallas e torreóns de Betanzos a partir do século XVI³¹.

Foron en moitos casos reutilizadas na vida civil, adósanse casas en toda a parte externa da muralla³², reutilizáronse torreóns para casas particulares ou negocios³³, e, en último extremo, foron reutilizados os seus materiais para a construcción de novas obras.

Un exemplo de reutilización de materiais témolo no ano 1767, en que foi reutilizada a

³¹Hai varios documentos que proban esta perdida de importancia militar das murallas que xa foron publicados por SORALUCE, J.R (1982), p. 100-103. Concretamente dúas descripcións, unha para o século XVI o informe do enxeñeiro Tiburcio Spanochi dirixido ó rei Felipe II no ano 1589 (AGS. Guerra y Marina, leg. 243, fol. 82): «Fuy por el Río de Betanzos y vi su sitio el cual si fuese lugar más oportuno sería de alguna consideración pues viene en la punta de dos ríos rodeado de pantanos, solamente por una parte ba el sitio suviendo algo a cavallero de la ciudad mas como no me parescio el lugar de momento no saque planta ni digo mas sobre el, sino que al presente esta cercado de muralla al modo antiguo y muchas casas arrimadas a ella por dentro y fuera...»

No ano 1625 un informe do Capitán Xeral de Galicia, Duque de Ciudad Real, nun informe enviado á Corte relata o seguinte (AGS. Guerra y Marina, leg. 826):»...tiene una muralla muy vieja y ruin su vecindad es de quinientos y cincuenta y siete vecinos. En esta ciudad no se ha hecho fortificación alguna de siete años a esta parte, sino un lienzo de muralla, que se levanto, que cae hacía la parte de la Ría, y Alfoli de la sal, y las entradas de las puertas de ella, y para ser ofendida tiene muchos padrastros donde el enemigo puede plantar su artillería, y así para defensa de la ciudad no hay que hacer caso de la muralla...»

³²A construcción de casas no exterior da muralla e a posterior ocupación revertiu nas arcas municipais, xa que se cobraba unha renda anual por elas como podemos ver nos expedientes de propios e Arbitrios existentes no Arquivo Municipal (AMB, Facenda: Contas de Propios e Arbitrios do s. XVII e XVIII, c-6.245, c-1.647).

³³Un exemplo desto aparece documentado no ano 1736, no que se lle cede a Angel Lestte unha almena na Porta da Cidade para desempregar o oficio de cereiro (AMB, Goberno: Actas capitulares, c-916).




Fig. 13: A Ponte Vella despois das obras de 1897, en que se realizou o ensanche e se colocou a barandilla de ferro. Fotografía realizada nos primeiros anos do s. XX.

pedra dun torreón que había no medio da ría coñecido como a Torre de Guindaste para amañar un muelle na praza de Paio Formoso:

«...El ynfatigable zelo con que nuestro Caballero Correxidor ynzesantemente se aplica a la redeficacion, de calles, caminos, fuentes, y otros adelantos publicos ynteresantes al comun aun a costa de sus propios caudales hes tan notorio como lo acredita la esperienzia, y prosiguiendo con tan azertadas disposiziones dio quenta a la Ciudad en aiuntamiento que se zelebro aier veinte y ocho del corriente del deplorable estado en que se allava la plaza nonbrada de Paio Formoso contigua a la Ria y adonde se desenbarca y vende toda espezie de pescados, en tales terminos que no pudiendo las mugeres llegarse a las enbarcaziones por lo desmoronado que está una espezie de muelle, o desenbarcadero que antiguamente havia se arrojan ynpudicamente a la ria faltando a la onestidad publica esponiendose a vezes a un conozido riesgo de la vida, y que el modo de repararla hera usar de la piedra pizarra, berroqueña, y alguna canteria que existe en un pedazo de parapeto que se alla dentro de dicha ria ynutil para cosa alguna, y que antiguamente devio de servir para amarrar los barcos de pescadores por el nonbre que conserva de guindaste; y reconoziendo la Ciudad lo util e ynescusable que hes al publico tan justa providenzia, suplica a Ve. se sirva prestar su consentimiento y permiso para el uso de la suzictada piedra...»³⁴

Desta torre chamada de Guindaste danos máis referencias Manuel Antonio Verín na súa Historia de Betanzos de principios do s. XIX, ofrecéndonos a seguinte descripción:

«...Yo me acuerdo de muchacho haver visto las Urcas, las Galeras, los pataches, etc. anclados en la pescadería de esta ciudad, por cuyo motivo habia una muralla redonda del alto de quatro varas, y de ancho en circulo como de tres, y trabajado en mazizo que contenia unas argollas gruesas de fierro en donde se amarraban; y esta muralla llamabamos el Guindaste...»³⁵

³⁴AMB. Goberno: Libros de Actas Capitulares, c-3.070. Oficio do Concello de 29 de maio de 1767, dirixido ó Capitán Xeral do Reino, Maximiliano de la Croix.

³⁵VERÍN Y GONZÁLEZ DE HEVIA, Manuel Antonio : Historia de Betanzos. (Manuscrita, rematada no 1812. AMB).



Fig. 14: Aspecto que presentaba a Ponte Vella na primeira década do s. XX.

A primeira das torres de Caramona que foi derribada foi a da Ponte Nova, ainda que non temos noticias directas que nos señalen a data exacta, é de supoñer que na súa destrucción tería moito que ver a construcción do camiño de acceso a Galicia realizado entre 1763 e 1769³⁶.

A construcción desta vía supuxo para os habitantes de Betanzos un certo malestar, primeiramente polo trazado proposto por Carlos Lemaur no que o novo camiño non pasaba pola cidade de Betanzos. Variouse o trazado e no ano 1766 as obras estaban o pé da cidade, pero o descontento seguía esta vez por outros motivos como podemos ver nunha carta anónima dirixida ó Correxidor:

«Sr. mio: damos quenta a Vmd. como nosotros los vezinos de esta Ciudad queremos hazer un levantamiento mediante los caminos nos quitan nuestras haciendas, pues nuestro Rey no manda eso; y asi suplicamos a Vmd. como a nuestro superior lo remedie, y que no remediandolo proseguiremos con nuestra intencion depravada, pues no quedarán Yngenieros ni Rexidores, ni Vmd, que no lleven sus merecidos, y cuidado que esta es aviso que no ha de ser lo mismo que el torrion. Dios guarde a Vmd. muchos años como deseamos, la fecha no la ponemos, no tenemos kalandario, no firmamos por no savermos, y a nro. ruego lo firmó don Pedro Escarama, Conde de Uñate, y Marqués del rapio rapis.»³⁷

O torreon ó que se fai referencia cabe a posibilidade que se tratase da aludida torre de Caramona da Ponte Nova. É posible que os seus mateirais fosen reutilizados nas obras do camiño ou nas que se estaban a realizar ou realizaron con posteioridade como a Casa da Cortaduría (1755), Edificio Arquivo (1765) e posteriormente, na década de 1770, a Casa do Concello e o Cárcere Público³⁸.



Fig. 15: A Ponte Nova anterior ó ano 1900. Fotografía de F. J. Martínez Santiso.

O DERRUBAMENTO DA TORRE DA PONTE VELLA

Primeira tentativa: a construcción da estrada Betanzos-Ferrol.

Poderiamos titular este capítulo dun xeito máis gráfico como *salvada de milagre*. Milagre foi, en efecto, que esta torre seguise en pé despois de realizadas estas obras en que tódalas partes implicadas estaban interesadas no seu derrubamento. Os enfrentamentos entre o persoal encargado de Obras Públicas, o Delegado de Facenda e o propio Concello, xunto co esaxerado orgullo, desidia (a pesar de traballar sen levantar man -sería quizais por eso) unido a elementos naturais, todos eles, levaron a que o milagre nun primeiro momento fose posible.

A construcción da nova estrada deu comenzo coa chegada dos enxeñeiros no mes de novembro de 1807, realizándose os primeiros estudos das obras que eran necesario levar a cabo, que supoñian un importante cambio na fisonomía da cidade:

«Habiendome encargado S.M. (que Dios guarde) la direccion y construccion del Camino del Ferrol, me he transladado a esta ciudad, y despues de un maduro examen, por muchos dias, con acuerdo del Maestro mayor de Caminos, he determinado que el citado del Ferrol siguiendo la dirección de el de Castilla continue por toda la calle de Arriva hasta el Puente Viejo, y desde alli por la calle de la Virgen del Camino a entrar por la casa de Angel de Miño, y otras. Para realizar este proyecto hai que executar lo siguiente: Al principio dela expresada dirección junto al puente nuevo es preciso cortar la esquina de la casa de Doña Francisca de Lamas, siete varas por el lado de la calle y en frente al puente tres varas y dos pies. El Alfolí que está junto al puente viejo debe igualmente cortarse desde la puerta en recto a la esquina del citado Puente, demoliendo ademas un pegote de casa unido a aquel que se ha permitido con mucho escandalo y gravisimo perjuicio del publico. En la calle de la Virgen del Camino hai asimismo que cortar una vara en la esquina de la Casa de Don Josef Arizaga, y otro poco en la de enfrente; demoler enteramente la de Rosa Perez, y un Pasadizo sobre un sendero de Francisco Diz, y cortar parte delas de Rita Espiñeira, Baltasar Faraldo, Sebatian Perez, Juan de España, Vicente García, y del expresado Angel de Miño: Lo que notifico a V.S.Y. para que habilitando la mencionada calle, acuerde ademas lo conveniente sobre las referidas obras en conformidad de lo resuelto por S.M.

³⁶GARCÍA-FUENTES, M. (1987).

³⁷Publicada por GARCÍA-FUENTES DE LA FUENTE, M. (1985), p. 41. A documentación procede do AGS. Secretaría e Superintendencia de Facenda. leg. 911-915

³⁸AMB. Goberno: Libros de Actas Capitulares destes anos, c-4, c-3.070.

Es tambien preciso que V.S.Y. mande retirar los soportales que hai en la misma calle de Arriva, a saber, el dela casa del convento de Santo Domingo en que vive Don Juan de Leyes, el de la de Bartolome de Rivas, el de Don Nicolas Caunel y Compañia; del Quartel de Milicias; dela de José Canda; del Alfolí, y de las de Don Nicolás Martinez, y Matias Faginas, como igualmente los voladizos, que por estar demasiado bajos impiden el transito de carruajes, y gentes de a caballo.»

Os veciños perxudicados pediron ó Concello que, previamente ó inicio das obras, se evaluasen os danos e se destinasen fondos para poder reedificar as súas casas. O Concello, a pesar de que o tempo apremiaba e os intereses de moitos dos seus veciños dependían del, tomou o asunto con calma, debido á ineficacia ou quizais negandose a asumir o asunto como un problema propio esperando fose resolto pola administración.

Despois de convocarse o Concello en diversas ocasións non logrou reunirse ata o mes de febreiro do ano seguinte de 1808. O Correxidor, Manuel Bernardino Pérez, xustificábase ante o Comandante Xeral do Reino, Don Manuel Pérez, nos seguintes termos⁴⁰:

«Para dar cumplimiento a una Real Orden que a esta ciudad sela ha comunicado por el Sr. Rexente de la Real Audiencia de este Reyno relativa a las facultades conque procede el Excmo. Señor Don Pedro de Acuña en la comisión de que se alla encargado para la dirección y construcción del Camino desde esta a la villa de Ferrol he conbocado a barios Aiuntamientos a algunos Capitulares de ella que susisten en esa Plaza quienes contestando siempre que están yndispuestos o llenos de ocupaciones no han concurrido a este fin, retrasandose con ello este interesante servicio...»

Finalmente, reúnese o Concello o 15 de febreiro acordando dar conta ó rei da escaseza dos fondos públicos, polo que se ve imposibilitada de facer frente ós pagos que lle corresponden, e piden se pague do fondo xeral, como xa se fixera uns anos antes coa construcción do Camiño de Madrid á Coruña. En todo caso, este fondo xeral podería ser satisfeito cun arbitrio especial, establecendo un Portazgo na Ponte do Porco, que pagarían os transeuntes que disfrutaran do beneficio da construcción do camiño⁴¹.

No mes de marzo o Concello, ó non poder facer frente ós gastos que lle correspondían, e vendo que o arbitrio especial que pedira non se ía resolver, viu a posibilidade de solventar o asunto ofrecendo a pedra da torre da Caramona para as obras da carretera ou para o que fora mester:

«Esta Ciudad... pasaron a tratar con V.E. acerca de las dificultades que se la ofrecian en razon de practicar las tasas de los edificios que devan demolerse y cortarse para la Nueva Construcción del Camino del Ferrol, tiene la maior satisfacción en que V. E. con el valor de la piedra que produzca la Demolición de la torre que llaman Carmona en la Puente bieja verifique el Derribo y traslacción de la casa que al pronto hes preciso demoler en la Calle de nuestra Sra. del Camino para la comunicación de la obra, como igualmente la tiene en que las tasas de todos los Edificios que haia que cortar y demoler en la enunciada obra las verifique el Perito de la Comision...»⁴²

A pedra da torre foi aceptada pola Comisión de Obras da carretera, pero aquí presentouse un novo problema, xa que na torre estaba custodiada a pólvora e demais efectos da Real



Fig. 16: A Ponte Nova nos primeiros anos do s. XX. Fotografía de F. J. Martínez Santiso.

Facenda, dependente do Administrador de Rendas Reais, Don Juan Lacaba, a quén se lle pide deixe expedito o «*edificio nombrado la Carmona sita sobre el Puenteviejo*» para que se poida efectuar o seu derrubamento.

O Delegado de facenda estivo de acordo en abandonar o edificio, sempre que se lle señalase outro en que poidera depositar a pólvora. Aqui comeza unha longa serie de oficios para ver quen debia señalar o novo lugar para albergar a pólvora, que deu como resultado que fosen pasando os días sen tomar unha determinación a pesar das urxencias das obras da carretera:

«...el Excmo. Sr. D. Pedro de Acuña me ha dicho personalmente que tiene parados los travajadores, y determinado echar avajo la Caramona;...»

Finalmente é a Real Facenda a que fai a elección, resultando elexida unha das bodegas do edificio Arquivo. Pero este non é aceptado polo Concello:

«...ni esta M.N. y L. Ciudad ni yo podemos disponer tan arbitrariamente de dicho Edificio de archivo, ni aun quando tubieramos esas facultades se permitiria se almacenase en el por lo menos la polbora, porque si Ud. tiene como es justo, el buen celo de los intereses del Rey tambien quiere S.M. que semejantes edificios esten situados a alguna distancia de los Pueblos para evitar extragos de una explosion, los que serían mucho mayores si acaeciese tal desgracia en el Edificio que señala por ser Enbobedado y sus paredes de un grueso considerable, vaxo de estas consideraciones no puedo asentar aque se depositen en el dichos efectos...»

³⁹AMB. Obras Públicas, c-562. Expediente de obras do Camiño Novo de Ferrol: Oficio de 25 de novembro de 1807 de Don Pedro de Acuña, dirixido ó Correxidor e Concello da cidade de Betanzos.

⁴⁰AMB. Obras Públicas, c-562. O Concello tentou reunirse o 28-11-1807, 2-12-1807, 10-12-1807. Oficio dirixido ó Comandante Xeral do Reino en 13-2-1808.

⁴¹Ibidem, oficio de 15 de febreiro de 1808, dirixido ó rei e ó Secretario de Estado, Pedro Ceballos.

⁴²Ibidem, acordo do Pleno do Concello de 5 de marzo de 1808.

Fig. 17: Vista da Ponte Nova nos primeiros anos do s. XX. Fotografía Ferrer.

Señálase outro edificio no Rollo «...no halló otro sitio mas aproposito para seguridad de ellos, que es la casa del sitio del Rollo de Don Felipe Arizaga; por su solidez, bien amurallada...»

Esta tampouco vai poder ser porque «ademas de tener en dicha casa vino y otros efectos que le hera ymposible remediarlos por no tener adonde, estaba pegada a otra casa en que se hacía fuego todos los dias...»

Ó fallar estes dous edificios pensouse nun muiño de vento que había no Cepiño «...muy aproposito el Molino de Viento inmediato a la Hermita de Nuestra Señora de las Angustias...»

Comunícaselle polo tanto a Don Pedro Acuña esta decisión e a necesidade de esperar unhos dias para acondicionar o citado muiño, donde según se lle fai saber «...por los oficiales que travajan sin levantar mano, podra estar dispuesto dentro de tres o quatro dias...», esto era o 27 de marzo, e o responsable do novo camiño non tiña problema en esperar eses días.

O muiño era propiedade de Don Antonio Pardo, ó que se lle requiren as chaves, ante a ausencia deste, a súa muller interpón un recurso decindo que o muiño íase rehabilitar para poñelo en funcionamento. Ante esto dáselle un prazo de seis días para que si no remate deles non houbese nadie traballando pasaría a ser depósito da RI. Facenda. Así foi, ó cabo dos seis dias o municipio levou operarios para reparalo, pero nesta ocasión foi o tempo o que parou os traballos:

«...que el Terrible Viento que desde el domingo reyna inpidio estuviese concluido el Tejado del molino de Viento: Al termino estuvo en dicho sitio el Yngeniero de su Excelencia y claramente vio era inposible sostenerse persona humana para travajar en dicho edificio; este mismo viento reyna por lo que halla la misma dificultad a no ser que nos expongamos y sucedan desgracias...»

En 7 de abril de 1808 o encargado do Camiño Novo Don Pedro Acuña, cansado de esperar, remítelle un oficio ó Correxidor mostrandolle a súa desesperación pola tardanza e

«...de suerte que todo el espacio de un mes que pasó desde el cinco de marzo hasta el cinco de abril no fue bastante para habilitar, a lo menos de puertas, un miserable molino de viento...ya no puede serme de utilidad la piedra dela Caramona para el fin que yo la quería. En su consecuencia V.S.Y. dispondra de ella como mejor le acomode...»⁴³.

O Concello non acepta a devolución, e ofrece de novo a pedra da torre de Carmona, aducindo que aínda que non servise para o primeiro obxeto serviría para outra cousa da obra do Camiño⁴⁴. A realidade é que xa non foi aceptado o ofrecemento, e a partir de aquí sucédese un enfrentamento entre o Concello e o encargado das obras, chegando a cidade a mandar un escrito de queixa ó recen nomeado rei de España Fernando VII⁴⁵, pero nas preocupacións do novo rei seguramente naquel momento non estaba o edificio da torre da Ponte Vella, e, por outra parte, as obras das casas que collera a carretera estaban xa en pé. Así pois, rechazáronse definitivamente os materiais da torre da Caramona:

«En oficio contextacion de V.S.Y. al que le he dirigido con fecha 7 de Abril me dice V.S.Y. que ratifica su cesión de la piedra de la Caramona para que yo la aproveche en el nuevo Real Camino del Ferrol, sin embargo de haber manifestado anteriormente a V.S.Y. que ya no podia ser util mediante aquel edificio no se me habia franqueado a tiempo oportuno; y sobre ello debo decir a V.S.Y. que no siendo mis deliberaciones promovidas por el abominable espiritu de intriga, ni por fines particulares, sino por el mejor bien publico, y no habiendo duda en que dicha piedra no puede ya tener en la expresada carretera un uso ventajoso a la misma, me confirmo en mi anterior resolución, con la circunstancia de que estoi pronto a hacer la entrega de las obras de las casas que empezé, y debe costear la ciudad para reemplazar las que el Camino Real ocupó a algunos vecinos, y al efecto se servirá Us. nombrar Comisionado o Facultativo de su satisfacción pase a reconocer el estado de dichas obras, y hacerse cargo de ellas.

Al mismo tiempo debo añadir a V.S.Y. que habiendo sabido de publico lo acordado en ese Ayuntamiento y representado a la superioridad en desdoro, vilipendio, y menosprecio de mi persona, y de la comisión conque me hallo, sobre lo qual haré mis dilixencias a tiempo oportuno, y no siendo ya compatible con el decoro de mi encargo el que los trabajos continuen en las inmediaciones de este Pueblo, he resuelto remover la gente a otros puntos de la Carretera, y adonde halle mas auxilios, a pesar de los gravisimos perjuicios que de dicha translación se hayan de seguir al Publico, y a los particulares, de que será responsable quien hubiere preparado este trastorno en la Comisión.»⁴⁶

A torre seguíu no mesmo sitio unhos anos máis, a pesar de que coas obras se deteriorou e lle ocasionaron algún que outro desperfecto, xa que anos máis tarde, concretamente no 1815, destínanse unha parte dos fondos de propios para arreglala e albergar de novo a polvora:

«557 rs por materiales y jornales gastados y vencidos en la composición de la casa nombrada de la Carmona situada sobre el Puentebiejo de esta ciudad que se acordó reedificar para serbir de depósito de polbora y otros efectos de la Real Hacienda..»⁴⁷

371

tiñan cabida fortes palabras como:

⁴³Ibidem, oficio de 7 de abril de 1808 de Pedro de Acuña dirixido ó Correxidor (Apéndice2).

⁴⁴Ibidem, acordo do Pleno do Concello de 9 de abril de 1808.

⁴⁵Ibidem, oficio de 27 de abril de 1808 do Concello ó rei Fernando VII (Apéndice 3).

⁴⁶Ibidem, oficio de 12 de maio de 1808 de Pedro de Acuña dirixido ó Correxidor e Concello de Betanzos.

⁴⁷AMB. Facenda: Contas de Propios e Arbitrios de 1815 (4ª clase), c-1.647.

O Golpe definitivo

Foi no Trienio Liberal cando se retomou o tema da *necesidade* de derribar a torre. Concretamente nun acta capitular do ano 1821 refírese a ela deste xeito:

«En este Ayuntamiento teniendo en consideración que en el edificio llamado Caramona situado en el Puente Viejo que divide el arrabal de este nombre de la Ciudad, se halla depositada partida de polbora perteneciente a la Hacienda Nacional Aquerda se oficie con el Administrador de Rentas para que de las ordenes necesarias a que se traslade a otro punto en donde se halle segura y sin ninguna esposición del Pueblo en caso de una desgracia.»⁴⁸

Posteriormente no mes de setembro acórdase derrubar a torre a instancias dos veciños da Ponte Vella:

marzo, anunciándose su repetición para la semana siguiente, una vez fuera proyectado en el teatro de Villa Sanjurjo. Pero no tenemos constancia de que tal sucediera, ni tampoco hemos conseguido acceder -más allá de los anuncios publicitarios de la cartelera- a la repercusión del contenido de las imágenes estrenadas. El posterior accidente sufrido por su director-productor y el consiguiente fallecimiento, darían al traste con el proyectado documental, sin que por el momento haya noticia de que se diera a conocer el resto de las secuencias rodadas, como tampoco el paradero de las mismas.

Después del éxito obtenido con el estreno del primer y único largometraje de su carrera, el nuevo director se encontraba sumido en una euforia total que le hacía manifestar a los medios de comunicación que se hallaba pendiente de todo cuanto se hacía en el cine así como su intención de viajar a Hollywood para conocer de cerca la labor de los directores cinematográficos norteamericanos. Y su gran proyecto para 1928 consistía en hacer dos nuevas películas: la primera de ellas consistiría en una cinta de ambiente marroquí cuyo destino principal sería su difusión por tierras americanas, y que posiblemente se trataría del rodaje iniciado anteriormente; la otra, el travase a la pantalla de su hasta entonces última novela *El carmen de los claveles*, repleta de caracteres autobiográficos y, a la vez, escrita como una especie de homenaje a su Granada natal, describiendo los tipos que componen un sector tradicional de la sociedad local, tema que ya había tocado anteriormente en el cuento breve titulado «La noche de los recuerdos».

Sobre la avanzada situación de su último proyecto contamos con una información bastante elocuente, publicada en julio de 1928 en la revista de tirada nacional «La Pantalla» (14):

⁽¹⁰⁾ J. Marqués y J. Díez Sánchez, art. cit.

⁽¹¹⁾ X. X.: «Las películas de Marruecos», en El Telegrama del Rif, Melilla 9/2/1928, p. 1. Todo parece indicar que, a pesar de su juventud, el periodista que firmaba de forma tan breve como enigmática era Norberto Delgado Luque, recientemente fallecido en Málaga; vid. la semblanza publicada con tal motivo por J. Díez y J. Marqués: «Norberto Delgado (1911-1998) y el Cine Monumental», en La Voz, suplemento de «Melilla hoy», 27/12/1998, pp. 12-13.

⁽¹²⁾ S. Tarrago Cid: «Cine Monumental: edificio histórico-artístico de interés provincial», en El Telegrama de Melilla 9/6/1981. Reproducido en «Cuadernos de Historia de Melilla», Asociación de Estudios Melillenses, Melilla 1993, pp. 87-91.

^{(13) «}Las películas de Marruecos», art. cit.

⁽¹⁴⁾ Sección Ecos de Madrid. Cinegramas, Madrid, julio 1928.





Anuario Brigantino 1998, nº 21

Imperio Argentina y Ricardo Núñez, protagonistas de "La Hermana San Sulpicio".

«Queriendo fomentar la afición cinematográfica en Granada, López Rienda organiza un concurso entre las granadinas guapas que quieran aspirar a hacer el segundo papel en la película **El carmen de los claveles**. Habrá tres premios en metálico, y el fallo lo dará un grupo de artistas granadinos. Se celebrará una gran fiesta para el concurso y entrega de premios. Tanto las muchachas premiadas en segundo y tercer lugar, como las que resulten con «accésit» podrán tomar parte en la película en los conjuntos que se han de realizar. La única condición que se les exige es ser bonitas y el envío de una fotografía a «Ediciones López-Rienda. Apartado de Correos 451. Madrid».

Por esas mismas fechas visitaba Granada el cineasta, y un reportero de «El Defensor de Granada», el periódico dirigido por Constantino Ruiz Carnero (1887-1936) y en cuyas páginas había colaborado López Rienda. Le entrevistaba en demanda de algunas noticias acerca de la situación y características de su proyecto más inmediato. Sin duda, en el ambiente provinciano tenía que ser de amplio interés el hecho de que Granada fuera a convertirse en el marco y a la vez protagonista de una película dirigida por un director nacido allí mismo.

Repasemos a continuación la relación de películas rodadas en Granada durante la década de los años veinte: El Dorado (L'Herbier, 1921); Militona o la tragedia de un torero (Voins, 1922); Curro Vargas (Buchs, 1923); El niño de oro (J. M. Granada, 1925); Amapola (J. M. Granada, 1925); Raza de hidalgos (D'Algy, 1927) (15); además existe constancia del estreno en 1924 de un posible cortometraje titulado Granada documental. A todas estas películas -dos de las cuales se encuentran firmadas por el granadino J. M. Granada-, debía referirirse en su entrevista López Rienda, cuando afirmaba (16):

«Creo que a Granada no se le ha interpretado bien aún en el cinematógrafo, pese a las veces que se han impresionado en ella escenas de películas. Y ahora hablo más como granadino que como director artístico de films. Estamos hartos de ver proyectarse por ahí películas de nuestra tierra a base de gitanos y zambras. Y no es esta Granada, Granada es algo más que ese típico rincón del Sacro Monte habitado por los gitanos que tanto gusta exhibir aquí a los turistas. Granada es algo más que eso. Granada es el paisaje, la perspectiva, sus monumentos, sus costumbres, sus tradiciones, sus calles plenas de rincones típicos que el artista ha de ir descubriendo y estudiando su luz y sus disponibilidades cromáticas, como hacen estos pintores nuestros que saben llevar a sus bocetos la sinfonía de color, de luz y de ambiente, de muchos rincones de la ciudad. Granada es también sus artes y oficios -restauración, metalistería, bordados, mantillas, tejidos-, en cuyos escenarios el meteur en scene sabrá encontrar, si tiene buen gusto artístico, bellos motivos para una película de ambiente granadino. Granada son los cármenes, únicos en el mundo y, sobre todo, la mujer granadina, esta mujer incomparable, en cuya belleza sabemos ver -los que conocemos bien las morerías de Fez y de Tetuán- el sedimento árabe que dejó aquí la raza expatriada. Todo eso es Granada: luz, belleza, poesía. Ya ves por qué no me conformo con ver en las películas que hasta aquí he visto de Granada más que gitanos y zambras».

«El carmen de los claveles va a ser antes que nada, un canto a Granada; una exaltación de todas sus bellezas. Quiero que conozcan Granada en el extranjero un poco mejor y celebraré mucho que ello pueda traer a nuestra tierra un beneficio moral y material. Moral, en el sentido de que se forme otro concepto de la Granada «gitana» que por ahí se exhibe. Material, si la película puede aumentar el turismo».

Manifiesta a continuación que está recabando apoyo y que por ahora cuenta «con la colaboración de valiosos elementos artísticos de Granada». Nada relacionado con el dinero ni la petición de subvenciones aparece en sus palabras. Se encuentra haciendo visitas para elegir escenarios y lugares para rodar los exteriores, para lo cual recabará después los permisos oficiales de la Dirección General de Bellas Artes. Los exteriores se tomarán en: «talleres de «bordaoras», talleres de restauración, los cármenes más bonitos, los rincones más típicos y las perspectivas más sugestivas: Albayzín, Alhambra; flores y mujeres. Total: Granada»

En cuanto a los intérpretes, dice que aún no tiene nada decidido: «verás que el tipo de Angustias y el de Antonio, tan granadinos, no se pueden improvisar. En particular, el de ella, que ha de ser representativo de la mujer granadina». Aunque en algunos medios periodísticos se han barajado los nombres de Elisa Ruiz Romero «la Romerito», Carmen Viance o Concha Piquer, el principal papel femenino todavía no se encuentra adjudicado, por estar pendiente de nuevas pruebas.

Por lo que respecta a los papeles secundarios femeninos, se abrirá un concurso entre las mujeres granadinas, eligiéndose a las más guapas y de mejores facultades interpretativas.

ENCUENTRO CON RICARDO NÚÑEZ

El único nombre que López Rienda proporcionaba como seguro para encabezar el reparto de protagonistas de esta película era el del actor Ricardo Núñez, entonces con sólo veinticuatro años, quien ya había intervenido **en Águilas de acero** y que también acababa de ser dirigido por Florián Rey (1894-1962) en la película que representaría su auténtico lanzamiento a la fama**: La hermana San Sulpicio** (1927), a la vez que le proporcionaría dinero y le haría descubrir a una estrella de la pantalla: Margarita Nile del Río, conocida artisticamente como Imperio Argentina (17).

⁽¹⁵⁾ Vid. P. González López y J. T. Cánovas Belchi: Catálogo del cine español. Películas de ficción 1921-1930, Filmoteca Española, Madrid 1993.

⁽¹⁶⁾ El Reporter Impertinente: «Hablando con López Rienda. Una película de Granada», en El Defensor de Granada, Granada 1/7/1928. Reproducido en «Melilla hoy», 1/11/1997, pp. 16-17.

⁽¹⁷⁾ De las declaraciones de Ricardo Núñez a J. L. Mosquera, incluidas en «Ricardo Núñez, una vida para el Cine», en Anuario Brigantino, Betanzos 1986, p. 120.

Cuando el joven betancino Ricardo Núñez debutó en el cine con Florián Rey, se encontraba en Madrid a donde se había desplazado desde La Coruña para abrir la cafetería Atocha, negocio que había montado con su hermano Enrique (18). Rey acababa de despedirse de la firma productora Atlántida S. A., como anteriormente lo había hecho el director santanderino José Buchs, y quería rodar una película producida por él mismo pero utilizando la infraestructura proporcionada por los estudios de su antigua casa: se trataba de **El pilluelo de Madrid** (1926), en cuyo reparto incluyó con un pequeño papel a Ricardo Núñez, a la sazón debutante bajo el segundo apellido de su padre: Piroto.

Al parecer, también hizo su aportación financiera a este proyecto, iniciando así una fructífera colaboración con el director aragonés que se materializaría en un total de cinco largometrajes (19), con excepción de su inclusión entre el trío de intérpretes de **Águilas de acero**, película producida por Ediciones López Rienda.

Fue seguramente durante el transcurso del rodaje de Águilas de acero cuando López Rienda, productor, guionista y también actor en esta película, tuvo ocasión de conocer y convivir con Ricardo Núñez, al igual que con el cámara Carlos Pahissa, convertido luego en su estrecho colaborador. Así que dentro del proyecto de su segunda realización el cineasta granadino contaba con un actor que ya se había hecho famoso en menos de un año, presencia que sin duda contribuiría al éxito y prestigio de la película que pensaba rodar en su tierra natal. Podemos preguntarnos, ¿qué hacía un gallego, incorporando a un personaje «tan granaíno» como era el concebido por Rienda? Como se trataba de una producción muda, el fuerte acento gallego de Núñez no supondría el obstáculo que años más tarde se manifestaría al pretender continuar su carrera a partir de la implantación del sonoro. Obstáculo que no lo sería tanto, por ejemplo, para la actriz Antoñita Colomé, una sevillana interpretando a una nieta de los celtas en el largometraje gallego Alalá (Trotz, 1933), acompañando a Ricardo Núñez.

En compañía de su hermano ya se había iniciado seriamente como productor, cuando juntos constituyeron la firma Perseo con el empresario santanderino afincado en Madrid Francisco Herrera Oria -a la sazón un conocido distribuidor y exhibidor como su hermano Manuel-, para llevar a cabo el trasvase de la novela de Palacio Valdés *La hermana San Sulpicio*, integrándose también en la industria de la distribución con la creación de la firma de su propiedad Selecciones Núñez, cambiando su colaboración con Florián Rey por la del prolífico y mucho más avanzado Benito Perojo.

Al igual que Perojo, después de la guerra civil española Ricardo Núñez se trasladó a la Argentina, trabajando intensamente en la producción cinematográfica e iniciándose en la dirección de largometrajes, para regresar a España a comienzos de los años cincuenta donde todavía realizará cinco largometrajes, el último de los cuales data de 1961.

Que en los últimos años de su vida aún conservaba la ilusión de volver al cine nos lo confirma la noticia de que, a sus 89 años de edad, Ricardo Núñez mantenía una opción de los derechos para producir para la pantalla la novela de Benito Pérez Galdós *Marianela* (1878) (20), en cuya primera versión cinematográfica ya había intervenido en 1940, a las órdenes de su amigo Benito Perojo.

FINAL

Perdidas las copias de las películas de López Rienda, alguna de las cuales se encuentra en trance de localización, queda la posibilidad de que la Filmoteca Española haya podido recuperar una parte del trabajo realizado gracias a la donación efectuada por la familia del operador Carlos Pahissa, un profesional de la fotografía iniciado en la década de los años veinte y que había colaborado con él muy estrechamente en la etapa final de su truncada carrera.

FILMOGRAFÍA DE RAFAEL LÓPEZ RIENDA

- 1922.-Alma rifeña, de José Buchs. Guionista.
- 1927.-Águilas de acero o Los misterios de Tánger, de Florián Rey. Guionista, actor y productor.
- 1927.-Los héroes de la Legión, de López Rienda.
- 1927.-Jacobito, castigador, CM de López Rienda.
- 1928.-Melilla al día, CM de López Rienda.

FILMOGRAFÍA DE RICARDO NÚÑEZ

<u>Actor</u>

- 1926.-El pilluelo de Madrid, de Florián Rey.
- 1927.-Águilas de acero, de Florián Rey.
- 1927.-La hermana San Sulpicio, de Florián Rey.
- 1929.-Fútbol, amor y toros, de Florián Rey.
- 1929.-48 pesetas de taxi, de Fernando Delgado.
- 1931.-Les nuits de Port Said, de Leo Mittler
- 1932.-El hombre que se reía del amor, de Benito Perojo.
- 1933.-Corre, mulilla, CM de Ricardo Núñez (21).
- 1933.-**Alalá o Los nietos de los celtas**, de Adolf Trotz.
- 1933.-**Se ha fugado un preso,** de Benito Perojo.
- 1933.-Susana tiene un secreto, de Benito Perojo.
- 1934.-Crisis mundial, de Benito Perojo.
- 1935.-**Rumbo al Cairo**, de Benito Perojo.
- 1935.-**Es mi hombre**, de Perojo (además productor ejecutivo).
- 1937.-**En busca de una canción**, de E. Fernandez Ardavín,
- 1938.-Nuestro culpable, de Fernando Mignoni.
- 1957.-Lo que cuesta vivir, de Ricardo Núñez.

⁽¹⁸⁾ Ibídem.

⁽¹⁹⁾ J. L. Borau: *Diccionario de cine español*, Alianza Editorial, Madrid 1998, p. 637, y E. Riambau y M. Torreiro: *Guionistas en el cine español*. *Quimeras, picarescas y pluriempleo*, Cátedra/Filmoteca Española, Madrid 1998, p. 437.

⁽²⁰⁾ Carta dirigida el 16/1/1996 al autor de este trabajo por Benito Verde Pérez-Galdós, nieto del escritor canario y heredero de los derechos de sus novelas hasta su reciente fallecimiento.

⁽²¹⁾ Riambau y Torreiro, op. cit., p. 438, siguiendo declaraciones del propio Núñez, le atribuyen la responsabilidad de este cortometraje musical que generalmente figura como dirigido por Perojo.

Producción

- 1927.-La hermana San Sulpicio, de F. Rey.
- 1928.-Los claveles de la virgen, de F. Rey.
- 1929.-**Fútbol, amor y toros**, de F. Rey
- 1934.-**El negro que tenía el alma blanca**, de Benito Perojo (ayudante dirección).
- 1936.-Nuestra Natacha, de Benito Perojo.
- 1940.-Martingala, de Fernando Mignoni.
- 1940.-**Marianela**, de Benito Perojo
- 1941.-**Héroe a la fuerza**, de Benito Perojo.
- 1943.-Stella, de Benito Perojo.
- 1943.-Siete mujeres, de Benito Perojo.
- 1944.-La casta Susana, de Benito Perojo.
- 1945.-La carabela de la ilusión, de Benito Perojo.
- 1945.-Chiruca, de Benito Perojo.
- 1946.-Los majos de Cádiz, de Benito Perojo.
- 1947.-Lo que fue de la Dolores, de Benito Perojo.
- 1947.-La hostería del caballito blanco, de Benito Perojo.
- 1948.-La novia de la marina, de Benito Perojo.

Director

- 1935.-¡Corre, mulilla!, CM
- 1950.-Madre Alegría.
- 1952.-Fuego sagrado.
- 1955.-La chica del barrio.
- 1956.-Malagueña.
- 1956.-Tremolina.
- 1957.-Lo que cuesta vivir.
- 1961.-Detective con faldas.

Bibliografía:

BORAU, José Luis: Diccionario del cine español, Alianza Editorial, Madrid 1998, pp. 637-638.

ERIAS, Alfredo, y SARMIENTO, Rosario: *O cinematógrafo en Betanzos*, Excma. Dep. Prov. de A Coruña, A Coruña 1997.

GARCÍA FERNÁNDEZ, Emilio: Diccionario filmográfico de Galicia, Fundación Universitaria de Cultura, Santiago de Compostela 1993.

MOSQUERA CAMBA, José Luis: «Ricardo Núñez, una vida para el Cine», en Anuario Brigantino, Betanzos 1986, pp. 119-128.

OLID, Miguel: Antoñita Colomé. Recuerdos de una vida, Filmoteca de Andalucía, Córdoba 1998, pp. 38, 39, 40, 41, 43, 46, 68.

RIAMBAU, Esteve y TORREIRO, Casimiro: Guionistas en el cine español. Quimeras, picarescas y pluriempleo, Cátedra/Filmoteca Española, Madrid 1998, pp. 437-438.

SAIZ VIADERO, J. R.: «Rafael López Rienda, un cineasta olvidado», Melilla, en prensa.

Las ilustraciones de este trabajo fueron proporcionadas por D. José Marques López, a través de D.Alfredo Erias ¡Gracias a los dos!

Anuario Brigantino 1998, nº 21

Anuario Brigantino 1998, nº 21

Guillermo Vázquez, autor de dous libros: PENSANDO DETRÁS DO LAR e A VIDA DO POBRE

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL*

Guillermo Vázquez, nacido no ano 1897 en Fervenzas (Betanzos) é autor de dous libros publicados nos anos trinta, o primeiro, *Pensando detrás do Lar* co subtítulo *Con arreglo se habla en Galicia en 1930*, e o segundo, *A vida do pobre* co subtítulo *Según se habla en Galicia en 1932*. Nunha introducción no segundo libro de 1932 declara ter 35 anos e levar 20 anos escribindo. Defínese aquí mesmo como poeta dos sentimentos e da natureza.

O primeiro libro publicado, *Pensando detrás do Lar* co subtítulo en castelán *Con arreglo se habla en Galicia en 1930*, xa na portada leva unha cuadra que fai alusión ao título e á temática: *Moito viva o Lar Gallego/Que honra a toda Galicia;/Xa en todo mundo saben/que é da xente que hay máis lista.* Consta dunha introducción poética na que en clave metapoética o eu fala do propio libro e do oficio de poeta, afirmando que para poder facer poesía hai que nacer poeta e contando o moito que tivo que cavilar para estructurar o libro.



Guillermo Vázquez.

A primeira peza é unha obra que pode representarse, obra teatral polo tanto, titulada *A pastora roubada¹*, con acotacións escénicas en castelán e romanzas para entreter o público mentres a compañía descansa, dividida en tres partes, sendo a terceira parte máis narrativa que dramática. Na primeira parte aparecen Marica e Farruco, pais dunha rapaza pouco atractiva de 18 anos chamada Marta, que pretende casar. Marta anuncia á súa nai que lle falou de casar o fillo do tío Xan da Agra, recén chegado de Cuba. Chama á porta Antón, o pretendente, e o pai dela pregúntalle polo seus traballos, respondendo el que foron varios en Cuba, destacando o de tenor e pedindo permiso para cantar. A canción fala da emigración e da saudade da terra, prometendo non marchar nunca máis. Remata a primeira parte coa despedida de Antón e a invitación dos pais de Marta aos pais del para que os visiten, prometéndolle Marta estar máis guapa cando a visite de novo. No final danse as indicacións de como debe ser o decorado desta primeira parte: unha montaña con dúas casas no val que serán as vivendas dos pais dos namorados.

^{*}Concepción Delgado Corral, betanceira, é Doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Catedrática de Lingua e Literatura Galega do Instituto "Francisco Aguiar" de Betanzos.

¹Pensando detrás do Lar, pp.3-9.

A continuación vén unha «Romanza de tenor para dar varietés, mientras la compañía descansa». Curiosamente as acotacións e indicacións escénicas aparecen en lingua castelá, en contraposición á lingua galega, que é a lingua da peza dramática. Nesta romanza, establécese un diálogo entre o Tenor, o Mozo e a Bailarina. A bailarina fala en castelán criticando ao Tenor por pedir que lle servisen caldo nun cabaré; o Tenor responde que o caldo é o primeiro prato que se serve en Galicia e a continuación enumera unha serie de ricos manxares desta terra, que nada ten que envexar ás outras. A peza serve para entreter e facer rir ao público que espera.

A segunda parte presenta a chegada de Antón á casa e a conversa cos seus pais Xan e Sabela, que desexarían unha moza rica para o seu fillo porque consideran que Marta é de mala casta. A continuación ou simultaneamente preséntanse as conversas na casa de Marta, recomendándolle a nai ir aprender á escola para darlle máis gosto a Antón. Acompáñaa súa nai e falan co mestre que responde en castelán. Entra Antón na escola e ela invítao a unha fiada. O desenvolvemento é rapidísimo e esquemático, aparecendo xa na fiada e na continuación o diálogo nada amistoso das nais dos amantes. Non diferencia ben as partes, misturando o que deberían ser cadros diferentes. Antón vai ao Monte do Gato para encontrarse con Marta que está alí pastando as vacas. No seu lugar tropeza coa nai dela que o despide a pedradas. Antón encóntrase coa muller que bota as cartas quen lle anuncia que ha casar con ela e que lles irá ben. Á noite cántalle unhas poesías. Escóitao a nai de Marta que lle canta tamén á filla recomendándolle que non faga caso das promesas de Antón e que pense nun mozo novo. Antón e Marta falan en voz baixa en forma de verso, pedíndolle el que baixe para marchar xuntos por España. Acaba así a segunda parte e danse as indicacións do decorado: unha paisaxe cunha casa onde se vexan marchar por unha fraga para chegar ao ferrocarril. En realidade dáse o decorado do último cadro pero non se fala para nada dos varios decorados que aparecen nesta segunda parte.

Entre a segunda e a terceira parte aparecen dúas composicións poéticas que falan dos galegos e das belezas de Galicia, entre elas, o xamón, o viño, os grelos, para cantar a coro ou por unha bailarina soa.

A terceira parte vai introducida pola simple indicación «Collen o tren a Sevilla». Esta parte ten pouco diálogo, facendo a descrición pormenorizada da roupa de Marta. Antón cómpralle en Sevilla roupa nova. Alí van a un baile e, ao pisalo Marta, el déixaa soa, e ela dándose conta de que estaba bailando soa, asústase pensando que Antón se marchara. Mandan tocar unha «Muiñeira» e todos os aplauden. Á noite acórdanse dos pais e Marta bota de menos o «Lar Gallego», facendo unha exaltación deste á muller da pensión aínda que xustificando a súa marcha polo seu amor. Regresan a Galicia sendo moi ben recibidos. Máis que pensada para representar, esta parte é narrativa, construída como un conto que vai acompañado dunhas estrofas poéticas cando Marta xustifica a súa fuxida: Mentras se poida, ruala;/e cando un é mozo, gozar;/que despois a carne vella/nadie a quere aproveitar// Tódalas cousas se fan con gusto/cando a sangre ten boa forza;/pro cando os nervios non poden,/pouca cousa nos abonda².

A continuación, baixo o título de *Muiñeira*, aparece o poema «Lumeiradas do San Juan»³, poema costumista no que se canta a festa e as lumeiradas de San Xoán en Galicia, con todas as crenzas que implica: *Xuntan a auga das Sete Fontes,/pro desayuno, como reliquias,/pra que non entre o mal de ollo,/según costumbres que hay en Galicia./Mañán*

de San Juan,/tenche a sona,/que é das do ano/a máis criadora./Din os labradores/cando algo fan:/»Médralle, como/a mañán de San Juan».

O seguinte poema é o titulado «Discurso Gallego»⁴ no que o eu fala de si mesmo, poema autobiográfico, onde se fai tamén a defensa da lingua galega e da súa utilización: ¿Por qué ei de ter vergonza/nin falar chapurreado/ese gallego tan melodioso/que meus padres me enseñaron?/E desprestixiar a fala/e as costumbres en que fun criado;/gallego de puras cepas/non teño porque negalo./Ei falar sempre o gallego/e saber o castellano;/ si me chaman atrasado/respóndolles de contado:/Falácheme en castellano/e pilleiche todas túas;/contéstochas en gallego/e non comprendes ningunha.

«Coplas Gallegas»⁵ é o título que introduce unha serie de cuadras independentes onde o eu fala da súa terra, dos amores e das festas, tres festas de Betanzos que, tan boas, ninguén as ten: San Roque, os Caneiros e os Alborotados. Sen dúbida hai moito de autobiográfico tamén nestas cuadras, falando da súa xeografía vital: *Viva Vexo, viva Aranga,/terra donde me criei,/viva a Costa do Sal,/canto eu te paseei.*

Continúa co *Conto*⁶, que máis que conto é un breve diálogo escénico en galego entre Manuela e Pedro levándose a contra.

«Cantares do muiñeiro»⁷, composición de catro cuadras e unha estrofa de seis versos co tratamento dun tipo popular galego como é o do muiñeiro que tantos poemas e contos orixinou na literatura galega. As estrofas son independentes non existindo unha continuidade argumental.

«Un recuerdo a los muertos»⁸, poema autobiográfico no que o poeta situado no Monte do Gato contempla catro cemiterios: Rodeiro, Bandoxa, Ois e Fervenzas. Esta contemplación faille recordar aqueles que xa morreron, convertíndose nun Ubi Sunt, ao preguntarse o eu poético polos que xa non viven. Este poema comeza moi ben e non remata tan ben, nin temática nin formalmente, desviando o tema a problemas morais e consellos para gañar o ceo. Acertados son os versos iniciais e aqueles nos que fala daqueles que descansan neses catro cemiterios: Corpiños que gasta a terra,/cavilei en estas palabras;/Valentes e homes humildes,/mozos e rapazas guapas,/vós, que fostes como eu,/labradores e outras crases,/valentes e dicididos/¿por qué agora non falades?.

«Pensamientos del autor»⁹, título en castelán para un poema escrito en galego. Consta dunha serie de estrofas que glosan pensamentos do propio autor. Unha vez máis o autor pretende dar un carácter autobiográfico ao libro. Estes pensamentos que o autor se atribúe, en realidade son pensamentos populares correntes.

«Recuerdo» ¹⁰, poema en castelán dedicado a SS. MM. D. Alfonso XIII e Dona Vitoria Eugenia de Battemberg na súa estancia en Galicia, recordando en concreto o seu paso por Montesalgueiro. O autor maniféstase ao final desta composición como contrario á pena de morte, solicitando dos reis a suspensión desta.

«A Concepción Arenal»¹¹, composición poética en galego, dedicada a esta ilustre muller, engadindo unha nota autobiográfica ao falar da súa propia morte: *Moi preto serei*

²Ob. cit., p. 28.

³Ob. cit., pp. 30-31.

⁴Ob. cit., pp. 32-33.

⁵Ob. cit., pp. 33-34.

⁶Ob. cit., pp. 35-36.

⁷Ob. cit., p. 37.

⁸Ob. cit., pp. 38-40.

⁹Ob. cit., pp. 41-43.

¹⁰Ob. cit., pp. 44-46.

¹¹Ob. cit., pp. 46-47.

teu compañeiro,/este mundo haino que deixar;/pasou o tempo sin me dar conta,/poucos anos un pode gozar..

«Adiviñanzas»¹², serie de cuadras nas que glosa refráns aínda que o título parece indicar adiviñanzas.

«Parrafeo de un gallego con una madrileña, en una fiesta aldeana»¹³, diálogo teatral en castelán, introducido por unha breve acotación. O diálogo está orixinado entre El e Ela. Acaba facendo unha exaltación de Galicia por parte dos dous personaxes.

«Coplas Antiguas»¹⁴, xustifica estas coplas como dadas por persoas vellas ao autor para este libro xunto con outras coplas modernas. Son unha serie de cuadras populares ás veces repetidas con variantes, glosas do saber popular.

«O que se saca de escoitar» 15, poema narrativo no que un tal Lucas escoita un diálogo amoroso tras dunha porta e emociónase por non poder ser el partícipe.

«Gallegos ilustres»¹⁶, composición en castelán, formada por cuadras, centrada en figuras ilustres de Galicia como Rosalía de Castro, Concepción Arenal, Condesa de Mina, Filomena Dato, María Pita, Teresa Herrera, Manuel Murguía, Lamas Carvajal, Curros, Pondal, Linares Rivas, Canalejas, Eduardo Dato, Montero Ríos, Figueroa, Arcebispo Carracido, Piñeiro, Loriga, Franco o aviador, Artiñano y Pino, Romay Montoto, Frai Pedro Manzano. Os nomes van desde a literatura ata a política.

«Meu amigo Pepe Brañas,/é un amigo leal;/eu, vaya pra donde vaya,/no corazón te ei levar», con esta cuadra comeza un poema dedicado a este amigo do poeta¹⁷. Fala nel de persoas ben diferentes como o pintor Seijo Rubio, Cabanillas, Villar Ponte, irmáns García, Gómez Iglesias, Millán Astray e Paco Franco.

«Pasatiempos y ratos de buen humor. A estilo da miña terra»¹⁸, título bilingüe para introducir un diálogo escénico en castelán, orixinado entre as diferentes cartas da baralla.

«Contos da aldea»¹⁹, son tres contos populares, os dous primeiros tratan dos avogados e a xustiza e o terceiro dun rapaz que discute co cura sobre os saberes da doutrina e os dentes das ovellas.

«O agro gallego»²⁰, prosa en castelán onde fala da situación do campo galego, da muller galega e do seu traballo no campo, pedindo respecto para os labregos, que os escoiten e que os enxeñeiros sexan galegos ou que coñezan moi ben a situación do campo galego.

«En Galicia debió de ser»²¹, primeiro verso do poema sen título, en castelán, onde fala das belezas de Galicia e da Coruña.

«Despedida»²², é o penúltimo poema, en galego, moi longo e de carácter autobiográfico e metapoético no que o poeta fala da súa situación como fillo dun labrador e dos motivos

que o levaron a escribir o libro. Defínese como non ilustrado, afirmando que escribe o libro na leira do Gandarón, mentres as súas vacas están pastando. O poema convértese nunha serie de consellos morais dirixidos aos xoves para que fuxan dos vicios e miren polos seus pais. Afirma que a fala na que vai escrito o libro non é a fala galega senón a fala da súa terra. O seu galego está por veces misturado co castelán como ocorre nesta composición na que a penúltima estrofa está escrita en castelán mentres que o resto está en galego.

«Últimas palabras del autor»²³, poema constituído por unha cuadra en castelán de carácter moral; esta é a composición final do libro.

Este primeiro libro está constituído por unha heteroxeneidade de textos que van desde pezas dramáticas ou diálogos escénicos, pasando por contos populares e textos en prosa de carácter reivindicativo, laudatorio ou moral, ata os poemas populares. Nunha mesma composición pode aparecer a prosa e a poesía. A temática é tamén variada, destacando a costumista no tratamento de tipos, tradicións e festas populares. Está presente a defensa da lingua galega e da súa utilización por parte dos galegos a pesar de que as súas pezas misturan galego e castelán. Maniféstanse certas reivindicacións de tipo agrarista aínda que a ideoloxía do autor é un tanto confusa no eloxio de figuras tan contrarias como Villar Ponte e Millán Astray ou Paco Franco. O «eu» dá unidade a toda esta maraña cunha actitude autobiográfica na que aparece a súa xeografía vital formada por Fervenzas, Betanzos, Vexo, Aranga e a Costa do Sal. Esta xeografía vital é a que provoca unha certa liña elexíaca, manifesta sobre todo no tema do Ubi Sunt que aparece na contemplación dos cemiterios de Rodeiro, Bandoxa, Ois e Fervenzas.

O segundo libro é o publicado en 1932 co título galego A vida do pobre e co subtítulo en castelán Según se habla en Galicia en 1932. Xa na portada aparece Guillermo Vázquez como o autor do primeiro libro Pensando detrás do Lar. Como no caso da primeira publicación, hai tamén na portada unha cuadra que fai alusión ao título e á temática do libro: A vida do pobre é/unha vida tan escrava,/anque viva na pobreza/din os ricos: non ten falta.

A continuación aparece unha introducción en prosa e en castelán titulada «Al que leyere», asinada por EL AUTOR, na que explica que o primeiro que pensou foi que non figurase o seu nome nesta publicación. Seguidamente fala dos anos que ten e dos que leva dedicado á literatura, definindo reiterativamente a súa poesía como do sentimento e da natureza.

O primeiro que aparece é un relato en prosa titulado «As dúas casas do pazo»²⁴. Nestas casas vivían dous labradores honrados casados: Xacobo o «Caladiño» casado con Micaela, pais dunha filla chamada Rosa; na outra casa vivían Xacinto e Culasa cos seus dous fillos, Xosé e Pedro. Xosé estaba casado. Os pais pretendían que Pedro casase con Rosa, cousa que tamén era ben vista pola nai desta. Esta invítao á súa casa e chega esa mesma noite sorprendéndoos facendo as papas; esconden o pote das papas dentro do armario e o ruído que fan é escoitado por Pedro que pregunta que é ese ruído, contándolle todo o criado. Casan e traballan para pagar o que deben, por isto el decide emigrar a Buenos Aires. Desde Lisboa mándalle a Rosa unha carta con este texto en castelán: Voy sin novedad. Te recuerda Pedro que nunca te olvida. Pronto conseguiu traballo e empezou a mandar cartos, pero as cartas xa non eran tantas porque a ama da pousada na que residía tiña amores con el. Destas relacións naceu unha filla. Rosa escribe á súa madriña que estaba en Buenos Aires pedíndolle que lle pagase a pasaxe para ir ver o que pasaba. No barco namórase dela o

¹²Ob. cit., pp. 48-49.

¹³Ob. cit., pp. 50-53.

¹⁴Ob. cit., pp. 54-57.

¹⁵Ob. cit., p. 58.

¹⁶Ob. cit., pp. 59-54.

¹⁷Ob. cit., pp.63-64.

¹⁸Ob. cit., pp. 65-66.

¹⁹Ob. cit., pp. 67-71. Intercala nos contos de avogados dous refráns: De testarudos e porfiados,/vivimos os abogados (no primeiro conto), e Este vello pelueiro/foi criado na montaña,/non dá o que ten ós abogados/por arrebatos ou rabias (no segundo conto).

²⁰Ob. cit., pp. 72-74.

²¹Ob. cit., p. 75.

²²Ob. cit., pp.76-79

²³Ob. cit., p. 79.

²⁴A Vida do Pobre, pp. 3-15.

mordomo alemán que en castelán lle di que quere casar con ela; Rosa rexéitao. A madriña infórmaa do que pasa e ela non quere ver a Pedro, pero véndoas este na rúa, vai á casa da madriña e proponlle a Rosa xuntarse, cousa á que ela se nega. Rosa regresa no mesmo barco e Pedro marcha tamén para Galicia. Os pais lévano á casa de Rosa e esta di que o acepta se o acepta súa nai pois ela fora xa a que decidira que casase con el e tamén a que decidiu que marchase a Buenos Aires. Hai neste conto toda unha crítica á emigración e a defensa dunha filosofía de conformidade coa situación de «Vida de Pobres».

«Cuentos antiguos. Dados por personas viejas para este libro»²⁵, este é o título en castelán que introduce dous contos en galego e dous contos en castelán. Os contos en galego levan frases en castelán. O primeiro trata dos amoríos dunha muller co seu compadre e sérvelle ao autor para introducir unha serie de refráns populares sobre o tema do esposo enganado. O segundo trata dos mal entendidos que pode provocar unha frase con dobre sentido: a moza da cidade que veranea na aldea pensa, ao doerlle as moas, ter o «mal do gato», que súa nai lle dixera que era o ruído que facían fóra os mozos. Ao mandarlle os veciños un mozo, este é botado a empuxóns pola moza. O primeiro conto en castelán é unha crítica á relixión, feita a través dun neno que razoa que os actos fúnebres deberían sobrar porque só os poden pagar os ricos. O segundo conto en castelán fala da viaxe a Madrid do fillo dun cacique. O pai mándao visitar un home que lle debe a acta de deputado. Os fillos do deputado, considerando que lles vai estropear o día, están enfadados co aldeán. A sorpresa é grande cando ven as boas maneiras, a educación e a cultura do rapaz moi superior á deles que non coñecen nada da propia cultura de Madrid que o mozo quere contemplar. Un tema recorrente no autor é a defensa da cultura dos galegos porque sente que os consideran paletos e inferiores no exterior.

«La ignorancia»²⁶, título en castelán para un poema en galego que trata dun tema popular como é o dos santos milagreiros de Galicia, citando entre eles os do seu entorno: Santa Crus de Aranga ten/moita forza aló no ceo,/coa auga da sua fonte/medra a fruta que dá medo,/hay quen di é millor pras terras/que nin minelar nin esterco./A Santa Crus de Mondoy/saleu unha lacazana,/nunca ganou unha peseta/nin con auga nin con nada./ Fray Pedro tamén se opón/a calquera mal que sea/pois por un pernil de cocho/non hay mal que el non entenda. A continuación o eu queixase dos santos da súa igrexa que non fan milagres: Os santos da miña igresia/nunca eles perras xuntaron,/pois si eu son crego dela/xa os tiña estropeados/e traigo outros millores/deses que fan ben milagros. O poema leva unha parte final que se titula «Comentario» na que o autor, en castelán, critica os usos e costumes da igrexa que explota o tema dos santos milagreiros para facer cartos: Dicen: Cristo vertió sangre/y la pintan en el madero,/pues por ella llena el cura/sus bolsillos de dinero. Declárase como comprometido neste tema, afirmando que os escritores e poetas deben lamentar estas prácticas: No hay escritor ni poeta,/siendo pensador verdad/que no lamente la ignorancia/en que aún la gente está.

«A mi novia»²⁷, poema en castelán do que se afirma a procedencia como «De mi Álbum». O eu expresa nesta composición os seus sentimentos amorosos, abatido pola ausencia da amada. Poema máis ou menos ben conseguido, que manifesta a sentida dor do amante en termos delicados, ata que se estropea coa alusión ás caricias que afirma ter feito na «pechuga» da amada: *Mis caricias han sido tan grandes/cuántas veces besé tu pechuga/qué felices horas aquellas/de cariño, de amor, de fe, con locura.*

«Pescadores de Galicia»²⁸, é un poema en galego no que canta o duro traballo dos pescadores ao mesmo tempo que critica outros traballos como o dos xenerais, secretarios de axuntamentos, cregos ou notarios. A crítica aos cregos é un tema recorrente en toda a obra do autor: Ou si fórades cregos,/que mil diabros falta fan,/máis que pra dar ceio ós ricos,/pois pra os probes xa non hay,/porque nós non temos cartos/pra lle lo poder pagar,/nunca lles faltan decretos/e máis andan a pescar.

«Canción»²⁹, é outro poema que figura como «De mi Álbum», serie de cuadras en castelán nas que o eu conta que encontrou nun portal unha nai cos seus fillos pequenos sen medios por estar o seu home no hospital a consecuencia da caída dun andamio. Na cuadra final o eu defínese como autor que compuxo este poema e que entregou unhas moedas á muller.

«Amor patrio»³⁰, poema en castelán, autobiográfico, no que o autor fai metapoética falando de si mesmo como autor de dous libros.

«Os Trafoleiros»³¹, poema en galego no que o eu dirixe a súa voz aos galegos criticando a aqueles de fóra de Galicia por atacar o sentimento da morriña. A continuación lamenta a perda de Rosalía e Curros, grandes defensores da nosa terra.

«Al ser mozo» 32, poema en castelán, encanto amoroso que se rompe coa palabra «fulana» pronunciada pola nai da moza.

A continuación vén un poema en castelán asinado por Juan Sarrabona que vai precedido desta dedicatoria: *Al gran poeta Guillermo Vázquez/Los cuatro cementerios de su libro PENSANDO DETRÁS DO LAR³³*. É un poema metaliterario no que este autor fala da composición do primeiro libro de Vázquez na que, situado no monte do Gato, contemplaba os catro cemiterios e se preguntaba polos que estaban mortos. Os eloxios a Vázquez son esaxerados, cualificándoo como «un poeta que ninguén pode igualar», e o poema como un canto «magnífico e divino».

«El vicio y la moda»³⁴, poema en castelán no que se critican os vicios das xentes.

«A Betanzos mi tierra natal»³⁵, poema en castelán no que canta a Betanzos e ás súas mulleres, comparándoas co viño do Porto. O autor denomina a Betanzos como berce de escritores.

Seguidamente aparece un poema en castelán coa seguinte dedicatoria: Al genial autor de PENSANDO DETRÁS DO LAR, Guillermo Vázquez, su amigo y admirador, Alfredo Curiel, abogado de Betanzos³⁶. Neste poema fálase de que Vázquez foi criticado e acusado de plaxio nos seus poemas. Curiel considera a obra de Vázquez como «portentosa» e ao autor como «Bardo Gallego».

«A mis críticos»³⁷, poema en castelán que ten relación co anterior en canto que o autor fala dos que criticaron a súa obra e afirma que non o ofenden porque el non se inclina ante ninguén.

427

²⁵Ob. cit., pp. 16-21.

²⁶Ob. cit., pp.22-24.

²⁷Ob. cit., pp. 24-25.

²⁸Ob. cit., pp. 26-27.

²⁹Ob. cit., pp. 28-29.

³⁰Ob. cit., pp. 30-31.

³¹Ob. cit., pp. 32-33.

³²Ob. cit., p. 34.

³³Ob. cit., p. 35.

³⁴Ob. cit., pp. 36-37.

³⁵Ob. cit., pp. 37-38.

³⁶Ob. cit., pp. 39-40.

³⁷Ob. cit., pp. 40-41.

«Canto a Galicia»³⁸, poema en castelán co subtítulo «Pensando en ti» e con influencias rosalianas. O autor canta a Galicia en dúas estrofas. Case calca o poema de Rosalía «Adiós ríos, adiós fontes»: *Tierra que me vió nacer/lugares que tanto he amado/montañas que me han criado/jamás os podré olvidar./Maizales que escarbé/pinares que he cortado/noches en que yo rondé/campiñas que he trabajado*.

«La avaricia»³⁹, poema en castelán no que se critica este vicio.

«Ahí va eso»⁴⁰, poema en castelán autobiografico e metapoético no que o autor fala dos que se burlaron dos seus versos. Afirma que ha de gañar a fama de gran poeta.

«La Humanidad»⁴¹, título en castelán para un poema escrito en galego. O poeta fala da súa morte, facendo unha defensa dos pobres como el, defensa constante na súa obra. Están presentes as reivindicacións sociais, na defensa da propiedade da terra para quen a traballa: Si a terra é de quen traballa/como Cristo dixo entre irmáns,/¿como o rico se fixo con tanto/e sin nunca querer traballar?

«Consejo»⁴², poema en castelán no que fala unha vez máis dos pobres e das inxustizas que padecen, dándolles unha serie de consellos prácticos.

«Ella»⁴³, poema en castelán pouco conseguido, de escaso gosto, e de temática amorosa.

«San Roque mais os Caneiros»⁴⁴, poema en galego de tipo costumista no que canta as festas de Betanzos. Na parte final o poema pasa de costumista a histórico e case épico falando da fundación da cidade de Betanzos: Betanzos fundouno Brigo/que era fillo de Yubal/foi bisneto de Noé,/¡onde esos tempos che van!pro inda hoxe conserva/o escudo de Brigancia/unhas copas que hay en pedra/de falangue muy romántica/que fai creer que é o berce/dos poetas de España. Remata co tributo das doncelas: A ofrenda que o rei Brigo/ós moros lles pagaba/tres mozas muy feitiqueiras/todos os anos lles daba,/pois nunhas barquiñas viñan/aló no bran a buscalas,/mais elas de aquel tratado/non quixeron saber nada/preferían pois morrer/antes que ir de mundanas.

«Cuento de los libros de mi niñez»⁴⁵, é un relato en castelán que narra un suceso da vida do Papa Clemente cando vai celebrar as vodas dunha sobriña en Marsella: tres xoves damas viúvas solicitan dispensa para comer carne os días prohibidos. O que intercede por elas diante do Papa interpreta que solicitan ter contacto carnal fóra do matrimonio. Curioso relato moi alonxado da temática costumista e rural dos relatos do autor aínda que coa mesma picardía e coa utilización do equívoco provocado pola lingua, fenómeno que aparece máis veces. En realidade é a súa versión dun conto lido por el na infancia.

«Miña Terra»⁴⁶, poema en galego, en cuadras, no que canta a Galicia e á muller galega. Alude, como outras veces, ao poeta da Raza, cualificándoo de modesto.

«Cando era rapás»⁴⁷, poema en galego, en cuadras, composto de refráns e anécdotas populares.

«La burguesía»⁴⁸, poema en castelán, en cuadras, dirixido aos burgueses, aos que critica e cataloga de «cerdos», augurando un futuro no que o pobo se erga contra eles, cobradores de impostos e gravadores da terra.

«Betanzos y sus tiempos del rey Brigo»⁴⁹, poema en castelán, en cuadras, no que por segunda vez fala da historia da cidade de Betanzos, do tributo das, neste caso dez doncelas, do marqués de Figueroa e do ataque con pólas de figueira, poema cun fondo épico no que se afirma que Galicia foi a primeira terra en España que se negou a ofrecer este tributo.

«¡Morte! ¡Morte!, pra que eu nacín»⁵⁰, é o primeiro verso dun poema en galego, sen título, en cuadras, no que o eu se dirixe á morte, que logo virá por el, e fai unha crítica dos ricos como tantas outras veces, denominándoos como «lampantíns». Obsérvanse influencias de Curros no anticlericalismo, sobre todo na última cuadra: Si este mundo é o que eu fixen,/dirá Cristo si ven a mirar,/veña o demo que marche con todos,/que conmigo nos podo levar.

Aparece seguidamente unha Felicitación da Academia Española ao autor do libro *Pensando detrás do Lar⁵¹*. Di que en sesión celebrada o 13 de febreiro de 1930, despois de examinar o libro *Pensando detrás do Lar*, acordou por unanimidade felicitar ao autor, dándolle as gracias polo envío dun exemplar e recoñecéndoo como poeta e literato que figurará entre os escritores de España. Asina E. Cotarelo. O autor non deixa de incluír todo o que sexa positivo acerca do seu traballo de escritor e do seu libro anterior.

«Maruxiña»⁵² de Pondal, co subtítulo «¡Ei, carballeira»!, é o seguinte poema en galego, versión de Vázquez do poema pondaliano, corrixida e aumentada.

O carácter de obra unitaria, interrelacionada, aparece na intertextualidade manifestada constantemente e moi explícitamente na seguinte composición co título de Continuación de «A pastora roubada» (viene del otro libro)⁵³. Diálogo dramático en castelán entre un El que é rexeitado na súa solicitude de amores por Ela e a intervención final dun coro que fala en xeral do amor, dirixíndose finalmente ás mulleres galegas, facendo unha exaltación delas.

«Vals de mi Álbum de niño»⁵⁴ co engadido «Y reformado por el autor», poema en castelán que fai referencia como outras veces a un Álbum do autor que aquí confirma que é un Álbum de cando era neno. Afirma que o poema publícao agora reformado. A unidade da súa obra e a intertextualidade maniféstanse unha vez máis. Poema amoroso no que se lamenta o eu pola ausencia da amada, tema xa repetido.

«Jota gallega»⁵⁵, poema en castelán no que fai unha exaltación de Galicia e da muller galega, superior ás outras mulleres de España. Vai unha vez máis contra o sentimento de vergoña que poden sentir os galegos.

«¡Galicia!»⁵⁶, relato en prosa, no que fai o eloxio da terra galega.

Este segundo libro remata coas seguintes palabras de propaganda para que os lectores lean o primeiro libro: LEA *PENSANDO DETRÁS DO LAR*, POR EL MISMO AUTOR.

³⁸Ob. cit., pp. 42-43.

³⁹Ob. cit., pp. 43-44.

⁴⁰Ob. cit., pp. 45-46.

⁴¹Ob. cit., pp. 47-48.

⁴²Ob. cit., pp. 48-49.

⁴³Ob. cit., p. 50.

⁴⁴Ob. cit., pp. 51-53.

⁴⁵Ob. cit., pp. 54-55.

⁴⁶Ob. cit., pp. 56-67.

⁴⁷Ob. cit., pp. 58-60.

⁴⁸Ob. cit., pp. 61-62.

⁴⁹Ob. cit., pp. 63-64.

⁵⁰Ob. cit., pp. 65-66.

⁵¹Ob. cit., p. 67.

⁵²Ob. cit., pp. 68-69.

⁵³Primeira peza do primeiro libro do autor, obra teatral, titulada *A pastora roubada*, con acotacións escénicas en castelán e romanzas para entreter ao público, dividida en tres partes.

⁵⁴Ob. cit.,pp. 72-73.

⁵⁵Ob. cit., pp. 74-76.

⁵⁶Ob. cit., pp. 77-78.

O segundo libro consta de poemas e relatos en prosa, escrito en parte en galego e en parte en castelán, misturando en moitas composicións as dúas linguas e os dous xéneros. Xunto cos diferentes tipos de textos do autor, aparecen escritos como o que a Academia Española lle dirixe, agradecéndolle o envío do seu primeiro libro e recoñecéndoo como «escritor de España», e composicións doutros autores que eloxian a obra de Guillermo Vázquez. Pola composición de Alfredo Curiel sabemos que o autor foi acusado de plaxiario. Tanto el como os outros autores falan constantemente do primeiro libro e esta intertextualidade maniféstase literariamente na continuación dun diálogo dramático que aparecía naquel. As liñas temáticas son múltiples como no caso do primeiro libro, empezando pola metapoética definindo a súa poesía como do sentimento e da natureza e defendéndose daqueles que critican a súa obra; unha poesía de tipo costumista na que canta as festas do seu entorno como a Santa Cruz de Aranga, os Caneiros ou San Roque en Betanzos, tipos populares como os pescadores; poesía amorosa que case sempre estropea coa introducción de trivialidades. Tanto nos textos en prosa como nos poemas aparece neste libro a influencia de Curros Enríquez manifestada na defensa dos labregos e dos pobres, entre os que el se sitúa, e na crítica dos burgueses aos que considera cobradores de impostos e gravadores das terras, reivindicando a terra para quen a traballa. A influencia de Curros está presente tamén na crítica á igrexa pola súa explotación dos santos milagreiros⁵⁷, e tamén polo feito de cobrar polos actos fúnebres. En realidade esta liña de poesía crítica debería ser central no libro de acordo co título pero el mesmo elimina esta posibilidade definíndo a súa poesía como «do sentimento e do corazón», aínda que nun determinado momento reclame como función do poeta a crítica de certas prácticas como a actuación pouco ética dos cregos. O libro, no que figuran pezas que el escribira no seu «Álbum de neno» e que agora reelabora, a pesar dos intentos e das influencias de Rosalía, Pondal e Curros, non pasa de ser un libro constituído na súa maior parte por composicións costumistas poucas veces felizmente conseguidas.

O interese deste autor reside no valor da súa obra para o coñecemento da lingua galega, non en Galicia como el afirma nos subtítulos dos dous libros, senón máis en concreto na zona de Fervenzas onde reside. É unha lingua moi contaminada de castelán e nas dúas obras hai moitos erros tipográficos. O autor destaca como un defensor da utilización do galego en todas as facetas da vida e obsérvase o sentimento de inferioridade que os galegos sofren cando están con xentes doutras partes, motivo que continuamente utiliza para reafirmar o orgullo e a importancia de ser galegos.

Como literato, narrador e poeta, sente a atracción polas raíces populares da súa terra tal como podía facer un escritor de mediados do século XIX anterior a Rosalía. Neste sentido, hai dúas liñas temáticas: o gosto pola vida popular e natural, herdo do romantismo, e o maltrato de que os galegos son obxecto por parte do Estado.

Como moitos autores do século XIX as súas obras están constituídas por pezas en galego e en castelán o que, na época en que se publican, resulta anacrónico, respondendo a esa tendencia decimonónica na que enteiramente podemos situar o autor.

Nas súas composicións, tanto as dialogadas como as narrativas ou as poéticas, aparecen ambientes campesinos e o sentir das xentes do pobo, dentro da escola de tradición popular.

A cuadra, composición propia da poesía popular, predomina nas composicións poéticas, con logros máis ou menos afortunados.

⁵⁷Ironícamente laméntase o autor de non ter na súa parroquia santos milagreiros.

Anuario Brigantino 1998, nº 21

Anuario Brigantino 1998, nº 21

Unha excelente novela na que pouco se concreta: O DELFIM de José Cardoso Pires

Tres ciudades españolas conforman nuestro currículo: Talavera la primera con el Tajo por testigo v Garcilaso cantando las bellezas de su río: ciudad que tornó famosa aquel alcalde judío que hizo trágico el amor de Melibea y Calisto. Y Betanzos la segunda, romanizada de antiguo con sus pazos y blasones relegados al olvido. La vieja Flavium Brigantium. ¡qué cuna de señorío!, un Andrade por emblema y otros nobles distinguidos servidores de su rev que duermen sueño de siglos. Y A Coruña por fin como ciudad del prodigio, con su faro milenario y sus adioses continuos. Aquí viene a descansar un cuerpo va envejecido, un espíritu abnegado que no se siente cautivo. Permitidme que os lo diga desde dentro de mí mismo: si vo volviera a ser vo con mi candidez de niño traería a la memoria la estampa de Orzán bravío en invierno amenazando a la ciudad y su istmo. Pero será un tiempo muerto el que quiero redivivo, rescatado del pasado y en el recuerdo perdido. Ouede esta nota en el aire para un perfil definido: A Coruña siempre fue una escuela de heroísmo y un baluarte liberal sin alardes jacobinos.

Cincuenta años después, ¡cuánto cuesta repetirlo!, ya no somos lo que éramos ni soñamos lo que fuimos. Ciertamente somos otros, personajes muy distintos y, con andar más pausado, caminantes de un camino del que ya se ve el final, tan próximo y tan esquivo. Baste la ilusión postrera de comprender ese ritmo que Naturaleza impone con su mágico artificio; porque algo de lo que somos y un poco de lo que fuimos ha encarnado en los que llegan para ocupar nuestro sitio. Esta vida se prolonga en los hijos de los hijos. aventadas las cenizas de los deudos fallecidos. Si son fieles y leales y aun dueños de sí mismos, los que quedan guardarán memoria de lo vivido, fugaz memoria de un tiempo cargado de maleficio, pero atisbando la aurora de un mundo ya redimido.

.

Por que no resulte utópico ni parezca un sinsentido, brindemos en esta hora felizmente reunidos, por nosotros, por vosotros, -hijos, parientes y amigos-; por la buena voluntad y la paz entre los vivos.

(Junio de 1998)

Anuario Brigantino 1998, nº 21

Anuario Brigantino 1998, nº 21

Cando a cor se fai luz

OLGA PATIÑO

<u>Kandinsky</u>: Es bello lo que procede de una necesidad interior del alma. Es bello lo que es bello interiormente.

Son as seis e media da tarde.

Dunha tarde de inverno.

Vou moi abrigada, sinto unha sensación cálida por dentro e por fora. Non vai moito frío.

A luz do día está nese intre

indeciso ...

Encamíñome cara a Cidade Vella - miña querida G.V.

As súas pedras douradas traenme á memoria

aqueles paseos da man do meu pai.

Escoitaba enfeitizada os seus contos que me relataba

con gran tenrura e

infida paciencia.

Eu estaba desexosa deles e aínda non remataba un, xa estaba a esixir outro. Todos eles seguidos eran coma unha historia interminable e costábame moito esforzo sair á

boca

da

realidade.

As rúas da Cidade Vella teñen sabor, pódense degustar

intensamente.

Camiñar entre as súas pedras e sobor delas

é

voltar ó tempo pasado.

O seu mutismo naquela tarde de domingo era

un -ECO-

que penduraba da última palabra ...

Se se pode sentir

e intuir na distancia,

еи

percibín as mil voces do silencio, latexos dos meus devanceiros, voces desdebuxadas no tempo ...

Aquela luz vacilante das seis da tarde

conxugábase co

silencio

dos ancestros.

Creouse unha atmósfera irreal

polo calmo,

polo palpable do seu magnetismo.

Entrei na Igrexa de St^a María e tiven a sensación de penetrar nun sono intemporal ...

Todo era quietude en penumbra.

Estaba a soas co meu silencio

e

o daquelas pedras centenarias

Invadiume unha infinda serenidade.

Senteime e cravei a mirada naquel ollo - perforado - enigmático que deixaba entrar

a luz

das

derradeiras horas

da tarde.

Aquela luzada facía máis permanente a sensación de soño.

Un forte olor a incenso e o tic-tac dun reloxio

marcaban

as pautas dunha seudorrealidade.

As facianas inanimadas dos santos, as siluetas caladas


. algunhas tráxicas

encaixaban perfectamente naquel marco

máxico - intemporal.

Non sei canto tempo permanecín sentada no interior da Igrexa

- o suficiente -



interrumpíu

o son do silencio - penumbra ...

E retornei da miña mocidade

á miña madureza

Sentín un nó na garganta e agradecín non ter testemuña daquel instante

- PERTENCÍAME -

Encamiñeime cara a rúa Tabernas.

Pareime diante da ábsida de Igrexa de Santiago (bautizáronme nela).

Eneandeame a súa semirredondez, a súa cálida tonalidade

ó serán

cando se acenden os ollos das farolas.

O espíritu dos trasnos envólveno todo, resultando

un entorno

moito máis misterioso ...

Continuei ata a rúa Tabernas.

Escoitábase un forte chio de paxaros que

se arroupaban nunha palma xigante.

Respirei fondamente

e comprendín que

cando a cor faise luz, a - POESÍA - pódese facer realidade.

(A meu pai que me ensinou de nena a disfruta-la poesía que encerra a Cidade Vella da Coruña).

Olga Patiño Nogueira



Praza de Azcárraga, da Coruña. Apunte de Alfredo Erias.

Anuario Brigantino 1998, nº 21

Anuario Brigantino 1998, nº 21

As vellas tardes

[poema adicado ó cadro Felipe Erias no labirinto, de Alfredo Erias]


XOSÉ LUIS SOBRINO

Polos labirintos da crebante herba seca, nos corredores infindos da inocencia dos sete, baixo anónimos soles dun vrao dos de antes.

> Buscando os enredos novos, en vexetais pasadizos discorrían as lonxevas tardes.

Preto de nós o loitador maínzo convidado recente ós xogos cativos, á arañeira de recunchos que teciamos no campón da chousa.

Esquencidos do mar, aprendimos a respirar nas herbas da aldea, deixando nos carreiros dela estragada os nosos mellores anceios, a máis pura ilusión inocente.



Memorias dunha viaxe de ida por volta á República Arxentina e á Oriental do Uruguay

XULIO CUNS LOUSA*

Aínda non era a do abrente dun escuro e anubrado día do mes de novembro, cando o avión remontando os aires dende o aeroporto galego de Alvedro, pillou rumbo cara ó madrileño de Barajas, onde nos agardaba un monstro con ás que, pouco a pouco, pero sen amosar canseira, ía engulindo homes e mulleres, nenos e nenas, ata un total de catrocentos. En Alvedro unírase á expedición, de motu propio, a Doutora Charo Castells.

Ás doce e media saía aquel prodixio da aeronáutica disposto a facer unha rota que setenta anos antes -eu xa estaba neste mundo- fixeran por primeira vez na historia, o galego Francisco Iglesias Brage e Ignacio Jiménez Martín, partindo de Sevilla nun avión chamado «Jesús del Gran Poder» o vintecatro de marzo de mil novecentos vintenove, desenvolvendo unha velocidade de 153 quilómetros por hora. Pasado o tempo, cando eu fun cumprir o servicio militar, estiven uns meses en Santiago ás ordes do Sr. Iglesias Brage, que era Tenente Coronel do Exército do Aire.

O tempo non pasaba. Miraba-lo reloxo e as horas facíanse interminables. Achegábalo ó oído para comprobar se andaba ou estaba parado. Ás veces preguntáballe ó meu compañeiro de asento que hora tiña él por se o meu reloxo atrasaba. Cristobo -home paciente- miraba o del e coincidía. ¡Cristobo! -que nome máis apropiado para cruza-lo Atlántico... Acordóuseme Colón e a súa compaña. ¿Que pensarían eles? ¿Como estaría o seu ánimo? Isto reconfortaba a un. ¿De que me queixo? Algúns dormían; o meu compañeiro tamén. Eu son de pouco dormir. Nestes casos é unha mágoa. De cando en cando erguíame e pretendía pasear polos corredores que había entre os grupos de asentos, pero, deste xeito, impedíalles a algúns a visión da pantalla de televisión, cine ou o que fora aquelo, onde se podía ver a Antonio Banderas, facendo de zorro, raposo ou o que fora.

O tempo non daba pasado. A eternidade debe ser moi aburrida, insoportable.

Por fín, as oito e media -hora local-, tras doce de viaxe, chegabamos a Buenos Aires. Ainda que alí estaba a principia-lo verán, anoitecía. As luces brillaban máis cada minuto que pasaba. Visto desde o aire o aspecto era asombroso, extraordinario, alucinante. O primeiro que se me ocorreu foi preguntarme onde fabricarían tal cantidade de lámpadas. ¿Cantas serían? Centos de miles...

Aeroporto de Ezeiza.. Xente, moita xente, e no medio dela algúns amigos, moitos parentes, todos facendo preguntas ó mesmo tempo. Imposible contestar. A vista vaise cara a unha cinta sen fin... ¿transportadora? ¿transbordadora?... non sei como se dí, pero, ¿explícome? Enriba dela bailando unda danza en círculo, maletas, bolsas... ¿cales son as miñas? As luces de neón cambian a cor das cousas. Por fin atópoas. Os parentes e os amigos desapareceron xa. Hai que montar no «colectivo» que nos leva ó hotel. Asearse e hai que sair para o Centro Betanzos. Beatriz Lagoa, a Presidenta, danos a benvida e ofrécenos unha cea no restaurante da planta baixa.

^{*} Xulio Cuns Lousa é autor de diferentes estudios sobre aspectos puntuais da Historia de Betanzos, tamén é autor de relatos curtos e obras teatrais, recollidos en varios libros. É secretario e asesor do Anuario Brigantino.

Un está alí e non consegue afacerse. A forma de ser, o xeito de falar, os costumes... todo é diferente. Conforme vai pasando o tempo vaste decatando.

Lembro que o día que chegamos ó hotel, na recepción tomáronnos a filiación e distribuironnos as habitacións. Cando o señor me entregou a chave e me devolveu o documento de identidade díxome:

- -Así que todos ustedes son españoles.
- -Si, señor.
- -Aquí se alojan muchos españoles. Entre ellos hay unos músicos de una orquesta...

Pareceume que a referencia ós músicos a fixera nun ton algo despreciativo. Ós dous días vin a este señor colocando un cartel no taboleiro de anuncios, que dicía: «AVISO: Los integrantes de la Orquesta Sinfónica Nacional de España saldrán para Portoalegre a las 8.»

No xornal titulado «LA PRENSA», do luns día 30 de novembro, nas páxinas adicadas a espectáculos, traía a reseña do concerto que a tal Sinfónica dera no Teatro Colón -un dos mellores do mundo, cunha adicación especial á música-. Un concerto baixo a dirección de Rafael Frühbeck de Burgos, o sábado 28 do referido mes, xusto á mesma hora en que nos estabamos chegando. A reseña e crítica deste concerto, eloxiosa dende o principio ó final, entre outras cousas, di: «Luego llegó la hora del 'Concierto de Aranjuez', de Joaquín Rodrigo, donde brilló con su guitarra Pepe Romero (...) que electrizó a la concurrencia.» Máis adiante: «Concluida la presentación los insistentes aplausos y bravos hicieron que Pepe Romero hiciera un número fuera de programa con una 'fantasía andaluza' de su padre. A ésta que -según el intérprete- hubiera gustado a su padre estrenar en el Teatro Colón, le siguió el 'Recuerdo de la Alhambra' de Tárrega...»

O día que saían a Orquestra e Pepe Romero para tocar en Portoalegre, había alguén no salón-recibidor do hotel probando unha guitarra dunha señora, empeñada en que aquel que a probaba, lle dera a súa opinión sobre a calidade do instrumento, que pertencera ó concertista arxentino Ernesto Bitetti. Mentres o señor afinaba dicíalle á señora que tiña que ser boa posto que Bitetti xamais tocaría nunha guitarra mala. Cando a deu afinada tocou Asturias, de Albéniz. Nada máis oílo díxenlle a quen estaba comigo: «Ese que toca é un mestre.» Erguinme, achegueime un pouco. Efectivamente, era Pepe Romero. Cando a señora marchou, agradecida e contentísima, falei con el un momento para mostralle a miña admiración e comprobei que hai xente que, canto máis importante é menos importacia se dá.

Alguén poderá preguntarse quen é este Pepe Romero, xa que en España non é moi coñecido. Inda non vin anunciado un disco del. Non teño idea do por que nin tampouco da razón de que xamais se lle teñan organizado concertos en ningunha localidade deste país.

Non hai moitos anos que eu oín falar del. O seu nome fíxome pensar nun guitarrista de flamenco, algo así coma Paco de Lucía. Pero cando oin algunha gravación en cinta magnetofónica, non comercializada (¿por que?) comprobei que aquel home estaba chamado, cando menos, a optar para ocupar algún dos postos que ocuparan Andrés Segovia e Narciso Yepes, antes do seu falecemento, en franca competencia co inglés Julian Bream e co australiano John Williams.


SAN TELMO:

Tódolos domingos do ano celébrase na praza de San Telmo un mercado no que se venden as cousas máis heteroxéneas: Libros vellos, obxetos de prata, reloxos de todo tipo, instrumentos musicais, espellos antigos, candelabros, medallas, en fin, de todo. Ven sendo algo así coma o rastro de Madrid. Pero non; non lle chaman rastro, porque Buenos Aires é unha cidade afrancesada, entón chámanlle La Pulga, imitando ó que hai en París, denomina-

do Marché aux puces, literalmente, mercado das pulga cousas vellas. Na feira de Betanzos había, cando eu era rapaz, dúas seccións: unha, o baratillo, destinada á venta de roupa e calzado usados; e a outra os ferros vellos que, en parte ainda existe, destinada a toda clase de achifánganos e chafalladas.

Alí merquei unha caixiña con ex libris e algúns libros, entre eles un diccionario de Lunfardo. Amenizaban a feira dous grupos musicais que interpretaban tangos e que o facían ben. Arredor, en case tódolos baixos que encadraban a praza, había restaurantes, bares e boliches.

Falei antes de que Buenos Aires era unha cidade afrancesada. Esto nótase en moitas palabras de uso común e ordinario. Por exemplo: ó diñeiro chámanlle 'plata', do francés argent; ó camareiro, 'mozo', de garçon; ós metales, sección de instrumentos musicais de metal, 'cobres', de cuivres e así poderiamos seguir tempo e tempo. Menos mal que tiveron a boa idea de traducir as palabras ó idioma castelán.





Obelisco da "Plaza de Mayo".

que se usa en diversas zonas de España, entre elas Madrid. Son exemplos: Guiñe, do francés guigne: mala esterella; macró, de marquereau: proxeneta; loreta, de lorette: muller de costumes libres, etc. etc. Con respecto á palabra «Firulete» o indicado diccionario daia como derivada do español Floreta, certa bordadura, certo movemento de danza. José Gobello, autor do referido diccionario e membro da Academia Porteña del Lunfardo, non sabe que esa palabra existe en galego co mesmo significado que tamén ten en lunfardo: filigrana,. Parece mentira que ese home que busca as etimoloxías no castelán, francés, italiano e inglés, non o fixera en galego dada a cantidade de xente que o falaba entre os emigrantes.

A FUNDACION FAVALORO:

Invitados por Carlos Penelas, gran poeta arxentino, fillo de pais galegos, procedentes de Espenuca, fomos visitar a FUNDACION FAVALORO, da que el é administrador.

Esta fundación radicada nunha céntrica rúa de Buenos Aires, nun enorme edificio dotado de tódolos medios para o exercicio da medicina e cirurxia Torácida e Cardiovascular, especialidade do doutor René G. Favaloro, de quen é propiedade a tal fundación, asi como unha Universidade privada, funcionando coma facultade de Mediciña.

O Doutor Favaloro, que naceu na cidade de La Plata no ano 1923, doutorouse na Universidade da mesma cidade, comezando a exercer a súa profesión, na poboación de Jacinto Aráuz, na Pampa, durante once anos. No 1962 trasladouse ós Estados Unidos, onde estivo por espacio de dez anos na Clevelank Clinic Foundation como membro do Departamento de Cirurxia Torácica e Cardiovascular e, nese tempo foi cando realizou o traballo fundamenetal da súa carreira: a cirurxía directa de vascularización miocárdica, coñecida internacionalmente como BYPASS ou ponte aortocoronario.

Nada máis nomealo. Con dicir soamente Doutor Favaloro, os arxentinos amosan unha actitude expectante: O respecto, cariño e admiración que senten por este home é moi

grande, extraordinariamente grande, percibíndose a sinceridade con que o expresan.

Sería interesante, pero prolixo, describir tódolos detalles que a integran, xa que nos foi amosada na súa totalidade e cunhas explicacións do noso cicerone Carlos Penelas, tan claras e exhaustivas como interesantes pero que ocuparían todo o espacio deste traballo.

Nun dos corredores da fundación atopámonos con Tita Merello, baixiña, moi delgada, enfundada nunha bata, axil de movementos e pensamento, que nos falou cunha voz pausada e dun timbre precioso, por algo foi unha das grandes do tango. De cara moi guapa, non aparentaba máis de sesenta anos, anque pasaba dos noventa. No ano 1937 interpretou a película de Luis Salavsky «La fuga», na que cantou, entre outros, o tango Niebla del Riachuelo...»amarrado al recuerdo yo sigo esperando; niebla del Riachuelo, de ese amor para siempre, me vas alejando...» Pero xa antes estreou en Buenos Aires: ¡Que va cha ché!, de Enrique Santos Discépolo: «Piantá de aquí, no vuelvas en tu vida. Ya me tenés bien requeamurada. No puedo más pasarla sin comida ni oirte así decir tanta pavada...»

Abriuse a porta do despacho do Doutor Favaloro que agardaba para recibirnos. Fun o último en entrar porque quedei mirando para aquel zorzal criollo que parecía ía voando a saltiños moi pequenos polo corredor adiante, ata desaparecer. ¡Adeus, Tita Merello!

Recibiunos o Doutor. Alto, esguío, serio, agradable, condescendente, sen aspecto de sabio nin de xenio. Xa estivera en Galicia pero prometeu volver. Falou de moitas cousas. Contestou a todo canto se lle preguntaba. Demostrou o coñecemento que ten de tódolos temas que tocou: o humanismo de que está imbuido o seu pensamento; a bondade que esparexe o seu corazón; a rectitude e honestidade da súa vontade e do seu proceder...

Saímos...¿ledos? ¿abraiados?. Non sei atopar o adxetivo que lle corresponde, pero sei que saimos sendo mellores que cando entramos. O médico bo cura todo.

Regaloume un libro titulado RECUERDOS DE UN MÉDICO RURAL. Cando levantei a capa vin que estaba adicado. Emocioneime. Lino en canto tiven o tempo suficienete. Non ten desperdicio. Nel vai contanto as súas experiencias e as peripecias que lle ocorreron nun pobo pequeniño chamado Jacinto Aráiz, na zona de Bahía Blanca, provincia de Buenos Aires, onde foi para sustituir ó médico titular que tiña que sufrir unha operación. Ese medico morreu e alá quedou o señor Favaloro por espacio de once anos, nunha zona na que: «La organización de la familia es eminentemente patriarcal, el padre es el jefe indiscutido y todos le tributan respeto. (...) Así era común que algunas de estas matronas durante la consulta expresaran sin sonrojarse: -Estoy jodida, che doctor. -No cago bien. -No mea bien. Al principio me producía cierta hilaridad pero luego me fui acostumbrando (...) Cada vez sentía más fuerte el desafío, mi eterno motivo de vivir. (...) ¡El día que se terminen los desafíos habré muerto! (...) ¿Límites? Eso significa detenerse. Desgraciado el que llegue a conformarse. Como Martín Fierro siempre he pensado:

Derecho ande el sol se esconde, tierra adentro hay que tirar algún dia hemos de llegar después sabremos adonde.»

Conta moitas cousas e nun momento determinado fala dunha «comadrona», doña Irene, que moitos coñecían como «la Vieja Pico Chueco», que exercía a súa profesión no seu rancho: «Allí iban a parir las mujeres probres (...) Se encariñaba con los chicos y éstos al encontrar afecto y ternura que prodigaba a manos llenas, se le iban acoplando. Alguna madre soltera, de vez en cuando, le dejaba también su regalo.» A aquela señora, que el veu que era intelixente e boa, ensinouna e quedouse onda el como axudanta..

Ademais da mediciña, outra das súas preocupacións, era o ensino: «En el primer nivel estaban los maestros, no solo los que ejercían en la escuela del pueblo sino aquellos que estaban dispersos en las zonas rurales. (...) La tarea que cumplian y siguen cumpliendo es de tanto valor que no me cansaré de agradecerles lo que han hecho y hacen con nuestra niñez. Con sueldos miserables, viviendas inadecuadas, muchos de ellos enterrados en el monte, sin medio de movilidad la mayoría de las veces y socorridos por los vecinos, cumplen su deber con abnegación, decencia y estoicismo. (...) En estos días en que tanto hablamos de la Universidad (setiembre de 1979), yo creo que hemos perdido el derrotero en cuanto a prioridades en la enseñanza. Nos debería preocupar más la primaria y la secundaria -pues es en la niñez y en la pubertad cuando se forma el ciudadano del futuro- que la universitaria, que si se la analizara en profundidad tendría que rendir cuentas al país por su ineficacia. (...) En estos pueblos el trato con los pacientes es diferente de las ciudades, la relación médico-paciente es profunda y se basa en la amistad y en la comprensión mútua pues se convive en un mundo pequeño donde al paciente no solamente se lo ve en el consultorio o en la visita domiciliaria sino en el trato diario.»

Conta tamén cando o chamaron para ver a un rusoalemán que vivía lonxe e a onde había que ir por un camiño intransitable. Cando chegaron alí xa estaba morto. Impresionouno o ve-las paredes cubertas de sábas brancas como símbolo de pureza «¡Y no otra cosa podía ser en el caso de este rusoalemán que había elegido un lugar inhóspito para criar a sus hijos y nietos! Inhóspito pero virgen de los males y vicios de la civilización. (...) Las facultades de medicina se han ido deteriorando con el tiempo y no son más que fábricas de títulos. (...) Una vez más habrá que recordar aquello de que la libertad no solo da derechos sino que también genera obligaciones.»

Cando vai acabando o libro di que algunha vez podía permitirse o luxo dunhas vacacións: «No viajábamos solo para ver las bellezas de nuestra patria, sino para conocerla y comprenderla en profundidad.» E nas derradeiras páxinas Escribe: «¡Poco quedaba de aquel médico joven que, a principios del '50 pensó que en tres meses estaría de vuelta en su ciudad natal! Su alma estaba enriquecida, había vivido intensamente... (...) A pesar de la abundancia de médicos carecemos de una medicina organizada. Todos somos culpables, pero si hubiera que repartir responsabilidades las mayores caerían sobre las clases dirigentes. ¡Si resurgiera San Martín caparía a lo paisano varias generaciones de mandantes!» E acaba dicindo: «Perdóneseme tanta franqueza.»

TRES TEMAS E TEIMAS DAS RIBEIRAS DO RIO DE LA PLATA

1ª O MATE.- Non é algo exclusivo das dúas ribeiras do citado río, xa que se toma en toda a América meridional. Trátase dunha infusión de follas da árbore ou herba do Paraguay, chamada tamén té do Paraguay. No Brasil tómase en cunca o mesmo que o té normal, e no resto dos paises nunha pequena cabaza, tamén denominada mate, chupando por unha especie de tubo, chamado «bombilla», que pode ser unha cana ou feito de metal, polo que zugan tódolos que están na reunión. Cando se trata de xente de certa alcurnia a «bombilla» é de prata, xa que din que sendo deste metal non se contaxian nin transmiten posibles enfermidades que algún dos reunidos poida ter.

Pola mañá cedo vese moita xente pola rúa cun termo prendido co brazo esquerdo, debaixo da axila, provisto de «bombilla», que vai para o traballo, zugando mate.

2ª A CARNE: O asado -de carne, naturalmente- é a comida nacional, tanto nas casas coma nos restaurantes. Hai moitos destes onde non cociñan outra cousa e xa lles poñen ós establecementos os nomes adecuados: LA CHACRA, LA ESTANCIA, etc. Certo que nestes paises a carne é moi saborosa, exquisita, pero cansa. Un día metinme nun estaurante e, antes de sentarme, preguntei se había peixe. Dixéronme que si e déronme a carta. Abrina e cando cheguei onde dicía «Pescados», como estaba por orde alfabético, o primeiro que vin foi «abadejo», pedino e tomei dous pratos del, cociñados de diferente maneira. Por certo que estaba moi rico.

3ª O TANGO.- O tango tamén é un ritual, coma as dúas teimas anteriores. É incuestionable que a súa aparición constituiu un fenómeno social, ainda contando con que coincidiu, máis ou menos, coa aparición do «jazz». Estes dous xéneros, en unión do «rock», convulsionaron a música popular no mundo enteiro. Pero volvamos ó tango. ¿Que é?

Ernesto Sábato, o enxeñeiro e profesor da Universidade de La Plata, onde explicou física nuclear, que traballou en París con Irene Joliot-Curie (1938) e en Massachussetts (1939) en experimentos nuclerares e que deixou todo pola literatura, dixo: «El tango es la única danza popular introvertida, a la inversa de todalas danzas populares que son extravertidas. El tango es triste, es dramático, expresa muy bien el rasgo esencial del hombre rioplatense; su frustración, su nostalgia, su espíritu retrospectivo, su desencuentro, su rencor y su descontento.»

Foron moitos, rioplatenses ou non, os que escribiron sobre o tango e tamén sobre todo aquel mundo diferente que se inventou ó seu redor. Foron moitos, naquela hora, os acontecementos que afectaron a un mundo convulsionado polo independentismo de tantos paises, coa adopción, por todos eles, do sistema republicano; o desmembramento e desaparición de case tódolos imperios; os grandes inventos: a luz eléctrica, o teléfono, o telégrafo, o cine (alí ainda algúns lle chaman biógrafo); a televisión, a aviación...

Pero estoume desviando do meu tema, empecei a divagar, xa que estaba falando do tango e dos que escribiron sobre el. O compositor Enrique Santos Discépalo, dixo: «El tango es un pensamiento triste que se baila.»

¿Cando empezou tango? Vou seguir a José Gobello, xa citado, estudioso de tódalas materias que atinxen, en menor ou maior grao a este fenómeno musical. Di el no prólogo a un libro titulado LETRAS DE TANGO, da Biblioteca de la Cultura Argentina - Ediciones Nuevo Siglo - 1977: «La primera letra de tango cantada profesionalmente (...) fue seguramenete La Morocha. Eran versos de Angel Gregorio Villoldo, compuestos sobre una música previa de Enrique Saborido. (...) El tango profesionalmente cantado -no el tango canción, que es otra cosa- habría nacido, pues, en 1905. No hay más prueba de ello que los recuerdos de Saborido.»

Emporiso, no mesmo libro aparecen dúas letras de tango máis antigas: Unha titúlase Justicia Criolla, de 1897, que comeza así::

Era un domingo de carnaval

y al Pasatiempo fuime a bailar.

Hablé a la Juana para un chotis

y a enamorarla me decidí.

¿Sería este «Pasatiempo» o que traería na súa memoria don Juan-Maria García Naveira, desde a Arxentina, para poñerllo ó homónimo que él fixo aquí?

O outro tango titúlase El Porteñito, de 1903, da autoría do xa mencionado Villoldo.

Segue o prólogo dando noticias de tan fausto acontecemento, dicindo: «Es posible que ya para entonces anduvieran otras letrillas cantadas con ritmo de tango, por decirlo así, algunas contrafactas o contrahechas -eso que llaman parodias- de canciones y de versos populares. Por lo pronto es sabido que alguien cantaba cosas como éstas:

¿Dónde vas, che, cafizo apurado? A lucirte seguro al café donde está tu querida Rosaura también luciendo un vestido chiné. ¿Dónde vas con melena y chambergo, dónde vas retaquiando tu pie? Al paseo a buscar las chinelas para irme a bailar un minué.

Estos versos son de Juan de la Calle, peretencen a «El canfinflero» e foron editados en 1906.

¿Non lles soan a algunha canción española? Proben a entonalos póndolle música de La Verbena de la Paloma, de Bretón, a daquel schotis que di: ¿Dónde vas con mantón de Manila?...



O autor, Xulio Cuns, ante o monumento ó fundador de Buenos Aires, Juan de Garay e a árbore de Guernica (reproducción).

E así empezou o tango que inundou o mundo enteiro. Así se oía cantar: «Canfinflero peligroso, no tanto como el caften.» Canfinflero é o rufián que explota a unha muller e o caften o que explota a catro..

Cuando el bacán (1) está en cana (2) la mina (3) se peina rizos: No hay mina que no se espiante (4) cuando el bacán anda misho. (5)

Chegou a tanto a influencia do tango que trozos de letra destas cancións usábanse como retrousos. Así, cando un tiña un revés, ó comentalo, dicíase: La vida es un tango.» Ou «la culpa fue de aquel maldito tango.» Cando a alguén lle facían un encargo e se esquecera del, contestaba: «La guitarra en el ropero todavía esta colgada.» Algún que entraba nun bar: «Eche, amigo, no más; écheme y llene...» e se ó sair tropezaba: «Un tropezón cualquiera da en la vida...»

Todos, ou case tódolos porteños teñen devoción polo tango, incluidos, aqueles músicos profesionais dun xénero de música tan distinto como é a clásica. Daniel Baremboim, prestixioso director de orquestra e un dos mellores pianistas do mundo, dixo un día: «Pasé los primeros años de mi vida en Argentina, solamente en Argentina. El resto del mundo estaba muy lejos. Todo lo argentino estuvo junto a mi corazón. Los conceptos de existencia cosmopolita o pensamiento internacional aún no habían despertado. El aire que respiré fue

⁽¹⁾ Que vive á conta dunha muller.

⁽²⁾ Anda fuxido.

⁽³⁾ Concubina.

⁽⁴⁾ Escape.

⁽⁵⁾ Pobre.

Buenos Aires, el idioma que hablé fue el «porteño» y el ritmo que bailé (hablando en forma figurada...) ¡fue el tango! Mi ídolo fue Carlos Gardel. Casi medio siglo después, regresé no solamente a Argentina, no solamente a mi infancia sino especialmente a Mi Buenos Aires querido y otras muchas maravillosas melodías que forman parte de este disco sentimental.»

Xa dixen antes que case tódolos porteños eran devotos do tango. Jorge Luis Borges confesou que non o era, que da música popular arxentina lle gustaba a milonga e non o tango.

Sen embargo no libro antes citado LETRAS DE TANGO, aparece unha da súa autoría, titulada ALGUIEN LE DICE AL TANGO, que, como todas trae unha nota ó final, onde di: «Letra de Jorge Luis Borges, música de Astor Piazzolla. Es una de las once composiciones incluidas por Borges en su plaquete para las seis cuerdas publicada en 1965, y una de las cuatro de ellas musicalizadas por Astor Piazzolla y cantada inicialmente por Edmundo Rivero.» Hai que facer constar que esta letra ten máis calidade literaria que as demais.

PRAZAS E RÚAS DE BUENOS AIRES

É tan inmensa esta cidade que se quixeran editar un plano da mesma necesitaríase, non unha folla, senón un atlas.

Pois con ser tan grande, un dos da expedición saía tódalas mañás cedo, cunha saqueta na man, a visitar familiares e amigos, levándolles agasallos. Non precisaba de guía pois vivira alí moitos anos, adicándose, parte deles, á profesión de taxista. Tiña grande preocupación por una súa tía, moi maior, que padecía demencia senil. Atopouna nun xeriátrico, de que xa traía referencia e ficou contento do ben que estaba tratada.

Nós parabamos no CITY HOTEL, ubicado nunha das grandes avenidas, tan preto da Praza de Mayo que a edificación da súa esquerda xa daba fronte á mesma. Nesa Praza están a Casa Rosada, residencia do Presidente do país, a Municipalidade, o Cabildo, que ven sendo o edificio histórico máis importante, xa que alí foi onde pegaron o primeiro berro de libertade e independencia; a Catedral, cunha fachada que imita o Partenón e Atenas, con pouco acerto e sen moito mérito arquitectónico. Dentro está o catafalco do Xeneral San Martín.

As avenidas son fermosas e moi espaciosas, coas «veredas» cheas de jacarandás, que estaban en flor, dun azul precioso. As rúas máis importantes, todas elas peatonais, son moitas: Florida, Corrientes, Lavalle, tantas... Agora vénseme á mente o tango Tristezas de la calle Corientes, que termina dicindo:

Calle
como valle
de monedas para el pan...
Río sin desvío
donde sufre la ciudad...
Los hombres te vendieron
como a Cristo
y el puñal del obelisco
te desangra sin cesar...

Non...; non é un puñal; non é un facón (aumentativo de faca). Non; é un cravo cravado do fondo da terra para fóra... ¿Que quixeron facer? ¿Imitar o obelisco da Place Concorde de París? Pois non o conseguiron. Considéranno un monumento emblemático, como vin que facían o día no que BOCA gañou un campionato de futbol. A cidade de Buenos Aires

virouse tola. Taxis e coches de todo tipo, enarborando bandeiras do equipo gañador, tocando arreo as bucinas. O obelisco moi grande, non é airoso. Emporiso alí está desangrando a rúa «Corrientes, 3, 4, 8, segundo piso ascensor...»

Ah. Quedábanme sen citar a Avenida 9 de Julio, a máis ancha do mundo, segundo din e a «calle Ribadavia», que é a máis máis longa do mundo, xa que ten veintrés quilómetros. Estando alí, no seu comezo, comentaba eu que, cando era neno e se falaba dela, dicía algún. ¡Coma desde aquí á Coruña! E todos quedabamos calados imaxinando nas nosas cabeciñas como sería, sen poder verse o remate. Algún excramou: ¡Vintetrés quilómetros! E dous arxentinos que pasaban naquel momento, pararon dicindo un:

-¡Quéespesanza, che! ahora ya son setenta. ¿Viste?

E o outro rectificou:

-Ohenta y sinco, ;no más!

¡Hai que ver como medran as cousas neste país!

AS OBRIGAS:

As visitas ós parentes, ós amigos. Asistencia a algunhas conferencias: No Ateneo Curros Enríquez, da Federación de Sociedades Galegas, con presentación de Carlos Penelas, acreditado poeta arxentino; Centro Betanzos de Buenos Aires, presentación do Alcalde Sr. Lagares; e no Patronato da Cultura Galega, de Montevideo, con presentación do Concelleiro brigantino Sr. Beade.

Banquete homenaxe ós expresidentes do Centro Betanzos, que ainda se atopan vivos: Antonio Suárez Dopazo, Andrés Beade, Luis Rifón e Oswaldo Dans, co acordo, por parte do referido Centro, de nomear ó Alcalde de Betanzos, Presidente Honorario.

Neste acto e en outros que se levaban xa celebrado neste local, estiveron tantos betanceiros que é imposible lembralos a todos: Antonio Suárez, a quen todos coñecen por Fernando; Titín o Carretero e a súa dona Pili Filgueiras; os fillos do «Caixa» (a Maruxiña, hoxe en día, tristemente falecida o Moreno, coñecido alí polo Fusilado; o Xirocas, que cando llo chamei, quedaron todos mirando para el: ¿Que che chamou? O meu nome betanceiro, contestou Xaime Pita Vales; outro que se me plantou diante e que me di: ¿Quen son eu? Mireino e, inconfundible: -Ti eres Chucho Cachaza. -E a primeira vez que mo chaman desde que saín de Betanzos. E moitos máis... Entre eles don Manuel Naveira, un dos descendentes daquel mítico «Niño de Oro», don José Roque Naveira ,que regalara duas tandas de instrumentos para a Banda Municipal; dúas casas na Rúa Nova, que se destinarían: unha para escola de música e a outra para instituto; o reloxo da Praza e ultimamente o que queda do que foi Residencia de cegos, fronte a Bella Vista.

EXCURSION Á PAMPA:

Curiosa excursión a unha Estancia, unha facenda no campo, destinada máis que nada á cría de cabalos, sita xa na provincia de Buenos Aires, fóra da Capital Federal. Recorda un aduar de beduinos. Moita lona para dar sombra ás mesas, onde logo comeremos o consabido «asado». A traveso duns altofalantes oimos, ¡por fin! música tipicamente arxentina, interpretada por «Los Chalchaleros», magnífico grupo salteño. Quédome a escoitalos. Dende onde estou sentado tamén vexo o que pasa fóra, na pradeira inmediata: unha chaira inmensa, con herba que nace moi rareada. a petadas: unha aquí, outra acolá. A maioría da xente vai a se divertir montando da cabalo. Estes non son coma os das rapas das bestas daquí de Galicia. Estes están moi domados, ensinados e cansados de facer tódolos días a



O autor, Xulio Cuns, na conferencia pronunciada no Ateneo Curros Enríquez da "Federación de Sociedades Gallegas" da Arxentina.

mesma función. Tanto é así que vin un que. por moito que o incitaba, encirraba e provocaba o cabaleiro el quedaba impávido pacendo. Ata houbo alguén que o arrempuxaba polas ancas, pero o cabalo nada. Eu pensei se habería que darlle corda, coma ós de xoguete. ESPECTÁCULO PORTEÑO NA VENTANA:

Había intención de ir ó Viejo Almacén, lugar no que, segundo parece, naceu o tango, pero informaron que naqueles días non era oportuno, xa que o espectáculo que se estaba a representar non era moi bo, por non dicir que era malo. Fomos á Ventana. E tocounos ó carón duns brasileiros que non entendían como uns «espanhois» falaban cáseque coma eles. O espectáculo francamente bo. O cantor principal, extraordinario. Os números de baile, moi ben. E a orquestra excepcional, tanto que lles merquei un disco, que da gusto oilo.

RECOLETA DIURNA:

Fomos á Recoleta polo serán. Así se chama un cemiterio pequeno. Non sei se será a causa do seu nome. En Buenos Aires o cemiterio grande, chámase Chacarita. A min leváronme á Recoleta para ver a tumba de Eva Perón. Francamente non me gustou nada, Moi recargada. Moitos firuletes. Ademais hai tantos túmulos nun sitio tan pequeno que parece que tropezan uns cos outros. É afogadizo. Parece un almacén de mortos. Ó sair fomos tomar un refresco na terraza dun bar que estaba enfronte mesmo. Tranquilidade. Á sombra dun gomero, árbore da que se saca o caucho. Matrimonios con nenos, estes xogando á pelota. A árbore é inmensa.

RECOLETA NOCTURNA:

Imos á Recoleta. Era unha noite calorosa. As terrazas cheas de xente, bebendo, ceando, conversando sobre todo o divino e o humano, discutindo negocios. Non hai moito sitio para sentarse, ó fondo hai unha mesa. Aparece un amigo, galego, pero non betanceiro. Móvese neste ambiente coma o peixe na auga. Coñece ben o país e, en especial, esta zona.

Xove, alto, pelo rizo moi negro. boa facha. Alguén o bautiza: El Tigre de la Recoleta.

Xa levabamos tempo alí cando mirei para atrás e vin un muro que se me fixo coñecido. Pregunteille ó que tiña ó lado:

-¿E este muro?

-É o do cemiterio. E este bar é o mesmo no que estivemo-lo outro dia.

ALURUGUAY...

Preto do mediodía embarcamos no hovercraft, que quere dicir aerodeslizador, pero para escribilo plancha máis a primeira palabra que esta. Trátase dun transporte aeromarítimo, de aspecto moi bonito, con tódalas comodidades, no que se navega placidamente, xa que, anque o vemos ir pola auga, segundo din os que saben, leva por debaixo algo así coma un colchón de aire. Saimos de Buenos Aires rumbo a Montevideo e o cruceiro leva dúas horas e media. Xantamos na nave. Imos vendo, primeiro a costa arxentina, logo só o Rio de la Plata, nome moi bonito para unha auga tan barrenta, e logo a costa do Uruguay. Por fin Montevideo. No porto uns cantos navíos de guerra destartalados. Ó lonxe tamén se ve un barco alemán, fundido pola escuadra aliada, na Segunda Guerra Mundial

Empezamos a sair coches e xente que parecía que nunca máis se acababa. Eu, tras dicirlles ós demais que non se alonxaran moito, quedeime un pouco tratando de ler unhas letras metálicas que había na popa do navío. Debía ter unha cara de parvo tan grande que un uruguayo achegouse a min, sorrindo e con aire de superioridade:

- -¡Qué, che gallego, hermosa nave, no más!
- -Si, moi bonita e moi cómoda. ¡Unha marabilla!
- -Acá no es como allá. La tecnología... ¿Que miraba?
- -O que di aí. Lea-. Alzou a cabeza cara ó escrito que estaba eu mirando antes e puido ler en letras de metal branco: CONSTRUIDO EN LOS ASTILLEROS BAZAN - CADIZ.

Baixou a cabeza. Eu remachei:

-Cadiz está en España-. E marchei onda ós meus compañeiros. Nese momento estalou unha tormenta estrondosa, que non durou nin cinco minutos, pero...

CENTRO GALLEGO DE MONTEVIDEO:

Moitos betanceiros, considerando así, naturalmente, ós fillos e descendentes dos betanceiros. Amigos: O Xuxo o Partidor, que fomos xuntos á escola; a Conchiña Faraldo, do meu tempo, que xogabamos xuntos de nenos, na Eira Vella; o Pepe o Mariñeiro e a súa muller, que é irmá do Pachico...

Un dos expedicionarios, que non sabía se quería ou se temía atoparse con algún irmán, xa que o seu pai, despois de andar medio mundo, ficou naquela cidade e alí morreu.

Algúns que foran alumnos das Escolas García Hermanos e outros por lembranza do Pasatiempo, enchéronse de emoción cando lles falou un bisneto de don Juan María García Naveira, Jaime Lafora, que nos acompañaba dende Madrid

Montevideo é unha cidade moi bonita. Visitamos, con guía voluntario, o Lexislativo, edificio precioso onde radican as dúas Cámaras elexidas para tal función; parque Rodó; Punta Carretas, Parque de las Instrucciones del Año XIII; arredores do Estadio Centenario, do Velódromo; a Ciudadela e o famoso Cerro, antiga fortaleza, desde onde se albisca unha panorámica impresionante de Montevideo ata Punta del Este, cidade de veraneo dos multimillonarios sudamericanos. Á noite unha cea nun restaurante do Porto, propiedade dun galego, que nos tratou a corpo de rey. Graciñas a todos.

VOLTAA BUENOS AIRES NO HOVERCRAFT:

O tempo de estadía vai funxindo, queda pouco e hai que aproveitalo. Visita ó café TORTONI, antigo, con luxosa decoración «fin de século», pero do anterior, naturalmente. Conservación exquisitamente conseguida. Espectáculo de tango nun reservado, que preserva a visión pero non a audición. O personal do establecemento está integrado por xente maior, de trato refinado, aspecto elegante e distinguido, educación esmerada... Nas pausas e nos silencios o pouco espírito que a un lle queda, anceia oir mesturado co fume do tabaco, os murmurios galaicos e morriñentos de Luis Seoane, Rafael Dieste e tantos exhiliados máis, que nas súas xuntanzas e faladoiros aquí celebrados noutros tempos, cos que pretendían busca-la maneira de derrocar ó dictador e sanda-las mágoas que, de sempre, aflixiron á nosa Terra Nai.

Visita a un dos restaurantes LOS INMORTALES, cunha decoración moito máis moderna e atrevida, impactante. Os entrepanos das paredes están cubertos de fotografías dos inmortais: Carlos Gardel, Alfredo Lepera, Hugo del Carril, Libertad Lamarque, Azucena Maizani, Julio Sosa, Tania, Alberto Castillo, Pascual Contursi, Angel Villoldo, Tita Merello. Enrique S. Discépolo, Aníbal Troilo...

PUERTO MADERO:

Voz que corre por todo o hotel:

-Ás doce e media chega o colectivo para levarnos a Puerto Madero. Hai que ir de gravata e con chaqueta. (Non dicían saco).

Esta visita logrouse gracias ós bos oficios de dous betanceiros alí afincados: Enrique García Calvo e Antonio Vidal Dans.

Chegamos. Impresionante, Extraordinario. E aquelo que estamos vendo non é máis que o formento do que se vai facer... (se se fai, pensa o galego) o resto figura nunha revista que nos enteregan, ARQUIS, ARQUITECTURA Y URBANISMO.

O edificio ó que subimos ten feitura de iate e está case todalmente rodeado de auga. Unha vez dentro dache a sensación de que balancea. Xa ó entrar, dous camareiros están ofrecendo, a elexir, champaña ou refresco de laranxa.

Despois de recorrer todo aquelo serven un xantar exquisito, ofrecido polo Dr. Alberto Maques, Síndico Titular polo Goberno da Cidade de Buenos Aires, de Puerto Madero.

DEREGRESO:

Vaise achegando a hora de volver. Borges dixo: «He notado que los viajes de vuelta duran menos que los de ida, pero la travesía del Atlántico, pesada de recuerdos y de zozobras, me pareció muy larga.»

Pillo a maleta, que hai que volver a facer. Ten unha certa emoción abrir unha maleta. ¿Que agardas que haxa nela? Panos de man, calcetíns, roupa interior...uns papeis...¿que son?¡Ah, xa me esquecera...unhas notas que saquei dun libro da COLECCION ESTUDIO DE CONOCIMIENTOS GENERALES = LA PAMPAARGENTINA, por Ivar Sefve - Versión del sueco por Jaime Ruiz Manent = Seix y Barral Hnos., S.A. Editores = Barcelona 1941. Empezo a ler algo sobre a cría do gando vacún desde o século XVIII: «El precio del animal era bajo, pues la piel era lo único que de él se aprovechaba. Una piel de vaca o de buey tenía, por tanto, más valor que toda la res viva. (...) Aprendiose la manera de salar la carne de tal forma que fuera posible exportarla.. (...) La cría de ganado vacuno adquirió, sin embargo, mayor importancia al conocerse los interesantes métodos de congelación. (...)

OUTROS PRODUCTOS:

Hoxe en día están avanzando moito na elaboración, manufacturación e industrialización de moitos productos autóctonos que son, xa de por sí, de moita calidade. por exemplo:

Arxentina é o pais que máis sidra produce do mundo, tanto «concentrado de mazá» como «achampanada», cunha calidade que compite coa asturiana «El Gaitero», con permiso desta marca de Villaviciosa, «famosa en el mundo entero»

Tamén é un dos paises máis productores de cervexa. A marca máis corriente é QUILMES, cunha calidade extraordinaria, en opinión unánimade todo o grupo.

Tampouco en canto ó viño, especialmente o producido na provincia de Mendoza, teñen nada que envexar a ningún pais europeo, se se exceptúan esa media ducia de reservas de marcas das que todos oimos falar e que teñen precios desorbitados.

AARXENTINA É TAN GRANDE QUE PARECEN DÚAS: ¿OU SERÁ ASÍ?

Cando falei de Puerto Madero citei ó Síndico Titular polo Goberno da Cidade de Buenos Aires. Hai tempo aquí en Betanzos era raro quen non tiña algún parente na Arxentina, pero todos diciamos que os nosos parentes estaban en Buenos Aires e pode ser que esta fora a verdade, porque unha cousa é a Arxentina e outra Buenos Aires. Chega a tanto esta disociación que existe una Constitución para a Repúbica Arxentina e outra para a cidade de Buenos Aires. Desta última teño un exemplar no meu poder á disposición de que o queira comprobar. Polo tanto hai dous gobernos. O día seguinte a nós chegar alí había eleccións en Buenos Aires e non no resto da república.

No Capítulo Primeiro do Título Preliminar da Constitución da cidade de Buenos Aires, entre outras cousas, dí:

«Artículo 1º - La Ciudad de Buenos Aires, conforme al principio federal establecido en la Constitución Nacional, organiza sus instituciones... = La ciudad ejerce todo el poder no conferido por la Constitución Nacional al Gobierno Federal = (...) Art. 3º - Mientras la Ciudad de Buenos Aires sea Capital de la República, su Gobierno...»

Esto explica moitas cousas: Buenos Aires vive de costas á Arxentina. A Arxentina vive convencida de que ten un parente rico en cartos, pero cheo de lacras, que se chama Buenos Aires.

VOLTA Ó FOGAR:

A viaxe de volta dura unha hora menos que a de ida. Tiña razón Borges. Agora hai que descansar. Si. Pero tamén é importante ir ordenando os acontecementos, as experiencias . En toda a viaxe non tomei unha nota. Agora doume conta de que perdín a memoria. ¿Como fago para recuperala? Si, recordo cousas. Comentoo cos compañeiros da viaxe. O único que acordo con toda claridade é que un día que estaba canso de andar, dixo un dos compañeiros:

XULIO CUNS LOUSA

- -Imos a tal sitio, que dende aquí hai só dez «cuadras», ou sexa un quilómetro.
- -¿Pero vós tamén credes, coma os arxentinos, que dez «cuadras» son un quilómetro? dixen eu, que non tiña ganas de andar.
 - -Claro que é así. Cada «cuadra» ten cen metros.
- -Xa o sei -respostei-. Pero despois de cada «cuadra» ven unha rúa. Ou sexa, que neste caso hai nove, polo menos. E as rúas daquí teñen algo máis de ancho que as calexas do Campo, en Betanzos. Do que si me lembraba era de varias impresións, porque estas non se gardan na memoria, xa que se gravan noutro sitio. Unha delas foi a mesma que dalí trouxo o médico galego Roberto Novoa Santos, cando regresou de dar unhas conferencias por aquelas terras: «Sobre todo gardo a visión panorámica dun pobo inmaduro, pero preñado de posibilidades.»


Algo ía mellorando, pero un día pillei un caderno no que anoto frases e pensamentos de xente famosa e intelixente, que me causan admiración, ou simplemente que me gustan. Escollín as catro que van a continuación, xa que todas disculpan, máis ou menos, os fallos da memoria, que sempre veñen sendo fallos da verdade:

Ernesto Sábato: «Yo creo que la verdad es perfecta para las matemáticas, la química, la filosofía, pero no para la vida. En la vida, la ilusión, la imaginación, el deso, la esperanza cuentan más.»

Jorge Luis Borges: «La palabra del poeta es el último refugio de la nada.»

Juan Carlos Onetti: «La literatura es mentir bien la verdad.»

E, por último, unha frase do escritor uruguayo Felisberto Hernández, que tamén fago miña: «Sepan que olvidar lo malo también es tener memoria.»





"Los cimientos de Europa"

BRAIS DA BOUZA*

I

!Europa...;

Modo de vida que nos distingue de otras civilizaciones, a los ojos de las que *europeo* es sinónimo de progreso.

Sobre qué tiene de particular ese modo versa el libro cuyo título preside estas líneas. Su autor, Moreno Báez, catedrático que enseñó en la minerva compostelana.

Pero, ¿a qué llamamos Europa? ¿Se trata de un espacio físico o más bien de un ámbito cultural? Si es esto último, ¿dónde empieza, dónde acaba?

Europa básica es, nos dice D. Enrique, lo que fue el imperio carolingio; en este territorio sigue el cristianismo como dominante, ya católicos, ya reformados; su núcleo, Francia. Nuestra península, por tanto, estuvo al margen de esa vieja unidad, como la insularidad británica, como los países que decimos del Este.

En el espacio sobre el que reinó el magno Carlos había habido y se sucedieron la implantación del monacato occidental, uno de los factores que contribuyó a la unidad por encima de las divisiones territoriales -Pablo VI declaró a san Benito patrono europeo, nos recuerda el autor-; la formación de las nacionalidades, hija de los pueblos bárbaros asentados sobre el solar del imperio romano, ambos cristianizados; las tensiones entre la Iglesia y la sociedad civil ("dad al César..."); la vuelta una y otra vez al intento de reconstitución de esa vieja unidad latina; la evocación, en todo caso, de sus modos en las artes y en el pensamiento -hubo varios *renacimientos*-, ya para imitarlos, ya para superarlos, a veces, en ambos casos, origen de roces con la Iglesia; el latín como lengua común de la cultura; la fe en Jesucristo, mejor, la herencia bíblica (para el autor es la Iglesia la heredera y sucesora de Israel); la mano de Dios, en suma, tanto en la pervivencia de Israel como en la expansión del cristianismo (en ésta tuvimos que ver los españoles); las peregrinaciones, que eran los viajes de los medievales; el derecho, basado en el romano... He aquí algunas de las bases de nuestro ser europeo sobre el ámbito carolingio.

Los días 12, 13 y 14 de febrero excursión a presentación de candidaturas Cabeza de Manzaneda

Partido entre la Selección de las Mariñas. Abril

Comienzan los campeonatos de Tute, dominó, pin-pong y billar

El viernes 17 y 24 proyección de películas en nuetra sede social

Exposición de Pintura de «Gabriel Anido»

*El 15 de mayo, exposición de pintura de «Cristina Santos», yactuación de los jóvenes intérpretes : Javier y Aitana Ares, Marisa Ferreres, social.



Diego v Dolores Suárez v Darío Mariño.

El 22 se celebran las simultáneas de Ajedrez en colaboración con la casa de la juventud, siendo contrincantes Alfredo de La Fuente ,ELO 2155 internacional.

El viernes 28 degustación de patatas bravas

El día 30 excursión a «las Médulas» Junio

Clausura y entrega de premios de los campeonatos de tute, billar, pin-pong

El día 27 celebramos la tradicional «Sardiñada»

Se realiza una Asamblea General Extraordi-Día 1 : Fiesta infantil de carnaval en el edificio naria en la que presenta su dimisión el Presidente Don José Luis Mauri, abriéndose el plazo de

Julio

501

El día 3 se inaugura la exposición con todos los trabajos realizados en los cursos de: pintura infantil y adultos, bolillos, fotografía y restauración.

Comienzan los cursos de pintura, manualidades infantiles y fotografía.

El viernes 17 se realizó el segundo concierto de jóvenes intérpretes a cargo de: Aitana y Javier Ares, Marisa Ferreres, Elsa López, Diego y Dolores Suárez y Carolina, en la cafetería de la sede

Agosto

7 de Agosto: Asamblea general extraordinaria en la que presenta su candidatura D. Juan Amarante Ares

Exposición de los trabajos realizados en los cursos de verano por nuestros más jóvenes en la de Betanzos e a súa bisbarra. Entre os obxectivos cafetería de la sede social

Los días 22 y 23 se celebra el «XVII Campenato internacional de Ajedrez Ciudad de fin de mellora-la calidade de vida dos xoves. Betanzos»

<u>Septiembre</u>

Se abren las inscipciones para los cursos de invierno: pintura infantil, pintura de adultos, fotografía, voga, restauración.

El de 11 septiembre, en asamblea extraordinaria se apreuba la candidatura del nuevo presidente D. Juan Amarante Ares.

El día 19 se realizó una gira a «Os Caneiros» El 24 de septiembre se realiza en la cafetería de nuestro local social una degustación de mejillones.

Octubre

Comienzan los cursos de invierno, imparti-

Restauración y Pintura de adultos: Mercedes Ruiz Diez.

Pintura Infantil: Carmen Vilas.

Fotografía por: Eduardo Castro Bal.

Yoga: Beatriz Martinez Agulla.

Bolillos: Jesusa María Lápido Calvo.

Técnicas de Estudio: Ursula Louriño y Sandra

Ajedrez: Alfredo de la Fuente Nayan.

Cerámica: Javier Meléndrez Ortega.

El día 20 se inaugura una exposición de pintura de Berta Ares.

El viernes 30 se realiza la proyección de una película para jóvenes.

Noviembre

El día 14 celebración del tradicional Magosto. El día 25 Inauguración de la exposición de pintura de Alfredo Erias.

El día 25, proyección de una película infantil Diciembre

El dia 24, estuvo «Papa Noel» en los locales de la sede social, para alegrar a los más chiquitines

El día 26 «Campeonato de Ajedrez de Navidad»

El día 31, invitación a cava en nuestra cafete-

La Junta Directiva

ASOCIACIÓN XUVENIL «BRIGANTIUM»

Dende 1992 ven desenrolando actividades no eido cultural e artístico nas que participaron xoves da nosa asociación están os seguintes:

- 1.- Acadar un amplo abano de posibilidades co
- 2.- Potenciar novas formas de divertimento e ocupación en actividades culturais e productivas a través do noso programa de dinamización.
- 3.- Aumentar a bagaxe cultural do noso entorno.
- 4.- Promover a participación social e as relacións interpersonais.
- 5.- Servir de canle de comunicación entre a Administración e os xoves.

O número de participantes nas actividades desta Asociación é aproximadamente de 2.400 xoves dende o seu inicio. Actividades ata agora:

- Cursillos de Aerobic.
- Curso de iniciación ó mountain-bike.
- Curso de Debuxo e Pintura.
- Curso de Guitarra.
- Rutas Marítimo Xacobeas.
- Xornadas Micolóxicas.
- Cursos de Galego.
- Xornadas Cinematográficas.
- Rutas polos nosos mosteiros.
- Senderismo.
- Conferencias.
- Intercambios Xuvenís.
- Cursos de Formación Ocupacional.
- Campionatos de Xadrez e ping-pong.
- Obradoiros de Reciclaxe de Papel.
- Festas do Magosto.
- Exposicións Fotográficas.
- Colaboración con outras asociacións.
- Festival navideño pola Solidaridade.

A Xunta Directiva



Anuario Brigantino 1998, nº 21

«CASA DA XUVENTUDE **DE BETANZOS»**

A) Información juvenil

Una de las funciones principales de la Casa de la Juventud de Betanzos, dependiente de la Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, es la de informar a los chicos sobre los diferentes asuntos que les afectan. A lo largo del año pasaron aproximadamente 1.400 personas a informarse.

En el Centro recibimos la prensa (La Voz de Galicia, El Ideal Gallego, El Correo Gallego, O mensaxeiro, Empleo, Noticias Gitanas, Betanzos y su Comarca y As Mariñas), las revistas (Guía, Información Semanal, Eroski, Zaguán, Boletín Xove. Mundo Joven, Fusión, etc) Diario Oficial E) Jóvenes que utilizan este centro de Galicia, etc; fuentes que pueden utilizar todos los jóvenes para informarse.

Los temas de información más demandados son: estudios y formación, cursos de gallego, empleo, campamentos y becas.

B) Internet

El acceso a internet es otra de las novedades con las que contamos desde el año pasado. Tenemos una media de tres chicos diarios navegando por estas autopistas de la información. Los temas más demandados son: estudios, cantantes y deportistas favoritos y, sobre todo, «chatear», (canales de charlas de todo tipo con personas de jóvenes. todo el mundo).

C) Carnet joven

Desde este Centro se expide el Carnet Joven, que tiene una duración de dos años, desde que lo emite la Administración.

Este Carnet es válido en toda España y en etc Europa, obteniendo diversos tipos de descuentos en diferentes sitios, como: billetes de avión, de tren, de autobús, entradas en museos, descuentos en tiendas, cines, polideportivos, piscinas, academias, etc.

D) Asociacionismo

asociaciones que realizan aquí sus actividades, a las cuales les prestamos las instalaciones y por otro tenemos otras asociaciones con las que colaboramos en determinadas actividades. Además, a todas ellas las asesoramos, les informamos y ayu- liciten.



damos a tramitar distintas subvenciones.

Tenemos una media diaria de 25 jóvenes que acuden al Centro para reunirse, charlar, ver la televisión, ver el vídeo, oír música, estudiar, jugar al ping-pong, ajedrez, trivial, cartas, damas, revelar fotografías, bailar, etc.

F) Actividades de la Casa de la Juventud

A lo largo del pasado año, las actividades que se realizaron fueron las siguientes:

Entrega de trofeos y medallas:

Se les hizo esta entrega a los participantes en los Campeonatos de Navidad y de Ajedrez celebrados en el año anterior, al que asistieron 30

Baile de Carnaval:

Se celebró en el Salón de actos de este edificio, estuvo animado por un trío de payasos en el que participaron aproximadamente 150 niños, premiándose con certificados, los disfraces más originales, más simpáticos, al niño más bailarín,

Visita a la TVG:

Se trasladó a 55 jóvenes para visitar las instalaciones de este medio de comunicación, asistiendo a la grabación de un programa.

Curso de Construcción de Telescopios y Astronomía:

Duró dos meses, siendo impartido por un En este apartado tenemos por una parte las astrónomo aficionado, descubridor de una supernova, en el que participaron 28 jóvenes y después asistieron a unas jornadas de astronomía. El telescopio construido quedó en este Centro para la utilización posterior de quienes lo so-



Jornadas de Internet:

Estas jornadas fueron dirigidas a chavales de ocho a catorce años, donde adquirieron los conocimientos básicos para la navegación por internet. El número de participantes fue de 18.

Exposición «Voces en el Tiempo»:

Durante una quincena recogimos una muestra de pintura y poemas de dos jóvenes aficionados de este pueblo.

Jornadas de Graffittis:

Se realizó durante un mes al aire libre y al acabar se colocaron dos en este Centro.

II^a Simultáneas de Ajedrez:

Se realizaron conjuntamente con la Sociedad Cultural, Recreativa y Deportiva de Betanzos, al aire libre en la Alameda, para acercar este deporte más a todo el mundo, en las que participaron 45 per- da comarca. sonas enfrentándose con un jugador profesional.

Fiesta de Navidad con Papa Noel:

El día de las vacaciones de Navidad siempre se realiza una fiesta navideña, para todos los niños participantes en las actividades de este Centro, con baile, juegos, merienda, etc.

Iº Campeonato brigantino de Ajedrez:

Realizado en colaboración con el ayuntamiento y con la Sociedad Cultural, Recreativa y Deportiva de Betanzos, en el que participaron 26 niños y jóvenes de la comarca, realizado en el claustro del convento de Santo Domingo.

ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS «LIAFAIL»

Pola importancia que ten a muller dentro da familia, onde os fillos aprenden os primeiros modos de conducta, transmiten a cultura e os habitos hixienicos e alimenticios, coma a Asociación de Mulleres Rurais, consideramos importante levar a cabo programas de carácter cultural, participativo, recreativo, social e preventivo dirixidos á muller, tratando de conseguir el maior número posible de oportunidades, para ofrecerlles nas suas horas de lecer unha alternativa ó esforzo realizado na sua vida familiar e laboral.

Os nosos obxectivos son:

- Fomentar o asociacionismo entre as mulleres
- Promover a información, o coñecemento e a defensa dos dereitos da muller.
- Levar a cabo campañas de sensibilización para evitar os malos tratos.
- Contribuir a mellora e a difusión dos servicios sociais, en especial dirixido a persoas que se atopan en situación de risco e marxinación.
- Impulsar medidas que favorezcan a superación do aislamento e marxinación da muller, impulsando o intercambio e a cooperación entre as asociadas.
- Potenciar a formación e información da muller.



- Preveer e intentar solucionar as distintas necesidades sociais ou persoais.

Durante o ano 1.998 levamos a cabo as seguintes actividades:

A) Servicios sociais:

O obxetivo das nosas charlas e millora -los hábitos e as condicións de vida da muller galega, así como tamén de informar sobre as axudas, prestacións e recursos dos servicios sociais.

-Conferencia sobre a Prevención da door de costas. Impartida por un Traumatólogo do complexo Hospitalario do «Juan Canalejo», realizada na Aula de Cultura de Caixa Galicia de Betanzos, no mes de maio, contando cunha asistencia de aproximadamente de 90 persoas.

-Conferencia sobre a Prevención da Osteoporosis.Impartida polo anterior conferenciante no mes de novembro, realizada na Aula de Cultura de Caixa Galicia de Betanzos, na que participaron aproximadamente 100 persoas.

- Charlas informativas sobre as Prestacións e Axudas que ofrecen os Servicios Sociais, celebradas nas distintas parroquias de Betanzos, e impartidas por unha asistente social da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais da Xunta de Galicia.

B) Artísticas e culturais:

-Taller de Manualidades: Foi levado a cabo en Betanzos-Centro, e en núcleos rurais como Guiliade, Piadela, Infesta e Paderne, participando un total de 70 persoas. Este taller tivo unha duración de xaneiro a maio e de outubro a decembro.

-Taller de Corte e Confección: Desenrolado en Betanzos-Centro, e núcleos rurais como Guiliade, Piadela e Infesta, dende xaneiro a maio e de outubro a xuño; no que participaron 40 persoas.

-Encaixe de Bolillos: Impartido en Betanzos-Centro e Paderne, cun total de 26 participantes; dende xaneiro a maio e de outubro a xuño.

-Labores: Realizado en Betanzos-Centro dende xaneiro a maio e de outubro a xuño, o que asistiron 12 mulleres.

-Tapiceria: Impartido en Betanzos-centro, dende xaneiro a maio e de outubro a xuño, asistindo 10 mulleres.

-Peluquería: Impartido dende xaneiro a abril, asistindo 20 persoas e realizado en Betanzos-cen-

-Cociña tradicional: Celebrado en Betanzoscentro e en Guiliade, cunha aceptación de 30 persoas. Estamos esperando a dotar de millor instalación eléctrica para poñelo en marcha en Piadela, parroquia en donde é moi demandado.

-Obradoiro infantil de inglés: celebrado en Betanzos-centro, con dous turnos repartidos en 40 nenos, dirixido os fillos das nosas socias, co fin de que mentras se celebra este obradoiro as nais poidan asistir as nosas actividades; ademáis de acercar ós nenos outro idioma mediante xogos e actividades artísticas.

C) Exposicións:

-Traballos realizados o longo do curso: Esta

exposición realizouse dende o 6 ó 21 de xuño, no Muller e Xuventude, asistindo representantes da Salón de Actos da Casa de Xuventude de Betanzos, na que se expuxeron os traballos realizados nos distintos talleres tanto de Betanzoscentro, coma das parroquias. A ela asistiron aproximadamente 400 persoas. Ademáis, fíxose coincidir cunha de Debuxo e Pintura realizada pola Asociación Xuvenil «Brigantium». Tamén se realizaron exposicións por cada parroquia onde se impartiron os cursos, coincidindo as datas das exposicións coas festas patronais de cada parroquia, para que a asistencia a elas fora máis elevada.

D) Cursos:

-Curso de Iniciación ó Galego: homologado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, celebrado nos meses de maio e xuño, asistindo 24 cursillistas. Os diplomas foron entregados no mes de setembro, acto ó que asistiron os Delegados Provinciais de Educación e de Familia.

-Curso de Baile de Salón: Levado a cabo na parroquia de Guiliade, ó que asisten 30 alumnos, dende xaneiro a maio e de outubro a decembro. Os cursillistas saen a facer actuacións a outros lugares onde se imparten este tipo de cursos.

E) Xornadas de participación formativa:

-Día Internacional da muller traballadora. celebrado en Santiago, pola Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, H) Colaboración ciudadana: participando xente da nosa asociación.

-Presentación da Campaña de Prevención de Malos Tratos, presentada pola Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude en Santiago, asistindo representantes da nosa asociación.

-Xornada informativa para asociacións de mulleres coa Directora Xeral do Servicio de Igualdade, realizada na Coruña pola Delegación Provincial de Familia, Promoción do Emprego,

nosa asociación.

F) Visitas culturais:

-Ruta pola Costa da Morte: celebrada en marzo, asistindo 110 persoas que coñeceron de cerca esta comarca, tan cercana e moi descoñecida pola nosa xente.

-Visita ó Parlamento de Galicia: celebrada en abril, asistindo 55 persoas para ver de cerca o funcionamento desta institución.

-Visita ó Museo do Pobo en Santiago de Compostela e á Universidade, asistindo 55 persoas, onde puideron ver unha institución como a Universidade de Santiago e a nosa cultura.

-Visita ás instalacións da Televisión de Galicia. asistindo á grabación de dous programas en directo contando coa participación de 165 persoas en

G) Confraternidade:

O longo do ano celebramos tres comidas de confraternidade, unha no entroido, outra en fin de curso e outra polo aniversario da asociación, contando en cada unha delas cunha participación de 160 persoas aproximadamente de todos os núcleos da nosa asociación. Asimesmo, tamén invitamos a outras asociacións como as de Curtis (que están recén constituídas) a unha merenda para que vexan o funcionamento da nosa asociación e podamos intercambiar opinións.

Promovimos unha charla informativa con diversas asociacións do noso pobo, como coa Sociedade Cultural, Recreativa e Deportiva, con Cruz Vermella e con Cáritas para vender lotería de Nadal, con recargo para recaudar fondos para un núcleo marxinal da nosa poboación. Estas asociacións implicáronse no tema e conseguimos vender toda a lotería, e cos cartos recaudados se entregaron a Cáritas para dotar de mobles ás familias que viven no barrio Martín Ballesteros.



506

Anuario Brigantino 1998, nº 21

La Banda Municipal de Betanzos en 1998

JOSÉ LUIS CASAL CASTRO

1998, un año para recordar. Nuestra Banda cumple ocho años y se consolida como una de las mejores bandas populares de Galicia, además de ser una de las más grandes.

El proyecto que se inició de la mano de los actuales directores, D. Juan Antonio Ferrer Cerveró y D. Raúl Galán Cerveró, está dando sus frutos. Es lo que ellos quisieron denominar "Banda de Formación", en la que los alumnos del Conservatorio tienen un "laboratorio" en el que plasmar los conocimientos musicales y culturales que adquieren.

Las actuaciones son pocas y prácticamente se limitan a nuestra ciudad, pero hemos de destacar tres de ellas de forma especial. En primer lugar, se celebró en el mes de mayo el "Primer Certamen de Bandas de Música Ciudad de Betanzos" en el que intervinieron como invitadas las bandas de Vilalba, Sada y Sementeira, de Cambre, interpretando lo mejor de sus repertorios.

Al mes siguiente, fuimos invitamos por el Excmo. Ayuntamiento de A Coruña a realizar un concierto en el Teatro Rosalía de Castro con motivo de la proclamación de la Meiga Mayor de las Hogueras de San Juan.

El tercer evento a destacar fue un intercambio que se realizó entre el Ayuntamiento de Bullas (Muercia) y el nuestro. Fueron cinco días muy intensos, en los que, aparte de los conciertos, pasacalles y procesiones, tuvimos algo realmente interesante: la convivencia, tanto entre los miembros de la Banda, como con las otras agrupaciones betanceiras ("Azougue" y "Pasiño a Pasiño") y el propio pueblo de Bullas.

Por fin, ya en el mes de noviembre, llega una de las fechas más importantes para la Banda. Además del día 22, Santa Cecilia, Patrona de los músicos, tenemos el "Día de la Ilusión", el día en el que entran los nuevos componentes. Es un día en el que, realizando un pasacalles, vamos buscando uno por uno a los distintos miembros por sus casas. Una vez finalizado, se les hace una Misa y vamos a comer. Y por la tarde-noche, se les dedica un concierto y se les hace entrega de una placa conmemorativa. Este año se incorporaron 14 nuevos jóvenes, con lo que en total somos 82.

Como se puede ver, y sobre todo oír, el proyecto que se inició en 1990 de la mano de la Concejalía de Cultura de nuestro Ayuntamiento está funcionando a la perfección, y es de esperar que en un futuro no muy lejano, la calidad musical de nuestra Banda haga que dentro de las bandas populares lleguemos a ser una de las mejores de nuestro país.

Grupo de baile "Azougue"

Con este nome foi presentado ó público de Betanzos con motivo das festas de San Roque de 1994, e así, aínda que de recente creación, xurde dun traballo de varios anos no ámbito do baile tradicional de Galicia, por parte da Concelleiría de Cultura do Concello de Betanzos.

O grupo Azougue, que debe o seu nome a que Santa María do Azougue é copatrona da cidade, é unha parte importante da Escola Municipal de Folclore de Betanzos, que cos seus 120 alumnos/as aliméntao para manter o seu nivel artístico, tanto no baile como a nivel instrumental ou no tocante ás cantareiras e pandereteiras.

Co seu repertorio de aproximadamente 30 danzas e bailes, e os seus distintos vestuarios, ofrece un percorrido pola xeografía folclórica de Galicia, polas músicas, cancións, danzas, instrumentos e traxes autóctonos, supervivintes á uniformidade do noso tempo e parte importante da nosa cultura.


Os membros do Grupo Azougue son 30, entre grupo de baile, pandereteiras, cantareiras e un grupo de gaiteiros baixo a dirección de Elena Díaz Blanco.

No seu repertorio atópanse pezas recollidas polo mesmo grupo como a agarrada, jota e punteada de Limiñón, e outros bailes e danzas montadas por outros grupos, pero sempre buscando interpretar o folclore, procurando a maior pureza posible, pretendendo ser un exemplo vivo da nosa arte popular.

Actuacións no 1998:

- -Cabalgata dos Reis Magos.
- -Centro Social do "Norte" (Betanzos).
- -Días da Muiñeira de Cee, Coruña e Betanzos.
- -No XIX concurso de música e baile tradicional, organizado pola Asociación Xuvenil Xacarandaina, da Coruña.
- -No XII concurso de música e baile tradicional, organizado pola Agrupación "Cantigas e Agarimos" de Santiago de Compostela.
- -No IX Certame Folclórico de Padrón.
- No VIII Cneurso Folclórico Concello de Cerdido.
- -No Campamento Xuvenil de Furelos (Melide).
- -No I Festival Nacional de Folclore de Siero, organizado polo Patronato Municipal de Cultura de Siero (Asturias).
- -Na XV Mostra de Alfareiría de Buño.
- -Nas festas de Bergondo.
- -En Betanzos:
 - *Co Liceo Internacional Agarimo, "Unha Voltiña pola Tradición", no claustro do Museo das Mariñas.
 - *No Día do Deporte.
 - *Na I Feira Franca Medieval
 - *No Festival Folclórico "Día de Galicia"
 - *Nas festas de San Roque e dos Remedios.

A directora



ACONTECEMENTOS DO ANO

A redacción do Anuario Brigantino agradece a colaboración especial para este apartado dos corresponsais locais de La Voz de Galicia, El Ideal Gallego e El Correo Galego / O Correo Galego.



Anunciando as Festas do barrio da Ribeira en Betanzos no 1960.

1 de xaneiro de 1998

A feira volveu ó seu lugar habitual despois de que fora trasladada ás inmediacións do Carregal con motivo das obras do aparcamento soterrado da Praza García Irmáns.

1 de xaneiro de 1998

O centro da cidade volveu a ser de novo lugar de encontro entre os mozos da comarca, que vestidos elegantemente, resístense a rematar as celebracións da chegada do novo ano.

Xaneiro de 1998

Foron numerosas as visitas ó Belén electromecánico instalado no Edificio Liceo, que como cada ano realizou o Grupo de Amigos Belenistas, baixo a dirección de D. Manuel López Castro.

5 de xaneiro de 1998

Os Reis Magos chegaron a Betanzos polo río, desembarcando na Praza de Enrique IV para, posteriormente, percorrer as rúas da cidade. Ademais de transportar moitos xoguetes, non se esqueceron de caramelos e golosinas que repartiron na Praza do Campo, facendo máis dulce a espera nesta noite de ilusión para os máis pequenos. Organizou a Asociación de Amigos da Cabalgata que contou co patrocinio do Concello e a colaboración de diversas asociacións e casas comerciais de Betanzos.

6 de xaneiro de 1998

Na Sala Capitular do Concello os Reis Magos de Oriente entregaron regalos a moitos nenos de Betanzos. Con este acto deuse por rematado o Programa de Festexos de Nadal e Aninovo organizado polo Concello, que contou coa colaboración da maioría de asociacións e entidades betanceiras.

9 de xaneiro de 1998

O sorteo de dúas viaxes a Mallorca serviu de colofón á campaña de Nadal realizada pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos entre os seus clientes. Os agraciados foron: D. Francisco Ogando Matos e D^a Manuela Varela.

10 de xaneiro de 1998

Tivo lugar na nosa cidade a reunión de Alcaldes socialistas de Galicia, convocada polo Segredario Xeral do PS deG-PSOE, D. Francisco Vázquez. O motivo desta reunión foi analizar o pacto local que negocia a Fegamp coa Xunta de Galicia e o sistema de elección de candidatos electorais, ademais de abordar o debate sobre cambios internos no partido.



17 de xaneiro de 1998

O Alcalde D. Manuel Lagares Pérez, presidiu na Aula de Cultura a entrega de diplomas ós alumnos que participaron no curso de perfeccionamento de clarinete, organizado pola Delegación Municipal de Cultura e impartido por D. José Vicente Herrera, integrante da Orquestra Sinfónica de Valencia. No acto estiveron tamén presentes o Concelleiro de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira, e o Director do Conservatorio de Música, D. Pedro Noya.

22 de xaneiro de 1998

O estudiante de COU do Instituto Francisco Aguiar, Marcos Graña Nogueira, acadou un dos Premios Extraordinarios de Bacharelato que anualmente convoca a Xunta de Galicia para distinguir ós mellores alumnos da Comunidade Autónoma.

23 de xaneiro de 1998

Na Aula de Cultura celebrouse o concerto do grupo de clarinetes «Denner Consort» que actuou baixo a dirección de Michele Carulli, solista da orquestra da RAI. A organización correu a cargo da Delegación Municipal de Cultura.

Xaneiro de 1998

Unha Orde Ministerial deste mes concedeu a posibilidade de incluir a denominación de orixe no etiquetado das botellas do viño do país e a súa comercialización como viño de mesa de Betanzos. A zona xeográfica con dereito á citada denominación abarca, ademais do concello de Betanzos, os de Bergondo, Coirós e Paderne, aínda que na etiqueta soamente poderá levar o nome de Betanzos. As principais variedades de cultivo que se especifican como productoras deste viño son a garnacha, mencía, godello e como complementarias o grao negro e o palomino.

23 de xaneiro de 1998

A betanceira, Amalia Jesús Freire Rey, foi galardoada no certame artístico «Lugonova», que cada ano convoca o Concello de Cervo, na modalidade de pintura polo cadro titulado «Edén».

28 de xaneiro-1 de febreiro de 1998

Betanzos estivo presente na feira «Fitur 98» celebrada en Madrid a través do pabellón de Turgalicia, patrocinado pola Xunta de Galicia. Con esta participación preténdese dar a coñecer os valores históricos, monumentais, paisaxísticos, lúdicos e gastronómicos da nosa cidade e comarca.



29 de xaneiro de 1998

Na Sala Capitular do Concello foron recibidos polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez e o Delegado de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira, os deportistas betanceiros máis destacados do ano 1997 en tódalas categorías, ós que se lles entregou un presente en recordo deste acto.

29 de xaneiro de 1998

O profesor do C P Vales Villamarín, D. Francisco Manuel López Río, recibiu o primeiro premio á innovación educativa outorgado pola Xunta de Galicia, polo seu proxecto «Educación Vial no Curriculum de Educación Infantil e Primaria».

2 de febreiro de 1998

Tivo lugar na Sala Capitular a sinatura dun convenio entre o Centro de Xestión Catastral e o Concello, polo que os cidadáns poderán realizar calquer trámite relativo a este tema nas oficinas do Concello. O documento foi asinado polo Alcalde de Betanzos, e o Director Xeral do Catastro, D. Jesús Salvador Miranda Hita.



Anuario Brigantino 1998, nº 21

4 de febreiro de 1998

O Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez e a Directora do Centro Español de Novas Profesións, Dª. Mercedes Carreño Vicente, asinaron un convenio polo que os alumnos da Escola de Turismo realizarán prácticas na nosa cidade.



5 de febreiro de 1998

Tivo lugar no Instituto Francisco Aguiar un coloquio sobre a figura de Juan de Betanzos e o seu papel na colonización do Perú, na que participaron: o xornalista e historiador, D. Santiago del Valle e a historiadora Da María del Carmen Martín Rubio. Esta conferencia inscribiuse no marco das activides extraescolares que organizou o Instituto en colaboración co Concello.

5, 6 e 12 de febreiro de 1998

Desenvolveuse na Aula de Cultura un ciclo de conferencias arredor do euro e a empresa, organizado pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, pola Cámara de Comercio da Coruña e polo Concello, coa finalidade de informar ó público sobre a introducción da nova moeda no mundo da economía e do comercio. As ponencias corrreron a cargo de Da Carmen Navarro Carro, Xefe dos Servicios Técnicos da Cámara de Comercio, D. Pablo García Pita, Técnico da Cámara de Comercio, D. Antonio Grandío Dopico, Decano Presidente do Colexio de Economistas da Coruña, e a economista. Da Genma González Sas.

Febreiro de 1998

Celebrouse neste mes un programa de actos organizado por «Manos Unidas» co fin de recaudar fondos para destinalos á construcción dun centro de ensinanza e internado para nenas no pobo indio de Modasa. Para acadar a cantidade necesaria celebráronse rastrillos e exposicións de artesanía do Terceiro Mundo no Edificio Arquivo.

7 de febreiro de 1998

Celebrouse no Colexio Público Vales Villamarín a votación, por parte dos pais de alumnos, para a implantación da xornada única. O proxecto foi finalmente rexeitado, a pesar dos 500 votos a favor e 85 en contra, por non alcanzar o mínimo de dos dous tercios do censo que esixe a lei.

11 de febreiro de 1998

Asinouse neste día un convenio entre a Fundación Paidea e o Concello para a integración sociolaboral de persoas con discapacidades. O acordo, asinado polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez e a Directora da Fundación Paidea, Da Rosalia Mera, contou co respaldo de varias empresas da cidade.

13 de febreiro de 1998

O grupo de teatro do Instituto Francisco Aguiar levou a cabo unha aproximación ó teatro cómico español coa representación de: «Fabulilla del secreto bien guardado» e «Entremés do mancebo que casou con muller brava» na Aula de Cultura.

14 de febreiro de 1998

Na Aula de Cultura tivo lugar a representación teatral «Zocos» do grupo Uvegá Teatro. A obra foi escrita por Vicente Montoto e Manuel Lourenzo e dirixida por este último.

17 de febreiro de 1998

A moza brigantina María José Vázquez Gándara foi elexida neste día como Miss Coruña, tíduo que lle permitrá participar na Gala de Miss España.

Anuario Brigantino 1998, nº 21



18 de febreiro de 1998

Un grupo de alumnos norteamericanos do estado de Massachusetts que participaron nun programa de intercambio co Instituto Francisco Aguiar, foron recibidos polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, na Sala Capitular do Concello. No acto estiveron presentes o Concelleiro de Cultura e Deportes D. Francisco Díaz Pereira, o Director do Instituto, D. Xosé Manuel Montero, e o coordenador de intercambios culturais, D. Xosé Luís Tato.

18-28 de febreiro de 1998

Ó longo destes días estivo exposta no Edificio Arquivo a mostra de fotografías «Galicia en Foco».

22-25 de febreiro de 1998

Desenrolouse ó longo destes días o programa de festexos do Antroido elaborado polo Concello, no que tiveron cabida os bailes e concursos de disfraces, rematando co enterro da sardiña e D. Carnal no río Mandeo. Estas festas foron moi celebradas, destacando o acto fúnebre no que os dous personaxes foron moi chorados e ben acompañados polas rúas de Betanzos.

27 de febreiro de 1998

O Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, acompañado do Concelleiro de Infraestructuras e Acción Rural, D. José Ramón García Vázquez, inauguraron os novos locais da concesionaria do servicio de auga de Betanzos Aquagest. As instalacións están situadas na planta baixa do edificio de servicios múltiples García Irmáns que foron cedidas polo Concello por un convenio de colaboración coa citada empresa.

7-8 de marzo de 1998

Os gandeiros da comarca afectados pola cota do leite e as multas impostas pola CEE manifestáronse ó longo destes días na nosa cidade coas coñecidas tractoradas, ocasionando caravanas de coches e algún corte de tráfico. A protesta discurriu sen incidentes, e os afectados contaron coa comprensión e o apoio dos betanceiros, especialmente estudiantes e comerciantes que pecharon os seus establecementos nas horas do mediodía.

9 de marzo de 1998

Na Aula Municipal de Cultura celebrouse un concerto de música de cámara, a cargo de alumnos do conservatorio das Pontes, organizado pola Delegación de Cultura do Concello.

Marzo de 1998

Escolares de Betanzos participaron nun proxecto de «Voz Natura» sobre tratamento de augas residuais. O obxectivo foi sensibilizar ós máis pequenos da importancia que ten o coidado da natureza. Dirixidos por un equipo de cinco profesores os alumnos fixeron un mural que amosaba dúas imaxes distintas da ría e da cidade.

Marzo de 1998

Deron comenzo neste mes varios cursos de formación ocupacional de Betanzos, dirixidos a mozos desempregados con idades comprendidas entre os 16 e os 25 anos. As especialidades seleccionadas nesta ocasión foron as de forxa, xardinería, albañilería e carpintería.

13 de marzo de 1998

A inclusión do Concello na Rede Galega de Teatros e Auditorios fixo que ó longo desta tempada puidésemos disfrutar de varias representacións teatrais na Aula de Cultura. Este día tivo lugar a actuación do grupo de teatro «Espello Concavo», que escenificou a obra titulada «As troianas».



17 de marzo de 1998

Alumnos de Pontedera (Italia) que participaron nun programa de intercambio co Instituto de Formación Profesional foron recibidos polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, na Sala Capitular do Concello. No acto estiveron presentes o Director do Centro de Formación Profesional, D. Luís Carlos Penide Pérez e o Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira, así como profesores do Centro.

Marzo de 1998

O noso amigo e colaborador Brais da Bouza publicou un relato titulado «Só uns diíñas, meu amor en Ávila». Coa súa lectura podemos disfrutar das impresións dunha viaxe realizada polo autor no verán de 1996. . A publicación foi editada polo Concello de Betanzos.

Marzo de 1998

A corrección dun erro no libro Galicia 97 onde non aparecía Betanzos como capital de provincia no Antigo Reino de Galicia, deu pé á reclamación dunha provincia betanceira hoxe por parte do Concello, rachando coa división imposta no 1834.



Anuario Brigantino 1998, nº 21

Anuario Brigantino 1998, nº 21

20 de marzo de 1998

Con motivo do Día da Árbore, o departamento municipal de Medio Ambente organizou por medio do Centro de Formación Ocupacional, a plantación de diferentes especies no parque Pablo Iglesias.

20 de marzo de 1998

Tiveron lugar na Aula de Cultura actuacións da orquestra de cámara do Conservatorio Municipal e do grupo de metales «Betanzos Brass».

21 de marzo de 1998

Presentouse na igrexa de San Francisco o coro da Orquestra Sinfónica de Galicia.

21 de marzo de 1998

Foi reaberto ó público o parque do Pasatempo, pechadoo dende había algúns meses con motivo dos traballos de mellora e acondicionamento por parte dos alumnos da Escola Taller. Unha das restauracións que máis chama a atención é a figura do león colosal que se puxo en sustitución dos restos do antigo. Outras labouras realizadas foron a restauración de diferentes grupos escultóricos, murais e mosaicos.

26 de marzo de 1998

O profesor do Conservatorio Superior de Música de Madrid, Miguel Moreno, impartiu unha clase maxistral de tuba na Aula Municipal de Cultura que foi organizada pola Delegación Municipal de Cultura.

29 de marzo de 1998

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a actuación da «Lviv Youth Chamber Orchestra de Ucrania». A orquestra interpretou para o público a obra «Las siete últimas palabras del Salvador en la cruz», de Joseph Haydyn.

1 de abril de 1998

Por segundo ano consecutivo o Concello de Betanzos foi distinguido co segundo premio Henry Ford, na especialidade de recuperación do patrimonio, por un traballo relacionado coa rehabilitación do parque do Pasatempo. O galardón foille entregado neste día ó Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, no Museo Thyssen de Madrid.

1 de abril de 1998

Os Alcaldes da comarca das Mariñas, representantes sindicais e asociacións reuníronse na Sala Capitular do Concello acordando crear unha plataforma de apoio ó sector lácteo galego.

4-10 de abril de 1998

Ó longo destes días viñéronse desenrolando os actos de Semana Santa, que deu comenzo coa

lectura do pregón polo teólogo e profesor da Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago, D. Andrés Torres Queiruga, na igrexa de Santo Domingo. Os actos máis relevantes constituíronos a procesión do Vía Crucis o Xoves Santo e a do Santo Enterro e a dos Caladiños o Venres Santo. Esta celebración relixiosa está sendo realzada nos últimos anos gracias a unha estreita colaboración entre a Igrexa, o Concello e distintas asociacións locais.



Anuario Brigantino 1998, nº 21

Abril de 1998

Como xa ven sendo habitual nos últimos anos, por estas datas chegou a Betanzos o Tren do Pasatempo, promovido polo Concello, Dirección Xeral de Política Lingüística e Renfe. A través desta actividade, cerca de dous mil escolares de toda a provincia visitaron neste mes e no seguinte o parque do Pasatempo, o Museo das Mariñas e o casco histórico da cidade.



14 de abril de 1998

No Museo das Mariñas frente á bandeira que presidía as sesións do Goberno Republicano no exilio, desenvolouse un acto commemorativo do 67 aniversario da proclamación da República en España. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.

16-17 de abril de 1998

Celebráronse nestes días dúas escenificacións teatrais, a primeira a cargo da Agrupación Teatral Mariñán, que interpretou a obra «La barca sin pescador». Ó día seguinte tivo lugar a representación da obra titulada «Acto imprevisto», polo Pífano Teatro, no que figuraban entre outros Gloria Ferreiro, Mela Casal e Xavier Picallo.

17 de abril de 1998

Tivo lugar a inauguración do Centro Social e Cultural de Infesta, acto presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, que contou coa presencia de varios membros da Corporación Municipal e numerosos veciños.



19 de abril de 1998

Neste día a comarca de Betanzos sufriu un forte temporal de choiva, saraiba e vento, que ocasionou importantes desperfectos como derrubo de árbores, inundacións etc. As perdas foron moi importantes para os agricultores, sobre todo os colleiteiros de viño do país, que viron mermada nunha grande parte a súa colleita.

Abril de 1998

O pescador brigantino, D. Jesús Fraga, proclamouse campeón galego de pesca de salmónidos, coa captura dunha troita que pesaba dous quilos e medio. A fotografía demostra que neste caso o peso e a medida non foron esaxerados.

23 de abril de 1998

Presentouse na Biblioteca da Deputación da Coruña o libro titulado «O cinematógrafo en Betanzos», do que son autores Alfredo Erias Martínez, arquiveiro-bibliotecario do Concello de Betanzos e Rosario Sarmiento Escalona, crítica de arte. Unha versión anterior deste mesmo traballo xa recibira o primeiro premio no certame organizado pola Federación de Cineclubes de Galicia sobre Historia da Galicia Cinematográfica, celebrado no Carballiño no 1993. O libro foi editado pola Deputación Provincial da Coruña, e contou cunha enriquecedora introducción de Xulio Cuns Lousa.



24 de abril de 1998

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra titulada «Érase una vez la revolución (1789 o así)» de José Manuel Ballesteros Pastor, a cargo dos alumnos do Instituto de Bacharelato Francisco Aguiar. Esta actividade foi patrocinada pola Delegación de Cultura do Concello.

25 de abril de 1998

Celebráronse na Aula Municipal de Cultura as decimocuartas Xornadas de Jazz, nas que actuou o grupo Ignasi Terraza Quartet. O concerto foi organizado pola Delegación de Cultura do Concello e patrocinado pola ONCE.

Abril de 1998

Un equipo formado por 33 alumnos do Instituto de Bacharelato Francisco Aguiar obtivo o primeiro premio no rally matemático «Sen fronteiras». O certame estivo organizado pola Asociación de Ensinantes de Ciencias de Galicia.

30 de abril de 1998

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral do grupo Zucurrundullo, que escenificou a obra «Maribel y la extraña familia», de Miguel Mihura. Esta actuación foi patrocinada pola Delegación de Cultura do Concello.

1 de maio de 1998

Foi inaugurada na sala de exposicións do Edificio Arquivo a mostra titulada «Rúas e xentes de Betanzos», integrada por fotografías antigas recollidas por D. Vicente García Blanco.



Anuario Brigantino 1998, nº 21

Maio de 1997

Ó longo deste mes desenrolouse o programa de actos organizado polo Concello, con motivo da festividade das Letras Galegas, que este ano estivo dedicada ós poetas medievais do mar de Vigo: Martín Códax, Xoán de Cangas e Meendiño. Para o seu desenrolo contouse coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, aparte das propias institucións do Concello como as Xornadas de Portas Abertas no Museo das Mariñas, Unidades Didácticas e Campañas de Fomento da Lectura na Biblioteca Municipal.

Maio de 1998

O Concello de Betanzos iniciou a construcción de beirarrúas no Carregal e nas inmediacións das instalacións deportivas municipais.

8-10 de maio de 1998

Miles de persoas achegáronse estes días a Betanzos para participar na XIII Festa do Viño, que se celebrou na Avenida do Carregal. A festa deu comenzo coa lectura do pregón a cargo de D. Xulio Cuns Lousa e finalizou coa entrega de premios ós mellores viños, que este ano corresponderon a D. José Doporto en tinto e a Da Estela Gómez en blanco. O público responde cada ano con maior afluencia, proba delo son os máis de quince mil litros de viño vendidos ó longo destes tres días, consolidando esta iniciativa de realzamento do viño de Betanzos. Na fotografía, o presidente da Asociación de Colleiterios, D. Julio Castro Edreira e o gañador en viño tinto, D. José Doporto Fernández.



Miñas donas, Meus señores: Un saúdo para todos e unha miga de pacencia, xa que quero ser breve. Un recordo, unha lembranza para aqueles que me antecederon neste estrado: Xosé-Raimundo Núñez Lendoiro. Xosé Antonio Fernández de Rota v Monter, Manuel María Fernández Teixeiro, Salvador Fernández Moreda, Manuel Álvarez Torneiro, Augusto César Lendoiro e Xosé Manuel Romay Beccaría. Xa me gustaría estar á altura que eles estiveron, pero deixaron o listón demasiado alto.

Tócanos hoxe de louvar o viño de Betanzos, denominación de orixe que lle dá a xente de fóra. Para nós é, actualmente, o viño do país, pero eu recordo cando se lle chamaba viño da terra. E esta maneira de chamarlle foi a causante de que, a primeira vez que me mandaron a un recado, o fixera mal. A cousa sucedeu así: Mandoume miña nai á tenda que había ó lado

da casa, a buscar un neto e medio de viño, sen dicirme de cal. Eu cheguei, pedino e díxome o señor se o quería da terra ou de outro. Quedei algo pasmado e contestei: Da terra, naturalmente. Cheguei á casa e cando o probaron meus pais reñéronme porque o que bebían sempre era de «Castilla». Eu non dixen nada pero pensaba: ¿E logo en Castilla o viño non sairá da terra?

Agora sei que o viño sae de moitos sitios, incluso da uva. Pero o viño que hoxe se expenderá nesta festa que comeza, sae todo el da terra que é esta: A NOSA, a mellor do mundo.

Sabemos todos que os viños das distintas zonas teñen todos distinto sabor, «Bouquet», din os entendidos, e tamén distinto grao alcólico. A composición da terra onde se planta e a climatoloxía da zona onde se cría, inflúen notablemente tanto no sabor como nos efectos secundarios de aquel que o bebe. Hai viños moi fortes nos que é preciso limitar as libacións. Pero hoxe temos que falar do de Betanzos, do do País, do da Terra, do NOSO.

Do viño podemos dicir o mesmo que dixo Ortega y Gasset do home: que é el e máis a súa circunstancia, non imos chamarlle como lle chamou Cunqueiro: «cadete». Que me perdoe don Alvaro,







pero cadete quer dicir xove militar, e este viño xove é pero de militar non ten nada: non é bravo, non é bizarro, nin disciplinado, nin está disposto a atacar ó inimigo, porque non o ten, nin a defende-la patria. Este viño, máis ben, fai patria, fai amigos, fai poetas como aquel Pero Amigo de Sevilla, betanceiro de pro.

¡Cantas amizades auténticas e duradeiras, se fixeron nas adegas do viño do País, deste pais de Betanzos!

Porque este viño xove, fresco saltarín, espelido, cantareiro, rebuldeiro como unha muiñeira, alegre, repartidor de ledicias, non embota o cerebro, ó revés, dá a impresión de que o espile e, máis cedo ou máis tarde xurde o cantar e tras de un van todos porque en Betanzos o canto é coral, axudándose uns ós outros, é un canto solidario. E máis cedo ou máis tarde xurde o humor. Porque eu pregunto: ¿Este humor tan peculiar dos betanceiros é de seu ou necesita o estímulo do xalgarateiro viño da terra?

Permitídeme unha pequena mostra dese humor tan peculiar e digo tan peculiar xa que non se pode confundir co chiste, co enxergo, coa rillotada. Eis:

Había un personaxe en Betanzos, que xa hai tempo que morreu, de quen ten falado Alvaro Cunqueiro en algúns dos seus artigos, por certo, parente meu, que era moi afeccionado ó viño do país, case se pode dicir un adicto. En certa ocasión, unha irmá del, mestra en Oza dos Ríos, levouno para a súa casa co fin de propiciarlle unha cura de repouso. Pasado xa un mes, certo día que había feira en Betanzos, fuxiu da casa da irmá nun descoido da xente, pillou un coche dos da feira e veuse para acó. Entrou na adega do Sr. Añón, que tiña o viño aberto na Rúa Nova. Pediu un neto e virouno sen respirar, pediu outro que non lle durou máis alá de dous grolos, pediu o terceiro e, mentres o despachaba, díxolle o taberneiro:

-Ten tino. Mira que bebendo así vaste chispar en menos de nada.

-Mira Manuel. Levoume miña irmá para a casa dela na aldea, xa hai máis dun mes e en todo ese tempo non provei o viño. Bebín tanta auga que coidei que ía botar herba coma os prados.

Agora que citei a bodega do Añón, hoxe desaparecida, reparo en cantas máis pecharon dun tempo para acó. A do Galo, a do Birís, a do Mariñeiro, a do Joseito Palleiro e tantas e tantas máis. Pero outras seguen e é curioso que conserven o distintivo que xa tiñan os gregos cinco séculos antes de Cristo, nos tempos de Sócrates, Platón e Aristóteles. Foi unha mágoa que se perdera o outro distintivo que tamén usaban os gregos e que recordo aquí de cando era neno: a sábana branca na porta. ¡Ah! Con respecto ó loureiro hai que facer constar que o Sr. Maceiras cando abría o viño aló pola rúa da Cañota ou do Pozo, agora pechada, poñía unha pola dun piñeiro no canto do loureiro.

Había outro habitual consumidor do viño da Terra que era home moi intelixente e pouco falador que, aínda que non tiña o título de mestre, daba clases particulares na súa casa e contaba con moitos alumnos, xa que el ensinaba ben, especialmente a asignatura de matemáticas. Un día en que se producira certa nova ou, máis ben, acontecemento moi sonado, todo o mundo na adega falaba del. Pero pouco a pouco a xente foise dividindo en dous grupos: uns que atendían a este señor de quen eu falo, e outros que facían caso do que dicía certo médico dun pobo próximo. Como os dous sostiñan pareceres distintos respecto do acontecemento enpleáronse nunha discusión na que, en opinión da maioría, levaba a de gañar o mestre, que non o era. Cando o médico non tiña xa por onde sair, díxolle ó outro:

-Oiga, quiero recordarle que está usted hablando con un señor de carrera.

-Si, señor. Xa o sei. Pero teña vostede en conta que tamén hai cabalos de carreiras e non por eso deixan de ser cabalos.

E xa para terminar e non darlles máis a lata, vou facer unha cita bíblica, que eso sempre queda ben. Xénese. Versículo 6.- Deus mirou para a terra e desesperouse. A xente pillara tódolos vicios e tódalas maldades. Os pensamentos dos homes só ían cara ó mal e el arrepentiuse de ter feito tal mundo e dixo: Vou borrar da terra ó home que creei, ó gando, ás feras e ós paxaros. Pero houbo un home, Noé, que atopou o favor de Deus. O resto xa o sabedes: face-la arca, meter unha parella de cada animal nela e logo empezou a chover, supoño que sería así como esta tempada atrás. Retiráronse as augas, saíron de alí e Noé adicouse a labrador, plantou unha viña e cando fixo o viño armou unha festa coma esta e bebeuno todo. Pillou unha chispa coma un piano. Meteuse na tenda desvistiuse e ó pouco entrou o

seu fillo Cam, este chamou ós outros que entraron ceacú, para non ver a seu pai espido e el maldiciu a caste de Cam.

¿que sacamos en conclusión deste pasaxe da Biblia? Que o único home bo que Deus atopou encima da terra foi un bebedor de viño.

En consecuencia da mensaxe, convídovos a que bebáde-lo viño, pero non quitéde-la roupa. ¡Oue o pasemos todos moi ben!

Xulio Cuns



8-11 de maio de 1998

Organizado pola Delegación de Cultura tivo lugar a celebración dun curso de tuba na Aula Municipal de Cultura, impartido polo profesor estadounidense, Mel Culbertson, solista da Orquestra Filarmónica de Radio Francia, que aproveitou para dar tamén un concerto. O último día celebrouse o acto de clausura que estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.

8-24 de maio de 1998

Na segunda planta do Edificio Arquivo estivo exposta unha mostra de traxes medievais, realizados por D^a América Soto, que contou coa organización do Concello.

10 de maio de 1998

Celebrouse cunha boa participación de atletas a 2ª Media Maratón Volta a Ría de Betanzos, organizada polo Club de Atletismo As Mariñas, que contou coa colaboración de entidades privadas e de concellos. O primeiro clasificado foi o coruñés, José Antonio Varela e na clasificación feminina o primeiro posto correspondeulle a Ángeles Rodríguez del Río, de Ordes.

15 de maio de 1998

A Universidade da Coruña e o Concello asinaron un convenio para a celebración na nosa cidade de varios cursos de verán organizados por esta institución docente. O acordo foi suscrito polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez e o Rector da Universidade da Coru-



ña, D. José Luís Meilán Gil, na Sala Capitular do Concello. Estiveron tamén presentes o Vicerrector de Relacións Institucionais, D. Jorge Teijeiro e o responsable dos seminarios, D. Manuel Luaces.

15 de maio de 1998

O Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, inaugurou o novo alumado público en Roibeira.

16 de maio de 1998

Na Aula Municipal de Cultura e dentro dos actos organizados polo Concello con motivo das Letras Galegas, tivo lugar a representación teatral «Lembrando a Chejov», a cargo da Agrupación Teatral Luzada.

17 de maio de 1998

O Betanzos C.F. rematou unha boa tempada na terceira división, clasificándose para disputa-la promoción de ascenso despois de gañar neste día ó Lemos por tres goles a un.



17 de maio de 1998

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a presentación do libro, editado polo Concello, «Contos e poemas de Manuel Roel» un autor ignorado, editado con motivo do centenario do nacemento do autor na veciña localidade de Guísamo. A recuperación da súa obra foi posible gracias a un estudio crítico feito por Da Concepción Delgado, Da María Tereresa Amado e D. Alfredo Erias. A presentación do libro correu a cargo do catedrático de Filoloxía Galega da Universidade da Coruña, D. Xosé María Dobarro Paz. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.

21 de maio de 1998

Dentro do programa de celebración das Letras Galegas, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación teatral da obra «Amor de don Perlimplín e Belisa no seu xardín» de Francisco García Lorca, polo grupo «Teatro do Atlántico».

22 de maio de 1998

Na Aula Municipal de Cultura poidéronse escoitar os mellores fados portugueses coa actuación da gran cantante portuguesa María do Ceo e o grupo Alfama. A continuación houbo un recital de música galega a cargo da Coral Polifónica de Betanzos. Estas actuacións englobáronse dentro do programa das Letras Galegas que organizou o Concello.

23 de maio de 1998

Presentouse na Aula Municipal de Cultura a terceira carpeta de debuxos de Alfredo Erias, titulada «Debuxos de Galicia [e Portugal], Caza Medieval». A presentación correu a cargo da Doutora en Filoloxía Galega, Da Concepción Delgado Corral. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez. Posteriormente tivo lugar a actuación do grupo de música folk «Paco Campos». Estes actos estiveron integrados dentro do Programa das Letras Galegas que organizou o Concello.



Anuario Brigantino 1998, nº 21

Maio de 1998

Comezaron a impartirse no Centro Municipal Ocupacional tres novos cursos nas especialidades de carpintería, auxiliar electricistra e de fontanería. Os cursos están subvencionados pola Consellería de Familia e Promoción do Emprego.

24 de maio de 1998

Na igrexa de San Francisco celebrouse un concerto de música medieval a cargo do grupo «Ars Combinatoria». Esta actividade encadrada dentro dos actos de celebración das Letras Galegas organizada polo Concello, contou co patrocinio de Caixavigo.

26 e 27 de maio de 1998

Seguindo co desenrolo do Programa das Letras Galegas a Aula Municipal de Cultura acolleu dúas representacións teatrais: «O Principito» a cargo do grupo «Danthea» e «Pedro e o lobo» polo grupo «Un globo, dous globos, tres globos».

28 de maio de 1998

A Escola Municipal de Teatro, baixo a dirección de Manuel Bassoa, realizou unha lectura teatral de tres obras radiofónicas de Eduardo Blanco Amor, actuando como narrador Xulio Cuns Lousa na Aula Municipal de Cultura.

30 de maio de 1998

Tivo lugar na Praza da Constitución o I Encontro de Bandas de Música, que contou coa participación da Banda Municipal de Sada, Banda Municipal de Vilalba, Banda Sementeira de Cambre e Banda Municipal de Betanzos. O acto foi organizado polo Concello e tivo lugar na Praza da Constitución.

31 de maio de 1998

Como remate dos actos programados polo Concello para a celebración das Letras Galegas, celebrouse na Aula Municipal de Cultura un Festival organizado pola Escola Municipal de Folklore, e a representación teatral da obra titulada «Unha sogra perigosa», polo grupo Amistade.

2 de xuño de 1998

O Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez, en calidade de Presidente da Comisión de Economía da Federación Galega de Municipios e Provincias, participou cunha ponencia nas Xornadas sobre o Euro e as Administracións Territoriais, organizadas pola Voz de Galicia e Argentaria en Santiago de Compostela.

5 de xuño de 1998

O Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, representou á Federación Galega de Municipios e Provincias nos actos de homenaxe a García Lorca que se desenrolaron en Fuente Vaqueros (Granada).

6 de xuño de 1998

Organizado polo Concello tivo lugar na Aula de Cultura un concerto da Coral Polifónica Casino Mugardés, que aproveitou este acto para presentar o seu novo disco «Desde mi orilla».



6 de xuño de 1998

Na Sala Capitular do Concello foron recibidos polo Alcalde en funcións, D. Antonio Lagares Pérez e o Concelleiro de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira, os participantes nas Segundas Xornadas Semergem.

Xuño de 1998

Neste mes deu comezo unha nova etapa nos traballos de recuperación do Pasatempo, logo de que o Concello asinara un convenio de colaboración co escultor D. Francisco Escudero. Nesta nova fase procedeuse á restauración das esculturas de Eros e Psique e da escea da viaxe a Exipto.

6 - 8 de xuño de 1998

Desenroláronse as I Xornadas de Convivencia Bullas-Betanzos coa celebración dun torneo de fútbol. Os equipos das distintas categorías da localidade murciana foron recibidos na Sala Capitular do Concello polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, o Alcalde en funcións, D. Antonio Lagares Pérez, e o Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira.

Xuño de 1998

Nun pleno do Concello deuse aprobación ó Regulamento do Servicio de Axuda a Domicilio, dirixido fundamentalmente a persoas discapacitadas, persoas maiores que viven soas e non poidan valerse por si mesmas, así como a menores sen familia e núcleos familiares con problemas.

10 de xuño de 1998

Apareceu na prensa deste día unha nova aventura de Xabier Ares García «Japi», que esta vez se adentrou no Amazonas, concretamente no territorio da tribu Kamayurá. Fíxolles entrega ós nativos de varias bicicletas costeadas por unha organización non gubernamental de Chantada dentro da campaña de Bicis pola Paz.

13 de xuño de 1998

A Praza do Campo serviu de marco para a séptima edición do Día da Muiñeira que organizou a agrupación Pasiño a Pasiño da Angustia. Este ano contou coa participación de catorce grupos folklóricos con medio milleiro de bailaríns.



14 de xuño de 1998

Faleceu en Palma de Mallorca Ricardo Núñez Lissarrague, un dos grandes actores do cine mudo español e posteriormente director e productor na época do cine sonoro. Nacera en Betanzos o 16 de xullo de 1904, nos anos vinte trasladouse a Mdrid onde é descuberto polo director Florián Rey, con quen rodará a película **La hermana San Sulpicio** (1928), xunto a Imperio Argentina. Baixo a dirección do director Benito Perojo, convertiuse nun dos actores máis populares da época, con éxitos como **El negro que tenía el alma blanca** (1933), **Es mi hombre** (1936). Durante a Guerra Civil foi reclutado pola CNT para interpretar **Nuestro culpable**, a única película del que se conserva enteira. Estivo no exilio en Arxentina despois da guerra, regresando nos anos cincuenta para adicarse ó xénero coñecido como comedia española.

Precisamente, o 19 de xuño presentouse no Concello o curso de verán da Universidade da Coruña, "Historia, teoría y práctica del cine", coordenado por D. José Mª Paz Gago e D. Julio Pérez Perucha, que tería como gran protagonista a Ricardo Núñez.

19 de xuño de 1998

Diante da Casa do Concello tivo lugar unha concentración silenciosa para amosar a repulsa contra o terrorismo.



20 de xuño de 1998

Coa entrega de diplomas ós alumnos que superaron con éxito o grao elemental, foi clausurado o curso 97-98 do Conservatorio de Música de Betanzos que dirixe D. Pedro Noya López. No acto estivo presente o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.



25 de xuño de 1998

Tivo lugar no Concello unha recepción por parte do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez e o Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira, ó equipo de alevíns do Betanzos CF con motivo de quedar campións de liga.

28 de xuño de 1998

Cunha victoria por dous goles a un no Estadio García Irmáns ante o Real Madrid C, o Betanzos CF rematou a liguiña polo ascenso á segunda división B. A pesar de empezar esta fase cun sete a un ante o Lealtad, o equipo chegou a este último encontro sen posibilidades de ascenso. Nembargantes, o encontro serviu para que a afección rendise un homenaxe ó equipo pola brillante tempada realizada.

28 de xuño de 1998

Celebrouse na Praza do Campo a Festa do Deporte, na que tiveron lugar competicións de fútbol sala, baloncesto, patinaxe, ciclismo, aerobic, diversas actividades de tempo libre e unha exhibición de karate.

Xuño de 1998

A finais deste mes celebrouse en Polonia a Copa do Mundo de Piragüismo, no que participou o betanceiro Xosé Vales, integrante do equipo nacional español, e que obtivo o tíduo de Subcampión Mundial na modalidade de C-2 en 1000 m.

Xullo-Agosto de 1998

Tiveron lugar ó longo destes meses os tradicionais cursos de verán de tenis, fútbol-sala, aerobic e actividades de tempo libre, organizados pola Delegación de Cultura e Deportes do Concello.

3 de xullo de 1998

A ciclista betanceira Patricia Roel proclamouse campiona de España junior, confirmando deste modo a súa progresión, xa que foi campiona nacional de cadetes no ano 96 e cuarta no seu debut na presente categoría o ano pasado de 1997.



4 de xullo de 1998

O Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, inaugurou a VI Bienal de Pintura Balconadas, da que son directores D. Jesús Núñez e Dª Verónica Dopico. Eestá organizada polo Concello de Betanzos que conta co patrocinio da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial. Un total de 186 obras de diferentes partes do mundo foron colgadas nos balcóns dos edificios do casco histórico da cidade. Entre as singularidades da bienal destaca a forma de elección do gañador que é elixido polos propios participantes. A máis votada na presente edición foi a coruñesa Enma Carrera Ugarte, que obtivo o primeiro premio dotado con medio millón de pesetas. O segundo premio foi para Isabel Pintado Palacio e o terceiro para Angela Pérez Meilán.

6 de xullo de 1998

Iniciáronse neste día os cursos de «Grafica», organizados conxuntamente pola Universidade de Santiago e o Centro Internacional de Estampa Contemporánea (CIEC). Estes cursos, iniciativa de D. Jesús Núñez, estanse asentando progresivamente como uns dos máis importantes de España. Este ano foron impartidos por Adan Lubroth, Rashid Diab, Alejandro Fernández Arango, Fernando Mardones, Antonio Gayo e Manuel Silvestre.



10-12 de xullo de 1998

O casco histórico de Betanzos serviu de marco á Feira Franca Medieval que se celebrou nestes días. Como se traspasáramos o tunel do tempo a cidade convertiuse nun burgo de época medieval, o mercado, os artesáns comedindo cos seus productos, a xente vestida de época, música medieval, queima de bruxas, xustas, títeres, entrega de tributos ó Conde de Andrade, expulsión dos leprosos, danzas gremiais... foron algúns dos elementos que fixeron posible traspasar as barreiras do tempo e da fantasía. A organización do acontecemento correu a cargo do Concello, que contou coa colaboración de asociacións, empresarios e comerciantes, así como cunha gran participación dos cidadáns. A feira deu comezo coa representación dun saúdo entre o «Conde de Andrade» e o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, para a continuación pasar á lectura do pregón que realizou D. Xulio Cuns Lousa.

Pregón da Feira Franca

Coa benia e licencia do Señor Correxidor, a quen Deus garde, o Pregoeiro ha de pregoar nesta Moi Noble e Moi Leal e Antiga Cibdade de Betanzos dos Cabaleiros o Regulamento que ha de rexer e formular a FEIRA FRANCA, que nela vai comezar por concesión da súa Maxestade El-Rei, que Deus Garde, Regulamento que dispón as observancias que todos aqueles que nela tomen parte, han de gardar:

Rexedores Oficiais, por sí e os seus Delegados, velarán polo seu cumplimento.

Mándase primeiramente que Alguacís, Veedores, e os que deles dependan, non poidan ausentarse nos tres días de FEIRA FRANCA, para poder levar a cabo con toda fidelidade e vixianza o que as Ordenanzas sinalan.

Item, que tódolos mercadores aveciñados nesta Cidade poidan asentarse, eles e as súas mercadorías, nos postos que de sempre tiñan asignados, e se houber precisión de aumentar o espazo para exercer o seu comercio, tomen libremente ó redor do que teñen sinalado.

Item máis, queda ordenado que aqueles mercadores que de outras terras traen as súas mercadorías, as vendan libremente, por xunto ou a detallo, como mellor puideren, prestando ebicción á venda ou ó troque, pero rexendo no seu comercio as Medidas e Potes vixentes nesta cibdade.

Item máis, se ordena que toda canta xente a esta FEIRA FRANCA viñer, sexa de onde quer, incluso da mourería, non pagen alcabalas nin portazgos, nin gabelas nin censos, cargar, pecherías nin

subsidios, así coma derramas, cabalgadas. vasalaxe, servicio de lanzas, valimentos, nin pasaxe nin pontaxe, así como ningún outro tributo, para que todo sexa franco, libre, exento de toda obriga, como mandou El-Rei, que Deus Garde.

Outrosí, que as carnes han de ser de abasto e

cortaduría; os peixes de mar ou río, sexan ben frescos; e os moletes que vendan as panadeiras da Porta da Vila, han de ser de pan trigo, cocidos en fornos da Porta do Hórreo e anexos, con leña de toxo e rachóns de carballo, traídos de Caresma e Espelunca.

Outrosí: Os arrieiros, carros, zorras e carretós coas súas cabalgaduras, gardaranse no monte do Coto, na Cañota e máis en Cachiñas.

Outrosí: Os xogos que se celebren de pelota e xadrez, xoglares, comedias, xustas e torneos, sexan de bo siso e non indignos nin de corrupción.

Outrosí: Os taberneiros, pousadeiros e demais do mesmo gremio, teñan adecentados os mesóns, pousadas e tabernas. Ben limpos e fregados os vasos, cuncas, xerras e medidas de neto.

E outra requisitoria: OUE NON BOTEN AUGA Ó VIÑO.

QUEDA DITO. Xulio Cuns



20-23 de xullo de 1998

Desenrolouse estes días na Aula Municipal de Cultura e na Aula de Caixa Galicia, o curso «Historia, teoría e práctica do cine, Homenaxe a Ricardo Núñez» (Betanzos, 1904- Palma de Mallorca, 1998). O curso, dirixido por D. José María Paz Gago e D. Julio Pérez Perucha estivo encadrado dentro da programación de verán da Universidade da Coruña e realizado en colaboración co Concello.



22 de xullo de 1998

Presentouse na Aula Municipal de Cultura coa asistencia de numeroso público, sobre todo mozos, o grupo de rock Porta da Vila, integrado por cinco betanceiros.

Anuario Brigantino 1998, nº 21



24 de xullo de 1998

Na Sala Capitular do Concello presentouse o «Anuario Brigantino 1997», nº 20. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez a quen acompañaban diversos membros da Corporación Municipal, entre eles o Delegado de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira, así como o Director da publicación, D. Alfredo Erias Martínez. A presentación correu a cargo do Director do Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña, «Castelo de San Antón», D. Xosé María Bello Diéguez.



25 de xullo de 1998

No Cruceiro da Cruz Verde tivo lugar a tradicional homenaxe da Corporación Municipal a tódolos que deron a vida por Galicia. Neste Día de Galicia tivo lugar no Pasatempo un festival folklórico.

27 de xullo de 1998


Foi clausurada a mostra de pintura organizada pola Escola de Debuxo e Pintura Manuel Anido de Betanzos con máis de cen obras realizadas polos seus alumnos no Edificio Liceo.

31 de xullo-9 de agosto de 1998

Ó longo destes días veuse desenrolando o «VI Ciclo de Música no Museo das Mariñas», organizado pola Delegación de Cultura do Concello. Tiveron lugar cinco actuacións nas que interviron o dúo de violín e piano «Przevalski-Przevalskaya», dúo de guitarras Carvajal-Campos, Grupo de Metales Sta. Cecilia, Cuarteto de Saxofones de A Coruña e Cuarteto de Cuerda Granados.

7 de agosto de 1998

Na Sala Capitular do Concello foi presentado oficialmente o Programa de Festas Patronais San Roque 98 polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez e o Concelleiro de Festas, D. Andrés Beade.





12 de agosto de 1998

Un recital de poesía baixo o título «A poesía galega ó servicio da dignidade e do home», representou o inicio das festas do San Roque 98, acto no que se deron cita no claustro do Museo das Mariñas: Uxío Novoneyra, Xosé Luis Méndez Ferrín, Manuel María, Bernardino Graña e Xosé Neira Vilas.

14 de agosto de 1998

Coa presencia do Alcalde e demais membros da Corporación Municipal, así como de Dª Cristina Alberdi, inaugurouse no Liceo unha mostra de pintura de Alfredo Erias.



Anuario Brigantino 1998, nº 21

14 de agosto de 1998 (foto en p. anterior)

Inaugurouse no Edificio Arquivo unha mostra de pintura de Alfredo Erias Martínez. No acto estiveron presentes o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, a exminitra de Xustiza, Da Cristina Alberdi, varios membros da Corporación Municipal e numeroso público.

14 de agosto de 1998

Con multitudinaria asistencia de público na Praza da Constitución, o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, coroou á Raiña das Festas, a fermosa moza brigantina, Lucía Tenreiro Gómez. Seguidamente e desde o balcón da Casa Consistorial tivo lugar a lectura do pregón, que este ano correu a cargo da ex-ministra, Da Cristina Alberdi. A continuación, tivo lugar unha recepción ás autoridades e personalidades invitadas e fíxose entrega dos premios Garelos 97 e da VI Bienal Balconadas.



Pregón das Festas

Queridos betanceiros y betanceiras, amigos y amigas de esta Ciudad de Betanzos y de

otros lugares que venís en estas fechas a compartir estas fiestas del Patrón San Roque. Bienvenidos a todos y a todas. *Moitas gracias*.

Y muy especialmente *moitas gracias* al Alcalde y a la Corporación por invitarme a ser la pregonera de estas fiestas de San Roque. Y muy horada también por ser la pregonera de estas fiestas en una ciudad gallega, en esta Galicia incomparable y mágica, a la que me siento especialmente unida desde hace mucho tiempo.

Hay que recordar hoy, que sólo quedan unos años para que la muy Noble y Real Ciudad de Betanzos celebre el sexto centenario de las Fiestas de San Roque.

Tan querido santo, libró a la ciudad de una terrible epidemia en 1415 y los betanceiros agradecidos le brindáis estas fiestas en su honor ininterrumpidamente desde 1416. Mucho se ha vivido desde entonces en esta señorial Ciudad de Betanzos y sus bellos entornos.

Estos entornos de ensueño, con paisajes misteriosos, verdes y fértiles, donde se hermanan los ríos Mendo y Mandeo, que confluyen en Betanzos, y donde los amantes del romántico bucean el pasado, con parada en San Martín de Tiobre, por esas rutas salpicadas de huellas de aquellos canteros que labraron el románico gallego, Bergondo, Coirós, Oza, Paderne, Cines y tantos lugares mágicos de esta Galicia ancestral.

Y ¿cómo no?, recordar aquí en Betanzos el camino de Santiago, itinerario compostelano de siglos, andadura peregrina de estos lares, cuyos vestigios todavía percibimos en los templos, en los *cruceiros*, en los recodos y hasta en el aire. Esa morriña, que recuerda esencias remotas y que el gallego siente cuando se aleja de su tierra.

Los peregrinos que llegaban a Ribadeo, venían por Mondoñedo hasta Villalva, llegando a Betanzos por Nuestra Señora de los Remedios o por Sada y Bergondo, entraban en Betanzos por el Puente Nuevo. Ya en un mapa de 1705 aparece la ruta jacobea por Betanzos como lugar central del peregrinaje compostelano.

Betanzos con la protección de su Patrón San Roque, ha ido tejiendo su historia y su entorno, con esos pazos bellísimos que rodean esta villa, en Sada, en Bergondo, en Abegondo y ese Pazo de Mariñán que bordea la ría de Betanzos, con sus jardines y parterres, con sus palmeras y sus fuentes,



pazos bellísimos, que cubren la geografía mariñana y dan a todo el conjunto ese aire de solera, característico de los pueblos con historia.

Y qué decir de los hórreos, de ese hórreo mariñán, de construcción rectangular de madera cubierta de teja y aleros sostenidos por cepas de manpostería. Esos hórreos inspiraron al gran enamorado de la belleza y espíritu gallegos, Castelao, cuando nos dice «se nas Mariñas de Betanzos nasceu a nosa agricultura, como se ven decindo, alí debeu nascer tamén o noso hórreo».

Y no podemos olvidar los «cruceiros», en los caminos, en las encrucijadas, en los cementerios, transmitiendo un profundo sentido de religiosidad popular, con el misterio que santifica el emplazamiento. También en Betanzos, en la villa, centran plazas y recrean hermosos rincones, en medio del respeto y fervor popular.

El Museo das Mariñas, un tesoro, da cuenta de la enorme riqueza de Betanzos y sus Mariñas y de su extraordinaria historia.

Y ya en Betanzos, en la ciudad, la iglesia de San Frncisco, Santa María del Azogue, según algunos, la más hermosa de las parroquiales de Galicia, la Iglesia de Santiago, el convento de las Agustinas recoletas, el Convento de Santo Domingo, la Capilla de la Magdalena, Santa María de Donas, el Santuario de la angustia, el de Nuestra Señora del Camino y muchos más vestigios de un pasado glorioso en obras religiosas y artísticas.

¡Qué belleza, qué hermosura monumental acumulada a lo largo de los siglos! Seguro que San Roque ha tenido algo que ver en todo esto y su protección sobre Betanzos no ha cesado a lo largo del tiempo.

Con gran plasticidad la describieron los clásicos: «Se levanta Betanzos, una de las siete capitales del Antiguo Reino de Galicia, sobre un promontorio de un antiguo castro, que bañan los ríos Mandeo y Mendo, convirtiendo el asentamiento en una península a la que se accede por cinco puentes. El Puente Viejo, el Nuevo, el de las Cascas, el de Cachiñas, el de Hierro». Qué lugar privilegiado de bellezas naturales en medio de un paisaje extraordinario.

Betanzos ha dado grandes hombres y grandes «cabaleiros», de ahí su sobrenombre «de los caballeros» y también, qué duda cabe, grandes mujeres «garelas», desconocidas en su mayor parte, que sin embargo tejían el día a día de la vida en lo cotidiano.

También de Betanzos se ha emigrado y mucho. Pero los emigrantes, que llegaron incluso a tener su casa gallega de Betanzos en Buenos Aires, nunca olvidaron su terruño, sus costumbres, sus tradiciones.

Algunos betanceiros que volvieron con riqueza y prestigio social, fruto del esfuerzo y del trabajo, tras pasar las penalidades de la emigración, llevaron a cabo una gran labor social y cultural, en su Betanzos natal. Un ejemplo es el de los Hermanos García Naveira, cuyo maravilloso parque «El Pasatiempo», pueden hoy disfrutar todos los vecinos y vecinas de Betanzos.

Pero esto es la historia, sus vestigios, sus monumentos y sus protagonistas vistos desde la perspectiva de esta pregonera de las fiestas de San Roque. Que soy foránea, pero gallega adoptiva por lazos



afectivos y que vengo a menudo, siempre que puedo, a estas tierras gallegas que me tienen prendada por su belleza, por la hospitalidad de su gente y por la riqueza de su historia.

Ahora, miremos hacia adelante. Betanzos ha hecho siempre honor a ese dicho que la califica: «Betanzos, sempre subindo». Betanzos avanza, su comercio local, su industria, el Liceo, el Aula de Cultura, el Conservatorio de Música, las escuelas García Naveira, el Centro de Formación, la Escuela-Taller, «Betanzos, sempre subindo».

Y las fiestas, y estas fiestas patronales de San Roque, que glosan los versos de Pereiro -en galegoevocando los encantos y tradiciones de esta Ciudad de Betanzos:

«Eu podería narrar infinidade de cousas de esta encantada cidade en canto á súa xente, ás costumes, ás feiras e ós mercado, ó Globo de San Roque, e ás festas patronais xira fluvial ós Caneiros cas barcas engalanadas con romeiros a millares».

O aquellas inspiradas por una «gareliña» desde Nueva York:

«As barquiñas dos Caneiros, sempre afogando de xente están, e as oliñas do Mandeo, con cantigas, veñen, con cantigas van........... studios Blanco: César

Con sus gaitas y gaiteros vive la muñeira igual, y con el encanto de Betanzos vivirán eternidad, mientras el Globo de san Roque nos hace al cielo mirar».

Anuario Brigantino 1998, nº 21

Anuario Brigantino 1998, nº 21

532



4 de agosto de 1998

Os Premios "Garelos 97" foron entregados ás seguintes persoas e institucións: á Xeladería Maino (**D.Carlos Álvarez López**) na categoría de industria, no ámbito cultural ó director de cine **D. Xosé Carlos Soler** e en deportes á campiona de xudo, Ana López. O premio especial foille outorgado ó Banco Etcheverría na persoa de **D. Javier Etcheverría**.

Y volvamos a las fiestas, a estas fiestas, a estas fiestas en conmemoración de vuestro Patrón San Roque, a estos días de alegría y diversión, en los que correrá el vino, ese vino marabilloso de Betanzos y el famoso aguardiente betanceiro, y correrá también la imaginación y los sueños, en estos días lúdicos de ilusión y esperanza.

Betanzos «sempre subindo», recordando a sus mayores, pensando en sus jóvenes, haciendo a todos partícipes, hombres y mujeres, luchando por la tolerancia y la solidaridad, viendo crecer la riqueza y el bienestar para todos y todas. En suma, construyendo un mundo mejor. Desde el compromiso con los valores de justicia e igualdad.

Como pedía vuestro Alcalde el año pasado, al dirigirse al Patrón San Roque en la Función del Voto: «Proteja el santo a todas las personas que lo necesiten y de manera especial a los betanceiros que se encuentran más desamparados» y «favorece a que en estos días de alegría y de sana convivencia exista un permanente deseo de paz entre nosotros, en las familias, en los vecinos y entre los pueblos». La paz y la concordia, tan necesarias para la convivencia y el bienestar.

Y ya que vamos a pasar en breve, apenas dos años, del II al III Milenio, volemos Brigantinos y Brigantinas con el globo hacia el futuro, volemos con el Globo de San Roque, «o máis grande do mundo». Volemos, miremos hacia el cielo, ese cielo al que se refería arrabal como un «anhelo», tratando de «ascender en el globo betanceiro al firmamento de la espiritualidad», «cuando el mundo parece perderse, betanceiros y globeiros pronuncian palabras de ciencia, belleza y amor».

Y luego ya doblado el ecuador de las fiestas, pongamos la navegación en rumbo «Os Caneiros», en la romería fluvial y campestre, cantando con Touriñao:

«No hay nada más bello que el fluir y el refluir del río y una barca flotando exultante de rostros y cantos. El cauce del río achocolatado, destella vetas de oro y llantos, y el paisaje melancólico de Betanzos».

Por último, concluyendo ya este pregón, recordar que Betanzos no olvida la protección de San Roque, el Santo Peregrino que paró por estos lares de poetas y artistas, de belleza melancólica, de nieblas, compañas y morriñas y como cada año, desde hace casi seis siglos, lo celebra y reconoce con estas fiestas, orgullo de Betanzos y de esta querida tierra gallega.

Betanceiros e betanceiras

garelos e garelas

amigos e amigas

Bienvenidos a las Fiestas de San Roque, a Betanzos de los Caballeros y de las Garelas, a este Betanzos de ilustre pasado y enorme futuro, a este encuentro con alegría y hospitalidad.

Seguíd conservando, betanceiros y betanceiras, este inmenso legado de vuestros mayores, celebrando año a año vuestras fiestas de San Roque, en medio de estas benditas tradiciones que recibirán las generaciones venideras.

Amor y felicidad os deseo a todos y a todas en estas fiestas de San Roque 1998.

Cristina Alberdi

15 de agosto de 1998

Na Praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da Raiña Infantil das Festas, a fermosa Alba Fernández Barral, que recibiu a coroa de mans do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez. Acto seguido, María Espiñeira deu lectura ó Pregón Infantil.



Anuario Brigantino 1998, nº 21

Función do Voto

(16 de agosto)

Ofrenda que fai o Alcalde-Presidente da moi Nobre e sempre Leal e Real Cidade de Betanzos dos Cabaleiros. antiga Brigantium, ante o noso Señor San Roque, na Igrexa de Santo Domingo de Betanzos, na función do Voto do Ano do Señor de mil novecentos noventa e oito.

Señor San Roque

Al postrarme de nuevo ante Tu generosa presencia, y en representación del pueblo de Betanzos, que quiere agradecerte los favores y la mediación que tuviste en momentos difíciles en que la peste y la miseria nos invadían, deseo transmitirte nuestro más sincero agradecimiento por la constante protección y amparo que nos dispensas.

Betanzos, que es la ciudad más antigua de Galicia y una de las capitales del Antiguo Reino de Galicia, quiere mantener esta tradición que tiene más

de quinientos años y, si es posible, conocerla con mayor profundidad y perfeccionarla.

Por todo ello visité recientemente la ciudad de Montpellier, de la que eres originario, y junto con sus autoridades, pude comprobar la profunda devoción que inspiras y que, muy concretamente, en el día de hoy te estarán dedicando en la original Iglesia de Saint Roch (San Roque).

Tu transcendental colaboración permite el que dos ciudades distintas y distantes como son Betanzos y Monpellier se encuentren enlazadas por un proyecto de solidaridad. Solidaridad que debe abarcar a los sectores más necesitados, entre los que se encuentran los enfermos, que buscan una curación física o espiritual de sus males; los niños, cuya inocencia y descobertura exige nuestra especial dedicación; los ancianos, que después de entregar lo mejor de sus vidas para construirnos el mundo actual, deben tener nuestro mejor reconocimiento y cariño y en general a los más desprotegidos y a los que sufren penalidades para que encuentren Tu apoyo y mediación y puedan disponer con dignidad, de una vida en la que están privados de los cuidados más primarios y elementales. Y en este campo quiero simbolizar Tu colaboración en dos escenas de las muchas existentes en nuestra sociedad que, como humanos, nos deben hacer pensar y actuar con decisión: Por una parte, los niños y las

536

personas de Sudán que por la injusta distribución de los bienes de primer orden, sufren unas horrorosas penalidades que podemos comprobar en imágenes que deberían movilizar profundamente nuestras conciencias. Y por otra, en el terrorismo del País Vasco que siega vidas inocentes y cuya única culpabilidad es, en muchos de los casos, el prestar el mejor servicio a la sociedad. Son dos muestras de las muchas experiencias en las que el egoísmo, la insolidaridad, la soberbia y el desprecio por los seres humanos se produce y que, te pido, nos ayudes a cambiarlos por la tolerancia, la libertad, la paz y el respeto a los derechos humanos.

Conozco Tu desprendimiento y generosidad y por ello sé que va a aportarnos una estela de luz en este camino sombrío que nos permitirá recuperar unos valores humanos y de comportamiento propio de personas civilizadas y humanitarias.

Por todo ello y con el deseo de que las Fiestas Patronales de San Roque 98 que te dedicamos, las vivamos con alegría e ilusión, te presento lo mejor de Betanzos, con la esperanza de que sigas ayudánd

Muchas gracias.

Manuel Lagares Pérez

16 de agosto de 1998

A elevación do tradicional globo de papel construido pola familia Pita congregou na Praza do Campo cerca de cincoenta mil persoas. O globo, o máis grande do mundo construido en papel, surcou de novo o ceo de Betanzos baixo a admiración do público asistente que o seguiu ata perdelo na noite. A falta de vento deu lugar a que percorrese escasamente uns dez quilómetros ata a localidade de San Tirso de Mabegondo.

16 de agosto de 1998

O Racing de Ferrol foi xusto vencedor do Trofeo San Roque derrotando ó Betanzos CF por seis goles a un no Estadio García Irmáns.

18 e 25 de agosto de 1998

Como é tradicional, foron miles de persoas as que se acercaron ó campo dos Caneiros para disfrutar destas orixinais romarías. As lanchas engalanadas con flores déronlle como é costume color e vistosidade a estas xiras.



Anuario Brigantino 1998, nº 21

20 de agosto de 1998

Dentro do programa de festexos organizados polo Concello, tivo lugar no Pasatempo un concerto de Gabinete Caligari, ademais doutros grupos da Coruña e Betanzos, que congregou a varios miles de persoas.

22 de agosto de 1998

Tivo lugar na zona do Xuncal de Curtidores, nas inmediacións da estación do ferrocarril, un concurso hípico organizado pola Asociación de Amigos dos Cabalos-Club Hípico Brigantium.

22 de agosto de 1998

Disputouse no río Mandeo a «XIV Travesía Ría de Betanzos» de piragüismo, organizada polo Club de Piragüismo.

23 de agosto de 1998

Celebrouse a III Carreira Popular organizada polo Clube de Atletismo As Mariñas, que contou cunha alta participación.

23 de agosto de 1998

O Deportivo B adxudicouse o Trofeo Cidade de Betanzos ó gañar no Estadio García Irmáns ó equipo local por un contundente 4-1.

24 de agosto de 1998

Os Alcaldes da Coruña, D. Francisco Vázquez e de Betanzos, D. Manuel Lagares, asinaron un convenio de colaboración para a promoción do turismo. A nosa cidade beneficiouse da entrada no circuito turístico nacional e internacional, incluíndose as dúas cidades no mesmo paquete turístico.

3 de setembro de 1998

O Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e un representante da sociedade "Complexo San Roque" asinaron na Casa do Concello un contrato para a construcción dun aparcamento soterrado e a reconversión en hotel do antigo Asilo Manuel Naveira. A entidade adquiriu o dereito de explotación destas instalacións por un período de 75 anos.

6 de setembro de 1998

Déronse cita na nosa cidade as mellores ciclistas españolas para disputar o «Premundial Femenino de Ciclismo», unha das dúas probas premundiais das que sairá o equipo nacional. As gañadoras foron Rosa María Bravo na categoría de elite, Liliana Rocha en cadete e Emeritz Iturriaga en junior.

11 de setembro de 1998

Na Sala Capitular do Concello celebrouse unha mesa redonda sobre a «División Provincial de Galicia: A Antiga Provincia de Betanzos» que





Anuario Brigantino 1998, nº 21



estivo presidida polo Alcalde en funcións, D. Antonio Lagares Pérez. Nela participaron o avogado coruñés, D. José Luís Rodríguez Pardo, o catedrático de dereito, D. Pablo González Mariñas e o Cronista Oficial, D. José Raimundo Núñez Lendoiro. O acto, organizado pola Delegación de Cultura, contou cunha importante afluencia de público motivado pola recente polémica sobre a creación da provincia de Betanzos.

30 de setembro de 1998

A igrexa de San Francisco foi escenario dun concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia, dirixida por Gloria Isabel Ramos. O público asistente poido disfrutar dunha selección do seu repertorio. A súa organización debeuse á Delegación de Cultura.

Setembro de 1998

Neste mes foi derruido o restaurante Muiño Roxo que estaba á beira da ponte das Cascas, pegado ó río Mendo.

3 de outubro de 1998

Celebrouse na Aula Municipal de Cultura o XII Desfile de Peluquería Cidade de Betanzos, organizado polo Concello e a Academia «Pelo Manía», na que participaron trinta modelos. Nesta iniciativa de carácter benéfico, colaboran ademais numerosas casas comerciais da cidade.

3 de outubro de 1998

Dentro das actuacións do Festival Internacional de Música de Pulso e Púa, organizado pola Agrupación Musical Albéniz, celebrouse na Aula Municipal de Cultura a actuación da orquestra Um Kulzum, do Cairo (Exipto).

Outubro de 1998

O Centro Internacional de Estampa Comtemporánea (CIEC) iniciou un novo curso sobre técnicas tradicionais de gravado calcográfico e litografía, impartido polos profesores Anne Heyvaert e Omar Kessel.

5 de outubro

Deu comezo o novo curso 98-99 no Conservatorio Municipal de Música e na Escola Municipal de Folklore.

7 de outubro de 1998

Nunha reunión dos concellos de Ordes, Neda, Mesía e Betanzos celebrada na nosa cidade, creouse unha Comisión Xestora para promocionar e reactivar o Camiño Inglés coa mellora e señalización do camiño e acondicionamento dos albergues.

8 de outubro de 1998

Celebrouse na Aula de Cultura de Caixa Galicia unha xornada sobre a incidencia na administración local da implantación do Euro, organizada pola Fegamp en colaboración coa empresa Delga Sociedade. As ponencias foron presentadas pola avogada, Da Delfa Losa García, o economista, D. Enrique Barros López e a funcionaria do Concello de Santiago, Da Ana González Verdejo.

8 de outubro de 1998

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar un concerto do Trío de Cámara da Orquestra Sinfónica de Galicia, organizado pola Delegación de Cultura.

24 de outubro de 1998

Como xa ven sendo tradicional, neste día reunironse os betanceiros nacidos no ano 1948 para celebrar o seu cincoenta aniversario.

Outubro de 1998

Deron comezo as obras de construcción das beirarrúas na carreterra N-VI, dende o centro da cidade ó colexio de Atocha.



23 de outubro de 1998

O cineasta Gracia Querejeta dirixiu en Betanzos (na fotografía vémolo na Rúa Travesa) a rodaxe de novas escenas da película "Cuando vuelvas a mi lado", producida polo seu pai, Elías Querejeta.

29 de outubro de 1998

O Concello de Betanzos entrou dentro do programa experimental de Recollida de Residuos Sólidos Urbáns. Con motivo desta experiencia piloto foi presentada neste día na Aula Municipal de Cultura unha campaña informativa e de sensibilización, nun acto presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, que estivo acompañado pola Subdirectora Xeral de Calidade Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Da



Natalia Crespo e de varios representantes de institucións participantes no devandito proxecto.

O Alcalde recibíu como símbolo da iniciativa un dos máis de catro mil caldeiros de basura de doble corpo que se repartiron nestes os cidadáns. Estes dous compartimentos serven para separar os envases de plástico, bricks e latas do resto de residuos e materia orgánica. Os primeiros depositaranse nos contedores marelos e os outros nos verdes. Ademais, os materiais reciclables deberán depositarse nos contedores específicos de papel-cartón, botellas e frascos de cristal ou de pilas.

30 de outubro e 6 de novembro de 1998

Na Aula de Cultura de Caixa Galicia tiveron lugar as Xornadas Técnicas e Xurídicas sobre o Viño de Betanzos, organizadas polo colectivo Roival en colaboración coa Asociación de colleiteiros e delegados dos distintos grupos políticos betanceiros. Entre os poñentes estiveron entre outros D. Waldo Carreira, Xefe de servicio de Producción Agroalimentaria da Xunta de Galicia, D. Miguel

Tubío, Enxeñeiro Técnico Agrícola das bodegas Martín Códax, Marisol Bueno, Presidenta do Consello Regulador Rias Baixas e D. José González, Presidente do Consello Regulador Valdeorras. Como fin das xornadas, o acto pechouno o Conselleiro de Agricultura, D. Cástor Gago.

31 de outubro de 1998

Dentro do programa de actos culturais organizados polo Concello durante a tempada de outono, representouse na Aula Municipal de Cultura a obra «Nano», polo grupo de Teatro do Adro.

Novembro de 1998

O betanceiro D. Carlos Álvarez Teijeiro, Catedrático da Facultade de Ciencias da Información da Universidade Austral de Bueos Aires, foi galardoado co premio anual «Mención de Honor de la Academia Nacional de Periodismo de la Argentina», polo seu traballo «Las nuevas tecnologías en los Medios de Comunicación».



Novembro de 1998

Os malos resultados do equipo de fútbol do Betanzos motivou que a xunta directiva decidise relevar ó adestrador Antonio Barallobre, facéndose cargo da dirección técnica Ramón Piña, que xa fora adestrador do Betanzos hai dúas tempadas.

18 de novembro de 1998

O Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e o Conselleiro de Política Territorial, D. José Cuiña Crespo, asinaron un convenio de colaboración para a erradicación do chabolismo e a construcción dun grupo de vivendas unifamiliares no Martín Ballesteros.

20 de novembro de 1998

Foi inaugurada no salón de exposicións da Asociación de Artistas da Coruña unha mostra de pintura do betanceiro Gabriel Anido.

21 de novembro de 1998

A Banda Municipal de Música convertiuse hoxe na máis numerosa da provincia coa incorporación de dezaoito novos membros, que foron recollidos nos seus domicilios cun pasarrúas na mañán deste día como é costume. Esta formación musical de 82 compoñentes, ofreceu o denominado Concerto da Ilusión na igrexa de San Francisco.

21 de novembro de 1998

No Centro Internacional de Estampa Contemporánea foi inaugurada unha mostra de gravados e debuxos do artista cubano Omar Kessel, profesor no dito centro no presente curso (v. gravado final).

1-9 de decembro de 1998

O Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, acompañado polos concelleiros D. Francisco Díaz Pereira e D. Andrés Beade Dopico, viaxaron a Bos Aires para participar nos actos do 93 aniversario da fundación do Centro Betanzos, nos que o rexidor betanceiro foi nomeado Presidente de Honra da institución. Ademais de inaugurar as novas instalacións do Centro Social e participar en varios actos, viaxaron tamén a Montevideo onde mantiveron reunións con emigrantes brigantinos. A instancias desta Asociación, sumouse á delegación oficial D. Xulio Cuns que se encargou de dar varias conferencias, tanto na Arxentina como no Uruguai.

541

Decembro de 1998

Promovida pola Delegación de Cultura e Deportes e coa participación da Cooperativa de Educación Medioambiental, iniciouse no presente mes unha nova edición do programa «Vive a Natureza», dirixido a nenos entre sete e doce anos.





3 de decembro de 1998

Na Galería Sargadelos de Santiago presentouse unha nova carpeta de debuxos de Alfredo Erias, titulada «Debuxos de Galicia (IV): Músicos do Pórtico da Gloria». O acto de presentación correu a cargo de D. José López Calo, Catedrático emérito da Universidade de Santiago e do Profesor de Historia da Música da mesma Universidade, D. Carlos Villanueva. Súmase esta carpeta ás outras tres da colección, tituladas: *Betanzos, Cruceiros* e *Caza medieval* (en Galicia e Portugal). As súas láminas descúbrennos algúns curiosos detalles ata o de agora descoñecidos como o que unha das figuras teña dúas mans esquerdas e outra dúas dereitas.



Decembro de 1998

Clausuráronse neste mes os cursos de carpintería, auxiliar electricista, auxiliar de biblioteca e publicidade e ventas, impartidos polo Centro Municipal de Formación Ocupacional de Betanzos.

9 de decembro de 1998

O Alcalde en funcións, D. Antonio Lagares Pérez, e o Presidenta da Deputación, D. Augusto Cesar Lendoiro, asinaron neste día un acordo polo que o organismo provincial vai subvencionar os custos das obras da Praza do Pasatempo.

Decembro de 1998

Gracias a unha iniciativa do Concello, os alumnos de primaria que cursan estudios nos centros da cidade comezaron a disfrutar das instalacións da piscina e do Polideportivo de Betanzos como complemento das actividades que se desenrolan nas clases de Educación Física.

13 de decembro de 1998

A partir deste día e ata o mes de xaneiro veuse celebrando o Programa de Festexos do Nadal organizado pola Delegación Municipal de Cultura e Deportes, que contou coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado polo debuxo de Nancy Casal e Lucía Fraga do Colexio Nosa Señora do Carme (Atocha), gañadoras do concurso de carteis de Nadal organizado polo Concello.

20 de decembro de 1998

O Delegado da Voz de Galicia e Radio Voz en Ferrol, o periodista brigantino D. Angel Castiñeiras Purriños, recibiu neste día o premio ó mellor periodista multimedia do ano.



Nadal 1998-99 no Concello



Gravado de Omar Kessel, profesor do Centro Internacional de Estampa Contemporánea, de Betanzos.



ESTE ANUARIO BRIGANTINO 1998 REMATOUSE DE IMPRENTAR NO PRELO DE LUGAMI EN BETANZOS O 25 DE XULLO DE 1999